



PARLAMENTO
DE GALICIA



BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

XII lexislatura
Número 200
20 de maio de 2025

Fascículo 1



SUMARIO

1. Procedementos parlamentarios

1.3. Procedementos de control e impulso

1.3.6. Proposicións non de lei

1.3.6.1. Proposicións non de lei en Pleno

1.3.6.1.1. Proposicións presentadas

Admisión a trámite e publicación

I 25222 (12/PNP-002006)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Espinosa Mangana, María Elena e Méndez López, Lara

Sobre as modificacións que o Sergas debe levar a cabo nos acordos de xestión para a Área Sanitaria de Lugo, A Mariña e Monforte de Lemos que foron asinados o pasado 5 de maio de 2025 [84087](#)

I 25227 (12/PNP-002007)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Espinosa Mangana, María Elena e Castro Rey, Paloma

Sobre as modificacións que o Sergas debe levar a cabo nos acordos de xestión para a Área Sanitaria de Pontevedra e O Salnés que foron asinados o pasado 5 de maio de 2025 [84089](#)

I 25262 (12/PNP-002008)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co conflito de titularidade sobre a Torre de Caldaloba, localizada no concello de Cospeito, e coas medidas para garantir a súa conservación [84092](#)

I 25275 (12/PNP-002009)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

González Iglesias, Carmela e 3 máis

Sobre a demanda dun incremento de prazas na rede pública de escolas infantís da Xunta de Galicia en Vigo [84096](#)

I 25282 (12/PNP-002010)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Méndez López, Lara e López Font, Carlos

Sobre a demanda ao Goberno galego da prolongación das beirarrúas da travesía de Cangas de Foz [84100](#)

I 25293 (12/PNP-002011)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Espinosa Mangana, María Elena e López Font, Carlos

Sobre as modificacións que o Sergas debe levar a cabo nos acordos de xestión para a Área Sanitaria de Vigo que foron asinados o pasado 5 de maio de 2025 [84103](#)



I 25297 (12/PNP-002012)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Vidal Lamas, Sonia e 2 máis**

Sobre as accións que o Goberno galego debe pór en marcha co obxectivo de promover en Galicia o sector da planta ornamental [84105](#)

I 25302 (12/PNP-002013)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Fernández Davila, María Cristina e Fernández González, Ariadna**

Sobre as medidas nas que o Goberno galego debe basear a súa política respecto dos libros de texto [84109](#)

I 25308 (12/PNP-002014)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Fernández González, Ariadna e 2 máis**

Sobre as medidas de prevención que debe tomar o Goberno galego contra a febre aftosa [84113](#)

I 25341 (12/PNP-002015)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Castro Rey, Paloma e 2 máis**

Sobre as medidas que debe aplicar a Xunta de Galicia co obxectivo de garantir a perspectiva de xénero nas políticas públicas e a presenza equilibrada de mulleres e homes en todos os ámbitos [84117](#)

I 25406 (12/PNP-002017)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Fidalgo Iglesias, Miguel e 8 máis**

Sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe dirixir ao Goberno central en relación coas compensacións económicas aos mariscadores da ría do Burgo pola parada da actividade durante os traballos de dragaxe [84121](#)

I 25410 (12/PNP-002018)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Taibo Corsanego, Iria e 2 máis**

Sobre a demanda ao Goberno galego do aumento de prazas públicas nas escolas de ensino infantil da comarca da Coruña [84124](#)

I 25414 (12/PNP-002019)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Taibo Corsanego, Iria e Bará Torres, Xosé Luís**

Sobre as actuacións que a Xunta de Galicia debe levar a cabo para rematar o proxecto inicial do centro loxístico de transportes de Culleredo [84128](#)

I 25421 (12/PNP-002020)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Castro García, Daniel e Queixas Zas, Mercedes**

Sobre a demanda dirixida á Xunta de Galicia co obxecto de que non acepte o proxecto de posta en marcha da universidade privada Emilia Pardo Bazán na Coruña [84131](#)



I 25432 (12/PNP-002021)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Ríos Santomé, Paulo e Fernández Davila, María Cristina

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co servizo de transporte escolar compartido [84134](#)

I 25434 (12/PNP-002022)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández González, Ariadna e 2 máis

Sobre as medidas que debe desenvolver a Xunta de Galicia co obxectivo de mellorar a protección e a conservación do cabalo de monte [84137](#)

I 25453 (12/PNP-002023)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Ruanova Vilas-Boas, Brais e 2 máis

Sobre as medidas que debe adoptar o Goberno galego co fin de mellorar o nivel de execución orzamentaria da Consellería de Economía e Industria [84143](#)

I 25476 (12/PNP-002024)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Espinosa Mangana, María Elena e López Font, Carlos

Sobre a demanda ao Goberno galego dunha mellora do trazado e da seguridade viaria da estrada PO-261, nos concellos de Mondariz e Covelo [84147](#)

I 25486 (12/PNP-002025)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e Valcárcel Armesto, Montserrat

Sobre a demanda dirixida á Xunta de Galicia co obxecto de que cumpra o previsto no punto 10.3 do Plan de xestión do lobo e desenvolva todas as medidas incluídas no devandito plan [84149](#)

I 25494 (12/PNP-002026)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa Olalla e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego relacionadas coa execución orzamentaria do Plan director do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense e a planificación dun novo edificio para o Hospital Materno-Infantil [84151](#)

I 25501 (12/PNP-002027)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Espinosa Mangana, María Elena e López Font, Carlos

Sobre a demanda á Xunta de Galicia da mellora da seguridade viaria da estrada PO-264 no concello de Vilaboa [84155](#)

I 25506 (12/PNP-002028)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Méndez López, Lara e 2 máis



Sobre a demanda ao Goberno galego da cobertura das vacantes médicas no Centro de Saúde do Vicedo co obxecto de garantir unha atención continua e estable [84157](#)

I 25519 (12/PNP-002029)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e Fernández Gómez, Alexandra

Sobre as accións que debe pór en marcha o Goberno galego no que concirne á regularización de edificacións no litoral e á incidencia nestes espazos da subida do nivel do mar provocada polo cambio climático

[84159](#)

I 25524 (12/PNP-002030)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Vidal Lamas, Sonia e Fernández Fernández, Secundino

Sobre a medidas que se deben adoptar para afrontar os problemas do sector agrario da comarca da Limia

[84162](#)

I 25530 (12/PNP-002031)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Méndez López, Lara e López Font, Carlos

Sobre a demanda ao Goberno galego das medidas necesarias para acelerar a posta en funcionamento efectiva da plataforma intermodal do porto seco de Monforte de Lemos

[84166](#)

I 25535 (12/PNP-002032)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e 4 máis

Sobre as accións que a Xunta de Galicia debe pór en marcha ante a continuada perda de produción no sector mexilloeiro

[84169](#)

I 25541 (12/PNP-002033)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Espinosa Mangana, María Elena e Longueira Castro, Silvia

Sobre a demanda dirixida á Xunta de Galicia co fin de que elabore un novo plan de saúde mental

[84173](#)

I 25552 (12/PNP-002034)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e Méndez López, Lara

Sobre as medidas que debe adoptar o Goberno galego en relación coa moratoria das plantacións de eucalipto e coa planificación forestal

[84176](#)

I 25572 (12/PNP-002035)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Espinosa Mangana, María Elena e 2 máis

Sobre as medidas que debe tomar a Xunta de Galicia no ámbito dos plans e programas de atención á saúde mental

[84179](#)

I 25580 (12/PNP-002036)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego



Bará Torres, Xosé Luís e Valcárcel Armesto, Montserrat

Sobre a demanda ao Goberno galego dunha proposta de desmantelamento das instalacións da Concellería do Medio Rural na xunqueira do río Alba, en Pontevedra, e a recuperación dese espazo natural

[84182](#)**I 25586 (12/PNP-002037)**

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Trenor López, Gonzalo e 9 máis

Sobre a demanda dirixida ao Goberno galego co obxectivo de que comece a desenvolver de forma plena e autónoma as previsións contidas na Lei de ordenación e xestión integrada do litoral

[84185](#)**I 25588 (12/PNP-002038)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis

Sobre as actuacións que a Xunta de Galicia debe levar a cabo co obxectivo de trasladar as instalacións públicas que ten na xunqueira do río Alba, en Pontevedra, e recuperar ese espazo natural

[84188](#)**I 25594 (12/PNP-002039)**

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Vázquez Suárez, Cecilia e 8 máis

Sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe dirixir ao Goberno central co fin de que adopte as medidas necesarias para incrementar nun mínimo do 15 por cento a oferta de prazas de novo ingreso nos estudos de enfermaría en Galicia

[84192](#)**I 25595 (12/PNP-002040)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis

Sobre as accións que o Goberno galego debe pór en marcha respecto da xestión e da protección do patrimonio cultural marítimo

[84194](#)**I 25607 (12/PNP-002041)**

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Fidalgo Iglesias, Miguel e 11 máis

Sobre as demandas que o Goberno galego debe dirixir ao Concello de Vigo en relación coa xestión e co mantemento das praias do seu concello

[84198](#)**I 25608 (12/PNP-002042)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Suárez Fernández, Iago e Queixas Zas, Mercedes

Sobre as accións que debe impulsar o Goberno galego en relación coa posta en marcha da candidatura da Ribeira Sacra a Patrimonio da Humanidade da Unesco

[84201](#)**I 25615 (12/PNP-002043)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa Olalla e Fernández Alfonso, Ramón Tomás

Sobre as medidas que debe adoptar o Goberno galego para avanzar na mellora da planificación e da execución dos orzamentos

[84204](#)

I 25620 (12/PNP-002044)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Iglesias Rey, Patricia e López Font, Carlos

Sobre a demanda do inicio das obras de prolongación da autovía da Costa da Morte entre Baio e Berdoias [84209](#)

I 25681 (12/PNP-002045)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Fernández Rosende, Jesús María e 9 máis

Sobre a demanda dirixida á Xunta de Galicia coa finalidade de que elabore un protocolo para o acompañamento das persoas con discapacidade visual nos centros sanitarios galegos [84211](#)

1.3.6.2. Proposicións non de lei en Comisión**1.3.6.2.4. Proposicións tramitadas****Admisión a trámite, asignación a comisión e publicación****I 25221 (12/PNC-002328)**

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Espinosa Mangana, María Elena e Méndez López, Lara

Sobre as modificacións que o Sergas debe levar a cabo nos acordos de xestión para a Área Sanitaria de Lugo, A Mariña e Monforte de Lemos que foron asinados o pasado 5 de maio de 2025 [84214](#)

I 25226 (12/PNC-002329)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Espinosa Mangana, María Elena e Castro Rey, Paloma

Sobre as modificacións que o Sergas debe levar a cabo nos acordos de xestión para a Área Sanitaria de Pontevedra e O Salnés que foron asinados o pasado 5 de maio de 2025 [84216](#)

I 25261 (12/PNC-002330)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co conflito de titularidade sobre a Torre de Caldaloba, localizada no concello de Cospeito, e coas medidas para garantir a súa conservación [84219](#)

I 25267 (12/PNC-002331)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Hermelo Piñeiro, María Dolores e 8 máis

Sobre a demanda dirixida á Xunta de Galicia co obxecto de que Portos de Galicia elabore un proxecto para a construción dun novo peirao de descargas no porto de Cangas [84223](#)

I 25269 (12/PNC-002332)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

González Iglesias, Carmela e 2 máis



Sobre as accións que o Goberno galego debe levar adiante co obxecto de mellorar as condicións materiais e a dotación de recursos humanos do Grupo de Emerxencias Supramunicipal do Val Miñor

[84226](#)

I 25274 (12/PNC-002333)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

González Iglesias, Carmela e 3 máis

Sobre a demanda dun incremento de prazas na rede pública de escolas infantís da Xunta de Galicia en Vigo

[84230](#)

I 25281 (12/PNC-002334)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Méndez López, Lara e López Font, Carlos

Sobre a demanda ao Goberno galego da prolongación das beirarrúas da travesía de Cangas de Foz

[84234](#)

I 25292 (12/PNC-002335)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Espinosa Mangana, María Elena e López Font, Carlos

Sobre as modificacións que o Sergas debe levar a cabo nos acordos de xestión para a Área Sanitaria de Vigo que foron asinados o pasado 5 de maio de 2025

[84237](#)

I 25298 (12/PNC-002336)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Vidal Lamas, Sonia e 2 máis

Sobre as accións que o Goberno galego debe pór en marcha co obxectivo de promover en Galicia o sector da planta ornamental

[84240](#)

I 25303 (12/PNC-002337)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Davila, María Cristina e Fernández González, Ariadna

Sobre as medidas nas que o Goberno galego debe basear a súa política respecto dos libros de texto

[84244](#)

I 25309 (12/PNC-002338)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández González, Ariadna e 2 máis

Sobre as medidas de prevención que debe tomar o Goberno galego contra a febre aftosa

[84248](#)

I 25340 (12/PNC-002340)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e 2 máis

Sobre as medidas que debe aplicar a Xunta de Galicia co obxectivo de garantir a perspectiva de xénero nas políticas públicas e a presenza equilibrada de mulleres e homes en todos os ámbitos

[84252](#)

I 25396 (12/PNC-002342)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Alfonzo, Ramón Tomás e 2 máis



Sobre as actuacións de reforma que debe levar a cabo o Goberno galego no treito da estrada AC-566 que atravesa o concello de Narón [84256](#)

I 25405 (12/PNC-002343)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Fidalgo Iglesias, Miguel e 8 máis

Sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe dirixir ao Goberno central en relación coas compensacións económicas aos mariscadores da ría do Burgo pola parada da actividade durante os traballos de dragaxe [84259](#)

I 25409 (12/PNC-002344)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Taibo Corsanego, Iria e 2 máis

Sobre a demanda ao Goberno galego do aumento de prazas públicas nas escolas de ensino infantil da comarca da Coruña [84262](#)

I 25415 (12/PNC-002345)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Taibo Corsanego, Iria e Bará Torres, Xosé Luís

Sobre as actuacións que a Xunta de Galicia debe levar a cabo para rematar o proxecto inicial do centro loxístico de transportes de Culleredo [84266](#)

I 25422 (12/PNC-002346)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Castro García, Daniel e Queixas Zas, Mercedes

Sobre a demanda dirixida á Xunta de Galicia co obxecto de que non acepte o proxecto de posta en marcha da universidade privada Emilia Pardo Bazán na Coruña [84269](#)

I 25426 (12/PNC-002347)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Ríos Santomé, Paulo e Fernández Davila, María Cristina

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co servizo de transporte escolar compartido [84272](#)

I 25435 (12/PNC-002348)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández González, Ariadna e 2 máis

Sobre as medidas que debe desenvolver a Xunta de Galicia co obxectivo de mellorar a protección e a conservación do cabalo de monte [84275](#)

I 25440 (12/PNC-002349)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández González, Ariadna e Fernández Fernández, Secundino

Sobre a información que debe dar a Xunta de Galicia verbo do estado da licitación e da adxudicación das obras, así como dos prazos de posta en funcionamento, da base de helicópteros de Lalín anunciada en 2023 [84281](#)



I 25444 (12/PNC-002350)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Fernández González, Ariadna e Fernández Fernández, Secundino**

Sobre as actuacións que a Xunta de Galicia debe levar a cabo respecto da evolución das obras do edificio de servizos integrados que está a construír en Lalín

[84284](#)**I 25454 (12/PNC-002351)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Ruanova Vilas-Boas, Brais e 2 máis**

Sobre as medidas que debe adoptar o Goberno galego co fin de mellorar o nivel de execución orzamentaria da Consellería de Economía e Industria

[84286](#)**I 25475 (12/PNC-002352)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Espinosa Mangana, María Elena e López Font, Carlos**

Sobre a demanda ao Goberno galego dunha mellora do trazado e da seguridade viaria da estrada PO-261, nos concellos de Mondariz e Covelo

[84290](#)**I 25480 (12/PNC-002353)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pérez Fernández, Rosana e 4 máis**

Sobre a demanda dirixida ao Goberno galego co fin de que teña en consideración o acordo do Concello de Noia favorable á redacción dun novo proxecto de transformación do paseo marítimo desta vila

[84292](#)**I 25482 (12/PNC-002354)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pérez Fernández, Rosana e Rodil Fernández, Olalla**

Sobre a demanda ao Goberno galego do comezo das obras da nova residencia de maiores de Ribeira

[84295](#)**I 25487 (12/PNC-002355)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Bará Torres, Xosé Luís e Valcárcel Armesto, Montserrat**

Sobre a demanda dirixida á Xunta de Galicia co obxecto de que cumpra o previsto no punto 10.3 do Plan de xestión do lobo e desenvolva todas as medidas incluídas no devandito plan

[84298](#)**I 25495 (12/PNC-002356)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Presas Bergantiños, Noa Olalla e 2 máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego relacionadas coa execución orzamentaria do Plan director do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense e a planificación dun novo edificio para o Hospital Materno-Infantil

[84300](#)**I 25500 (12/PNC-002357)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Espinosa Mangana, María Elena e López Font, Carlos**

Sobre a demanda á Xunta de Galicia da mellora da seguridade viaria da estrada PO-264 no concello de Vilaboa [84304](#)

I 25507 (12/PNC-002358)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Méndez López, Lara e 2 máis

Sobre a demanda ao Goberno galego da cobertura das vacantes médicas no Centro de Saúde do Vicedo co obxecto de garantir unha atención continua e estable [84306](#)

I 25518 (12/PNC-002359)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e Fernández Gómez, Alexandra

Sobre as accións que debe pór en marcha o Goberno galego no que concirne á regularización de edificacións no litoral e á incidencia nestes espazos da subida do nivel do mar provocada polo cambio climático [84308](#)

I 25523 (12/PNC-002360)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Vidal Lamas, Sonia e Fernández Fernández, Secundino

Sobre a medidas que se deben adoptar para afrontar os problemas do sector agrario da comarca da Limia [84311](#)

I 25529 (12/PNC-002361)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Méndez López, Lara e López Font, Carlos

Sobre a demanda ao Goberno galego das medidas necesarias para acelerar a posta en funcionamento efectiva da plataforma intermodal do porto seco de Monforte de Lemos [84315](#)

I 25536 (12/PNC-002362)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e 4 máis

Sobre as accións que a Xunta de Galicia debe pór en marcha ante a continuada perda de produción no sector mexilloeiro [84318](#)

I 25542 (12/PNC-002363)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Espinosa Mangana, María Elena e Longueira Castro, Silvia

Sobre a demanda dirixida á Xunta de Galicia co fin de que elabore un novo plan de saúde mental [84322](#)

I 25553 (12/PNC-002364)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e Méndez López, Lara

Sobre as medidas que debe adoptar o Goberno galego en relación coa moratoria das plantacións de eucalipto e coa planificación forestal [84325](#)

I 25573 (12/PNC-002365)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia



Espinosa Mangana, María Elena e 2 máis

Sobre as demandas dirixidas á Xunta de Galicia en materia de recursos económicos destinados aos plans de saúde mental [84328](#)

I 25574 (12/PNC-002366)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Espinosa Mangana, María Elena e 2 máis

Sobre as medidas que debe tomar a Xunta de Galicia no ámbito dos plans e programas de atención á saúde mental [84331](#)

I 25581 (12/PNC-002367)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e Valcárcel Armesto, Montserrat

Sobre a demanda ao Goberno galego dunha proposta de desmantelamento das instalacións da Consellería do Medio Rural na xunqueira do río Alba, en Pontevedra, e a recuperación dese espazo natural [84334](#)

I 25585 (12/PNC-002368)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Trenor López, Gonzalo e 9 máis

Sobre a demanda dirixida ao Goberno galego co obxectivo de que comece a desenvolver de forma plena e autónoma as previsións contidas na Lei de ordenación e xestión integrada do litoral [84337](#)

I 25587 (12/PNC-002369)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis

Sobre as actuacións que a Xunta de Galicia debe levar a cabo co obxectivo de trasladar as instalacións públicas que ten na xunqueira do río Alba, en Pontevedra, e recuperar ese espazo natural [84340](#)

I 25593 (12/PNC-002370)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Vázquez Suárez, Cecilia e 8 máis

Sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe dirixir ao Goberno central co fin de que adopte as medidas necesarias para incrementar nun mínimo do 15 por cento a oferta de prazas de novo ingreso nos estudos de enfermaría en Galicia [84344](#)

I 25596 (12/PNC-002371)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis

Sobre as accións que o Goberno galego debe pór en marcha respecto da xestión e da protección do patrimonio cultural marítimo [84346](#)

I 25601 (12/PNC-002372)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Gómez, Alexandra e 3 máis

Sobre a demanda de obras de rehabilitación no CEIP Chans-Bembrive, do concello de Vigo [84350](#)



I 25606 (12/PNC-002373)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Suárez Fernández, Iago e Queixas Zas, Mercedes**

Sobre as accións que debe impulsar o Goberno galego en relación coa posta en marcha da candidatura da Ribeira Sacra a Patrimonio da Humanidade da Unesco

[84353](#)**I 25609 (12/PNC-002374)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Fidalgo Iglesias, Miguel e 11 máis**

Sobre as demandas que o Goberno galego debe dirixir ao Concello de Vigo en relación coa xestión e co mantemento das praias do seu concello

[84356](#)**I 25614 (12/PNC-002375)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Presas Bergantiños, Noa Olalla e Fernández Alfonso, Ramón Tomás**

Sobre as medidas que debe adoptar o Goberno galego para avanzar na mellora da planificación e da execución dos orzamentos

[84359](#)**I 25619 (12/PNC-002376)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Iglesias Rey, Patricia e López Font, Carlos**

Sobre a demanda do inicio das obras de prolongación da autovía da Costa da Morte entre Baio e Berdoias

[84364](#)**I 25624 (12/PNC-002377)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Queixas Zas, Mercedes e 2 máis**

Sobre as accións que o Goberno galego debe pór en marcha respecto da xestión e da protección do patrimonio cultural marítimo

[84367](#)**I 25671 (12/PNC-002378)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Queixas Zas, Mercedes e Fernández González, Ariadna**

Sobre a demanda dirixida ao Goberno galego co obxecto de que aumente na cidade da Coruña a oferta de prazas nas escolas de educación infantil dependentes da Xunta de Galicia

[84371](#)**I 25676 (12/PNC-002379)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****González Iglesias, Carmela e Pérez Fernández, Rosana**

Sobre a demanda dirixida á Xunta de Galicia co obxecto de que paralice o recheo destinado á ampliación do porto deportivo de Baiona

[84374](#)**I 25680 (12/PNC-002380)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Fernández Rosende, Jesús María e 9 máis**

Sobre a demanda dirixida á Xunta de Galicia coa finalidade de que elabore un protocolo para o acompañamento das persoas con discapacidade visual nos centros sanitarios galegos [84378](#)

1.4. Procedementos de información

1.4.2. Solicitudes de comparecencia

1.4.2.2. Solicitudes de comparecencia en Comisión

Admisión a trámite, traslado a Mesa da Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo e publicación

I 25806 (12/TGCM-000003)

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Do presidente da Comisión Galega da Competencia, por petición propia, para informar dos asuntos citados no artigo 30.1.e) do Decreto 118/2016, do 4 de agosto, polo que se crea o Instituto Galego do Consumo e da Competencia [84381](#)

Admisión a trámite, traslado á Mesa da comisión e publicación

I 25400 (12/CPC-000079)

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Da directora xeral de Ordenación e Innovación Educativa, por petición propia, para informar sobre as políticas de inclusión no ámbito educativo [84383](#)

I 25514 (12/CPC-000080)

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Do director xeral da Corporación Radio e Televisión de Galicia, por petición propia, para presentar as contas anuais da Corporación correspondentes ao exercicio 2024 en relación co sistema de gobernanza e rendición de contas [84385](#)

1.4.3. Interpelacións

Admisión a trámite e publicación

I 25273 (12/INT-000983)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

González Iglesias, Carmela e 3 máis

Sobre o nivel da oferta de prazas nas escolas infantís públicas da Xunta de Galicia para o curso 2025-2026, especialmente na cidade de Vigo [84387](#)

I 25307 (12/INT-000984)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Davila, María Cristina e Fernández González, Ariadna

Sobre a política que segue a Xunta de Galicia en relación co apoio ás familias polos gastos en libros de texto [84391](#)

I 25313 (12/INT-000985)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego



Fernández González, Ariadna e 2 máis

Sobre a política preventiva do Goberno galego ante o risco de chegada da febre aftosa a Galicia

[84394](#)

I 25339 (12/INT-000986)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e 2 máis

Sobre as medidas que prevé desenvolver o Goberno galego co obxectivo de aplicar plenamente o principio de transversalidade na política de igualdade de xénero

[84397](#)

I 25425 (12/INT-000987)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Ríos Santomé, Paulo e Fernández Davila, María Cristina

Sobre o funcionamento do servizo de transporte escolar compartido

[84400](#)

I 25439 (12/INT-000988)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández González, Ariadna e 2 máis

Sobre a estratexia que desenvolve a Xunta de Galicia para a protección e a conservación do cabalo de monte

[84403](#)

I 25458 (12/INT-000989)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Ruanova Vilas-Boas, Brais e 2 máis

Sobre a planificación e a execución orzamentarias do Goberno galego, e concretamente dos programas da Consellería de Economía e Industria

[84408](#)

I 25499 (12/INT-000990)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa Olalla e 2 máis

Sobre a execución dos proxectos sanitarios do Goberno galego no Complexo Hospitalario Universitario de Ourense, especialmente no referido ao Hospital Materno-Infantil

[84412](#)

I 25517 (12/INT-000991)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e Fernández Gómez, Alexandra

Sobre a regularización de edificacións situadas na franxa costeira e o impacto do cambio climático e da subida do nivel do mar neste espazo

[84416](#)

I 25540 (12/INT-000992)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e 4 máis

Sobre a política da Xunta de Galicia ante o descenso da produtividade marisqueira, concretamente no sector mexilloeiro

[84419](#)

I 25543 (12/INT-000993)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia



Espinosa Mangana, María Elena e Longueira Castro, Silvia

Sobre a evolución en Galicia das necesidades na atención á saúde mental e a planificación do Goberno galego neste ámbito

[84423](#)**I 25554 (12/INT-000994)**

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e Méndez López, Lara

Sobre a planificación forestal do Goberno galego e a prórroga da moratoria das plantacións de eucalipto

[84425](#)**I 25575 (12/INT-000995)**

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Espinosa Mangana, María Elena e 2 máis

Sobre as recomendacións do Consello de Contas recollidas no Informe de auditoría do Plan de saúde mental de Galicia poscovid-19 2020-2024

[84428](#)**I 25600 (12/INT-000996)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis

Sobre a política que vai seguir a Xunta de Galicia respecto da rehabilitación, conservación e posta en valor dos bens culturais do litoral

[84430](#)**I 25605 (12/INT-000997)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Suárez Fernández, Iago e Queixas Zas, Mercedes

Sobre os proxectos que prevé desenvolver o Goberno galego para a Ribeira Sacra de ser recoñecida pola Unesco como Patrimonio da Humanidade

[84433](#)**I 25613 (12/INT-000998)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa Olalla e Fernández Alfonso, Ramón Tomás

Sobre a planificación e a execución orzamentarias que desenvolveu o Goberno galego no exercicio económico de 2024

[84436](#)

1. Procedementos parlamentarios

1.3. Procedementos de control e impulso

1.3.6. Proposicións non de lei

1.3.6.1. Proposicións non de lei en Pleno

1.3.6.1.1. Proposicións presentadas

A Mesa do Parlamento, na súa sesión do día 19 de maio de 2025, adoptou os seguintes acordos:

Admisión a trámite e publicación

- 25222 (12/PNP-002006)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Espinosa Mangana, María Elena e Méndez López, Lara

Sobre as modificacións que o Sergas debe levar a cabo nos acordos de xestión para a Área Sanitaria de Lugo, A Mariña e Monforte de Lemos que foron asinados o pasado 5 de maio de 2025

- 25227 (12/PNP-002007)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Espinosa Mangana, María Elena e Castro Rey, Paloma

Sobre as modificacións que o Sergas debe levar a cabo nos acordos de xestión para a Área Sanitaria de Pontevedra e O Salnés que foron asinados o pasado 5 de maio de 2025

- 25262 (12/PNP-002008)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co conflito de titularidade sobre a Torre de Caldaloba, localizada no concello de Cospeito, e coas medidas para garantir a súa conservación

- 25275 (12/PNP-002009)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

González Iglesias, Carmela e 3 máis

Sobre a demanda dun incremento de prazas na rede pública de escolas infantís da Xunta de Galicia en Vigo

- 25282 (12/PNP-002010)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Méndez López, Lara e López Font, Carlos

Sobre a demanda ao Goberno galego da prolongación das beirarrúas da travesía de Cangas de Foz

- 25293 (12/PNP-002011)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Espinosa Mangana, María Elena e López Font, Carlos

Sobre as modificacións que o Sergas debe levar a cabo nos acordos de xestión para a Área Sanitaria de Vigo que foron asinados o pasado 5 de maio de 2025



- 25297 (12/PNP-002012)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Vidal Lamas, Sonia e 2 máis

Sobre as accións que o Goberno galego debe pór en marcha co obxectivo de promover en Galicia o sector da planta ornamental

- 25302 (12/PNP-002013)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Davila, María Cristina e Fernández González, Ariadna

Sobre as medidas nas que o Goberno galego debe basear a súa política respecto dos libros de texto

- 25308 (12/PNP-002014)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández González, Ariadna e 2 máis

Sobre as medidas de prevención que debe tomar o Goberno galego contra a febre aftosa

- 25341 (12/PNP-002015)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e 2 máis

Sobre as medidas que debe aplicar a Xunta de Galicia co obxectivo de garantir a perspectiva de xénero nas políticas públicas e a presenza equilibrada de mulleres e homes en todos os ámbitos

- 25406 (12/PNP-002017)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Fidalgo Iglesias, Miguel e 8 máis

Sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe dirixir ao Goberno central en relación coas compensacións económicas aos mariscadores da ría do Burgo pola parada da actividade durante os traballos de dragaxe

- 25410 (12/PNP-002018)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Taibo Corsanego, Iria e 2 máis

Sobre a demanda ao Goberno galego do aumento de prazas públicas nas escolas de ensino infantil da comarca da Coruña

- 25414 (12/PNP-002019)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Taibo Corsanego, Iria e Bará Torres, Xosé Luís

Sobre as actuacións que a Xunta de Galicia debe levar a cabo para rematar o proxecto inicial do centro loxístico de transportes de Culleredo

- 25421 (12/PNP-002020)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Castro García, Daniel e Queixas Zas, Mercedes

Sobre a demanda dirixida á Xunta de Galicia co obxecto de que non acepte o proxecto de posta en marcha da universidade privada Emilia Pardo Bazán na Coruña



- 25432 (12/PNP-002021)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Ríos Santomé, Paulo e Fernández Davila, María Cristina

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co servizo de transporte escolar compartido

- 25434 (12/PNP-002022)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández González, Ariadna e 2 máis

Sobre as medidas que debe desenvolver a Xunta de Galicia co obxectivo de mellorar a protección e a conservación do cabalo de monte

- 25453 (12/PNP-002023)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Ruanova Vilas-Boas, Brais e 2 máis

Sobre as medidas que debe adoptar o Goberno galego co fin de mellorar o nivel de execución orzamentaria da Consellería de Economía e Industria

- 25476 (12/PNP-002024)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Espinosa Mangana, María Elena e López Font, Carlos

Sobre a demanda ao Goberno galego dunha mellora do trazado e da seguridade viaria da estrada PO-261, nos concellos de Mondariz e Covelo

- 25486 (12/PNP-002025)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e Valcárcel Armesto, Montserrat

Sobre a demanda dirixida á Xunta de Galicia co obxecto de que cumpra o previsto no punto 10.3 do Plan de xestión do lobo e desenvolva todas as medidas incluídas no devandito plan

- 25494 (12/PNP-002026)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa Olalla e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego relacionadas coa execución orzamentaria do Plan director do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense e a planificación dun novo edificio para o Hospital Materno-Infantil

- 25501 (12/PNP-002027)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Espinosa Mangana, María Elena e López Font, Carlos

Sobre a demanda á Xunta de Galicia da mellora da seguridade viaria da estrada PO-264 no concello de Vilaboa

- 25506 (12/PNP-002028)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Méndez López, Lara e 2 máis



Sobre a demanda ao Goberno galego da cobertura das vacantes médicas no Centro de Saúde do Vicedo co obxecto de garantir unha atención continua e estable

- 25519 (12/PNP-002029)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e Fernández Gómez, Alexandra

Sobre as accións que debe pór en marcha o Goberno galego no que concirne á regularización de edificacións no litoral e á incidencia nestes espazos da subida do nivel do mar provocada polo cambio climático

- 25524 (12/PNP-002030)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Vidal Lamas, Sonia e Fernández Fernández, Secundino

Sobre a medidas que se deben adoptar para afrontar os problemas do sector agrario da comarca da Limia

- 25530 (12/PNP-002031)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Méndez López, Lara e López Font, Carlos

Sobre a demanda ao Goberno galego das medidas necesarias para acelerar a posta en funcionamento efectiva da plataforma intermodal do porto seco de Monforte de Lemos

- 25535 (12/PNP-002032)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e 4 máis

Sobre as accións que a Xunta de Galicia debe pór en marcha ante a continuada perda de produción no sector mexilloeiro

- 25541 (12/PNP-002033)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Espinosa Mangana, María Elena e Longueira Castro, Silvia

Sobre a demanda dirixida á Xunta de Galicia co fin de que elabore un novo plan de saúde mental

- 25552 (12/PNP-002034)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e Méndez López, Lara

Sobre as medidas que debe adoptar o Goberno galego en relación coa moratoria das plantacións de eucalipto e coa planificación forestal

- 25572 (12/PNP-002035)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Espinosa Mangana, María Elena e 2 máis

Sobre as medidas que debe tomar a Xunta de Galicia no ámbito dos plans e programas de atención á saúde mental

- 25580 (12/PNP-002036)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego



Bará Torres, Xosé Luís e Valcárcel Armesto, Montserrat

Sobre a demanda ao Goberno galego dunha proposta de desmantelamento das instalacións da Concellería do Medio Rural na xunqueira do río Alba, en Pontevedra, e a recuperación dese espazo natural

- 25586 (12/PNP-002037)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Trenor López, Gonzalo e 9 máis

Sobre a demanda dirixida ao Goberno galego co obxectivo de que comece a desenvolver de forma plena e autónoma as previsións contidas na Lei de ordenación e xestión integrada do litoral

- 25588 (12/PNP-002038)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis

Sobre as actuacións que a Xunta de Galicia debe levar a cabo co obxectivo de trasladar as instalacións públicas que ten na xunqueira do río Alba, en Pontevedra, e recuperar ese espazo natural

- 25594 (12/PNP-002039)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Vázquez Suárez, Cecilia e 8 máis

Sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe dirixir ao Goberno central co fin de que adopte as medidas necesarias para incrementar nun mínimo do 15 por cento a oferta de prazas de novo ingreso nos estudos de enfermaría en Galicia

- 25595 (12/PNP-002040)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis

Sobre as accións que o Goberno galego debe pór en marcha respecto da xestión e da protección do patrimonio cultural marítimo

- 25607 (12/PNP-002041)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Fidalgo Iglesias, Miguel e 11 máis

Sobre as demandas que o Goberno galego debe dirixir ao Concello de Vigo en relación coa xestión e co mantemento das praias do seu concello

- 25608 (12/PNP-002042)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Suárez Fernández, Iago e Queixas Zas, Mercedes

Sobre as accións que debe impulsar o Goberno galego en relación coa posta en marcha da candidatura da Ribeira Sacra a Patrimonio da Humanidade da Unesco

- 25615 (12/PNP-002043)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa Olalla e Fernández Alfonzo, Ramón Tomás

Sobre as medidas que debe adoptar o Goberno galego para avanzar na mellora da planificación e da execución dos orzamentos



- 25620 (12/PNP-002044)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Iglesias Rey, Patricia e López Font, Carlos

Sobre a demanda do inicio das obras de prolongación da autovía da Costa da Morte entre Baio e Berdoias

- 25681 (12/PNP-002045)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Fernández Rosende, Jesús María e 9 máis

Sobre a demanda dirixida á Xunta de Galicia coa finalidade de que elabore un protocolo para o acompañamento das persoas con discapacidade visual nos centros sanitarios galegos

1.3.6.2. Proposicións non de lei en Comisión

1.3.6.2.4. Proposicións tramitadas

Admisión a trámite, asignación a comisión e publicación

- 25221 (12/PNC-002328)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Espinosa Mangana, María Elena e Méndez López, Lara

Sobre as modificacións que o Sergas debe levar a cabo nos acordos de xestión para a Área Sanitaria de Lugo, A Mariña e Monforte de Lemos que foron asinados o pasado 5 de maio de 2025
Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 25226 (12/PNC-002329)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Espinosa Mangana, María Elena e Castro Rey, Paloma

Sobre as modificacións que o Sergas debe levar a cabo nos acordos de xestión para a Área Sanitaria de Pontevedra e O Salnés que foron asinados o pasado 5 de maio de 2025
Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 25261 (12/PNC-002330)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co conflito de titularidade sobre a Torre de Caldaloba, localizada no concello de Cospeito, e coas medidas para garantir a súa conservación
Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 25267 (12/PNC-002331)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Hermelo Piñeiro, María Dolores e 8 máis

Sobre a demanda dirixida á Xunta de Galicia co obxecto de que Portos de Galicia elabore un proxecto para a construción dun novo peirao de descargas no porto de Cangas
Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo



- 25269 (12/PNC-002332)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

González Iglesias, Carmela e 2 máis

Sobre as accións que o Goberno galego debe levar adiante co obxecto de mellorar as condicións materiais e a dotación de recursos humanos do Grupo de Emerxencias Supramunicipal do Val Miñor

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 25274 (12/PNC-002333)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

González Iglesias, Carmela e 3 máis

Sobre a demanda dun incremento de prazas na rede pública de escolas infantís da Xunta de Galicia en Vigo

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 25281 (12/PNC-002334)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Méndez López, Lara e López Font, Carlos

Sobre a demanda ao Goberno galego da prolongación das beirarrúas da travesía de Cangas de Foz

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 25292 (12/PNC-002335)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Espinosa Mangana, María Elena e López Font, Carlos

Sobre as modificacións que o Sergas debe levar a cabo nos acordos de xestión para a Área Sanitaria de Vigo que foron asinados o pasado 5 de maio de 2025

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 25298 (12/PNC-002336)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Vidal Lamas, Sonia e 2 máis

Sobre as accións que o Goberno galego debe pór en marcha co obxectivo de promover en Galicia o sector da planta ornamental

Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

- 25303 (12/PNC-002337)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Davila, María Cristina e Fernández González, Ariadna

Sobre as medidas nas que o Goberno galego debe basear a súa política respecto dos libros de texto

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 25309 (12/PNC-002338)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández González, Ariadna e 2 máis

Sobre as medidas de prevención que debe tomar o Goberno galego contra a febre aftosa

Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes



- 25340 (12/PNC-002340)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e 2 máis

Sobre as medidas que debe aplicar a Xunta de Galicia co obxectivo de garantir a perspectiva de xénero nas políticas públicas e a presenza equilibrada de mulleres e homes en todos os ámbitos

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 25396 (12/PNC-002342)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Alfonso, Ramón Tomás e 2 máis

Sobre as actuacións de reforma que debe levar a cabo o Goberno galego no treito da estrada AC-566 que atravesa o concello de Narón

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 25405 (12/PNC-002343)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Fidalgo Iglesias, Miguel e 8 máis

Sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe dirixir ao Goberno central en relación coas compensacións económicas aos mariscadores da ría do Burgo pola parada da actividade durante os traballos de dragaxe

Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

- 25409 (12/PNC-002344)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Taibo Corsanego, Iria e 2 máis

Sobre a demanda ao Goberno galego do aumento de prazas públicas nas escolas de ensino infantil da comarca da Coruña

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 25415 (12/PNC-002345)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Taibo Corsanego, Iria e Bará Torres, Xosé Luís

Sobre as actuacións que a Xunta de Galicia debe levar a cabo para rematar o proxecto inicial do centro loxístico de transportes de Culleredo

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 25422 (12/PNC-002346)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Castro García, Daniel e Queixas Zas, Mercedes

Sobre a demanda dirixida á Xunta de Galicia co obxecto de que non acepte o proxecto de posta en marcha da universidade privada Emilia Pardo Bazán na Coruña

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 25426 (12/PNC-002347)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Ríos Santomé, Paulo e Fernández Davila, María Cristina



Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co servizo de transporte escolar compartido

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 25435 (12/PNC-002348)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández González, Ariadna e 2 máis

Sobre as medidas que debe desenvolver a Xunta de Galicia co obxectivo de mellorar a protección e a conservación do cabalo de monte

Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

- 25440 (12/PNC-002349)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández González, Ariadna e Fernández Fernández, Secundino

Sobre a información que debe dar a Xunta de Galicia verbo do estado da licitación e da adxudicación das obras, así como dos prazos de posta en funcionamento, da base de helicópteros de Lalín anunciada en 2023

Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

- 25444 (12/PNC-002350)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández González, Ariadna e Fernández Fernández, Secundino

Sobre as actuacións que a Xunta de Galicia debe levar a cabo respecto da evolución das obras do edificio de servizos integrados que está a construír en Lalín

Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

- 25454 (12/PNC-002351)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Ruanova Vilas-Boas, Brais e 2 máis

Sobre as medidas que debe adoptar o Goberno galego co fin de mellorar o nivel de execución orzamentaria da Consellería de Economía e Industria

Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

- 25475 (12/PNC-002352)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Espinosa Mangana, María Elena e López Font, Carlos

Sobre a demanda ao Goberno galego dunha mellora do trazado e da seguridade viaria da estrada PO-261, nos concellos de Mondariz e Covelo

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 25480 (12/PNC-002353)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e 4 máis

Sobre a demanda dirixida ao Goberno galego co fin de que teña en consideración o acordo do Concello de Noia favorable á redacción dun novo proxecto de transformación do paseo marítimo desta vila

Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo



- 25482 (12/PNC-002354)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e Rodil Fernández, Olalla

Sobre a demanda ao Goberno galego do comezo das obras da nova residencia de maiores de Ribeira
Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

- 25487 (12/PNC-002355)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e Valcárcel Armesto, Montserrat

Sobre a demanda dirixida á Xunta de Galicia co obxecto de que cumpra o previsto no punto 10.3
do Plan de xestión do lobo e desenvolva todas as medidas incluídas no devandito plan
Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 25495 (12/PNC-002356)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa Olalla e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego relacionadas coa execución orzamen-
taria do Plan director do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense e a planificación dun novo
edificio para o Hospital Materno-Infantil
Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

- 25500 (12/PNC-002357)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Espinosa Mangana, María Elena e López Font, Carlos

Sobre a demanda á Xunta de Galicia da mellora da seguridade viaria da estrada PO-264 no concello
de Vilaboa
Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 25507 (12/PNC-002358)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Méndez López, Lara e 2 máis

Sobre a demanda ao Goberno galego da cobertura das vacantes médicas no Centro de Saúde do
Vicedo co obxecto de garantir unha atención continua e estable
Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 25518 (12/PNC-002359)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e Fernández Gómez, Alexandra

Sobre as accións que debe pór en marcha o Goberno galego no que concirne á regularización de
edificiacións no litoral e á incidencia nestes espazos da subida do nivel do mar provocada polo cam-
bio climático
Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 25523 (12/PNC-002360)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Vidal Lamas, Sonia e Fernández Fernández, Secundino



Sobre a medidas que se deben adoptar para afrontar os problemas do sector agrario da comarca da Limia

Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

- 25529 (12/PNC-002361)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Méndez López, Lara e López Font, Carlos

Sobre a demanda ao Goberno galego das medidas necesarias para acelerar a posta en funcionamento efectiva da plataforma intermodal do porto seco de Monforte de Lemos

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 25536 (12/PNC-002362)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e 4 máis

Sobre as accións que a Xunta de Galicia debe pór en marcha ante a continuada perda de produción no sector mexilloeiro

Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

- 25542 (12/PNC-002363)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Espinosa Mangana, María Elena e Longueira Castro, Silvia

Sobre a demanda dirixida á Xunta de Galicia co fin de que elabore un novo plan de saúde mental

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 25553 (12/PNC-002364)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e Méndez López, Lara

Sobre as medidas que debe adoptar o Goberno galego en relación coa moratoria das plantacións de eucalipto e coa planificación forestal

Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

- 25573 (12/PNC-002365)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Espinosa Mangana, María Elena e 2 máis

Sobre as demandas dirixidas á Xunta de Galicia en materia de recursos económicos destinados aos plans de saúde mental

Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

- 25574 (12/PNC-002366)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Espinosa Mangana, María Elena e 2 máis

Sobre as medidas que debe tomar a Xunta de Galicia no ámbito dos plans e programas de atención á saúde mental

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 25581 (12/PNC-002367)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego



Bará Torres, Xosé Luís e Valcárcel Armesto, Montserrat

Sobre a demanda ao Goberno galego dunha proposta de desmantelamento das instalacións da Concellería do Medio Rural na xunqueira do río Alba, en Pontevedra, e a recuperación dese espazo natural
Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

- 25585 (12/PNC-002368)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Trenor López, Gonzalo e 9 máis

Sobre a demanda dirixida ao Goberno galego co obxectivo de que comece a desenvolver de forma plena e autónoma as previsións contidas na Lei de ordenación e xestión integrada do litoral
Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 25587 (12/PNC-002369)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis

Sobre as actuacións que a Xunta de Galicia debe levar a cabo co obxectivo de trasladar as instalacións públicas que ten na xunqueira do río Alba, en Pontevedra, e recuperar ese espazo natural
Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 25593 (12/PNC-002370)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Vázquez Suárez, Cecilia e 8 máis

Sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe dirixir ao Goberno central co fin de que adopte as medidas necesarias para incrementar nun mínimo do 15 por cento a oferta de prazas de novo ingreso nos estudos de enfermaría en Galicia
Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 25596 (12/PNC-002371)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis

Sobre as accións que o Goberno galego debe pór en marcha respecto da xestión e da protección do patrimonio cultural marítimo
Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 25601 (12/PNC-002372)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Gómez, Alexandra e 3 máis

Sobre a demanda de obras de rehabilitación no CEIP Chans-Bembrive, do concello de Vigo
Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 25606 (12/PNC-002373)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Suárez Fernández, Iago e Queixas Zas, Mercedes

Sobre as accións que debe impulsar o Goberno galego en relación coa posta en marcha da candidatura da Ribeira Sacra a Patrimonio da Humanidade da Unesco
Comisión 4ª, Educación e Cultura



- 25609 (12/PNC-002374)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Fidalgo Iglesias, Miguel e 11 máis

Sobre as demandas que o Goberno galego debe dirixir ao Concello de Vigo en relación coa xestión e co mantemento das praias do seu concello

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 25614 (12/PNC-002375)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa Olalla e Fernández Alfonso, Ramón Tomás

Sobre as medidas que debe adoptar o Goberno galego para avanzar na mellora da planificación e da execución dos orzamentos

Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

- 25619 (12/PNC-002376)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Iglesias Rey, Patricia e López Font, Carlos

Sobre a demanda do inicio das obras de prolongación da autovía da Costa da Morte entre Baio e Berdoias

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 25624 (12/PNC-002377)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre as accións que o Goberno galego debe pór en marcha respecto da xestión e da protección do patrimonio cultural marítimo

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 25671 (12/PNC-002378)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e Fernández González, Ariadna

Sobre a demanda dirixida ao Goberno galego co obxecto de que aumente na cidade da Coruña a oferta de prazas nas escolas de educación infantil dependentes da Xunta de Galicia

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 25676 (12/PNC-002379)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

González Iglesias, Carmela e Pérez Fernández, Rosana

Sobre a demanda dirixida á Xunta de Galicia co obxecto de que paralice o recheo destinado á ampliación do porto deportivo de Baiona

Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

- 25680 (12/PNC-002380)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Fernández Rosende, Jesús María e 9 máis



Sobre a demanda dirixida á Xunta de Galicia coa finalidade de que elabore un protocolo para o acompañamento das persoas con discapacidade visual nos centros sanitarios galegos
Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

1.4. Procedementos de información

1.4.2. Solicitudes de comparecencia

1.4.2.2. Solicitudes de comparecencia en Comisión

Admisión a trámite, traslado a Mesa da Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo e publicación

- 25806 (12/TGCM-000003)

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Do presidente da Comisión Galega da Competencia, por petición propia, para informar dos asuntos citados no artigo 30.1.e) do Decreto 118/2016, do 4 de agosto, polo que se crea o Instituto Galego do Consumo e da Competencia

Admisión a trámite, traslado á Mesa da comisión e publicación

- 25400 (12/CPC-000079)

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Da directora xeral de Ordenación e Innovación Educativa, por petición propia, para informar sobre as políticas de inclusión no ámbito educativo

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 25514 (12/CPC-000080)

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Do director xeral da Corporación Radio e Televisión de Galicia, por petición propia, para presentar as contas anuais da Corporación correspondentes ao exercicio 2024 en relación co sistema de gobernanza e rendición de contas

Comisión Permanente non Lexislativa de Control da Corporación da RTVG

1.4.3. Interpelacións

Admisión a trámite e publicación

- 25273 (12/INT-000983)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

González Iglesias, Carmela e 3 máis

Sobre o nivel da oferta de prazas nas escolas infantís públicas da Xunta de Galicia para o curso 2025-2026, especialmente na cidade de Vigo

- 25307 (12/INT-000984)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Davila, María Cristina e Fernández González, Ariadna

Sobre a política que segue a Xunta de Galicia en relación co apoio ás familias polos gastos en libros de texto



- 25313 (12/INT-000985)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández González, Ariadna e 2 máis

Sobre a política preventiva do Goberno galego ante o risco de chegada da febre aftosa a Galicia

- 25339 (12/INT-000986)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e 2 máis

Sobre as medidas que prevé desenvolver o Goberno galego co obxectivo de aplicar plenamente o principio de transversalidade na política de igualdade de xénero

- 25425 (12/INT-000987)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Ríos Santomé, Paulo e Fernández Davila, María Cristina

Sobre o funcionamento do servizo de transporte escolar compartido

- 25439 (12/INT-000988)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández González, Ariadna e 2 máis

Sobre a estratexia que desenvolve a Xunta de Galicia para a protección e a conservación do cabalo de monte

- 25458 (12/INT-000989)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Ruanova Vilas-Boas, Brais e 2 máis

Sobre a planificación e a execución orzamentarias do Goberno galego, e concretamente dos programas da Consellería de Economía e Industria

- 25499 (12/INT-000990)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa Olalla e 2 máis

Sobre a execución dos proxectos sanitarios do Goberno galego no Complexo Hospitalario Universitario de Ourense, especialmente no referido ao Hospital Materno-Infantil

- 25517 (12/INT-000991)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e Fernández Gómez, Alexandra

Sobre a regularización de edificacións situadas na franxa costeira e o impacto do cambio climático e da subida do nivel do mar neste espazo

- 25540 (12/INT-000992)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e 4 máis

Sobre a política da Xunta de Galicia ante o descenso da produtividade marisqueira, concretamente no sector mexilloeiro



- 25543 (12/INT-000993)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Espinosa Mangana, María Elena e Longueira Castro, Silvia

Sobre a evolución en Galicia das necesidades na atención á saúde mental e a planificación do Goberno galego neste ámbito

- 25554 (12/INT-000994)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e Méndez López, Lara

Sobre a planificación forestal do Goberno galego e a prórroga da moratoria das plantacións de eucalipto

- 25575 (12/INT-000995)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Espinosa Mangana, María Elena e 2 máis

Sobre as recomendacións do Consello de Contas recollidas no Informe de auditoría do Plan de saúde mental de Galicia poscovid-19 2020-2024

- 25600 (12/INT-000996)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis

Sobre a política que vai seguir a Xunta de Galicia respecto da rehabilitación, conservación e posta en valor dos bens culturais do litoral

- 25605 (12/INT-000997)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Suárez Fernández, Iago e Queixas Zas, Mercedes

Sobre os proxectos que prevé desenvolver o Goberno galego para a Ribeira Sacra de ser recoñecida pola Unesco como Patrimonio da Humanidade

- 25613 (12/INT-000998)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa Olalla e Fernández Alfonzo, Ramón Tomás

Sobre a planificación e a execución orzamentarias que desenvolveu o Goberno galego no exercicio económico de 2024

Santiago de Compostela, 20 de maio de 2025

María Elena Candia López

Vicepresidenta 1ª





Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas **María Elena Espinosa Mangana** e **Lara Méndez López**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O día 5 de maio asináronse os acordos de xestión para as sete áreas sanitarias de Galicia, que son os instrumentos para materializar a xestión sanitaria, vinculados á planificación estratéxica con obxectivos de cada área.

Os obxectivos plantéxanse en tres grandes áreas: Asistencial, Recursos Humanos e Recursos Económicos.

Por outra parte, en canto ás áreas asistenciais diferéncianse catro bloques: eficiencia asistencial e sostible, calidade asistencial, integración asistencial, e resultados de saúde.

Para realizar o seguimento, establécese un conxunto de indicadores. Nesta iniciativa non imos entrar en todos eles, senón que imos centralos nalgún ámbito concreto.

Os acordos de xestión din que a prioridade do Sergas e acadar a máxima accesibilidade e ademais, a saúde mental consolídase como unha prioridade transversal para todo o sistema sanitario galego.

Tamén sabemos que un dos asuntos que máis preocupa aos galegos e ás galegas en relación coa sanidade pública son as listas de espera. E para o Sergas debería ser unha liña de traballo prioritaria.

Por este motivo é difícil de entender algúns dos obxectivos que se prevén nos acordos de xestión.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/05/2025 09:57:03
Nº Rexistro: 25222
Data envío: 09/05/2025 09:57:03,266

O Parlamento insta a Xunta de Galicia a:

1. Rebaixar os días da vía rápida para atención a conducta suicida en adultos e infanto xuvenil que figura no acordo de xestión da Área Sanitaria de Lugo, A Mariña e Monforte de Lemos.
2. Modificar o acordo de xestión da Área Sanitaria de Lugo, A Mariña e Monforte de Lemos, para que o tempo medio de espera para unha cirurxía sexa inferior a 47,5 días que son os días de espera a 31/12/2024.
3. Modificar o acordo de xestión da Área Sanitaria de Lugo, A Mariña e Monforte de Lemos, para que o tempo medio de espera para unha cirurxía en prioridade 1, sexa inferior a 18,9 días que son os días de espera a 31/12/2024.

Santiago de Compostela, a 9 de maio do 2025

Asinado dixitalmente por:

Elena Espinosa Mangana na data 09/05/2025 09:51:07

Lara Méndez López na data 09/05/2025 09:51:16

José Ramón Gómez Besteiro na data 09/05/2025 09:51:26

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

84088

@PSdeG





Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas **María Elena Espinosa Mangana** e **Paloma Castro Rey**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O día 5 de maio, asínanse os acordos de xestión para as sete áreas sanitarias de Galicia, que son os instrumentos para materializar a xestión sanitaria, vinculados á planificación estratéxica con obxectivos de cada área.

Os obxectivos expóñense en tres grandes áreas: asistencial, recursos humanos e recursos económicos.

Por outra parte, en canto ás áreas asistenciais, diferéncianse catro bloques: eficiencia asistencial e sostible, calidade asistencial, integración asistencial e resultados de saúde.

E para realizar o seguimento establécense un conxunto de indicadores. Nesta iniciativa non imos entrar en todos eles senón centralos nalgún ámbito concreto.

Os acordos de xestión din que a prioridade do Sergas é acadar a máxima accesibilidade, e a saúde mental consolídase como unha prioridade transversal para todo o sistema sanitario galego.





E sabemos que un dos asuntos que máis preocupa os galegos e galegas en relación coa sanidade pública son as listas de espera. E para o Sergas debería ser unha liña de traballo prioritaria.

Por este motivo é difícil de entender algúns dos obxectivos que se prevén nos acordos de xestión.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Rebaixar os días da vía rápida para atención a conducta suicida en adultos e infanto xuvenil que figura no acordo de xestión da Área Sanitaria de Pontevedra.
2. Que no acordo de xestión da Área Sanitaria de Pontevedra, o tempo medio de espera para unha cirurxía en prioridade 1, sexa inferior a 15 días que son os días de espera a 31.12.2024.

Santiago de Compostela, a 9 de maio de 2025

Asinado dixitalmente por:

Elena Espinosa Mangana na data 09/05/2025 09:57:12

Paloma Castro Rey na data 09/05/2025 09:57:31





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/05/2025 10:06:10
Nº Rexistro: 25227
Data envío: 09/05/2025 10:06:10.697

José Ramón Gómez Besteiro na data 09/05/2025 09:57:45

CSV: BOPGDSPG-4iLdMlZB7-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

84091

@PSdeG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Olalla Rodil Fernández, Mercedes Queixas Zas e Montserrat Valcárcel Armesto**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, sobre a demanda xudicial presentada pola Xunta de Galiza a respecto da Torre de Caldaloba e as medidas que debe adoptar ao respecto o goberno galego.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O 15 de abril a Vicepresidencia da Deputación Provincial de Lugo recibiu notificación do xulgado de Nº4 de Lugo por unha demanda que a Xunta de Galiza presentou a finais de 2023 para que sexa a xustiza quen dirima a titularidade da Torre de Caldaloba situada no Concello de Cospeito toda vez que a Vicepresidencia da Deputación adquiriu en 2022 a metade da propiedade, concretamente unha superficie de 19.596 metros cadrados que inclúen 53 metros cadrados de planta da Torre así como o sistema de foxos e contrafoxos defensivos situados no perímetro do ben. A compra culminaba en outubro de 2022 un proceso iniciado meses atrás.

Pola súa banda, a Xunta de Galiza asinou ese mesmo ano un convenio co Concello de Cospeito por valor de 100.000 euros para que adquirise a propiedade da Torre o que motivou o inicio do correspondente expediente de expropiación municipal.

Cómpre lembrar que a Torre de Caldaloba é Ben de Interese Cultural (BIC) desde 1994 o que outorga á Xunta de Galiza o dereito de tanteo e retracto de acordo co disposto no artigo 49 da Lei 5/2016, de Patrimonio Cultural.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

É sorprendente que ao longo de máis de dous anos desde a adquisición por parte da Deputación dunha parte de Caldaloba o Goberno galego non se reunise co executivo provincial, malia as solicitudes formuladas polas persoas responsábeis en materia cultural, para abordar nunha reunión conxunta a titularidade da Torre e sobre todo o proxecto de consolidación, restauración e posta en valor deste importante ben patrimonial. Máis ao contrario,

De feito, esgotou a vía administrativa sen exercer os seus dereitos razón pola que presentou a demanda xudicial reclamando o retracto da propiedade adquirida pola Deputación e co obxectivo de que lle sexa conferida á Xunta.

A Torre de Caldaloba, ademais de BIC, é o último resto en pé do que noutrora foi unha fortaleza destruída tras as revoltas irmandiñas. Pertenceu ao Mariscal Pardo de Cela, tras a súa decapitación, herdaron a Dona Constança de Castro e Fernán Ares de Saavedra filla e xenro do Mariscal. Foi o derradeiro reduto da nobreza galega en resistencia á na época dos Reis Católicos.

Desde o G.P. do Bloque Nacionalista Galego levamos anos reclamándolle á Xunta de Galiza actuacións urxentes para impedir a degradación deste ben, o seu progresivo deterioro e sobre todo a súa posta en valor e divulgación. Nestas demandas sempre nos atopamos co non do Partido Popular que, sen ir máis lonxe, rexeitaba actuar en outubro de 2017 votando en contra da proposta do BNG no Parlamento galego.

As actuacións xudiciais iniciadas pola Xunta de Galiza que se abstivo de dialogar administrativamente, só van dilatar máis as urxentes medidas de consolidación e recuperación da Torre de Caldaloba que motivaron a compra do ben por parte da Deputación. Sería inadmisíbel que o único obxectivo do goberno galego fose non deixar facer a outra administración unicamente por non ser da mesma cor política.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte Proposición non de lei para o debate en Pleno:

“O parlamento insta a Xunta de Galiza a iniciar un proceso de mediación coa Deputación Provincial de Lugo a través da área de Cultura para procurar unha solución dialogada e áxil ao conflito sobre a titularidade da Torre de Caldaloba, situada no Concello de Cospeito. Así mesmo, a Cámara insta o goberno galego a chegar a un acordo entre as partes implicadas que recolla as medidas necesarias para garantir a conservación deste ben patrimonial así como a súa posta en valor e divulgación da súa historia”.

Santiago de Compostela, 9 de maio de 2025

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**
Montserrat Valcárcel Armesto
Deputadas do G.P. do BNG
Olalla Rodil Fernández
Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 09/05/2025 12:29:21





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Montserrat Valcárcel Armesto na data 09/05/2025 12:29:40

Olalla Rodil Fernández na data 09/05/2025 12:29:57





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas **Carmela González Iglesias, Alexandra Fernández Gómez, Ariadna Fernández González** e do deputado **Brais Ruanova Vilas-Boas**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, sobre a falta de prazas para o curso 2025/2026 nas escolas infantís públicas dependentes da Xunta de Galiza na cidade de Vigo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Vigo conta na actualidade con nove escolas infantís públicas de titularidade da Xunta de Galiza que, incluso incluíndo as nove de titularidade municipal, son totalmente insuficientes para cubrir a demanda.

No procedemento de adxudicación de prazas nas escolas infantís dependentes da Xunta de Galiza para o curso 2024/2025 máis de 450 nenas e nenos quedaron sen praza. Nalgunhas como é o caso da Galiña Azul da Rúa Palencia ,no barrio do Calvario, máis de 100 crianzas non foron admitidas.

No proceso que se está desenvolvendo na actualidade para o curso 2025/2026 as listas provisionais continúan practicamente cos mesmos datos, o número de familias que non conseguen praza nas escolas infantís da Xunta de Galicia seguen sendo parello ao número das que si conseguen praza.

Na cidade de Vigo están censadas máis de 5.000 crianzas de entre 0 e 3 anos e as prazas ofertadas nas escolas infantís públicas son totalmente insuficientes. Ás máis





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

de 400 nenas e nenos que non son admitidas nos centros dependentes da Xunta de Galiza hai que engadirlle os preto de 200 que quedan fora nas dependentes do Concello de Vigo e as moitas familias que acoden directamente a centros privados ante a imposibilidade de acceder a prazas públicas.

Ás 1300 prazas públicas de escolas infantís ofertadas en Vigo cobren escasamente o 25% das necesidades das familias viguesas, polo que é preciso adoptar medidas para incrementar a oferta, como un recurso que se torna fundamental para posibilitar a conciliación familiar.

Medidas como a gratuidade das escolas infantís para todas as familias galegas, impulsada polo goberno do PP e que beneficia a iniciativa privada, son insuficientes xa que son moitas as nais e pais de Vigo que a pesar de solicitar praza nas escolas públicas e nas privadas, teñen que recorrer ás avoas e aos avós ou a outros familiares para poder conciliar a súa vida laboral co coidado dos seus fillos e fillas. Ou incluso, principalmente no caso das nais, vense obrigadas a reducir a súa xornada (coa mingua salarial que supón) ou deixar o seu traballo para poder atendelos, acrecentando así a desigualdade laboral entre homes e mulleres.

Este é un servizo educativo esencial ao que teñen dereito todas as nenas e nenos e que o Goberno Galego ten o deber de garantirlles cunha rede pública de escolas infantís que en Vigo, como a maior cidade de Galiza, debe estar suficientemente dotada.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte Proposición non de lei para o debate en Pleno:

“O parlamento insta a Xunta a incrementar o número de prazas na rede pública de escolas infantís da Xunta de Galiza en Vigo, coa construción de novos centros nas





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

zonas de As Travesas, Balaidos, Navia, Casco Vello e Travesía de Vigo, co obxectivo de que todas as familias viguesas teñan acceso a un sistema educativo público, gratuíto e de calidade para todas as nenas e nenos do concello”.

Santiago de Compostela, 9 de maio de 2025

Asdo.: **Carmela González Iglesias**

Alexandra Fernández Gómez

Ariadna Fernández González

Brais Ruanova Vilas-Boas

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Olalla Rodil Fernández

Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Carmela González Iglesias na data 09/05/2025 13:38:32

Alexandra Fernández Gómez na data 09/05/2025 13:38:49

Ariadna Fernández González na data 09/05/2025 13:39:16

Brais Ruanova Vilas-Boas na data 09/05/2025 13:39:28





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Olalla Rodil Fernández na data 09/05/2025 13:39:45





Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa da súa deputada e do seu deputado **Lara Méndez López e Carlos López Font**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**.

Exposición de motivos

O investimento en infraestruturas de alta calidade é esencial para a mellora da seguridade viaria, xa que permite reducir en forma significativa a existencia de accidentes de tráfico e as súas consecuencias. O crecemento destas infraestruturas permite separar de maneira máis efectiva aos peóns dos vehículos, reducindo o risco de atropelos e aumentando a seguridade para os usuarios máis vulnerables da vía. Neste sentido, a ampliación das beirarrúas, fai posible que o tránsito peonil sexa máis cómodo e máis seguro, e tamén permite evitar a conxestión das zonas máis transitadas. O desenvolvemento de melloras en seguridade viaria tamén é fundamental para promover unha mobilidade inclusiva. Nas zonas nas que o tráfico é moi importante, unha mobilidade sostible solo é posible mediante a construción de beirarrúas e sendas peonís que melloran a seguridade viaria, tanto para os vehículos como para os peóns.

No caso da Travesía de Cangas de Foz, trátase dunha zona moi poboada que se atopa na contorna do cruzamento entre a estrada nacional N-642, coa estrada autonómica LU-162. Como consecuencia desta localización, no lugar existe un volume de tráfico moi importante, con zonas urbanas e vivendas aos dous lados, co risco que iso conleva. A estrada autonómica LU-162 é unha das máis importantes do concello de Foz, así como dos municipios da súa contorna, xa que ademais de servir como principal vía de comunicación das





parroquias de Cordido e Cangas coa capital municipal é a vía máis directa de unión de Alfoz e O Valadouro con Burela e coa Mariña Occidental. Polo tanto, esta estrada soporta un elevado tráfico de vehículos, o que constitúe un perigo para os veciños e veciñas que viven na travesía de Cangas de Foz, no barrio de Vilamor.

Parte desta travesía conta con beirarrúas, que se fixeron en tres fases distintas. Despois de anos de esixir a importancia destas obras para a seguridade viaria na zona, a primeira fase de construción de beirarrúas fíxose no ano 2013. Logo, nunha segunda etapa no ano 2015, ampliáronse outros 475 metros de beirarrúas e finalmente realizouse unha terceira etapa de ampliación no ano 2023 a partir dunha iniciativa presentada polo grupo parlamentario socialista, na que se instaba ao Parlamento Galego para dar continuidade ás obras de mellora da seguridade viaria e peonil na estrada LU-162, impulsando na maior brevidade o proxecto dirixido á execución de novas beirarrúas no tramo urbano da travesía de Vilamor. Nesa ocasión ampliáronse en 125 metros as beirarrúas de Cangas de Foz en ambas marxes da estrada LU-162.

A última ampliación de beirarrúas na LU-162 ao seu paso pola travesía de Cangas de Foz reduciuse a 65 metros lineais de estrada. Polos riscos que seguen existindo para os peóns é fundamental rematar coa obra das beirarrúas, para garantir a seguridade nunha travesía que soporta unha elevada circulación e que pon en perigo aos veciños e veciñas. Desde o Ministerio tamén se están realizando os esforzos necesarios para garantir a seguridade viaria na zona, coa instalación de unha rotonda que permite un acceso mais seguro a dita travesía. Por isto é importante que desde a Xunta de Galicia acompañense estas actuacións e que se actúe con rapidez, antes de que teña que suceder unha desgraza para que se tomen as medidas que sexan definitivas para completar a seguridade viaria da parroquia de Cangas.





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/05/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 25282
Data envío: 09/05/2025 14:39:49.956

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a realizar unha ampliación das beirarrúas ata completar as vivendas en ambas marxes da travesía de Cangas de Foz, unha actuación que é moi necesaria para mellorar a seguridade viaria da parroquia de Cangas, acompañando así os esforzos que se realizan por parte do Ministerio, que está executando unha rotonda para un acceso mais seguro a dita travesía.

Santiago de Compostela, 9 de maio de 2025

Asinado dixitalmente por:

Lara Méndez López na data 09/05/2025 14:35:25

Carlos López Font na data 09/05/2025 14:35:38

José Ramón Gómez Besteiro na data 09/05/2025 14:35:48

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

84102

@PSdeG





Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa da súa deputada e do seu deputado **María Elena Espinosa Mangana** e **Carlos López Font**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O día 5 de maio asináronse os acordos de xestión para as sete áreas sanitarias de Galicia, que son os instrumentos para materializar a xestión sanitaria, vinculados á planificación estratéxica con obxectivos de cada área.

Os obxectivos plantéxanse en tres grandes áreas: Asistencial, Recursos Humanos e Recursos Económicos.

Por outra parte, en canto ás áreas asistenciais diferéncianse catro bloques: eficiencia asistencial e sostible, calidade asistencial, integración asistencial, e resultados de saúde.

Para realizar o seguimento, establécese un conxunto de indicadores. Nesta iniciativa non imos entrar en todos eles, senón que imos centralos nalgún ámbito concreto.

Os acordos de xestión din que a prioridade do Sergas e acadar a máxima accesibilidade e ademais, a saúde mental consolídase como unha prioridade transversal para todo o sistema sanitario galego.

Tamén sabemos que un dos asuntos que máis preocupa aos galegos e ás galegas en relación coa sanidade pública son as listas de espera. E para o Sergas debería ser unha liña de traballo prioritaria.

Por este motivo é difícil de entender algúns dos obxectivos que se prevén nos acordos de xestión.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/05/2025 10:20:22
Nº Rexistro: 25293
Data envío: 12/05/2025 10:20:22.153

O Parlamento insta a Xunta de Galicia a:

1. Rebaixar os días da vía rápida para atención a conducta suicida en adultos e infanto xuvenil que figura no acordo de xestión da Área Sanitaria de Vigo.
2. Modificar o acordo de xestión da Área Sanitaria de Vigo, para que o tempo medio de espera para unha cirurxía sexa inferior a 63,8 días que son os días de espera a 31/12/2024.
3. Modificar o acordo de xestión da Área Sanitaria de Vigo, para que o tempo medio de espera para unha cirurxía en prioridade 1, sexa inferior a 17,4 días que son os días de espera a 31/12/2024.

Santiago de Compostela, a 12 de maio do 2025

Asinado dixitalmente por:

Elena Espinosa Mangana na data 12/05/2025 10:12:17

Carlos López Font na data 12/05/2025 10:12:34

José Ramón Gómez Besteiro na data 12/05/2025 10:12:42

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

84104

@PSdeG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas **Sonia Vidal Lamas** e **Ariadna Fernández González** e do deputado **Secundino Fernández Fernández**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, sobre o sector da planta ornamental.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O sector da planta ornamental e da flor cortada en Galiza representa unha oportunidade real para o desenvolvemento sostido e con perspectiva de xénero no rural, mais a política da Xunta nestes anos non estivo á altura das potencialidades nin das necesidades reais das produtoras e produtores. A administración autonómica ten feito presentacións grandilocuentes de plans estratéxicos, como o recente horizonte 2034, mais eses anuncios non van acompañados nin de recursos suficientes nin dunha vontade real de transformación estrutural do sector. Mentres se proclama a importancia da planta ornamental, a realidade é que as explotacións continúan a padecer os mesmos atrancos históricos: falta de apoio técnico, dificultade de acceso á terra, ausencia de planificación a longo prazo e un escaso acompañamento institucional nos procesos de comercialización e internacionalización.

A Xunta, en vez de liderar un proxecto sólido de país para este sector, limítase a reaccionar con medidas puntuais, sen dotación orzamentaria seria nin mecanismos de seguimento nin avaliación. O apoio queda en declaracións de intencións e mesas de diálogo que moitas veces serven máis para lavar a cara que para transformar a realidade. Un dos aspectos máis criticables é a falla dunha política pública clara para garantir o relevo xeracional e a incorporación de mulleres novas ao sector. A pesar de que se





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

recoñece que máis do 70% do emprego nesta actividade é feminino, non existe un plan específico con perspectiva de xénero que promova a conciliación, o acceso á formación técnica ou ao crédito. A conciliación real non se resolve só con horarios flexibles, senón con servizos públicos no rural, con coidados compartidos, con políticas activas de igualdade. E aí, a Xunta chega tarde, mal e arrastro.

Ademais, a escasa aposta pola innovación tecnolóxica e a transición ecolóxica amosa unha clara contradición entre o discurso institucional e as prácticas reais. O sector podería ser un exemplo de agroecoloxía, de produción con baixo impacto ambiental e alto valor engadido, mais non se vislumbra un plan serio para apoiar este modelo. A investigación pública está ausente, os centros tecnolóxicos apenas interveñen, e as axudas seguen favorecendo as grandes estruturas antes que os pequenos viveiros ou cooperativas que dinamizan o rural e xeran emprego de proximidade.

Por outra banda, a Xunta tampouco ten desenvolvido políticas comerciais ambiciosas para reforzar a posición da flor e da planta galega nos mercados internacionais. A promoción exterior é escasa e descoordinada, e non se traballa cunha marca de país que identifique claramente a calidade e orixe galega. Mentres outras rexións do Estado español contan con estratexias sólidas e recoñecidas a nivel europeo, en Galiza seguimos sen ferramentas básicas como un selo de identidade sectorial ou unha rede comercial institucional estruturada.

Cómpre tamén poñer en evidencia a falta de sinerxias entre departamentos da Xunta, o que impide unha visión transversal: Medio Rural actúa por un lado, Emprego por outro, e Igualdade está practicamente desaparecida cando se trata de promover o emprendemento feminino no agro. Todo isto responde a un modelo de gobernanza desfasado, que non entende a produción como parte dun proxecto de país soberano, sustentábel e feminista.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo o exposto anteriormente, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en Pleno:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a:

- Fomentar a incorporación e permanencia das mulleres no sector con condicións laborais dignas e conciliación real mediante incentivos á contratación feminina en zonas rurais con baixa densidade de poboación.
- Ampliar a superficie dispoñible para produtores e produtoras do sector ornamental con medidas como a cesión temporal de terreos improdutivos da Xunta e outras administracións e liñas de arrendamento.
- Visibilizar, protexer e diferenciar a produción ornamental galega nos mercados estatais e internacionais e o desenvolvemento dun selo público baixo estándares de calidade, orixe e sustentabilidade.
- Modernizar a produción con criterios de sustentabilidade ambiental e eficiencia mediante subvencións para substituír materiais contaminantes por biodegradables.
- Impulsar a investigacións en variedades resistentes ao cambio climático.
- Crear un espazo permanente de diálogo, planificación e seguimento das políticas públicas con participación da administración, sector produtor, organizacións sindicais e universidades para a avaliación anual de resultados e revisión participativa do plan estratéxico.”

Santiago de Compostela, 12 de maio de 2025





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: **Sonia Vidal Lamas**
Ariadna Fernández González
Secundino Fernández Fernández
Deputadas e deputado do G.P. do BNG
Luis Bará Torres
Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Sonia Vidal Lamas na data 12/05/2025 10:16:07

Ariadna Fernández González na data 12/05/2025 10:19:51

Secundino Fernández Fernández na data 12/05/2025 10:21:31

Luis Bará Torres na data 12/05/2025 10:21:47





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas **Cristina Fernández Davila** e **Ariadna Fernández González**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, sobre o anuncio do Presidente da Xunta de Galiza de desgravación ás familias galegas pola compra de libros de texto.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 23 de abril, no Debate do Estado da Nación, o Presidente da Xunta de Galiza, o Sr. Rueda, anunciou unha batería de medidas entre as que se atopaba a desgravación ás familias galegas pola compra de libros de texto ata un máximo de 105 euros por alumno.

Unha medida que consiste nun desconto no IRPF equivalente ao 15% do gasto en libros de texto e material escolar e que entrará en vigor na vindeira declaración que se faga no 2026.

Polo tanto en setembro deste ano, as familias con ata 10.000 € de renda por persoa da unidade familiar poderán optar ás axudas para libros e para material que convoca anualmente a Consellería de Educación, ampliando agora as rendas entre os 10.000 e 30.000 € para desgravar o 15% do importe gastado no material educativo a comezo de curso.

Nas iniciativas sobre o sistema de axudas de libros de texto rexistradas polo BNG nos últimos anos, poñíase de manifesto a situación de crise económica pola que atravesaban as familias galegas para enfrontar cada inicio de curso e a súa incapacidade, cada vez maior, de asumir o custo do material educativo en cada curso escolar.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A situación non ten mellorado en todo este tempo e o sistema de axudas, e agora de desgravación no momento da Declaración da Renda no seguinte ano en que se produciu o gasto en material, non alivia en nada o desembolso que as familias deben facer nun momento puntual e na súa totalidade.

Por outra parte, se temos en conta os trámites burocráticos, tanto para solicitar as axudas, como para a cumprimentación da Declaración de IRPF, para moitas familias é un escollo importante, así como o é principalmente para o centro (dirección e persoal administrativo) que proporcionan un traballo excesivo para a súa tramitación.

Con esta medida que agora publica o Partido Popular está a poñer remedio á involución e inxustiza que provocou a decisión de suprimir a gratuidade universal dos libros de texto, implementada polo bipartito. Pero sobre todo, o que está a facer é poñer parches que non solventan o problema principal da falta de recursos e o dereito das familias á gratuidade á educación obrigatoria.

O Goberno do PP na Xunta de Galiza, despois de 16 anos de despropósitos educativos de distinta índole, debe deixar de enredar e volver a asumir a universalidade da gratuidade de libros de texto, de igual xeito que non conta a renda para a gratuidade das escolas infantís, por exemplo.

Deben planificar financiar na súa totalidade os libros de texto e material escolar que precisa o alumnado mediante fondos solidarios, un sistema que xa demostrou o seu acerto durante o bipartito. Libros gratis en préstamo para todas e todos, xa que o dereito de todas as persoas á educación está consagrado como dereito fundamental no artigo 27.1 da Constitución Española de 1978, que proclama o dereito á educación e a liberdade da ensinanza, pero é no 27.4. onde di textualmente “a ensinanza básica é obrigatoria e gratuíta”.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en Pleno:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a:

1.- Programar e planificar para o vindeiro curso escolar un sistema de gratuidade para todo o alumnado e así dispoñer de libros de texto para todas as etapas educativas obrigatorias por un número mínimo de anos.

2.- Tendo en conta os novos sistemas educativos innovadores, reducir o máximo posible o número de libros de texto, que produciría beneficios físicos entre o alumnado ao non ter que cargar peso excesivamente, pero garantindo a equidade entre o alumnado con respecto ao acceso dixital e tecnolóxico das familias.

3.- Coa nova reforma anunciada pola Consellería, do actual Proxecto Educativo E-Dixgal, ter en conta que é fundamental para o alumnado dispoñer de ferramentas dixitais pero sempre como apoio e consulta do resto dos materiais educativos utilizados, en todo caso, coordinado polo persoal docente dos centros.”

Santiago de Compostela, 12 de maio de 2025

Asdo.: Cristina Fernández Davila

Ariadna Fernández González

Deputada do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Cristina Fernández Davila na data 12/05/2025 10:50:55

Ariadna Fernández González na data 12/05/2025 10:56:28

Ana Pontón Mondelo na data 12/05/2025 10:56:41





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas **Ariadna Fernández González** e **Sonia Vidal Lamas** e do deputado **Secundino Fernández Fernández**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, sobre a febre aftosa.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Febre Aftosa é unha enfermidade vírica que afecta a grande cantidade de especies de animais dando lugar, durante o seu padecemento, a lesións vesiculares nas mucosas e o epitelio e que ten un período de incubación de 2 a 14 días na meirande parte dos casos. A mortalidade resultante é baixa, concentrándose especialmente en animais de curta idade, non tanto así a súa morbilidade, moi elevada. Trátase dunha enfermidade de declaración obrigatoria polo RD 779/2023 que está distribuída de xeito endémico en África, Sudamérica, Asia e Oriente medio, onde ven de detectarse unha cepa exótica.

Esta transmisibilidade alta, onde os animais descenden moito nas súas producións, tanto de carne coma de leite, significa que a afección pode traer consigo perdas económicas moi pronunciadas no sector agrogandeiro, derivadas do seu poder de difusión. É por iso que a súa detección deriva en baleirados sanitarios e vixilancia das zonas afectadas para que a expansión non afecte a áreas extensas, co obxectivo de lograr, de dárense gromos, que o sector primario resulte o menos afectado posible polos seus efectos, tales coma os sacrificios e as restricións comerciais.

No Estado Español o último foco apareceu no 1986 e tras 3 anos declarouse estado libre de Febre Aftosa, mais na actualidade, a situación pola que atravesan





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

distintas áreas da Unión Europea fixeron saltar as alarmas para a OMSA. Dende o comezo de 2025 houbo gromos en Alemaña, Hungría e Eslovaquia, este último país nunha situación sanitaria preocupante na actualidade ao respecto desta enfermidade vírica, con alomenos 6 explotacións afectadas e máis de 6000 animais sacrificados.

A situación é a peor a este respecto dende 2001, coa alerta que iso implica a nivel de seguridade alimentaria, saúde animal e produtividade do sector agrogandeiro, polo cal urxen medidas de diagnose temperá e preventivas que minimicen o seu impacto.

Dada a crucial importancia que o sector primario ten no noso país, o goberno galego debe seguir as indicacións das autoridades ao respecto, co obxectivo de que unha crise derivada da Febre Aftosa non chegue a Galiza e, no hipotético caso de sufrila, teña os mínimos impacto posibles, xa que as nosas explotacións tanto de bovino coma de porcino resultarían moi afectadas economicamente, co que iso implica no noso PIB e na supervivencia do sector gandeiro, xa acaecido doutras eivas.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en Pleno:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a:

1. Revisar os plans de continxencia e activar as medidas preventivas necesarias fronte a un posible gromo de Febre Aftosa, favorecendo unha resposta rápida ante a posible entrada da enfermidade vírica no noso país e minimizando o impacto na nosa saúde animal e economía.

2. Comezar a levar a cabo campañas informativas e de concienciación do risco dun gromo de Febre Aftosa para todos aqueles que traballen no sector agrogandeiro ou





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

con animais, favorecendo que os máis directamente afectados estean preparados fronte a un gromo.

3. Levar a cabo un control exhaustivo por parte da Xunta de Galiza no caso das especies silvestres susceptibles de ser contaxiadas, con tomas de mostras máis extendidas para a análise destes animais e a detección precoz de afectados entre eles que permita responder de xeito rápido, levando a cabo unha vixilancia efectiva.

4. Levar a cabo un plan de xestión do xabará baseado en criterios científicos e técnicos que permita controlar a poboación deste suído, cun orzamento mantido ao longo do tempo que permita paliar as perdas asociadas á especie e os efectos das enfermidades transmitidas por esta.”

Santiago de Compostela, 12 de maio de 2025

Asdo.: **Ariadna Fernández González**

Sonia Vidal Lamas

Secundino Fernández Fernández

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Luis Bará Torres

Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ariadna Fernández González na data 12/05/2025 11:07:42





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Sonia Vidal Lamas na data 12/05/2025 11:11:59

Secundino Fernández Fernández na data 12/05/2025 11:12:42

Luis Bará Torres na data 12/05/2025 11:12:55





Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas, **Paloma Castro Rey, María Elena Espinosa Mangana e Silvia Longueira Castro**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante a mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate **en Pleno**.

Na IV Conferencia Mundial da Muller (Pequín, 1995) consolidouse o principio de transversalidade, deixando claro que o principio de igualdade entre mulleres e homes nunca chegaría a facerse efectivo se a súa aplicación continuaba facéndose de maneira sectorial e illada.

Pero esta aplicación do principio de transversalidade ás políticas públicas e nas actuacións levadas a cabo nos diferentes eidos da sociedade, está lonxe de ter unha aplicación plena, a aplicación da perspectiva de xénero avanza pero con lentitude.

A pesares da prolífica regulación e promoción da presenza das mulleres nos diferentes espazos, así como da introdución paulatina da aplicación da perspectiva de xénero en todos os eidos, queda moito camiño por percorrer para chegar a unha presenza equilibrada e a abordaxe efectiva das políticas públicas en todos os ámbitos coa necesaria perspectiva de xénero.

Para acadar os obxectivos que a paridade se propón, os socialistas cremos que é imprescindible que o Goberno da Xunta adopte medidas estruturais e orzamentarias que estean destinadas a atravesar todos os eidos da sociedade.

Por iso propoñemos:





- Destinar como mínimo o 1 % do orzamento consolidado da Xunta de Galicia ás políticas específicas de igualdade e contra a violencia machista.
- Crear o Instituto Galego de Muller, recuperando así o senlleiro organismo público responsable da defensa da igualdade entre mulleres e homes en Galicia eliminado no ano 2010.
- Poñer en marcha as Unidades de Igualdade entre mulleres e homes en todas as consellarías do goberno galego, garantindo así a aplicación transversal do principio de igualdade entre mulleres e homes.
- Garantir o uso dos datos desagregados por sexo, o cal permitirá ver o uso diferencial dos servizos públicos, así como as necesidades da poboación diferenciadas por sexos para contribuír a un deseño máis eficaz e igualitario das políticas públicas.
- Garantir o uso da linguaxe non sexista tanto nos documentos administrativos como na comunicación institucional, necesaria para a visibilización das mulleres.
- Incorporar a perspectiva de xénero en toda a Administración pública, pulando pola súa introdución en todos os eidos da sociedade.
- Garantir a representación equilibrada de homes e mulleres tanto na titularidade de todos e cada un dos órganos superiores e de dirección das administracións públicas galegas, como nos seus órganos instrumentais dependentes
- Promover e impulsar a presenza de mulleres nunha proporción equilibrada nos órganos de dirección e decisión nos ámbitos sociais, político, económico, educativo, da saúde, cultural, científico e deportivo, entre outros.





Por iso, faise preciso propoñer a adopción do seguinte acordo:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a impulsar medidas que garantan a presenza equilibrada de mulleres e homes e a necesaria aplicación da perspectiva de xénero na abordaxe efectiva das políticas públicas en todos os ámbitos. Nomeadamente as seguintes medidas:

- a) Destinar como mínimo o 1 % do orzamento consolidado da Xunta de Galicia ás políticas específicas de igualdade e contra a violencia machista.
- b) Crear o Instituto Galego de Muller.
- c) Poñer en marcha as Unidades de Igualdade entre mulleres e homes en todas as consellarías do goberno galego.
- d) Garantir o uso dos datos desagregados por sexo, para contribuír a un deseño máis eficaz e igualitario das políticas públicas.
- e) Garantir o uso da linguaxe non sexista tanto nos documentos administrativos como na comunicación institucional.
- f) Incorporar a perspectiva de xénero en toda a Administración pública, pulando pola súa introdución en todos os eidos da sociedade.
- g) Garantir a representación equilibrada de homes e mulleres tanto na titularidade de todos e cada un dos órganos superiores e de dirección das administracións públicas galegas, como nos seus órganos instrumentais dependentes.





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/05/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 25341
Data envío: 12/05/2025 16:19:44.158

h) Promover e impulsar a presenza de mulleres nunha proporción equilibrada nos órganos de dirección e decisión nos ámbitos sociais, político, económico, educativo, da saúde, cultural, científico e deportivo, entre outros.

Santiago de Compostela, 12 de Maio de 2025

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 12/05/2025 16:12:04

Elena Espinosa Mangana na data 12/05/2025 16:12:18

Silvia Longueira Castro na data 12/05/2025 16:12:31

José Ramón Gómez Besteiro na data 12/05/2025 16:12:55

CSV: BOPGDSPG-4iLdMlZB7-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

84120

@PSdeG





Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia a través do seu Portavoz e por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados **Miguel Fidalgo Iglesias, Dolores Hermelo Piñeiro, María Deza Martínez, Jesús María Fernández Rosende, Patricia García Gonzalez, Paula Mouzo Más, Magdalena Pérez Millares, Raúl Santamaría González e Manuel Santos Costa** ao abeiro do disposto ao abeiro do disposto nos artigos 98, 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en pleno**.

Exposición de Motivos

Tras anos de agarda, en decembro de 2021, o Goberno de España iniciaba, por fin, as obras de dragado dos sedimentos da ría do Burgo, unha actuación imprescindible para a rexeneración ambiental deste espazo de alto valor pola súa rica produción marisqueira. Esta iniciativa foi posible grazas ao esforzo feito pola administración autonómica que investiu máis de 100 millóns de euros no saneamento da ría do Burgo e foi complementada xunto cos concellos de Culleredo, Oleiros, A Coruña e Cambre, reducindo as verteduras incontroladas, reforzando o saneamento e mellorando, en xeral, a situación da ría.

Cómpre lembrar que foi un Executivo central do Partido Popular quen deu os primeiros pasos para facer realidade esta dragaxe, coa publicación en setembro de 2017 no Boletín Oficial do Estado da declaración de impacto ambiental e coa elaboración do proxecto de obra en abril do ano 2018. Lamentablemente tivemos que esperar máis de dous anos para que este proxecto saíra adiante logo dos atrancos, problemas de tramitación e da falta de vontade que caracterizou ao Goberno que preside Pedro Sánchez.

Como é lóxico, a propia execución da dragaxe determina a indispoñibilidade dos terreos para calquera actividade incompatible coas obras, entre elas, o marisqueo. Isto obriga ao Ministerio de Transición Ecolóxica e Reto Demográfico, como administración promotora, a habilitar as imprescindibles compensacións aos profesionais obrigados ao cese de actividade, ao tratarse dunha obra da súa competencia e exclusiva responsabilidade.

Estas indemnizacións terían que cubrir todo o tempo que os mariscadores e mariscadoras deixaron de traballar pola dragaxe, incluído o período que transcorre desde que se finalizaron as obras ata que os bivalvos sementados, que serán obxecto

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





de futura explotación marisqueira, acaden a talla comercial, tal e como se recolle no proxecto.

Lamentablemente vimos de ver pola prensa as incesantes queixas derivadas dos sucesivos incumprimentos dos que son os verdadeiros responsables das obras: O Goberno de España. Varios medios e o propio sector se fixeron eco destes incumprimentos:

- Nos últimos doce meses, os afectados só recibiron compensacións pola paralización da súa actividade ocorrida entre xaneiro e abril de 2024, as cales se abonaron en decembro cun atraso de oito meses. «Programouse unha reunión con representantes de todas as partes para chegar a un acordo, pero o Ministerio non enviou a ningún.
- É lamentable que, hai dous días, falasen co alcalde de Culleredo e co de Oleiros, e non se considerase oportuno incluírnos como Confraría. Isto demostra unha falta de interese por solucionar un problema relacionado cunha obra do Ministerio», expresa Baldomir.
- Durante o período de dragaxe e ata a finalización da obra, o Estado asumiu a responsabilidade das compensacións para os profesionais afectados. «Os fondos que recibimos xa se destinaron a saldar débedas con quen nos apoie», lamenta o portavoz. A pesar de que os ingresos cesaron, os gastos continúan. «Non podemos deixar de pagar aos autónomos, xa que se necesitamos reclamar perdas patrimoniais no futuro, debemos estar dados de alta como traballadores», salienta.

A Xunta tamén criticou a falta de representación do Goberno central na mesa de negociación e insistiu en que é o Estado quen debe facerse cargo das compensacións, debido a que é o promotor da obra, a cal cualifican de “chapuza”. A Consellería enviou unha carta ao Ministerio de Transición Ecolóxica solicitando apoio para axudar aos mariscadores mentres non poidan retomar a súa actividade, pero, ata o momento, «non recibimos resposta».

Cómpre sinalar tamén que o Goberno de España dispón de fondos suficientes grazas ao remanente de 16 millóns de euros que sobraron do orzamento previsto para a realización desta dragaxe. En concreto, a obra foi contratada en 32 millóns de euros e o orzamento inicialmente previsto para a mesma superaba os 48 millóns de euros.

Polo tanto, non existen razóns legais e tampouco económicas para que o Goberno de España desatenda a súa responsabilidade, unha vez rematadas as obras de dragaxe, e ten a obriga de manter un plan de axudas que compensen aos mariscadores e

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





mariscadoras da ría do Burgo na Coruña, ata que se recupere a normalidade e retomen a súa actividade habitual os mariscadores afectados polo cese provocado pola dragaxe.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno de España para exixir que cumpra coas compensacións económicas correspondentes ao parón da actividade extractiva dos mariscadores da ría do Burgo, ata que os bivalvos acaden a talla comercial, tal e como establece o propio proxecto, unha vez finalizado a dragaxe da ría do Burgo”.

Santiago de Compostela, 13 de maio de 2025.

Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 13/05/2025 10:41:20

Miguel Fidalgo Iglesias na data 13/05/2025 10:41:44

Manuel Santos Costa na data 13/05/2025 10:42:03

Maria Magdalena Perez Millares na data 13/05/2025 10:42:15

Jesús María Fernández Rosende na data 13/05/2025 10:42:25

María Deza Martínez na data 13/05/2025 10:42:50

Patricia García González na data 13/05/2025 10:43:03

Paula Mouzo Mas na data 13/05/2025 10:43:15

Raúl Santamaría González na data 13/05/2025 10:43:31

Dolores Hermelo Piñeiro na data 13/05/2025 10:44:12

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Iria Taibo Corsanego, Ariadna Fernández González e Mercedes Queixas Zas**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, a escaseza de prazas nas escolas infantís públicas da comarca da Coruña para o curso 2025-26.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado día 6 de maio saíron publicadas as listaxes provisionais nas que se indica que solicitantes fican admitidos/as e en agarda para as escolas infantís para o curso 2025-2026.

Nas escolas infantís públicas existentes na actualidade na comarca da Coruña (A Coruña cidade, Arteixo, Cambre, Carral, Culleredo, Oleiros e Sada) neste primeiro prazo de matrícula fican case 900 crianzas sen praza. Ademais disto, hai concellos que aínda non dispoñen de escola infantil pública do Consorcio de Servizos de Igualdade e Benestar na nosa comarca, como é o caso de Cerceda, no que unicamente existe unha escola municipal de xestión privada que tamén rexistra unha demanda de prazas moi alta, e non cobre as necesidades da poboación do concello. O elevadísimo número de crianzas en agarda demostra, sen lugar a dúbidas, que existe unha importante demanda de prazas públicas que non se está a cubrir.

A Xunta de Galiza comunicou no pasado mes de novembro ao Estado que vai devolver 22 millóns de euros procedentes de fondos europeos, correspondentes ao Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, destinados á creación de prazas en





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

escolas infantís, que permitirían crear até 3.417 novas prazas públicas de educación infantil de 0 a 3 anos.

O goberno galego manifestou en diversas ocasións a súa discrepancia coa distribución destes fondos por non poder utilizalos para outros fins, como obras en escolas xa existentes ou para subvencionar centros privados incorporados ao programa de gratuidade que está vixente en Galiza desde o curso 2022-23.

O sistema da gratuidade da Xunta de Galiza subvenciona con diñeiro público escolas infantís privadas, que non forman parte do Consorcio de Servizos de Igualdade e Benestar. Na actualidade, das máis de 30.000 prazas dispoñíbeis en Galiza, máis dunha terceira parte pertencen á rede privada (13.552), outra terceira á pública autonómica (10.142) e case un 20% aos concellos. De acordo coa FEGAMP, a Xunta de Galiza aboa algo máis de 90 euros mensuais por crianza ás escolas infantís municipais, mentres que as escolas infantís privadas reciben 310 do goberno galego por alumno ou alumna.

A demanda demostrada neste primeiro prazo de matrícula deixa claro, por unha banda, que non está xustificado que o goberno galego rexeite o financiamento europeo que permitiría crear máis de 3.000 novas prazas en toda Galiza e, por outra, que é preciso aumentar, sexa con financiamento europeo ou con fondos propios do goberno galego, o número de prazas públicas en escolas infantís, como medida imprescindible de conciliación.

No que respecta á comarca da Coruña, fica claro que os concellos nos que a poboación aumenta en maior medida son os que rexistran un maior crecemento da demanda. O goberno galego dispón de ferramentas para informarse da evolución da poboación e, dese xeito, adaptar este tipo de servizos fundamentais para a poboación ás mudanzas que se van producindo.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte Proposición non de lei para o debate en Pleno:

“O parlamento insta o Goberno galego a aumentar o número de prazas públicas nas escolas infantís da comarca da Coruña para adaptalo á realidade das necesidades da poboación”.

Santiago de Compostela, 13 de maio de 2025

Asdo.: **Iria Taibo Corsanego**

Ariadna Fernández González

Mercedes Queixas Zas

Deputadas do G.P. do BNG

Olalla Rodil Fernández

Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iria Taibo Corsanego na data 13/05/2025 10:56:33

Ariadna Fernández González na data 13/05/2025 10:56:47

Mercedes Queixas Zas na data 13/05/2025 10:57:06





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Olalla Rodil Fernández na data 13/05/2025 10:58:11





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada **Iria Taibo Corsanego** e do deputado **Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, sobre o Centro Loxístico de Transportes de Culleredo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Centro Loxístico de Transportes de Culleredo, coñecido como CLT de Ledoño, dispón de conexión directa coa A-6 e a AC-14 (Terceira Ronda), ademais da súa proximidade coa AP-9 e co porto da Coruña e o aeroporto de Alvedro, que permite que se transforme nun nodo loxístico para a industria e a distribución na comarca da Coruña.

O proxecto inicial incluía moitos bens e servizos que quedaron sen executar, mais na actualidade estase a executar a conexión ferroviaria co Porto Exterior da Coruña, polo que é o momento máis axeitado para completar a conexión ferroviaria co CLT de Culleredo (tal e como estimou o Pleno do Concello de Culleredo por unanimidade, incluídos os votos da representación do partido que goberna a Xunta). Esta era unha das medidas que prevía o plan inicial, e quedou sen executar. Esta iniciativa permitiría o cumprimento dos obxectivos para os que foi creado o CLT de Culleredo. A vía existía porque formaba parte do antigo trazado A Coruña-Santiago e foi retirada, aínda que existe espazo e a nivelación do terreo xa dispoñíbel para recuperala de contado.

Na actualidade, o Centro Loxístico de Culleredo, coñecido como CLT de Ledoño, despois dun conflito administrativo entre o Concello e a empresa





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

concesionaria, que non executaron os bens e servizos nin o mantemento que lles correspondía, está desde hai anos nun estado lamentable, con grandes defectos no pavimento, con ausencia de servizos como a vixilancia ou os que estaban previstos, como a habilitación do edificio de usos administrativos, ou o edificio de recepción de flotas onde transportistas poidan ter un espazo de aseo, descanso e tramitacións dos fretes.

O CLT foi declarado pola daquela Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda da Xunta de Galiza mediante a RESOLUCIÓN do 22 de setembro de 2000, da Dirección Xeral de Transportes, pola que se publica o acordo da Xunta de Galiza, como proxecto sectorial de incidencia supramunicipal, de utilidade pública. Esa resolución indicaba “de conformidade co disposto na disposición adicional primeira da Lei 10/1995, do 23 de novembro, de ordenación do territorio de Galicia, quedan expresamente cualificadas como de marcado carácter territorial as obras necesarias para a execución do proxecto” e, polo tanto, o Goberno Galego debe implicarse no seu funcionamento pleno, especialmente tendo en conta a cantidade de tempo que transcorreu desde a súa declaración como proxecto sectorial de incidencia supramunicipal.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en Pleno:

“ O Parlamento insta a Xunta de Galiza a :

1. Volver construír o trazado da vía que permite a conexión do CLT de Culleredo co Porto Exterior da Coruña;
2. Coordinarse co resto de administracións implicadas (Concello de Culleredo, Goberno do Estado) para pór en funcionamento este centro loxístico;





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

3. Proporcionar os servizos contemplados no proxecto inicial e propios deste tipo de centros loxísticos, entre os que se inclúen, entre outros:

- a. a reparación do pavimento,
- b. a seguridade,
- c. a posta en marcha do servizo de recepción de flotas e servizos administrativos,
- d. ITV,
- e. a ampliación do aparcadoiro de camiós.).”

Santiago de Compostela, 13 de maio de 2025

Asdo.: **Iria Taibo Corsanego**

Deputada do G.P. do BNG

Luis Bará Torres

Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iria Taibo Corsanego na data 13/05/2025 12:07:12

Luis Bará Torres na data 13/05/2025 12:15:39





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa do deputado **Daniel Castro García** e da deputada **Mercedes Queixas Zas**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, sobre a posición que debe tomar a Xunta de Galiza ante a Universidade privada Emilia Pardo Bazán na Coruña.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 30 de abril presentábase na Coruña o que podería chegar a ser a segunda universidade privada en Galiza, a denominada Universidade Emilia Pardo Bazán promovida polo grupo empresarial CESUGA. Este proxecto lanzado xa hai 4 anos, di pretender iniciar a súa actividade no curso 2026-2027 e crear un campus propio no noso país, neste caso na Coruña.

No que ten a ver aos procesos administrativos, a día de hoxe sabemos que a Conferencia Xeral de Política Universitaria votou en contra deste proxecto, mentres que a Xunta de Galiza segue sen facer pública a súa posición a respecto da vontade ou non de que este novo proxecto empresarial vaia para adiante.

Ante esta situación, xa vivida no pasado, os reitores das universidades públicas xa mostraron o seu desacordo con esta nova iniciativa, sendo o propio reitor da Universidade da Coruña quen solicitou que esta universidade non tivese o visto e prace da Xunta de Galiza, reclamándolle ao mesmo tempo máis financiamento para a universidade pública, aludindo a que non se poden autorizar estas universidades se teñen informes negativos. Mentres tanto o Presidente da Xunta, no canto de mellorar o





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

financiamento da nosa universidade pública, soamente fala de recorrer o novo decreto estatal referente ás universidades.

Deste xeito e novamente, ante esta ameaza da expansión da universidade privada no noso país o goberno galego segue sen expresar a súa opinión e sen dar a coñecer se vai favorecer ou non a introdución deste proxecto que non fará outra cousa que afondar na privatización do noso sistema universitario, en detrimento, coma sempre, da nosa universidade pública.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en Pleno:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a non aceptar nin permitir a chegada e posta en marcha da Universidade privada Emilia Pardo Bazán na Coruña.”

Santiago de Compostela, 13 de maio de 2025

Asdo.: **Daniel Castro García**

Mercedes Queixas Zas

Deputado e deputada do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Daniel Castro García na data 13/05/2025 12:26:51

Mercedes Queixas Zas na data 13/05/2025 12:26:54

Ana Pontón Mondelo na data 13/05/2025 12:27:29





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa do deputado **Paulo Ríos Santomé** e da deputada **Cristina Fernández Davila** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, sobre as incidencias recorrentes no servizo de transporte escolar compartido.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O transporte colectivo debe xogar un papel fundamental na Galiza do futuro. É necesario poñer o transporte público, tanto por estrada como por ferrocarril, ao servizo da pobo galego e ao servizo da vertebración do noso territorio nacional.

Hoxe entendemos os múltiples beneficios que ten gozar dun servizo de transporte público, reducir así o uso do transporte privado e, polo tanto, rebaixar as emisións de gases contaminantes axudando na loita contra o cambio climático.

Alén desta cuestión, o transporte público e unha mobilidade moderna, áxil e útil para o pobo galego debe ser vista coma un dereito e como un elemento vertebrador e democratizador da nosa sociedade.

Coa posta en marcha do Plan de Transporte de Galiza, entrou en funcionamento o servizo de transporte escolar compartido, que non só pretende dar servizo ao alumnado dos centros de ensino obrigatorio no noso país, senón que se inclúe a posibilidade de acceder a estas liñas para público xeral de xeito regular.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Esta modalidade, que pretende optimizar recursos e poñer máis servizos para o público xeral, non pode entrar en contradición cun bo funcionamento do transporte escolar, que debe ser rigoroso e seguro para as menores que utilizan estas liñas para chegar aos seus centros de ensino.

Na última memoria anual do Plan de Transporte de Galiza, advírtese como este servizo está a baixar na valoración dos usuarios e usuarias que o utilizan, aumentando á súa vez as incidencias e as queixas, con falta de prazas e irregularidades tales como o incumprimentos dos horarios, atrasos etc.

A Xunta de Galiza, como responsábel deste servizo debe facer cumprir os contratos de transporte na súa totalidade, sendo especialmente escrupulosa á hora de controlar as condicións nas que se está a prestar un servizo tan sensíbel como o do transporte escolar, para garantir que non se producen incumprimentos recorrentes como os antes descritos.

Alén desta cuestión faise preciso un plan máis ambicioso que contemple as necesidades do estudantado do ensino non obrigatorio que se presta en centros públicos, sendo estes os estudos de formación profesional, ao que moitos mozos e mozas do noso país teñen dificultades para acceder, mesmo renunciando a facelo, pola imposibilidade de chegar en tempo ás aulas.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en Pleno:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a

1. Facer cumprir os contratos do transporte escolar compartido, rematando cos incumprimentos.
2. Levar a cabo unha modificación do Plan de Transporte para garantir a cobertura de transporte para o estudantado da Formación Profesional no noso país”.

Santiago de Compostela, 13 de maio de 2025

Asdo.: **Paulo Ríos Santomé**

Cristina Fernández Davila

Deputado e deputada do G.P. do BNG

Luís Bará Torres

Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Paulo Ríos Santomé na data 13/05/2025 12:48:26

Cristina Fernández Davila na data 13/05/2025 12:48:40

Luis Bará Torres na data 13/05/2025 12:48:52





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas **Ariadna Fernández González** e **Sonia Vidal Lamas** e do deputado **Secundino Fernández Fernández**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, sobre o cabalo de monte.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A paisaxe galega débelle moita da súa biodiversidade actual aos grandes herbívoros típicos de zonas do noroeste da península ibérica. Esta é cada vez menos ampla polos usos que se lle dan as terras, o constante cambio do sector agrogandeiro e o abandono do territorio debido ao despoboamento que sofre o noso país nas áreas rurais, que en zonas do interior perdeu preto do 30% da poboación dende os anos 50.

O noso país é unha das reservas de cabalo de monte máis importantes de Europa, aínda despois de ter perdido dende os anos 70, un tempo no que as greas eran elemento principal do monte galego e vivían en liberdade, á metade dos exemplares cos que contabamos, superando daquela os 20.000 individuos. O seu descenso poboacional non cesa, co efecto que a desaparición deste sistema tradicional trae consigo, nun momento no que a maioría dos seus usos están perdidos e as greas de cabalos salvaxes deixaron atrás o seu carácter de elemento principal do monte galego, coa súa vida en liberdade e a súa conexión ancestral cos humanos, mesmo representada en petróglifos e pinturas rupestres que, ao longo do noso país, amosan o vínculo entre os europeos e a natureza.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A transformación do noso rural fixo que as bestas deixasen de ser útiles no caso dos traballos coa redución da venda dos exemplares para eses usos, converténdose en moitos casos nunha carga que non ven acompañada de rendibilidade económica e que noutros, incluso implica perdas. A pervivencia deste sistema vai ligada comunmente á propia identidade, aos vínculos emocionais e a tradición que se transmite de xeración en xeración nas áreas onde os cabalos continúan a ser protagonistas dunha forte conexión cultural e social coas comunidades nas que se atopan.

A evolución derivada dos cambios de manexo destes grandes herbívoros implica un problema medioambiental de grande magnitude en Galiza segundo os expertos, que alertan de que a desaparición do cabalo de monte desencadeará en dificultades para a conservación de hábitats naturais recoñecidos pola Unión Europea e que cobren os nosos espazos abertos nas montañas, onde estes animais están perfectamente adaptados ao seu aproveitamento a través da dieta. Son, polo tanto, indispensables no control da vexetación e favorecedores de especies de plantas sensibles, en risco pola diminución en número das bestas en Galiza, que leva anos tratando de resistir a pesares da grande cantidade de atrancos que se lle presentan aos animais e aos seus propietarios e que se traduce nunha ampla regresión da especie.

Polo tanto e, aínda que non se contabilicen os mesmos beneficios que antano, as bestas e os besteiros traen consigo consecuencias indirectas a través dun sistema sustentable e que no territorio se traduce en importantes servizos ecosistémicos. En grande parte do noso territorio existe unha cuberta forestal que pode tratarse de bosques naturais ou de repoboacións de diferentes especies, mentres os espazos abertos se manteñen pola presenza destes grandes herbívoros, xeradores coa súa presenza de queirogais típicos nas paisaxes atlánticas coma a nosa e que contribúen a heteroxeneidade da paisaxe e que serven de morada a animais e plantas en perigo en outras áreas do continente, favorecendo tamén a vida baixo a terra, almacén de carbono, co que iso implica no quecemento global e a emerxencia climática actual.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A presenza do cabalo de monte é, deste xeito, unha opción a ter en conta fronte a outras coma as repoboacións forestais, os pastizais artificiais ou o abandono da superficie. O consumo de especies arbustivas aumentan a calidade dos pastos e reducen custos de xestión mecánica e prevención de incendios, cun papel crucial na conservación dos montes ao controlar a biomasa a través do consumo de toxo, por exemplo, mantendo a vexetación a raia nas zonas de campeo das greas. Non menos importante, e reflectido de xeito claro en celebracións coma as rapas, moi estendidas e arraigadas polo país, é o valor turístico e etnolóxico dos cabalos salvaxes, que podería aumentarse a través do turismo de natureza durante o resto do ano, onde as greas xerarían un valor incalculable que na actualidade non está a ser aproveitado, restando valor as expresións da nosa cultura local e a construción identitaria coma parte imprescindible do patrimonio galego e da memoria popular colectiva.

A importancia deste ben, que os galegos levamos preservando durante anos e que agora se ve en perigo por diferentes motivos, non pode quedar relegada ao descoñecemento por parte dos que non están vinculados á cría e coidado do cabalo de monte. Precísase dar a coñecer todo aquilo que esta especie nos aporta a nivel económico, social e medioambiental para evitar, na medida do posible, os atrancos que arrodean este tipo de gandería en semiliberdade, que poden ser tanto de carácter económico coma administrativo entre os que destacan, por exemplo, a falla de axudas para a conservación destes animais que son a base de ecosistemas singulares, cunha importancia chave no desenvolvemento dos sistemas silvopastoris que nos permiten adaptarnos ao cambio climático e protexernos dos eventos extremos, frecuentes na actualidade. Non menos relevante é a carga burocrática que soportan os propietarios dos cabalos e os problemas derivados da súa coexistencia co lobo, que nesta situación desfavorable de conservación por falla de xestión intensifícan, en ámbolos dous casos, a desaparición de bestas e besteiros, na actualidade minusvalorados.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en Pleno:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a:

1. Desenvolver un Plan de Xestión e Protección do Cabalo de Monte que potencie a recuperación, refuncionalización e retraditionalización da especie, onde se avalíen as posibilidades diversas de aproveitamento das materias primas que xera, o seu servizo ecosistémico e de conservación da biodiversidade e o seu valor patrimonial a través da tradición cultural ancestral que xera no entorno rural.

2. Creación por parte da Consellería de Medio Rural dunha liña de axudas propia para a conservación do cabalo de monte galego, onde se calculen as contías percibidas segundo o número de exemplares presentes e a superficie xestionada, incluíndo nesta as áreas de breixeiras e turbeiras que aportan grande valor á biodiversidade, contemplando estes criterios nas axudas da PAC.

3. Modificar de xeito inmediato os requisitos de concesión das indemnizacións por danos derivados de ataques de lobo, de xeito que se aumenten as contías percibidas por animal morto ou danado e o crédito destinado a estas, con criterios cuxo cumprimento sexa máis sinxelo e adaptado á realidade a pé de campo á hora da acreditación das mortes e o resto dos danos ocasionados.

4. Eliminar a carga burocrática para os propietarios destas especies, coa exención do microchipado en cabalos de monte que vivan en liberdade ou semiliberdade a través da modificación do Decreto 142/2012 do 14 de xuño para actualizalo e adaptalo ao RD 787/2023 relativo á identificación dos animais e aportar os datos trasladados sobre as áreas de localización das greas de cabalos en liberdade e semiliberdade do noso territorio.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

5. Estudar un sistema destinado á cobertura de accidentes producidos por cabalos de monte, de xeito que este non sexa un factor para que as greas vaian desaparecendo progresivamente ao ser unha fonte de problemas para os propietarios.

6. Aposta polo asesoramento e formación nesta materia destinada aos besteiros e a aqueles que queiran formarse na materia, nos beneficios ecosistémicos que aporta, no seu valor na conservación da biodiversidade e na agricultura rexenerativa e sistemas silvopastoris, cuxa existencia diminúe a das pragas, as secas ou os incendios, mellorando a xestión do monte.”

Santiago de Compostela, 13 de maio de 2025

Asdo.: **Ariadna Fernández González**

Sonia Vidal Lamas

Secundino Fernández Fernández

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Luis Bará Torres

Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ariadna Fernández González na data 13/05/2025 15:51:35

Sonia Vidal Lamas na data 13/05/2025 15:58:26

Secundino Fernández Fernández na data 13/05/2025 15:59:21





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Luis Bará Torres na data 13/05/2025 15:59:36





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa dos deputados **Brais Ruanova Vilas-Boas e Ramón Fernández Alfonzo** e da deputada **Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, sobre a baixa execución orzamentaria da Consellería de Economía e Industria no ano 2024.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O orzamento é a maior ferramenta que ten un goberno para a posta en marcha de políticas públicas activas que contribúan á cohesión social e ao desenvolvemento dos sectores produtivos e, polo tanto, ao avance dun país. Así, a súa correcta planificación e execución son fundamentais para que cada euro dos recursos dispoñíbeis redunden en beneficios para o conxunto do país.

Polo tanto os orzamentos mostran especial interese naquelas áreas relativas á prestación de servizos públicos e ao deseño de políticas activas no desenvolvemento dos sectores produtivos.

Estes últimos levan acaparando un protagonismo inusual en pasados anos de goberno do Partido Popular, mais dun tempo a esta parte non é anómalo ver novas nos medios de comunicación sobre diferentes liñas de axudas, subvencións ou planificacións que pon en marcha a Consellería de Economía e Industria para o suposto desenvolvemento do noso tecido productivo.

E cómpre salientar o de suposto, xa que cando se contrastan os datos de execución orzamentaria para a sección 09 dos orzamentos, ano tras ano vense arrastrando unha porcentaxe de execución moi por debaixo do esperado dun goberno





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

que di facer unha aposta directa sobre a robustez dos nosos sectores económicos, nomeadamente o industrial.

O pasado exercicio 2024 volve mostrar unha vez máis como o goberno do Partido Popular relega a industria a un plano puramente mediático que continúa ancorado na nota de prensa e no anuncio, pois cos datos do 31 de decembro de 2024 a execución orzamentaria da Consellería de Economía e Industria foi do 64,6 %, deixando sen executar 84.042.000€.

Este dato derívase dos datos de obrigas recoñecidas (153.281.000€) e do crédito vixente (237.323.000€), o que pon de manifesto que a pesar de que o Goberno de Rueda “innova” na importancia mediática que da ao sector industrial mantén unha actitude continuísta nos baixos niveis de execución na consellería.

Dentro dos programas que atende a consellería resulta rechamante como do programa *741A-Apoio á modernización, internacionalización e mellora da competitividade, innovación e produtividade empresarial* quedaron sen executar preto de 20 millóns de euros ou que no programa *733A-Eficiencia enerxética e enerxías renovables* só se executara o 51,2 % do orzamento, quedando sen gastar case 70 millóns de euros nun momento no que os sectores produtivos deben de se adaptar á transición enerxética e tecnolóxica.

Polo tanto faise preciso que o Goberno Galego adopte medidas que vaian no camiño dunha mellor planificación orzamentaria e dunha execución dos mesmos adecuada ás necesidades de Galiza, como é o desenvolvemento dos sectores produtivos e a industria na liña de acadar un tecido económico dinámico e forte que xere valor engadido e emprego no noso territorio.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en Pleno:

“O Parlamento de Galiza insta o Goberno Galego a:

1. Crear mesas sectoriais permanentes naqueles sectores declarados estratéxicos, con presenza dos clústers ou agrupacións de empresas máis representativas, os tres sindicatos con maior representación na Galiza, os centros tecnolóxicos correspondentes a cada sector, as universidades, a autoridade laboral e a propia administración galega, co obxectivo, entre outros, de facer de xeito participativo un deseño dos orzamentos da Consellería de Economía e Industria adecuado e dimensionado ás necesidades do sector industrial do país que garanta a máxima execución dos fondos de tódalas galegas e galegos.
2. Impulsar a Creación dunha oficina orzamentaria no Parlamento galego como ferramenta de consulta e transparencia ao servizo dos grupos parlamentarios e da sociedade galega.”

Santiago de Compostela, 13 de maio de 2025

Asdo.: **Brais Ruanova Vilas-Boas**

Ramón Fernández Alfonzo

Noa Presas Bergantiños

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Rosana Pérez Fernández

Portavoz s. do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Brais Ruanova Vilas-Boas na data 13/05/2025 18:05:19

Ramón Fernández Alfonzo na data 13/05/2025 18:09:58

Noa Presas Bergantiños na data 13/05/2025 18:10:22

Rosana Pérez Fernández na data 13/05/2025 18:10:35





Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa da súa deputada e do seu deputado **María Elena Espinosa Mangana** e **Carlos López Font** a través do voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O desenvolvemento e mantemento de infraestruturas de calidade son fundamentais para o progreso e benestar da sociedade galega. En Galicia, a mellora das nosas estradas é primordial para o día a día da cidadanía galega, especialmente naquelas zonas rurais e máis afastadas dos grandes núcleos urbanos.

A PO-261 é unha estrada da Rede Secundaria da Xunta de Galicia que une as localidades de Mondariz e Maceira (Covelo), atravesa os concellos de Mondariz e Covelo, ten unha lonxitude de 16,11 quilómetros e iníciase nun cruzamento coa PO-252 en Mondariz e finaliza nun cruzamento coa PO-255 en Maceira (Covelo).

É unha estrada de moito tráfico e na actualidade, a capa de rodadura da estrada está nun estado de claro deterioro despois de décadas sen facer un asfaltado integral da mesma, que fai que transitar en vehículo sexa perigoso ao ir esquivando co mesmo as zonas en mal estado.

Polo tanto, sería preciso realizar unha mellora do firme e trazado da estrada PO-261, coa finalidade de mellorar a seguridade viaria nunha zona do noso





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/05/2025 11:27:34
Nº Rexistro: 25476
Data envío: 14/05/2025 11:27:34.552

rural onde hai moitas veciñas e veciños que usan esta estrada para os seus desprazamentos en vehículo e tamén a pé. Ademais da mellora do asfaltado podería incluírse unha zona de seguridade para os peóns e tamén cuestións como a iluminación ou novos pasos de peóns e outras medidas de seguridade que se precisen.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a mellorar o trazado da estrada PO-261 co fin de mellorar a súa seguridade viaria, incluíndo tamén unha zona de seguridade para peóns, novos pasos de peóns e mellorar a iluminación.

Santiago de Compostela, a 14 de maio de 2025

Asinado dixitalmente por:

Elena Espinosa Mangana na data 14/05/2025 11:18:43

Carlos López Font na data 14/05/2025 11:18:51

José Ramón Gómez Besteiro na data 14/05/2025 11:19:00

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

84148

@PSdeG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa do deputado **Luis Bará Torres** e da deputada **Montserrat Valcárcel Armesto**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, sobre a autorización de medidas de control do lobo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O venres 11 de abril de 2025 a consellaria de medio ambiente publicou no DOG a Resolución do 3 de abril de 2025 pola que se modifica a Resolución do 27 de marzo de 2024 pola que se determinan as épocas hábiles de caza, as medidas de control e os reximes especiais por especies durante a tempada 2024-2025.

O obxecto desta modificación é incluír o lobo entre as especies cinexéticas, autorizando esperas, batidas e montarías do lobo todo o ano. Mais esta disposición contravén o previsto no punto 10.3 do Plan de xestión do lobo, que indica o seguinte: “Evitarase, salvo casos excepcionais debidamente xustificados, a realización de controis durante a época de reprodución desta especie (de marzo a xullo)”.

Parece cando menos un contrasentido que o Plan de xestión do lobo estableza estas fortes restriccións ás medidas de control da especie e que a citada resolución se faga pública e levante a veda xustamente no mes de abril.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en Pleno:

“O Parlamento insta a Xunta a a cumprir o previsto no punto 10.3 do Plan de xestión do lobo e a desenvolver todas as medidas incluídas no citado plan.”

Santiago de Compostela, 14 de maio de 2025

Asdo.: **Montserrat Valcárcel Armesto**

Deputada do G.P. do BNG

Luis Bará Torres

Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Luis Bará Torres na data 14/05/2025 12:03:51

Montserrat Valcárcel Armesto na data 14/05/2025 12:07:29





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Noa Presas Bergantiños** e **Iria Carreira Pazos** e do deputado **Iago Taboas Pérez Piñeiro**, e ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, relativa á previsión de dotación orzamentaria por parte do goberno galego para a demolición do Hospital Materno Infantil de Ourense, a construción dun novo edificio e á remisión de información clara e transparente verbo da execución orzamentaria real do Plan Director.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A execución dos distintos plans e proxectos sanitarios do goberno da Xunta na área sanitaria de Ourense vén sendo obxecto de controversia polos distintos incumprimentos, demoras e falta de adaptación á realidade.

Exemplo disto é o denominado Plan Director de Ourense, que foi sucesivamente abandonado, paralizado e/ou modificado por diferentes gobernos do Partido Popular sen dar unha resposta integral ás necesidades dun conxunto de instalacións sanitarias con fondos problemas estruturais. Así, este Plan, iniciado no ano 2001 e reprogramado vinte anos despois logo da crise financeira, no ano 2021, non está avaliado nin consta publicamente información detallada respecto da súa execución práctica ou orzamentaria.

Máis aínda, dentro do que ten que ver co Plan Director merece especial mención a situación respecto do deterioro do edificio do Hospital Materno-Infantil do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense, do que hoxe coñecemos ata tres derrubes das instalacións. Cómpre recordar que malia o seu deterioro, advertido por profesionais e





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

por usuarios e usuarias, a Xunta de Galiza negou reiteradamente a necesidade dun novo edificio e apostou en todas e cada unha das revisións que fixo do Plan Director. Porén, no verán de 2024 a conselleira responsable de infraestruturas anunciou que o edificio sería demolido.

Porén, nos orzamentos de 2025, tal e como sinalou este Grupo Parlamentario, non aparecía concretada ningunha partida específica para esta cuestión nin tampouco se recollía na memoria respecto da actuación do SERGAS ou da Consellaría de Sanidade, ao contrario doutros investimentos.

No pasado Consello da Xunta do 12 de maio a Xunta de Galiza informaba, un mes e medio despois do derrube coñecido máis recente do Materno, do e o visto e prace a un investimento autonómico “urxente” de 2,79 millóns de euros para obras de reforzo dos falsos teitos do edificio para as actuacións para habilitar os espazos necesarios para o traslado da área de hospitalización. Así mesmo, informábase da previsión de culminar o traslado de toda a área de hospitalización do Materno Infantil a comezos do verán e falábase dunha completa renovación do Complexo Hospitalario de Ourense, cun investimento de máis de 52 millóns de euros que prevé a construción dun novo edificio de hospitalización mais segue sen concretar a demolición do edificio actual e se cando a Xunta fala dun “novo” edificio Materno continúa defendendo a demolición e construción dun novo edificio ou volve limitarse a unha renovación do edificio actual.

É polo tanto aclarar as intencións da Xunta de Galiza, o grao de execución e desviacións do Plan Director e as previsións económico orzamentarias e temporais para unha solución integral para o Materno Infantil, que debe pasar pola demolición e construción dun novo edificio.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Con base a estas cuestións, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento Galego insta a Xunta a:

1. Remitir á cámara galega un informe detallado sobre a execución orzamentaria desagregada por anos do Plan director de Ourense desde o ano 2001 e singularmente da Fase 1 da Reprogramación funcional e remitir os seus resultados á cámara galega.
2. Consignar unha modificación dos Orzamentos de 2025 para a incorporación dunha partida específica extraordinaria para executar a demolición do Hospital Materno Infantil de Ourense e comprometer a planificación dun novo edificio, para o que contará coa opinión e colaboración do persoal e das asociacións de usuarios e usuarias.”

Santiago de Compostela, 14 de maio de 2025

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Iria Carreira Pazos

Iago Tabañas Pérez Piñeiro

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Rosana Pérez Fernández

Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Noa Presas Bergantiños na data 14/05/2025 12:37:03

Iria Carreira Pazos na data 14/05/2025 12:41:50

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 14/05/2025 12:42:17

Rosana Pérez Fernández na data 14/05/2025 12:42:35





Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa da súa deputada e do seu deputado **María Elena Espinosa Mangana** e **Carlos López Font** a través do voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O desenvolvemento e mantemento de infraestruturas de calidade son fundamentais para o progreso e benestar da sociedade galega. En Galicia, a mellora das nosas estradas, ferrocarrís, portos, aeroportos, redes de telecomunicacións e sistemas enerxéticos non só é crucial para fortalecer a nosa economía, senón tamén para garantir a cohesión social, a igualdade de oportunidades e o desenvolvemento sostible de todo o territorio, especialmente naquelas zonas rurais e máis afastadas dos grandes núcleos urbanos.

A estrada PO-264 (Pontevedra) é un tramo do antigo camiño real que ía de Tui a Santiago e que nalgún tramo coincide coa ruta portuguesa do Camiño de Santiago, ten unha lonxitude de 400 metros no termo municipal de Vilaboa, no que se concentran 10 vivendas unifamiliares e 4 negocios.

Este vial precisa dunha reforma para mellorar a súa seguridade xa que supón un perigo para as persoas residentes neste entorno que se ven na necesidade de camiñar pola estrada.





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/05/2025 13:02:54
Nº Rexistro: 25501
Data envío: 14/05/2025 13:02:54.104

As principais carencias deste vial céntranse na inexistencia de itinerarios peonís e a sección insuficiente da calzada, que provoca atrancos debido ao tráfico pesado que soporta o vial e as deficiencias no estado do firme.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a reformar e mellorar a seguridade viaria da PO-264, corrixindo todas as carencias que está a presentar o vial.

Santiago de Compostela, a 14 de maio de 2025

Asinado dixitalmente por:

Elena Espinosa Mangana na data 14/05/2025 12:59:14

Carlos López Font na data 14/05/2025 12:59:28

José Ramón Gómez Besteiro na data 14/05/2025 12:59:35



Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas **Lara Méndez López, María Elena Espinosa Mangana e Silvia Longueira Castro**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A sanidade segue a protagonizar noticias diarias, e non precisamente positivas; no rural, a situación é aínda máis preocupante. No Concello de Vicedo, os días 23 e 25 de abril, así como o día 2 de maio, o centro de saúde quedou sen médico. E coma sempre a forma de comunicar esta grave carencia foi mediante un papel colgado na porta do centro, no que se informaba da ausencia do facultativo e se indicaba que as urxencias serían atendidas no centro de saúde de Viveiro. Este aviso, ademais, carece de sinatura ou identificación de autoridade responsable.

Cómpre salientar que esta situación non é nova nin puntual, senón que se está a converter, desgraciadamente, nunha tónica habitual. Durante o último ano, as ausencias médicas repetíronse cada vez con máis frecuencia.

Esta condición afecta os case 1.600 habitantes do concello mariñán do Vicedo, especialmente, as persoas de maior idade que en moitos casos non teñen forma de desprazarse ao Concello de Viveiro, tal e como se lles indica no citado papel.

Ante esta realidade, os veciños e veciñas de Vicedo xunto con colectivos culturais, deportivas e veciñais, están a mobilizarse para esixir a cobertura permanente do servizo sanitario. Denuncian unha situación sanitaria insostible,





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/05/2025 13:17:44
Nº Rexistro: 25506
Data envío: 14/05/2025 13:17:44.811

marcada por axendas pechadas durante semanas, xornadas sen facultativo, días nos que so se atendén urxencias, citas anuladas ou redución de horario a tan so catro horas en moitos casos.

Por todo isto, o Grupo Parlamentario Socialista de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a dar cobertura inmediata ás prazas médicas vacantes no Concello do Vicedo, co obxectivo de garantir unha atención sanitaria continua e estable.

Santiago de Compostela, a 14 de maio do 2025

Asinado dixitalmente por:

Lara Méndez López na data 14/05/2025 13:07:25

Elena Espinosa Mangana na data 14/05/2025 13:07:34

Silvia Longueira Castro na data 14/05/2025 13:07:44

José Ramón Gómez Besteiro na data 14/05/2025 13:07:53

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

84158

@PSdeG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa do deputado **Luís Bará Torres** e da deputada **Alexandra Fernández Gómez**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, sobre a regularización de edificacións no litoral e incidencia do cambio climático e da subida do nivel do mar nas zonas costeiras.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No ano 2022 a Xunta impulsou o anteproxecto de lei do litoral coa intención de “regularizar” edificacións na faixa costeira”. Segundo informacións divulgadas polo propio goberno galego habería unhas 4.000 edificacións en risco, entre as que se encontrarían 232 empresas, 59 lonxas, 24 gasoleiras, 24 depuradoras, 11 mercados municipais, 10 centros de saúde, 7 campings e 6 cemiterios, ademais de vivendas e construcións anexas.

Unha vez aprobada a lei galega de xestión integrada do litoral e acordada a transferencia das competencias sobre os medios de xestión do dominio público marítimo terrestre, cómpre coñecer cales son as previsións do goberno galego para a “regularización” destas construcións.

Por outra parte, no ano 2021 a Xunta asinou un convenio coas tres universidades galegas para elaborar un informe sobre a incidencia do cambio climático na costa galega. Un dos obxectivos deste estudo era dispoñer de información “valiosa para adiantar as posibles infraestruturas e edificacións que poderían verse afectadas, así como os impactos nos espazos naturais situados nestas zonas”.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo o exposto anteriormente, o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O parlamento galego insta a Xunta de Galiza a:

1. Presentar no parlamento e facer público no prazo de 6 meses un informe sobre as 4.000 edificacións que estarían en risco e que serían regularizadas, especificando a tipoloxía de edificacións e as medidas que se levarán a cabo para a súa regularización.
2. Encargar ao sistema universitario galego un informe sobre as medidas que se deberían levar a cabo en relación co cambio climático e a subida do nivel do mar na costa galega, incluíndo medidas de mitigación dos impactos nos espazos naturais e na biodiversidade así como alternativas para os equipamentos e infraestruturas que polo seu emprazamento se poderían ver afectadas pola erosión costeira ou pola subida no nivel do mar”.

Santiago de Compostela, 14 de maio de 2025

Asdo.: **Alexandra Fernández Gómez**

Deputada do G.P. do BNG

Luís Bará Torres

Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Alexandra Fernández Gómez na data 14/05/2025 16:25:01

Luis Bará Torres na data 14/05/2025 16:25:15





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada **Sonia Vidal Lamas** e do deputado **Secundino Fernández Fernández**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, relativa á grave crise do sector agrario na Limia.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A comarca da Limia, coñecida como o “celeiro de Galiza”, leva anos sendo vítima dun abandono institucional e dunha conxunción de factores que poñen en risco a continuidade da súa actividade agraria, especialmente na produción de pataca e cereal. A realidade no campo fala por si soa, e non admite máis escusas, nin xogos de competencias entre administracións.

O ano pasado xa foi especialmente duro. A climatoloxía extrema, marcada por episodios de chuvias persistentes e inundacións en momentos clave do ciclo agrícola, provocou perdas millonarias. Moitas explotacións non puideron rematar a colleita de patacas, e outras nin sequera chegaron a sementar. A humidade nas fincas e nos almacéns favoreceu a aparición de enfermidades nas patacas, como fungos e podres, e a falta de apoio técnico e económico foi total. Nesta situación moitas leiras quedaron sen recoller, traducíndose en perdas superiores aos 24 millóns de euros.

Agora, en maio de 2025, a situación é dramática. A sementeira de primavera tiña que estar xa feita, pero o campo está anegado, completamente impracticable. As poucas persoas que lograron sementar, ven as súas leiras cubertas de auga; o resto, simplemente non puido entrar nas fincas. As condicións climatolóxicas seguen sendo imprevisibles e





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

extremas, agravadas polo cambio climático. Pero non hai medidas de apoio reais nin adaptacións efectivas por parte das administracións.

A isto hai que sumarlle outra “espada de Damocles” sobre a cabeza do sector: a declaración da Limia como zona vulnerable a nitratos. Esta decisión, sen planificación e sen consenso, supón restricións ás prácticas agrícolas que, sen alternativas reais, condenan a moitas explotacións á inviabilidade.

Ademais, por se todo isto fose pouco, as canles de drenaxe e regadío están sen limpar, converténdose nun factor máis de anegamento das fincas. Pero aquí, coma sempre, ninguén asume responsabilidades: a Xunta bota balóns fóra cara ao Ministerio, e viceversa. Mentres tanto, os agricultores e agricultoras ven como as súas terras se afunden na lama... literalmente.

No seu momento, elaborouse un Plan Estratéxico para a Limia, contando coa participación de todos os sectores implicados. Un exercicio de diálogo, diagnóstico e proposta. O único que foron quen de poñer en marcha foi un novo sistema de regadío. Pero, para que serve un regadío se non se pode sementar, se as fincas están anegadas, se non se limpan canles, se as políticas agrarias afogan en vez de axudar.

Mais, a pregunta que se fan os agricultores e agricultoras é onde está un Plan que debeu quedar gardado nun caixón, esquecido, como tantos outros documentos que só serven para fotos e titulares.

A Limia necesita actuacións, non escusas, diante dunha situación límite na que o campo está esgotado, económica e emocionalmente. Non se pode seguir botando balóns fóra, nin vivir de titulares baleiros.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo o exposto anteriormente, o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galega presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O parlamento galego insta a Xunta de Galiza a:

- Proceder de maneira urxente coa limpeza das canles de drenaxe e regadío.
- Aplicar de maneira efectiva o plan estratéxico consensuado.
- Implementar medidas para adaptar o sector aos efectos do cambio climático”.

Santiago de Compostela, 14 de maio de 2025

Asdo.: **Sonia Vidal Lamas**
Secundino Fernández Fernández
Deputada e deputado G.P. do BNG
Ana Pontón Mondelo
Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Sonia Vidal Lamas na data 14/05/2025 17:02:05

Secundino Fernández Fernández na data 14/05/2025 17:02:31





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ana Pontón Mondelo na data 14/05/2025 17:02:46





Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa da súa deputada e do seu deputado **Lara Méndez López** e **Carlos López Font**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As infraestruturas desempeñan un papel clave no desenvolvemento de Galicia, xa que facilitan a conectividade, estimulan a actividade económica e aseguran o acceso equitativo aos servizos públicos. A súa mellora e expansión axudan a reducir as diferenzas entre territorios, fortalecen o sector produtivo e elevan a calidade de vida da poboación. Así pois, investir en infraestruturas é fundamental para o desenvolvemento sostible e equilibrado de Galicia, asegurando a súa competitividade e benestar futuro.

A Plataforma Intermodal do Porto Seco de Monforte de Lemos é unha infraestrutura estratéxica para o desenvolvemento económico e loxístico de Galicia, especialmente para o interior sur da comunidade. A súa concepción como nodo intermodal ferroviario-viario no marco do Corredor Atlántico europeo pretende converter a Monforte nun centro de distribución clave, reducindo a dependencia dos portos marítimos e potenciando a vertebración territorial.

Non obstante, malia o tempo transcorrido dende a súa planificación e a inversión inicial da Xunta de Galicia, a realidade actual do proxecto dista moito de cumprir cos obxectivos marcados. A plataforma carece a día de hoxe dunha conexión viaria directa coa rede principal, concretamente coa N-120, e non conta cun operador loxístico que xestione e active o seu potencial. Así mesmo, a liña ferroviaria Monforte-Palencia, clave para a funcionalidade intermodal da





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/05/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 25530
Data envío: 15/05/2025 08:50:40,593

infraestrutura, precisa dunha modernización que permita o tránsito eficiente de trens de longo percorrido e 750 metros de lonxitude.

Aínda que recentemente fixéronse anuncios por parte da Xunta de Galicia, estes movementos resultan claramente insuficientes dende o punto de vista estrutural. A carencia dunha planificación sólida a medio prazo, a inexistencia dun calendario definido para completar as conexións viarias e ferroviarias, e a falta dunha estratexia activa para atraer operadores loxísticos, poñen en perigo tanto a posta en marcha como a rendibilidade a longo prazo desta infraestrutura.

En resumo, a execución da Plataforma Intermodal do Porto Seco de Monforte de Lemos avanza a un ritmo lento, con investimentos iniciais realizados, pero con importantes infraestruturas pendentes de completar.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a adoptar as medidas necesarias para acelerar a posta en funcionamento efectiva da Plataforma Intermodal do Porto Seco de Monforte de Lemos, completando de maneira prioritaria as conexións viarias pendentes coa rede principal, especialmente coa N-120.

Santiago de Compostela, a 13 de maio do 2025

Asinado dixitalmente por:

Lara Méndez López na data 13/05/2025 09:40:22

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

84167

@PSdeG





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/05/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 25530
Data envío: 15/05/2025 08:50:40,593

Carlos López Font na data 13/05/2025 09:40:33

José Ramón Gómez Besteiro na data 13/05/2025 09:40:46

CSV: BOPGDSPG-4ILdMLZB7-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

84168

@PSdeG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas **Rosana Pérez Fernández e Carmela González Iglesias** e dos deputados **Daniel Castro García, Daniel Pérez López e Paulo Ríos Santomé**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, relativa á perda continuada de produción do sector mexilloeiro galego e ás medidas a adoptar pola Xunta de Galiza para recuperala.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Hai menos dunha semana que se vén de dar a coñecer, mediante o Anuario de Acuicultura de Galiza 2024, a produción de mexillón nas rías galegas nese ano.

Os datos, un total de 178.000,8 toneladas, apenas difiren dos correspondentes ao 2023 (178.000) que fora un 19% inferior á do 2022 e a peor en décadas. Uns datos que xa nese ano foran preocupantes por se reduciren nun 12,5% a respecto de 2021, e baixando de 250.863 a 219.698 Tn. naquel momento.

Chama ademais moito a atención que é precisamente a ría de Arousa, onde se concentran máis do 70% das bateas de Galiza, a que segue descendendo dun xeito relevante no 2024, máis de 10.000 Tn. respecto do ano 2023, pasando de 121.105 a 111.

É obvio que a produción de mexillón segue sen recuperarse en xeral, e na ría de Arousa moi en particular e que, máis alá dos coñecidos argumentos do aumento da temperatura da auga e das sucesivas choivas e o incremento da auga doce, o sector continúa sen ter respostas ás dificultades do mexillón nos últimos anos: Problemas para engordar e medrar, debilidade por mor de desoves continuos, desprendementos masivos e importante mortalidade .





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

E malia á posíbel influencia dos factores meteorolóxicos e climáticos, que a día de hoxe non nos consta que foran certificados por ningún estudo dos centros de investigación da Consellaría de Mar, o sector descoñece a incidencia doutras posíbeis causas que tampouco se investigaron ou, cando menos, non se deron a coñecer, así como as accións a emprender para deter unha mingua continuada, que xa ten provocado ademais a perda significativa de mercado do mexillón galego que ocupa, cada vez con máis intensidade, o mexillón foráneo.

A falta de información é pois evidente, mais a de actuación tamén. Da anunciada normativa de extracción da mexilla dende hai máis de 5 anos, da falta de avaliación das medidas que supostamente se tomaron en febreiro de 2023 e que, segundo a propia Consellaría, tiñan un orzamento de dous millóns de euros ou da valoración das súas actuacións unilaterais de imposición e limitación de zonas de extracción, tampouco hai ningunha noticia.

Este desleixo non se corresponde coa envergadura económica, laboral e social do sector mexilloeiro en Galiza, aínda un dos máis potentes do mundo, e tampouco coa das moitas industrias que dependen en grande medida da súa produción e nin sequera coa pletórica propaganda que difunden a cotío os representantes do Goberno galego.

As alertas da perda de produción do mexillón sucédense dende hai anos, a última o estudo que recentemente vén de publicar o CSIC no que se volve poñer de manifesto a preocupación existente pola situación das rías galegas, nomeadamente a de Arousa, e que conclúe que o mexillón está diante dunha situación ameazante e que é necesario actuar.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en Pleno:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

“O Parlamento de Galiza insta o Goberno galego a:

- . Levar a cabo os estudos necesarios para analizar as causas da perda de produtividade do sector mexilloeiro galego nos últimos anos e emprender as liñas de actuación precisas para a súa recuperación.
- . Convocar sen demora a Mesa do Mexillón e analizar as distintas problemáticas do sector co obxecto de buscar dialogadamente as solucións máis acaídas.
- . Dar conta en sede parlamentaria da avaliación das medidas tomadas pola Consellaría de Mar en febreiro de 2023 e dos seus resultados.
- . Dar conta ante o Parlamento galego dos avances, se os houbera, sobre a normativa de extracción da mexilla.
- . Dar conta da valoración das súas actuacións unilaterais de imposición e limitación de zonas de extracción e dos resultados das mesmas.”

Santiago de Compostela, 15 de maio de 2025

Asdo.: **Paulo Ríos Santomé**

Carmela González Iglesias

Daniel Castro García

Daniel Pérez López

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Rosana Pérez Fernández

Portavoz s. do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Rosana Pérez Fernández na data 15/05/2025 09:52:53

Paulo Ríos Santomé na data 15/05/2025 09:57:32

Carmela González Iglesias na data 15/05/2025 09:57:54

Daniel Castro García na data 15/05/2025 09:59:04

Daniel Pérez López na data 15/05/2025 09:59:23





Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas **María Elena Espinosa Mangana** e **Silvia Longueira Castro**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 5 de maio, deuse a coñecer o informe do Consello de Contas de Galicia referente a: "informe auditoría operativa de actuacións, plans, proxectos e programas no ámbito da saúde mental". E como conclusión global e en palabras do citado informe di ".....a partir da pandemia da Covid-19 o problema de saúde mental empeoro una nosa Comunidade Autónoma e persisten as debilidades identificadas na elaboración (do plan referido)".

Entra en moitos datos e conclusións como que o Sergas executou entre os anos 2021 e 2023 algo máis de 24.5 millóns de euros ao amparo do plan de seguridade mental, cando o previsto inicialmente, na memoria económica, eran 29,1 millóns. É dicir que a pesar de ter crédito dotado, non se executou o gasto. E tamén sinala que "se logrou a implantación de varios proxectos estratéxicos, pero non se dotaron dos recursos económicos considerados como necesarios"

Esta falta de recursos supuxo "atrasos significativos na contratación do persoal e que non se executasen proxectos cualificados como prioritarios."

Tamén recolle datos sobre o persoal de saúde mental que se prevía contratar entre 2020 e 2023. En total esperábase incorporar a 241 profesionais neste campo e só se contrataron 224. Empezouse con atraso a contratación, e aínda





que se foi aumentando en anos sucesivos, como se sinala nunca se chegou a ter o 100 % das persoas que estaban previstas no plan.

E fronte a esta situación o propio informe confirma o que outras fontes vñennos dicindo que o forte impacto que tivo a pandemia da covid na saúde mental da poboación. E cuxo primeiro reflexo é o incremento das consultas atendidas en Psiquiatría que aumentaron tanto no ano 2021 como no 2022 con respecto ao 2019. Sendo ademais o impacto diferente segundo a área sanitaria da que esteamos a falar.

E tamén o Consello de Contas subliña que o obxectivo que incluía o plan de saúde mental para reducir as listas de espera só se cumpre en tres das sete áreas sanitarias e que hai falta de equidade no acceso a estes servizos.

Pero o Consello de Contas, recolle un estado de situación da atención e a saúde mental en Galicia moi preocupante, que ademais vén sendo denunciada desde hai tempo, por varias organizacións médicas e sociais.

Por todo elo, o Grupo Parlamentario Socialista de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a elaborar un novo plan de saúde mental que recolla as necesidades reais, baseado tamén nas experiencias obtidas, que sexa participativo co persoal especializado en saúde mental e que dea resposta ás necesidades de saúde mental dos galegos e as galegas.

Santiago de Compostela, a 14 de maio do 2025

Asinado dixitalmente por:





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/05/2025 10:03:20
Nº Rexistro: 25541
Data envío: 15/05/2025 10:03:20.821

Elena Espinosa Mangana na data 15/05/2025 09:48:52

Silvia Longueira Castro na data 15/05/2025 09:49:00

José Ramón Gómez Besteiro na data 15/05/2025 09:49:09

CSV: BOPGDSPG-4ILdMLZB7-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

84175

@PSdeG





Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas **Carmen Rodríguez Dacosta** e **Lara Méndez López**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O 23 de febreiro de 2021, o entón conselleiro do Medio Rural anunciou a suspensión temporal das novas plantacións de eucalipto en Galicia. A moratoria foi formulada como unha medida transitoria, sen data concreta de entrada en vigor, e vinculouse á aprobación da Lei de recuperación da terra agraria, daquela en tramitación parlamentaria.

A citada Lei 11/2021, do 14 de maio, establece na súa disposición transitoria novena un-ha moratoria sobre as novas plantacións de eucalipto, vixente ata o 31 de decembro de 2025. Esta medida, susceptible de ser prorrogada en función dos datos do Inventario Forestal Continuo de Galicia, foi adoptada ante a expansión incontrolada do eucalipto, que podería acadar ata 600.000 ha na comunidade, sen que ata o de agora se adoptaran políticas públicas suficientes para frear o seu crecemento.

Durante este período de moratoria, é responsabilidade da Xunta avaliar os seus efectos reais e decidir se a prórroga resulta xustificada, especialmente tendo en conta o contexto actual de regresión das masas de piñeiro, afectadas por pragas (como o nematodo do piñeiro) e enfermidades como a banda marrón do *Pinus radiata*. A situación é especialmente grave: os datos do IV Inventario Forestal Nacional e do 1º Inventario Forestal Continuo de Galicia reflicten unha perda de 127.000 ha de coníferas entre 2015 e 2022.





Esta regresión pon en risco a continuidade da industria galega da transformación da madeira de piñeiro e a súa cadea de valor, con implicacións económicas para toda a Eurorexión Galicia–Norte de Portugal. Por outra banda, o ditame aprobado polo Parlamento de Galicia tras a vaga de lumes de 2017 xa incidía na necesidade de limitar as plantacións de eucalipto en función dos Plans de Ordenación dos Recursos Forestais (PORF) e de eliminar as axudas públicas á forestación con esta especie.

Cómpre avanzar cara a un modelo forestal máis equilibrado, que promova a biodiversidade, garanta o aproveitamento sostible do monte e incentive a recuperación das masas de coníferas.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Socialista presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Realizar unha avaliación exhaustiva dos efectos e da eficacia da moratoria das plantacións de eucalipto vixente desde 2021, incluíndo o seu impacto sobre a dinámica das masas de coníferas.
2. Prorrogar por cinco anos a moratoria das novas plantacións de eucalipto, de acordo coas medidas establecidas no Plan Forestal de Galicia, mentres se desenvolven accións activas de recuperación das masas de piñeiro.
3. Acelerar a elaboración e implantación dos Plans de Ordenación dos Recursos Forestais (PORF) en cada un dos 21 distritos forestais galegos, así como desen-volver o Catálogo de usos do solo agrario e forestal, segundo o previsto na Lei 11/2021, do 14 de maio.
4. Poñer en marcha un plan de choque contra a banda marrón do *Pinus radiata*, incorporando un programa de mellora xenética das coníferas





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/05/2025 11:29:25
Nº Rexistro: 25552
Data envío: 15/05/2025 11:29:25.521

galegas fronte ás principais ameazas sanitarias (como o nematodo do piñeiro e outras enfermidades emerxentes).

5. Impulsar a investigación e experimentación con novas especies de coníferas tolerantes ás condicións sanitarias e climáticas de Galicia, co obxectivo de garantir unha base forestal diversificada e resiliente.
6. Reforzar a protección e recuperación do patrimonio forestal galego, promovendo a biodiversidade e a conservación dos ecosistemas forestais autóctonos.

Santiago de Compostela, a 15 de maio do 2025

Asinado dixitalmente por:

Carmen Rodríguez Dacosta na data 15/05/2025 11:26:56

Lara Méndez López na data 15/05/2025 11:27:07

José Ramón Gómez Besteiro na data 15/05/2025 11:27:14





Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado **María Elena Espinosa Mangana, Silvia Longueira Castro e Julio Ernesto Abalde Alonso**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 5 de maio, deuse a coñecer o informe do Consello de Contas de Galicia referente a: "informe auditoría operativa de actuacións, plans, proxectos e programas no ámbito da saúde mental."

Entra en moitos datos e conclusións como que o Sergas executou entre os anos 2021 e 2023 algo máis de 24,5 millóns de euros ao amparo do Plan de seguridade mental, cando o previsto inicialmente, na memoria económica, eran 29,1 millóns. É dicir que a pesar de ter crédito dotado, non se executou o gasto. E tamén sinala que "se logrou a implantación de varios proxectos estratéxicos, pero non se dotaron dos recursos económicos considerados como necesarios."

Esta falta de recursos supuxo "atrasos significativos na contratación do persoal e que non se executasen proxectos cualificados como prioritarios."

Tamén recolle datos sobre o persoal de saúde mental que se prevía contratar entre 2020 e 2023. En total esperábase incorporar a 241 profesionais neste campo e só se contrataron 224. Empezouse con atraso a contratación, e aínda que se foi aumentando en anos sucesivos, como se sinala nunca se chegou a ter o 100 % das persoas que estaban previstas no plan.





E fronte a esta situación o propio informe confirma o que outras fontes véñennos dicindo que o forte impacto que tivo a pandemia da covid na saúde mental da poboación. E cuxo primeiro reflexo é o incremento das consultas atendidas en Psiquiatría que aumentaron tanto no ano 2021 como no 2022 con respecto ao 2019. Sendo ademais o impacto diferente segundo a área sanitaria da que esteamos a falar.

E tamén o Consello de Contas subliña que o obxectivo que incluía o plan de saúde mental para reducir as listas de espera só se cumpre en tres das sete áreas sanitarias e que hai falta de equidade no acceso a estes servizos.

Pero o Consello de Contas propón tamén ao Sergas unha serie de recomendacións.

Por todo iso, o Grupo Parlamentario Socialista de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Dotar dos recursos económicos para que os plans de saúde mental sexan suficientes e estean dispoñibles de maneira oportuna.
2. Elaborar unha folla de roteiro con indicadores medibles de todos os programas de saúde mental.
3. Facer seguimento con informes periódicos de avaliación que permitan reaxustar se é necesario para alcanzar os resultados propostos.
4. Ampliar a contratación de persoal especializado, para garantir acceso a servizos adecuados en todas as áreas sanitarias, e tendo en conta a resolución aprobada no Debate do Estado de Autonomía.

Santiago de Compostela, a 15 de maio do 2025





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/05/2025 11:46:00
Nº Rexistro: 25572
Data envío: 15/05/2025 11:46:00,383

Asinado dixitalmente por:

Elena Espinosa Mangana na data 15/05/2025 11:40:08

Silvia Longueira Castro na data 15/05/2025 11:40:17

Julio Abalde Alonso na data 15/05/2025 11:40:26

José Ramón Gómez Besteiro na data 15/05/2025 11:40:48

CSV: BOPGDSPG-4iLdMlZB7-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

84181

@PSdeG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa do deputado **Luis Bará Torres** e da deputada **Montserrat Valcárcel Armesto**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, sobre a recuperación dos terreos ocupados pola consellaría do Medio Rural na Xunqueira do río Alba ou da Gándara (Pontevedra)..

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado ano 2022 o grupo parlamentar do BNG promoveu un conxunto de iniciativas nas que instaba á Xunta a trasladar as instalacións situadas no ENIL da Xunqueira do río Alba ou da Gándara (Pontevedra), en dominio público marítimo terrestre e con concesións caducadas.

Estas propostas camiñaban en paralelo co proceso iniciado pola Deputación Provincial , que aprobou e levou a cabo o proxecto de demolición da imprenta provincial e o traslado ao polígono de Barro do parque de maquinaria, o que permitiu gañar no ano 2024 unha zona verde de 17.700 m2.

En resposta a unha pregunta parlamentar do BNG, a consellaría do Medio Rural anunciou en 2022 o traslado das instalación que ocupa na Xunqueira do Alba sobre un predio de 8.700 metros cadrados que funcionaba como centro loxístico, taller e base para o servizo de bombeiros forestais.

O plan de Medio Rural pasaba por trasladar o centro loxístico ao polígono de Botos, en Lalín, a unha nave de nova construción que contaba con un orzamento de 1,3 millóns de euros. No que respecta á base dos bombeiros forestais a previsión era o traslado ao polígono do Campiño, a unha parcela cedida polo Concello.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Naquela altura, o director de Defensa do Monte manifestou que "O obxectivo é ter o proxecto de demolición e rexeneración en 2023 para deixar os terreos libres e rexenerados na medida do posible".

A día de hoxe, transcorridos tres anos desde o primeiro anuncio do traslado, o predio en cuestión segue ocupado por instalacións, maquinaria e vehículos da consellaría e non hai ningunha nova sobre a recuperación deses terreos situados no dominio público e incluídos no espazo natural de interese local da Xunqueira do Alba.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en Pleno:

“O Parlamento insta a Xunta a presentar no prazo de tres meses unha proposta de desmantelamento e recuperación do espazo que ocupa a consellaría do Medio Rural na Xunqueira do Alba, no concello de Pontevedra. Esta proposta incluírá un calendario e o compromiso orzamentario para que se poida levar a cabo no prazo máximo de dous anos.”

Santiago de Compostela, 15 de maio de 2025

Asdo.: **Montserrat Valcárcel Armesto**

Deputada do G.P. do BNG

Luis Bará Torres

Portavoz s. do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Luis Bará Torres na data 15/05/2025 11:49:23

Montserrat Valcárcel Armesto na data 15/05/2025 11:52:46



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados **Gonzalo Trenor López, Carmen María Pomar Tojo, Cristina Campero Dorado, María Deza Martínez, Rubén Lorenzo Gómez, Jose Luis Ferro Iglesias, Argimiro Marnotes Fernández, Roberto Rodríguez Martínez, Miguel Ángel Viso Diéguez e Katherinie Varela Fernández**, ao abeiro do disposto nos 98, artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei en pleno**.

Exposición de motivos:

Galicia logrou un avance significativo coa aprobación da Lei 4/2023, do 6 de xullo, de ordenación e xestión integrada do litoral (Loxilga) xa que permite á nosa comunidade desenvolver de xeito máis autónomo políticas para protexer e xestionar a nosa costa.

A pesar do atrancos iniciais protagonizados polo Goberno de España e pola falta de apoio dos partidos da oposición, hoxe dispoñemos dunha nova norma, coa lexitimidade que confire o Parlamento galego e o aval do Tribunal Constitucional.

Máis recentemente a formalización do traspaso das competencias de ordenación e xestión do litoral dálle á administración autonómica os instrumentos suficientes para que Galicia asuma o protagonismo que lle corresponde na ordenación e na xestión dun dos seus espazos máis significativos e identitarios: o litoral.

Galicia é unha comunidade autónoma marítima por excelencia e a que ten o litoral máis longo de toda España: un total de 2.555 quilómetros, considerando non só os 1.659 quilómetros do seu perímetro costeiro, senón tamén os 432 quilómetros que rodean os seus centos de illas e illotes e os 464 quilómetros das súas marismas e areas.

Esta singularidade xerou unha importante economía azul, da que na actualidade o sector marítimo-pesqueiro galego é un dos máis importantes de Europa. Doutra banda, as actividades relacionadas cos sectores marítimos foron un dos sinais de identidade de Galicia desde a antigüidade e xeraron un rico patrimonio material e inmaterial que debe ser preservado.

Agora corresponde á Comunidade Autónoma de Galicia desenvolver o previsto nesta nova norma e realizar as adaptacións na estrutura da Xunta que permitan unha mellor xestión desta nova competencia.



Nese senso, cómpre lembrar que o Goberno galego xa vén avanzando nesta cuestión. Así, no último trimestre de 2024 constituíuse a Comisión interdepartamental de coordinación da ordenación do litoral e nestes intres estanse a elaborar as Directrices de Ordenación do Litoral (DOL), así como os instrumentos que as desenvolverán.

Tamén se estableceu o procedemento para recibir achegas e suxestións da cidadanía, entidades e administracións, en relación á elaboración e contido das DOL, que teñen como obxectivo a fixación dos criterios para xestionar as actividades humanas que se poden desenvolver, e as que non, na franxa costeira.

Avanzouse, así mesmo, a través do seu sometemento ao procedemento de consulta pública previa, na creación do Foro do litoral, como órgano de asesoramento.

Ademais, o 4 de novembro de 2024 aprobouse en Consello da Xunta, pola Consellería do Mar, a Estratexia de Economía Azul de Galicia 2024-2027 con 40 medidas de apoio ao crecemento sostible dos sectores produtivos vinculados ao mar e ao aproveitamento do potencial dos mares e océanos como motores da economía.

É polo que, O Grupo Parlamentario Popular de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a priorizar as accións que desenvolva no marco da Lei de ordenación e xestión integrada do litoral de Galicia (Loxilga) e que permitirán á nosa comunidade desenvolver de xeito pleno, máis autónomo e efectivo as políticas para protexer e xestionar a nosa costa

Santiago de Compostela, 15 de maio 2025.

Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 15/05/2025 11:46:35



Gonzalo Trenor López na data 15/05/2025 11:46:47

Roberto Rodríguez Martínez na data 15/05/2025 11:46:57

Carmen Pomar Tojo na data 15/05/2025 11:47:07

Rubén Lorenzo Gómez na data 15/05/2025 11:47:16

Cristina Campero Dorado na data 15/05/2025 11:47:36

María Deza Martínez na data 15/05/2025 11:47:45

José Luis Ferro Iglesias na data 15/05/2025 11:47:56

Argimiro Marnotes Fernández na data 15/05/2025 11:48:07

Miguel Ángel Viso Diéguez na data 15/05/2025 11:48:19

Katherinie Varela Fernández na data 15/05/2025 11:48:29





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa dos deputados **Luis Bará Torres**, **Paulo Ríos Santomé** e da deputada **Montserrat Valcárcel Armesto**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, sobre o traslado das instalacións que ten a Xunta na Xunqueira do Alba ou da Gándara destinadas a *Centro de Conservación e Vialidade Invernal da Rede de Estradas*.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Xunta está ocupando actualmente dous terreos no ámbito do ENIL da Xunqueira do Alba, en dominio público marítimo terrestre. Un deles, de 8.700 m² está dedicado a servizos de extinción de incendios da Consellaría do Medio Rural, departamento que anunciou xa fai tres anos o traslado e desmantelamento destas instalacións. O outro está ocupado polas instalación da Axencia Galega de Infraestruturas destinadas ao Centro de Conservación e Vialidade Invernal da Rede de Estradas (AGI)

Cómpre ter en conta que os dous terreos que ocupa de maneira irregular a Xunta suman 13.700 m², que unha vez liberados permitirían -xunto con outras parcelas- crear unha gran zona verde de máis de 40.000 m² entre a avenida de Domingo Fontán, a rúa Martin Códax e a canle da desembocadura do río da Gándara.

Ao mesmo tempo, está en proceso o traslado das instalacións do centro de exames da DGT (6.875m²), para o que o concello ofreceu unha parcela no polígono industrial do Campiño. Quedaría pendente a recuperación dos terreos que ocupa o





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

parque móbil do Estado (7.900 m²) xunto con outros terreos actualmente en desuso que suman máis de 10.000 m².

Aínda que na xuntanza que mantivo o alcalde co presidente da Xunta en outubro de 2023 Rueda amosou a disposición ao traslado das instalacións da Axencia Galega de Infraestruturas, a realidade é que transcorrido máis de dous anos e medio non se coñece ningún avance neste proxecto.

En relación co traslado e recuperación dos terreos que ocupa a AGI, cabe lembrar que no ano 2022 houbo un ofrecemento por parte da Deputación da cesión dun terreo no polígono de Barro, sen que se manifestase interese por parte da Xunta. En relación co custo que tería o desmantelamento e construción das novas instalacións, cómpre ter en conta que se trata dun equipamento de competencia autonómica e de ámbito supramunicipal polo que non resulta razoábel que teña que ser sufragado polo concello de Pontevedra. Se ben esta institución amosou sempre a súa vontade de diálogo e colaboración para recuperar estes terreos para o uso público.

Cómpre finalmente ter en conta que a renaturalización de espazos artificializados debe ser unha prioridade do goberno da Xunta, máxime neste caso ao tratarse dun espazo natural de interese local (ENIL da Xunqueira do Alba) e de terreos situados no ámbito do dominio público marítimo terrestre, ámbito que nos vindeiros meses pasará a estar xestionado pola Xunta. Ademais, a Xunqueira do Alba foi incluída no Inventario de Zonas Húmidas de Galiza e tamén na Estratexia Galega de Infraestrutura Verde e para a Conectividade e a Restauración Ecolóxica, neste caso como “área prioritaria de restauración ecolóxica”.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en Pleno:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

“O parlamento insta a Xunta a:

-Facer un estudo sobre posíbeis emprazamentos do Centro de Conservación e Vialidade Invernal da Rede de Estradas, incluíndo o seu traslado ao polígono industrial de Barro.

-Avaliar os custos que tería o traslado, a nova construción e o desmantelamento das instalacións da Xunqueira e a renaturalización dos terreos.

-Presentar un informe con estes estudos e avaliacións no prazo de tres meses.

-Iniciar negociacións co concello de Pontevedra e coa Deputación Provincial para poder levar a cabo a recuperación dos terreos que ocupa a AGI na Xunqueira do Alba ao longo do ano 2026”.

Santiago de Compostela, 15 de maio de 2025

Asdo.: **Paulo Ríos Santomé**

Montserrat Valcárcel Armesto

Deputadao e deputada do G.P. do BNG

Luis Bará Torres

Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Paulo Ríos Santomé na data 15/05/2025 11:47:26





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Montserrat Valcárcel Armesto na data 15/05/2025 11:47:40

Luis Bará Torres na data 15/05/2025 11:48:00



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados **Cecilia Vázquez Suárez, María Felisa Rodríguez Carrera, Rubén Lorenzo Gómez, Patricia García González, Julio García Comesaña, Raúl Santamaría González, José Luis Ferro Iglesias, Carmen Pomar Tojo e Víctor Baladrón Lamas** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei en pleno**.

Exposición de Motivos:

A Xunta de Galicia vén de asinar coas tres universidades públicas un gran pacto pola Enfermaría. Un paso decidido cara a mellora da formación sanitaria, a través de medidas que buscan elevar a calidade do ensino universitario, incrementar o número de profesionais formados nas nosas universidades e fortalecer o sistema sanitario galego.

En concreto, o acordo de colaboración susténtase en dous grandes pilares. Por unha banda, inclúe unha liña de colaboración para reorganizar a estrutura docente do grado de Enfermaría, avanzando cara á estruturación da docencia nunha única facultade por universidade como unidade administrativa. Pola outra, avanza cara a mellora dos cadros de persoal docente, mediante a colaboración da Xunta de Galicia coas universidades na contratación de máis profesorado. En concreto, prevese ao remate da vixencia do acordo –de catro anos– un incremento mínimo do 15% nas prazas de novo ingreso en Enfermaría.

Este protocolo asínase nun contexto no que España aínda se atopa por debaixo da medida europea en rateo de persoal de enfermería por habitante. Galicia leva anos traballando para reverter esta situación e, desde 2008, o número de profesionais de enfermería no sistema sanitario galego medrou un 20%, con especial énfase na atención primaria, onde a Comunidade supera a media estatal. A Xunta está reforzando esta liña de traballo con novas medidas, como este pacto pola Enfermaría, a convocatoria recente de 152 prazas de especialidade de enfermería, a creación de máis de 1.400 prazas sanitarias nos orzamentos de 2025 ou a adaptación da normativa para facilitar a incorporación de profesionais en áreas con necesidades específicas.

Por iso, é imprescindible tamén unha implicación directa do Goberno do Estado para garantir que o incremento, nun mínimo dun 15%, a oferta de prazas de novo ingreso nos estudos de Enfermaría, de forma coordinada coas comunidades autónomas e co Sistema Universitario, garantindo así un número suficiente de profesionais para manter e mellorar a calidade do sistema sanitario público.



Polo exposto, O Grupo Parlamentario Popular de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a solicitar ao Goberno central que adopte as medidas necesarias, en coordinación coas comunidades autónomas e co Sistema Universitario, para incrementar nun mínimo do 15% a oferta de prazas de novo ingreso nos estudos universitarios de Enfermaría en Galicia e que este incremento vaia acompañado dun financiamento suficiente”.

Santiago de Compostela, 15 de maio 2025.

Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 15/05/2025 11:59:15

Cecilia Vázquez Suárez na data 15/05/2025 11:59:30

María Felisa Rodríguez Carrera na data 15/05/2025 11:59:41

Rubén Lorenzo Gómez na data 15/05/2025 11:59:49

Patricia García González na data 15/05/2025 12:00:01

Julio García Comesaña na data 15/05/2025 12:00:12

Raúl Santamaría González na data 15/05/2025 12:00:23

José Luis Ferro Iglesias na data 15/05/2025 12:00:43

Víctor Baladrón Lamas na data 15/05/2025 12:00:51

Carmen Pomar Tojo na data 15/05/2025 12:01:04





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa do deputado **Luis Bará Torres** e das deputadas **Mercedes Queixas Zas** e **Rosana Pérez Fernández**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, sobre o catálogo de bens culturais costeiros e a rede de establecementos turísticos do litoral.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O goberno galego leva anos anunciando o censo do patrimonio marítimo, vencellado ao Plan da Cultura Marítima, un documento que foi levado ao Consello da Xunta do 7 de setembro de 2023.

O pasado 13 de xaneiro de 2025 a Xunta anunciou que o Censo do patrimonio marítimo será unha ferramenta clave para a elaboración do catálogo de bens culturais e a rede de establecementos turísticos previstos na lei do litoral. Chama a atención que na tramitación tanto do Plan da Cultura Marítima como no Catálogo de bens culturais participen as Consellarías do Medio Ambiente e do Mar e teñan un papel secundario a Consellaría de Cultura e a Dirección Xeral do Patrimonio Cultural.

Esta marxinación explícase por un feito evidente: o interese da Xunta non é traballar seriamente na protección, conservación, restauración e posta en valor dos bens do patrimonio cultural costeiro. A máxima prioridade da Xunta é identificar bens arquitectónicos que poidan ter aproveitamento turístico, facendo prevalecer o aproveitamento privado, exclusivo e elitista destes bens.

O normal neste caso sería que o proceso de elaboración e aprobación do Catálogo sexa coordinado polo departamento con competencias en patrimonio cultural.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

E que ao mesmo tempo se elabore un estudo sobre os instrumentos de protección, sobre os criterios de actuación en materia de conservación e restauración e sobre os usos que poden ter estes bens, que non se deben restrinxir ao aproveitamento turístico. Desde unha perspectiva ampla e integradora, debería estudarse o seu posíbel aproveitamento social, cultural, educativo e económico, incluíndo neste último ámbito non só o uso turístico. Sería un grave erro considerar estes bens única ou prioritariamente como espazos dedicados ao negocio privado e á actividade hostaleira-hoteleira.

En todo caso débese levar a cabo unha análise e lectura de conxunto, nun proceso participativo do que deben facer parte os concellos e as entidades sociais e culturais, nomeadamente aquelas máis directamente relacionadas coa conservación e defensa da cultura marítima.

Segundo as informacións difundidas pola Xunta, o inventario de bens culturais do litoral elaborado no ano 2019 recolle 459 elementos etnográficos e edificacións de carácter público e privado, se ben o Plan de Ordenación do Litoral recollía un número sensiblemente maior.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en Pleno:

“O Parlamento insta a Xunta a:

1.Desenvolver un proceso participativo arredor da protección, conservación, rehabilitación e posta en valor do patrimonio cultural marítimo, primando a xestión pública, o acceso público,e unha visión integrada destes bens e do seu contexto sobre os aproveitamentos privados e lucrativos.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

2. Encargar un informe ao Consello da Cultura Galega a respecto dos bens do patrimonio cultural do litoral no que se estuden cando menos os seguintes aspectos:

-Instrumentos de protección dos bens materiais e inmateriais do patrimonio cultural marítimo.

-Criterios de actuación en materia de conservación e restauración dos bens materiais, así como de documentación e posta en valor do patrimonio inmaterial asociado.

-Proposta de novos usos destes bens, considerando o aproveitamento como equipamentos sociais públicos, espazos culturais, centros de interpretación e da memoria colectiva, primando o uso e xestión pública e tendo en conta tamén, en casos determinados e debidamente xustificados, a posibilidade de concesión para a xestión privada.”

Santiago de Compostela, 15 de maio de 2025

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Rosana Pérez Fernández

Deputadas do G.P. do BNG

Luis Bará Torres

Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Luis Bará Torres na data 15/05/2025 12:02:07

Mercedes Queixas Zas na data 15/05/2025 12:06:59

Rosana Pérez Fernández na data 15/05/2025 12:07:15





Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados **Miguel Fidalgo Iglesias, Julio García Comesaña, Patricia García González, María Deza Martínez, Cristina Campero Dorado, Jose Luís Ferro Iglesias, Rubén Lorenzo Gómez, Argimiro Marnotes Fernández, Carmen Pomar Tojo, Roberto Rodríguez Martínez, Gonzalo Trenor López e Katherine Varela Fernández**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei en pleno**.

Exposición de Motivos

A praia de Samil, un dos principais atractivos turísticos e ambientais da cidade de Vigo e de Galicia, quedou este ano sen a distinción de “bandeira azul”, símbolo internacional de calidade ambiental, servizos e limpeza das augas de baño. Esta situación supón un retroceso na imaxe e oferta turística da cidade olívica e, polo tanto, require dunha resposta responsable por parte das administracións implicadas.

A pesar de que o Concello de Vigo ten coñecemento directo do estado da praia e conta cos medios para mellorar as condicións que lle permitan optar de novo á bandeira azul no vindeiro ano, optou por responsabilizar á Xunta de Galicia, cuestionando mesmo a fiabilidade das análises realizadas pola Administración autonómica. Cómpre lembrar que a avaliación que determina a concesión da bandeira azul é realizada por unha entidade independente —a Asociación de Educación Ambiental e do Consumidor (ADEAC)—, polo que resulta improcedente atribuírle á Xunta responsabilidades que non lle corresponden.

Cómpre tamén destacar que a Xunta de Galicia realizou un dos maiores investimentos da súa historia en infraestruturas hidráulicas coa construción da Estación Depuradora de Augas Residuais (EDAR) do Lagares, infraestrutura fundamental para garantir a calidade das augas da contorna.

Por todo isto, o Parlamento de Galicia insta ao Concello de Vigo a abandonar a confrontación institucional, asumir as súas competencias e responsabilidades en materia de xestión ambiental, e traballar de maneira coordinada coa Xunta para acadar os estándares de calidade que permitan recuperar a bandeira azul na praia de Samil no ano 2026.





Polo exposto, os deputados e deputadas asinantes formulan a seguinte proposición non de lei:

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a demandar do Concello de Vigo a facer autocrítica e asumir as súas responsabilidades na xestión das praias. Así como, desenvolver cantas accións sexan precisas para acadar os estándares de calidade nas augas que permitan mellorar a calidade das mesmas neste areal, abandonando a confrontación e apostando polo diálogo e a cooperación institucional”

Santiago de Compostela, 15 de maio de 2025

Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 15/05/2025 12:27:59

Miguel Fidalgo Iglesias na data 15/05/2025 12:28:17

Julio García Comesaña na data 15/05/2025 12:28:26

Patricia García González na data 15/05/2025 12:28:33

María Deza Martínez na data 15/05/2025 12:28:54

Cristina Campero Dorado na data 15/05/2025 12:29:09

José Luis Ferro Iglesias na data 15/05/2025 12:29:17

Rubén Lorenzo Gómez na data 15/05/2025 12:29:35

Carmen Pomar Tojo na data 15/05/2025 12:29:53

Roberto Rodríguez Martínez na data 15/05/2025 12:30:05

Argimiro Marnotes Fernández na data 15/05/2025 12:30:17

Gonzalo Trenor López na data 15/05/2025 12:32:09

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





Katherinie Varela Fernández na data 15/05/2025 12:32:24

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gpppgalicia](https://www.facebook.com/gpppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa do deputado **Iago Suárez Fernández** e da deputada **Mercedes Queixas Zas**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, sobre a candidatura da Ribeira Sacra a patrimonio da humanidade e o proxecto do Goberno galego para o territorio.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O territorio que comprende a Ribeira Sacra aspira, como é sabido, a ser recoñecido como Patrimonio da Humanidade pola Unesco. Unha noticia que se ben tivo boa acollida por parte da poboación que habita o territorio, foi recibida tamén con certas reticencias por outra boa parte, principalmente por mor da falta de información que existe arredor da candidatura e os plans do Goberno galego para os momentos posteriores ao recoñecemento.

A Xunta de Galiza non achega nin ao Grupo Parlamentar do BNG nin á poboación nativa e residente na Ribeira Sacra a información necesaria, nin sequera achegou a propia candidatura. Desde hai tempo percíbese unha falta preocupante de participación das comunidades locais neste proceso así como falta de conservación real dos usos históricos da terra, algo fundamental para o futuro. Cómpre lembrar que a Ribeira Sacra non é un parque temático para a recepción de turismo masivo, nos concellos que a comprenden vive e traballa xente. Moita desta xente vive con certa preocupación a falta de transparencia do Goberno galego no relativo a como se está a xestionar todo este proceso. E é que de pouco vale o recoñecemento como Patrimonio da Humanidade se este pode traer consigo eivas para a vida diaria da poboación.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Desde o Grupo Parlamentar do BNG cremos que o territorio da Ribeira Sacra merece un plan de futuro consensuado con todos os sectores implicados e tamén coas organizacións políticas que representan o pobo galego e as persoas que habitan o territorio. Este plan debería implicar unha planificación seria do futuro do sector vitivinícola (actualmente en perigo), unha planificación para resolver os problemas demográficos no territorio, unha planificación laboral ou un plan turístico para o territorio unha vez este sexa declarado patrimonio da humanidade, entre moitas outras cuestións.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte Proposición non de lei para o debate en Pleno:

“O parlamento insta a Xunta de Galiza a

1. Informar ao Parlamento Galego de maneira paulatina de todos os pasos que estean a dar e das comunicacións coa Unesco no relativo coa candidatura da Ribeira Sacra a Patrimonio da Humanidade.
2. Elaborar un plan de remuda xeracional antes da fin da XII Lexislatura para o sector vitivinícola da Ribeira Sacra.
3. Consensuar coas comunidades locais da Ribeira Sacra un plan de turismo sustentábel antes da fin da XII Lexislatura”.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 15 de maio de 2025

Asdo.: **Iago Suárez Fernández**

Mercedes Queixas Zas

Deputado e deputada do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iago Suárez Fernández na data 15/05/2025 12:22:42

Mercedes Queixas Zas na data 15/05/2025 12:22:56

Ana Pontón Mondelo na data 15/05/2025 12:23:14





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada **Noa Presas Bergantiños** e dos deputado **Ramón Fernández Alfonzo**, e ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, relativa á valoración do goberno galego respecto da execución orzamentaria do ano 2024 e ás melloras que debe impulsar para o presente exercicio e para a planificación do ano 2026.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O orzamento é a principal ferramenta que ten o goberno galego para a posta en marcha das políticas públicas encamiñadas a garantir e desenvolver os dereitos da cidadanía e as competencias que ten o noso país. En lóxica coherencia, a súa correcta planificación e execución son fundamentais para que cada euro dos recursos dispoñíbeis, máis aínda nun contexto de suba de prezos e límite do endebedamento así como de perda de recursos extraordinarios europeos, redunden en beneficios para o conxunto do país.

Porén, a planificación e execución orzamentaria do goberno galego arrastra recorrentes eivas que podemos comprobar tanto á luz da información de execución como á luz das distintas observacións que recorrentemente fai o Consello de Contas referidos á Conta Xeral, tal e como vimos de comprobar na de 2023, onde se reiteran o abuso do recurso ao fondo de continxencia, a constancia das modificacións orzamentarias, a incorrecta inclusión no capítulo VI do orzamento de gastos da Administración xeral gastos de carácter inmaterial que non teñen natureza de capital,





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

cuestións referidas á contabilidade do SERGAS, abuso da contratación menor ou das subvencións sen réxime de concorrência competitiva, etc.

Así, recentemente o goberno galego facía públicos e remitía á Cámara os datos de execución orzamentaria respecto do exercicio económico do ano 2024. Analizados os datos, podemos observar como o nivel global de execución dos orzamentos a 31/12/2024 foi dun 94,6%. Este índice, malia supoñer unha lixeira mellora respecto do ano anterior, supón que en termos globais no total de seccións ficaron sen executar máis de 800 millóns de euros.

Malia a reordenación orzamentaria que supón a reorganización do goberno galego neste mandato, observamos comparativamente que entre as seccións con menor nivel relativo de execución están, como en exercicios precedentes, Medio Ambiente, Emprego e Emigración, Economía e Industria, Comercio ou Mar. Así, en termos absolutos quedaron sen executar 217 M€ en Comercio,

Emprego e Emigración; 126 M€ en Vivenda e Planificación de Infraestruturas; 105 M€ en Medio

Rural ou 84 M€ en Comercio, Emprego e Emigración.

Tal e como temos reiterado en ocasións anteriores, os estados de execución mostran de forma clara cales son aqueles ámbitos das políticas públicas son menos atendidas e que habitualmente arrastran datos semellantes, polo que non é suficiente unha explicación baseada na plurianualidade de fondos e programas. Así mesmo, vólvese constatar a baixa execución relativa dos capítulos de transferencias de capital e de Investimentos reais. En concreto, en 2023 deixáronse sen realizar transferencias de capital por case 4390 M€ e Investimentos reais por case 88M€ dos créditos vixentes. É dicir, repítese unha eiva xa sinalada.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Canto á execución por programas, non superan un nivel de execución do 50% programas relacionados co acceso á vivenda, a formación profesional de persoas ocupadas e desempregadas, a mellora e fomento da empregabilidade e o agro, etc. Por outra banda, entre o 50% e o 75% de execución figuran programas relacionados con ámbitos diversos e algúns reiterados, como enerxía, emprego, vivenda ou ámbitos do tecido produtivo.

Para alén destas cuestións, cómpre insistir novamente na reiteración de modificacións orzamentarias abusivas e que mesmamente en ocasións consúmanse sen despois levar acorde unha adecuada execución, para alén doutras valoracións respecto da limitada transparencia ou da evidencia da falta de planificación pola súa repetición ao longo dos exercicios.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en Pleno:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a impulsar medidas para avanzar na súa planificación orzamentaria a comezar por:

a) aprobar un calendario de aplicación e impulso das recomendacións en materia orzamentaria emitidas polo Consello de Contas, singularmente, no referido á presentación sen demora dun proxecto normativo de reforma e actualización do marco normativo en materia económica e orzamentaria e ao novo Plan de Contabilidade.

b) comprometerse a render contas ao Parlamento galego, mediante un informe fundamentado, cada vez que unha partida de gasto non acade o 75% de execución orzamentaria





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

c) impulsar unha ampliación da información referente ás modificacións orzamentarias, singularmente cando supoñan un cambio no tipo de gasto, no que se expliquen con máis detalle os fundamentos para tal decisión e se informe adecuadamente do novo destino de gasto concretando a súa finalidade.

d) impulsar maior transparencia do uso do fondo de continxencia

c) remitir información detallada da planificación plurianual daqueles programas de gasto que exceden o ano orzamentario, de cara a poder avaliar adecuadamente se está xustificada a demora na execución”.

Santiago de Compostela, 15 de maio de 2025

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Ramón Fernández Alfonso

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 15/05/2025 12:51:17





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ramón Fernández Alfonzo na data 15/05/2025 12:51:30

Ana Pontón Mondelo na data 15/05/2025 12:51:40





Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa da súa deputada e do seu deputado **Patricia Iglesias Rey** e **Carlos López Font**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O desenvolvemento e o mantemento de infraestruturas de calidade son fundamentais para o progreso e seguridade da sociedade galega. En Galicia, a mellora das nosas estradas é primordial para o día a día da cidadanía galega, especialmente naquelas zonas rurais e máis afastadas dos grandes núcleos urbanos.

Na comarca da Costa Atlántica, e particularmente no concello de Cee, levan máis dunha década agardando pola prolongación do tramo Baio - Berdoias. Inicialmente, o proxecto contemplaba a construción dunha autovía ata Cee, mais co paso do tempo pasouse a considerar como unha vía de alta capacidade (VAC), o que supón un modelo de infraestrutura inferior ao proxectado en orixe.

Nos orzamentos da Xunta de Galicia consígnanse dende hai varios anos partidas económicas para a prolongación do tramo Baio - Berdoias, sendo a última delas de 8.000.000 de euros. Porén, a realidade é que, malia esas consignacións orzamentarias reiteradas, non se ten avanzado en absoluto na execución da obra. A cidadanía da zona, que xa viu como se procedeu á expropiación dos terreos fai máis dunha década, segue sen ver materializada





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/05/2025 13:26:15
Nº Rexistro: 25620
Data envío: 15/05/2025 13:26:15.478

unha infraestrutura que é clave para a mobilidade, a seguridade viaria e o desenvolvemento socioeconómico da Costa da Morte.

Esta situación de inacción prolongada é inaceptable, e a Xunta debe explicar os motivos polos cales non se ten executado unha obra comprometida e con partidas aprobadas, así como proceder de maneira inmediata a súa posta en marcha.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a iniciar de forma inmediata as obras da prolongación da autovía entre Baio e Berdoias, cun compromiso claro de execución e inicio neste 2025.

Santiago de Compostela, a 15 de maio de 2025

Asinado dixitalmente por:

Patricia Iglesias Rey na data 15/05/2025 13:20:10

Carlos López Font na data 15/05/2025 13:20:19

José Ramón Gómez Besteiro na data 15/05/2025 13:20:28

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

84210

@PSdeG



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa dos deputados e deputadas, **Jesús Fernández Rosende, Raquel Arias Rodríguez, Noelia Pérez López, Ethel Vázquez Mourelle, Encarna Amigo Díaz, Víctor Baladrón Lamas, Nicole Grueira Fernández, Dolores Hermelo Piñeiro, Argimiro Marnotes Fernández e Magdalena Pérez Millares**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

Exposición de motivos

O universo da saúde visual inclúe un gran número de patoloxías que dan lugar a unha redución importante da capacidade ou do campo visual, moitas delas non se poden corrixir con lentes, lentes de contacto, cirurxía ou con tratamentos farmacolóxicos e, en moitos casos, son irreversibles.

Segundo diferentes fontes, máis de 135 millóns de persoas sofren Baixa Visión no mundo, ascendendo esta cifra a preto de dous millóns en España, e rexistrándose unha porcentaxe do 2,8 % de persoas con Baixa Visión en Galicia (fonte INE)

Estas discapacidadeas visuais dan lugar a grandes dificultades para realizar tarefas cotiás ás persoas que as padecen. Situacións tan habituais como acudir a un centro de saúde, clínica ou hospital, solicitar unha cita ou estar pendente da quenda de chamada a unha consulta que pode verse condicionada pola discapacidade visual.

As posibilidades de desorientación dentro do centro sanitario son especialmente elevadas en persoas con discapacidade visual polo que parece oportuno xerar un ambiente onde se garanta a autonomía da persoa e o apoio necesario para a súa plena inclusión, e favorecendo que a persoa se centre en aproveitar a consulta, a proba ou o tratamento para mellorar a súa saúde.

Todas estas razóns fan recomendable que a Xunta impulse a elaboración dun protocolo ou guía de acompañamento a persoas con discapacidade visual nos centros sanitarios para garantir un trato accesible e unha asistencia sanitaria personalizada. O obxectivo xeral é potenciar as estratexias de humanización fomentando a accesibilidade de persoas con discapacidade visual nos centros sanitarios galegos, mediante o acompañamento, por parte de profesionais da sanidade pública e o tránsito en consultas, probas diagnósticas, mediante un circuíto de conexión entre usuarios e o sistema sanitario.



Tamén parece axeitado levar a cabo unha formación específica para os profesionais sanitarios sobre as técnicas de acompañamento a persoas con discapacidade visual, que pode facerse da man e, en colaboración coas propias organizacións que agrupan a persoas cegas ou con discapacidade visual, de tal xeito que se garanta a participación de forma activa no deseño das actuacións que levan a cabo.

Os servizos sanitarios públicos configúranse como un modelo con capacidade de promover a efectiva aproximación dos servizos aos usuarios. A humanización destes espazos vai da man da accesibilidade que permite a democratización, de tal modo que pode ser gozado por todas as persoas en igualdade de condicións.

A accesibilidade universal é unha condición previa para a participación e inclusión na sociedade das persoas con discapacidade; a obrigaón de proporcionar accesibilidade é, por tanto, un elemento esencial para facer posible o dereito á igualdade plena e efectiva.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular presenta a seguinte proposición non de lei en Pleno:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a estudar a elaboración dun protocolo para o acompañamento das persoas con discapacidade visual nos centros sanitarios galegos, en consenso e coa participación dos profesionais da saúde e das organización que traballan para garantir e ampliar as súas condicións de accesibilidade e inclusión”.

Santiago de Compostela, 15 de maio de 2025

Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 15/05/2025 16:52:50

Jesús María Fernández Rosende na data 15/05/2025 16:53:06

Raquel Arias Rodríguez na data 15/05/2025 16:53:15

Noelia Pérez López na data 15/05/2025 16:53:27

Ethel Vázquez Mourelle na data 15/05/2025 16:53:39

María Encarnación Amigo Díaz na data 15/05/2025 16:53:55

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



[@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)



[@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)





PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/05/2025 16:56:56
Nº Rexistro: 25681
Data envío: 15/05/2025 16:56:56.441

Víctor Baladrón Lamas na data 15/05/2025 16:54:04

Nicole Grueira Fernández na data 15/05/2025 16:54:16

Dolores Hermelo Piñeiro na data 15/05/2025 16:54:26

Argimiro Marnotes Fernández na data 15/05/2025 16:54:41

Maria Magdalena Perez Millares na data 15/05/2025 16:54:55

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



CSV: BOPGDSPG-4iLdMILZB7-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas **María Elena Espinosa Mangana** e **Lara Méndez López**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 5.^a, Sanidade, Política Social e Emprego**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O día 5 de maio asináronse os acordos de xestión para as sete áreas sanitarias de Galicia, que son os instrumentos para materializar a xestión sanitaria, vinculados á planificación estratéxica con obxectivos de cada área.

Os obxectivos plantéxanse en tres grandes áreas: Asistencial, Recursos Humanos e Recursos Económicos.

Por outra parte, en canto ás áreas asistenciais diferéncianse catro bloques: eficiencia asistencial e sostible, calidade asistencial, integración asistencial, e resultados de saúde.

Para realizar o seguimento, establécese un conxunto de indicadores. Nesta iniciativa non imos entrar en todos eles, senón que imos centralos nalgún ámbito concreto.

Os acordos de xestión din que a prioridade do Sergas e acadar a máxima accesibilidade e ademais, a saúde mental consolídase como unha prioridade transversal para todo o sistema sanitario galego.

Tamén sabemos que un dos asuntos que máis preocupa aos galegos e ás galegas en relación coa sanidade pública son as listas de espera. E para o Sergas debería ser unha liña de traballo prioritaria.

Por este motivo é difícil de entender algúns dos obxectivos que se prevén nos acordos de xestión.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/05/2025 09:56:32
Nº Rexistro: 25221
Data envío: 09/05/2025 09:56:32.142

O Parlamento insta a Xunta de Galicia a:

1. Rebaixar os días da vía rápida para atención a conducta suicida en adultos e infanto xuvenil que figura no acordo de xestión da Área Sanitaria de Lugo, A Mariña e Monforte de Lemos.
2. Modificar o acordo de xestión da Área Sanitaria de Lugo, A Mariña e Monforte de Lemos, para que o tempo medio de espera para unha cirurxía sexa inferior a 47,5 días que son os días de espera a 31/12/2024.
3. Modificar o acordo de xestión da Área Sanitaria de Lugo, A Mariña e Monforte de Lemos, para que o tempo medio de espera para unha cirurxía en prioridade 1, sexa inferior a 18,9 días que son os días de espera a 31/12/2024.

Santiago de Compostela, a 9 de maio do 2025

Asinado dixitalmente por:

Elena Espinosa Mangana na data 09/05/2025 09:50:20

Lara Méndez López na data 09/05/2025 09:50:33

José Ramón Gómez Besteiro na data 09/05/2025 09:50:43

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

84215

@PSdeG





Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas **María Elena Espinosa Mangana** e **Paloma Castro Rey**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O día 5 de maio, asínanse os acordos de xestión para as sete áreas sanitarias de Galicia, que son os instrumentos para materializar a xestión sanitaria, vinculados á planificación estratéxica con obxectivos de cada área.

Os obxectivos expóñense en tres grandes áreas: asistencial, recursos humanos e recursos económicos.

Por outra parte, en canto ás áreas asistenciais, diferéncianse catro bloques: eficiencia asistencial e sostible, calidade asistencial, integración asistencial e resultados de saúde.

E para realizar o seguimento establécense un conxunto de indicadores. Nesta iniciativa non imos entrar en todos eles senón centralos nalgún ámbito concreto.

Os acordos de xestión din que a prioridade do Sergas é acadar a máxima accesibilidade, e a saúde mental consolídase como unha prioridade transversal para todo o sistema sanitario galego.





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/05/2025 10:05:58
Nº Rexistro: 25226
Data envío: 09/05/2025 10:05:58,666

E sabemos que un dos asuntos que máis preocupa os galegos e galegas en relación coa sanidade pública son as listas de espera. E para o Sergas debería ser unha liña de traballo prioritaria.

Por este motivo é difícil de entender algúns dos obxectivos que se prevén nos acordos de xestión.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Rebaixar os días da vía rápida para atención a conducta suicida en adultos e infanto xuvenil que figura no acordo de xestión da Área Sanitaria de Pontevedra.
2. Que no acordo de xestión da Área Sanitaria de Pontevedra, o tempo medio de espera para unha cirurxía en prioridade 1, sexa inferior a 15 días que son os días de espera a 31.12.2024.

Santiago de Compostela, a 9 de maio de 2025

Asinado dixitalmente por:

Elena Espinosa Mangana na data 09/05/2025 09:55:47

Paloma Castro Rey na data 09/05/2025 09:56:01

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

84217

@PSdeG





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/05/2025 10:05:58
Nº Rexistro: 25226
Data envío: 09/05/2025 10:05:58,666

José Ramón Gómez Besteiro na data 09/05/2025 09:56:30

CSV: BOPGDSPG-4iLdMlZB7-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

84218

@PSdeG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Olalla Rodil Fernández, Mercedes Queixas Zas e Montserrat Valcárcel Armesto**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 4ª**, sobre a demanda xudicial presentada pola Xunta de Galiza a respecto da Torre de Caldaloba e as medidas que debe adoptar ao respecto o goberno galego.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O 15 de abril a Vicepresidencia da Deputación Provincial de Lugo recibiu notificación do xulgado de N°4 de Lugo por unha demanda que a Xunta de Galiza presentou a finais de 2023 para que sexa a xustiza quen dirima a titularidade da Torre de Caldaloba situada no Concello de Cospeito toda vez que a Vicepresidencia da Deputación adquiriu en 2022 a metade da propiedade, concretamente unha superficie de 19.596 metros cadrados que inclúen 53 metros cadrados de planta da Torre así como o sistema de foxos e contrafoxos defensivos situados no perímetro do ben. A compra culminaba en outubro de 2022 un proceso iniciado meses atrás.

Pola súa banda, a Xunta de Galiza asinou ese mesmo ano un convenio co Concello de Cospeito por valor de 100.000 euros para que adquirise a propiedade da Torre o que motivou o inicio do correspondente expediente de expropiación municipal.

Cómpre lembrar que a Torre de Caldaloba é Ben de Interese Cultural (BIC) desde 1994 o que outorga á Xunta de Galiza o dereito de tanteo e retracto de acordo co disposto no artigo 49 da Lei 5/2016, de Patrimonio Cultural.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

É sorprendente que ao longo de máis de dous anos desde a adquisición por parte da Deputación dunha parte de Caldaloba o Goberno galego non se reunise co executivo provincial, malia as solicitudes formuladas polas persoas responsábeis en materia cultural, para abordar nunha reunión conxunta a titularidade da Torre e sobre todo o proxecto de consolidación, restauración e posta en valor deste importante ben patrimonial. Máis ao contrario,

De feito, esgotou a vía administrativa sen exercer os seus dereitos razón pola que presentou a demanda xudicial reclamando o retracto da propiedade adquirida pola Deputación e co obxectivo de que lle sexa conferida á Xunta.

A Torre de Caldaloba, ademais de BIC, é o último resto en pé do que noutrora foi unha fortaleza destruída tras as revoltas irmandiñas. Pertenceu ao Mariscal Pardo de Cela, tras a súa decapitación, herdaron a Dona Constança de Castro e Fernán Ares de Saavedra filla e xenro do Mariscal. Foi o derradeiro reduto da nobreza galega en resistencia á na época dos Reis Católicos.

Desde o G.P. do Bloque Nacionalista Galego levamos anos reclamándolle á Xunta de Galiza actuacións urxentes para impedir a degradación deste ben, o seu progresivo deterioro e sobre todo a súa posta en valor e divulgación. Nestas demandas sempre nos atopamos co non do Partido Popular que, sen ir máis lonxe, rexeitaba actuar en outubro de 2017 votando en contra da proposta do BNG no Parlamento galego.

As actuacións xudiciais iniciadas pola Xunta de Galiza que se abstivo de dialogar administrativamente, só van dilatar máis as urxentes medidas de consolidación e recuperación da Torre de Caldaloba que motivaron a compra do ben por parte da Deputación. Sería inadmisíbel que o único obxectivo do goberno galego fose non deixar facer a outra administración unicamente por non ser da mesma cor política.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte Proposición non de lei para o debate na Comisión 4ª:

“O parlamento insta a Xunta de Galiza a iniciar un proceso de mediación coa Deputación Provincial de Lugo a través da área de Cultura para procurar unha solución dialogada e áxil ao conflito sobre a titularidade da Torre de Caldaloba, situada no Concello de Cospeito. Así mesmo, a Cámara insta o goberno galego a chegar a un acordo entre as partes implicadas que recolla as medidas necesarias para garantir a conservación deste ben patrimonial así como a súa posta en valor e divulgación da súa historia”.

Santiago de Compostela, 9 de maio de 2025

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Montserrat Valcárcel Armesto

Deputadas do G.P. do BNG

Olalla Rodil Fernández

Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 09/05/2025 12:25:15





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Montserrat Valcárcel Armesto na data 09/05/2025 12:25:32

Olalla Rodil Fernández na data 09/05/2025 12:27:15





Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados **Dolores Hermelo Piñeiro, Miguel Fidalgo Iglesias, Jesús María Fernández Rosende, María Deza Martínez, Patricia García González, Paula Mouzo Más, Magdalena Pérez Millares, Raúl Santamaría González e Manuel Santos Costa** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei en Comisión 8ª Pesca e Marisqueo**.

Exposición de Motivos:

En Cangas, existe unha demanda por parte da confrarías de pescadores que ven de tempo atrás, pero que a medida que crece a actividade portuaria é mais necesario acometer unha serie de melloras dentro dos espazos de traballo do porto.

Se tramita unha solicitude formal para que a Consellería do Mar, a través de Portos de Galicia, elabore un informe técnico e, posteriormente, un proxecto para a construción dun novo pantalán de descargas no peirao de Cangas.

Esta petición responde á necesidade urxente de mellorar as infraestructuras portuarias para optimizar a operatividade do sector pesqueiro, garantindo unha maior seguridade, eficiencia e adaptabilidade ás demandas actuais.

A falta de espazos adecuados para a descarga de mercadorías e produtos do mar xera continuas dificultades que afectan tanto aos traballadores do sector como á competitividade da pesca local.

Na actualidade, existe unha rampa de descarga, rampa insuficiente, especialmente se temos en conta as mareas, xa que se a marea é baixa a utilidade da rampa diminúe ata a metade. O que xenera esta circunstancia é unha morea de embarcacións esperando a poder facer a quenda de descarga diaria, algo que a efectos de seguridade e de produtividade, afecta a o rendemento do seu traballo.

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





A necesidade, tamén ven xustificada polo incremento, ano tras ano, do volume de vendas da lonxa de Cangas, volumen que fai que creza esta actividade e xenere mais postos de traballo.

Entendemos tamén que debemos por de manifesto a importancia de mellorar as condicións de descarga para así optimizar o fluxo de traballo.

Existe unha demanda real do sector que sustenta esta solicitude, facendo imprescindible a mellora das infraestructuras portuarias para garantir o seu correcto funcionamento.

Por todo o exposto, as deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular presentamos a seguinte proposición non de lei:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a a que tome as medidas necesarias para que Portos de Galicia realice un estudo detallado da situación actual e elabore un proxecto viable para a execución desta infraestructura estratéxica para a nosa economía e sostibilidade do sector pesqueiro no Porto de Cangas”

Santiago de Compostela, 9 de maio do 2025

Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 09/05/2025 13:02:01

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





Dolores Hermelo Piñeiro na data 09/05/2025 13:02:13

Manuel Santos Costa na data 09/05/2025 13:02:24

Maria Magdalena Perez Millares na data 09/05/2025 13:02:32

Jesús María Fernández Rosende na data 09/05/2025 13:02:43

María Deza Martínez na data 09/05/2025 13:02:51

Raúl Santamaría González na data 09/05/2025 13:03:20

Patricia García González na data 09/05/2025 13:03:30

Miguel Fidalgo Iglesias na data 09/05/2025 13:03:55

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada **Carmela González Iglesias** e dos deputados **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro** e **Oscar Insua Lema**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 1ª**, sobre a precariedade do servizo do Grupo de Emerxencias Supramunicipal (GES) do Val Miñor.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Grupo de Emerxencias Supramunicipal (GES) do Val Miñor é un servizo con só 12 traballadores/as cos que se fan quendas de 2 efectivos - cando, como mínimo e por seguridade, deberían ser de 3 -, un número mal dimensionado mesmo para mobilizar o número de vehículos de que dispoñen, pero sobre todo claramente insuficientes para facer fronte ás posíbeis emerxencias da poboación habitual do Val Miñor de 45.000 habitantes, poboación que se triplica en época estival.

Para poder cubrir as quendas con máis efectivos estase a recorrer ás horas extras voluntarias, no canto reforzar o servizo con novas contratacións, tal como estaba establecido xa no convenio asinado en 2018 que contemplaba que en 2021 debíanse incrementar en seis efectivos até acadar 18 traballadores/as. Se a esta situación se lle suman baixas, permisos ou vacacións, as quendas chegan a ser dunha soa persoa ou, no peor dos casos, o servizo pecha por falta de persoal, como xa ten pasado moitas veces.

A esta situación hai que lle engadir as derivadas da non solución do caso de acoso sufrido no seo do GES agora xudicializado e á paralización do proceso de estabilización do postos de traballo, ambos os dous asuntos dilatados durante anos pola





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

inacción reiterada da Xunta de Goberno da Mancomunidade formada polos alcaldes dos tres concellos do Val.

A problemática laboral non é a única. A precariedade en que vive o servizo de emerxencias afecta tamén ás súas dependencias. Por un lado está a situación de absoluto abandono e deixamento da actual sede do GES. Nun edificio compartido con outros servizos do Concello de Nigrán, cunhas instalacións cheas de humidades, paredes desconchadas, varandas desprendidas, teitos con pingueiras, unha escaleira perigosa, sen espazo para o adestramento físico en interior; en definitiva un espazo insalubre e incompatible cunhas condicións laborais minimamente dignas, e que nin a Xunta do PP nin os sucesivos presidentes da Mancomunidade, os socialistas de Nigrán e Gondomar, e o popular de Baiona, fan nada por arranxar. E por outro, a desaxeitada localización da propia sede, situada ao carón dun instituto de educación secundaria que concentra en determinadas horas innumerables vehículos e persoas, o que pode dificultar enormemente as saídas de emerxencias.

Esta situación fai imprescindible ou a construción dunha nova sede para o Grupo de Emerxencias ou o seu traslado a unhas novas dependencias, unha nova localización que evite ter os vehículos á intemperie, que estea situada nun lugar axeitado, que facilite a comunicación con todo o Val, deseñada funcionalmente para o seu cometido e específica para o servizo, que o dote de maior seguridade e efectividade. Unhas novas dependencias que deberan ser o resultado dun convenio no que a Mancomunidade debe sumar as outras administracións competentes, Deputación de Pontevedra e Xunta de Galicia.

Toda esta realidade é de sobra coñecida, non é de onte, nin sequera dos últimos cinco anos, vén de lonxe, e xa se ten denunciado reiteradamente, mais a día de hoxe, nada se moveu por parte desta institución (Mancomunidade), nin doutras que comparten





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

competencias en materia de emerxencias (Xunta e Deputación), cun desleixo temerario por parte dos sucesivos gobernos, que pon en xogo nada máis e nada menos que o correcto funcionamento dun servizo do que poden chegar a depender os nosos bens e as nosas vidas, polo que as institucións responsábeis deben actuar e non mirar para outro lado, para evitarmos ter que lamentar non ter feito nada a tempo.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte Proposición non de lei para o debate na Comisión 1ª:

“O parlamento insta a Xunta a

1º) En colaboración coa Deputación de Pontevedra e a Mancomunidade do Val Miñor:

- Dotar dunhas novas dependencias ao Grupo de Emerxencias Supramunicipal do Val Miñor, nunha nova localización que facilite a comunicación con todo o val, que estea deseñado funcionalmente para o seu cometido e que sexa específico para garantir un servizo adecuado a poboación dos concellos de Baiona, Gondomar e Nigrán.

- Até que se dispoña dunha nova sede, proceder no inmediato a realizar o adecentado da sede actual, trasladando, se for preciso, o servizo a outro espazo de xeito provisional mentres duren as obras.

2º) Demandar da Mancomunidade do Val Miñor que actúe para resolver, con urxencia, o proceso de estabilización dos postos de traballo temporais e pular polo incremento de efectivos para evitar novas situacións de falla de persoal nas quendas do servizo de emerxencias que poñan en risco a seguridade da poboación”.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 9 de maio de 2025

Asdo.: **Carmela González Iglesias**

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Oscar Insua Lema

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Carmela González Iglesias na data 09/05/2025 13:06:01

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 09/05/2025 13:06:18

Óscar Insua Lema na data 09/05/2025 13:06:33

Ana Pontón Mondelo na data 09/05/2025 13:06:44





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas **Carmela González Iglesias, Alexandra Fernández Gómez, Ariadna Fernández González** e do deputado **Brais Ruanova Vilas-Boas**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5ª**, sobre a falta de prazas para o curso 2025/2026 nas escolas infantís públicas dependentes da Xunta de Galiza na cidade de Vigo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Vigo conta na actualidade con nove escolas infantís públicas de titularidade da Xunta de Galiza que, incluso incluíndo as nove de titularidade municipal, son totalmente insuficientes para cubrir a demanda.

No procedemento de adxudicación de prazas nas escolas infantís dependentes da Xunta de Galiza para o curso 2024/2025 máis de 450 nenas e nenos quedaron sen praza. Nalgunhas como é o caso da Galiña Azul da Rúa Palencia ,no barrio do Calvario, máis de 100 crianzas non foron admitidas.

No proceso que se está desenvolvendo na actualidade para o curso 2025/2026 as listas provisionais continúan practicamente cos mesmos datos, o número de familias que non conseguen praza nas escolas infantís da Xunta de Galicia seguen sendo parello ao número das que si conseguen praza.

Na cidade de Vigo están censadas máis de 5.000 crianzas de entre 0 e 3 anos e as prazas ofertadas nas escolas infantís públicas son totalmente insuficientes. Ás máis





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

de 400 nenas e nenos que non son admitidas nos centros dependentes da Xunta de Galiza hai que engadirlle os preto de 200 que quedan fora nas dependentes do Concello de Vigo e as moitas familias que acoden directamente a centros privados ante a imposibilidade de acceder a prazas públicas.

Ás 1300 prazas públicas de escolas infantís ofertadas en Vigo cobren escasamente o 25% das necesidades das familias viguesas, polo que é preciso adoptar medidas para incrementar a oferta, como un recurso que se torna fundamental para posibilitar a conciliación familiar.

Medidas como a gratuidade das escolas infantís para todas as familias galegas, impulsada polo goberno do PP e que beneficia a iniciativa privada, son insuficientes xa que son moitas as nais e pais de Vigo que a pesar de solicitar praza nas escolas públicas e nas privadas, teñen que recorrer ás avoas e aos avós ou a outros familiares para poder conciliar a súa vida laboral co coidado dos seus fillos e fillas. Ou incluso, principalmente no caso das nais, vense obrigadas a reducir a súa xornada (coa mingua salarial que supón) ou deixar o seu traballo para poder atendelos, acrecentando así a desigualdade laboral entre homes e mulleres.

Este é un servizo educativo esencial ao que teñen dereito todas as nenas e nenos e que o Goberno Galego ten o deber de garantirlles cunha rede pública de escolas infantís que en Vigo, como a maior cidade de Galiza, debe estar suficientemente dotada.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte Proposición non de lei para o debate na Comisión 5ª:

“O parlamento insta a Xunta a incrementar o número de prazas na rede pública de escolas infantís da Xunta de Galiza en Vigo, coa construción de novos centros nas





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

zonas de As Travesas, Balaidos, Navia, Casco Vello e Travesía de Vigo, co obxectivo de que todas as familias viguesas teñan acceso a un sistema educativo público, gratuíto e de calidade para todas as nenas e nenos do concello”.

Santiago de Compostela, 9 de maio de 2025

Asdo.: **Carmela González Iglesias**

Alexandra Fernández Gómez

Ariadna Fernández González

Brais Ruanova Vilas-Boas

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Olalla Rodil Fernández

Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Carmela González Iglesias na data 09/05/2025 13:35:55

Alexandra Fernández Gómez na data 09/05/2025 13:36:07

Ariadna Fernández González na data 09/05/2025 13:36:22

Brais Ruanova Vilas-Boas na data 09/05/2025 13:36:41





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Olalla Rodil Fernández na data 09/05/2025 13:36:53





Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa da súa deputada e do seu deputado **Lara Méndez López e Carlos López Font**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 2.^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

Exposición de motivos

O investimento en infraestruturas de alta calidade é esencial para a mellora da seguridade viaria, xa que permite reducir en forma significativa a existencia de accidentes de tráfico e as súas consecuencias. O crecemento destas infraestruturas permite separar de maneira máis efectiva aos peóns dos vehículos, reducindo o risco de atropelos e aumentando a seguridade para os usuarios máis vulnerables da vía. Neste sentido, a ampliación das beirarrúas, fai posible que o tránsito peonil sexa máis cómodo e máis seguro, e tamén permite evitar a conxestión das zonas máis transitadas. O desenvolvemento de melloras en seguridade viaria tamén é fundamental para promover unha mobilidade inclusiva. Nas zonas nas que o tráfico é moi importante, unha mobilidade sostible solo é posible mediante a construción de beirarrúas e sendas peonís que melloran a seguridade viaria, tanto para os vehículos como para os peóns.

No caso da Travesía de Cangas de Foz, trátase dunha zona moi poboada que se atopa na contorna do cruzamento entre a estrada nacional N-642, coa estrada autonómica LU-162. Como consecuencia desta localización, no lugar existe un volume de tráfico moi importante, con zonas urbanas e vivendas aos dous lados, co risco que iso conleva. A estrada autonómica LU-162 é unha das máis importantes do concello de Foz, así como dos municipios da súa





contorna, xa que ademais de servir como principal vía de comunicación das parroquias de Cordido e Cangas coa capital municipal é a vía máis directa de unión de Alfoz e O Valadouro con Burela e coa Mariña Occidental. Polo tanto, esta estrada soporta un elevado tráfico de vehículos, o que constitúe un perigo para os veciños e veciñas que viven na travesía de Cangas de Foz, no barrio de Vilamor.

Parte desta travesía conta con beirarrúas, que se fixeron en tres fases distintas. Despois de anos de esixir a importancia destas obras para a seguridade viaria na zona, a primeira fase de construción de beirarrúas fíxose no ano 2013. Logo, nunha segunda etapa no ano 2015, ampliáronse outros 475 metros de beirarrúas e finalmente realizouse unha terceira etapa de ampliación no ano 2023 a partir dunha iniciativa presentada polo grupo parlamentario socialista, na que se instaba ao Parlamento Galego para dar continuidade ás obras de mellora da seguridade viaria e peonil na estrada LU-162, impulsando na maior brevidade o proxecto dirixido á execución de novas beirarrúas no tramo urbano da travesía de Vilamor. Nesa ocasión ampliáronse en 125 metros as beirarrúas de Cangas de Foz en ambas marxes da estrada LU-162.

A última ampliación de beirarrúas na LU-162 ao seu paso pola travesía de Cangas de Foz reduciuse a 65 metros lineais de estrada. Polos riscos que seguen existindo para os peóns é fundamental rematar coa obra das beirarrúas, para garantir a seguridade nunha travesía que soporta unha elevada circulación e que pon en perigo aos veciños e veciñas. Desde o Ministerio tamén se están realizando os esforzos necesarios para garantir a seguridade viaria na zona, coa instalación de unha rotonda que permite un acceso mais seguro a dita travesía. Por isto é importante que desde a Xunta de Galicia acompañense estas actuacións e que se actúe con rapidez, antes de que teña que suceder unha desgraza para que se tomen as medidas que sexan definitivas para completar a seguridade viaria da parroquia de Cangas.





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/05/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 25281
Data envío: 09/05/2025 14:39:26.612

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a realizar unha ampliación das beirarrúas ata completar as vivendas en ambas marxes da travesía de Cangas de Foz, unha actuación que é moi necesaria para mellorar a seguridade viaria da parroquia de Cangas, acompañando así os esforzos que se realizan por parte do Ministerio, que está executando unha rotonda para un acceso mais seguro a dita travesía.

Santiago de Compostela, 9 de maio de 2025

Asinado dixitalmente por:

Lara Méndez López na data 09/05/2025 14:34:39

Carlos López Font na data 09/05/2025 14:34:51

José Ramón Gómez Besteiro na data 09/05/2025 14:35:02

CSV: BOPGDSPG-4ILdMILB7-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

84236

@PSdeG





Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa da súa deputada e do seu deputado **María Elena Espinosa Mangana** e **Carlos López Font**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 5.^a, Sanidade, Política Social e Emprego**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O día 5 de maio asináronse os acordos de xestión para as sete áreas sanitarias de Galicia, que son os instrumentos para materializar a xestión sanitaria, vinculados á planificación estratéxica con obxectivos de cada área.

Os obxectivos plantéxanse en tres grandes áreas: Asistencial, Recursos Humanos e Recursos Económicos.

Por outra parte, en canto ás áreas asistenciais diferéncianse catro bloques: eficiencia asistencial e sostible, calidade asistencial, integración asistencial, e resultados de saúde.

Para realizar o seguimento, establécese un conxunto de indicadores. Nesta iniciativa non imos entrar en todos eles, senón que imos centralos nalgún ámbito concreto.

Os acordos de xestión din que a prioridade do Sergas e acadar a máxima accesibilidade e ademais, a saúde mental consolídase como unha prioridade transversal para todo o sistema sanitario galego.

Tamén sabemos que un dos asuntos que máis preocupa aos galegos e ás galegas en relación coa sanidade pública son as listas de espera. E para o Sergas debería ser unha liña de traballo prioritaria.

Por este motivo é difícil de entender algúns dos obxectivos que se prevén nos acordos de xestión.





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/05/2025 10:19:35
Nº Rexistro: 25292
Data envío: 12/05/2025 10:19:35.528

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento insta a Xunta de Galicia a:

1. Rebaixar os días da vía rápida para atención a conducta suicida en adultos e infanto xuvenil que figura no acordo de xestión da Área Sanitaria de Vigo.
2. Modificar o acordo de xestión da Área Sanitaria de Vigo, para que o tempo medio de espera para unha cirurxía sexa inferior a 63,8 días que son os días de espera a 31/12/2024.
3. Modificar o acordo de xestión da Área Sanitaria de Vigo, para que o tempo medio de espera para unha cirurxía en prioridade 1, sexa inferior a 17,4 días que son os días de espera a 31/12/2024.

Santiago de Compostela, a 12 de maio do 2025

Asinado dixitalmente por:

Elena Espinosa Mangana na data 12/05/2025 10:13:04

Carlos López Font na data 12/05/2025 10:13:15

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

84238

@PSdeG





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/05/2025 10:19:35
Nº Rexistro: 25292
Data envío: 12/05/2025 10:19:35.528

José Ramón Gómez Besteiro na data 12/05/2025 10:13:29

CSV: BOPGDSPG-4ILdMILZB7-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

84239

@PSdeG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Sonia Vidal Lamas** e **Ariadna Fernández González** e do deputado **Secundino Fernández Fernández**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 7ª**, sobre o sector sector da planta ornamental.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O sector da planta ornamental e da flor cortada en Galiza representa unha oportunidade real para o desenvolvemento sostido e con perspectiva de xénero no rural, mais a política da Xunta nestes anos non estivo á altura das potencialidades nin das necesidades reais das produtoras e produtores. A administración autonómica ten feito presentacións grandilocuentes de plans estratéxicos, como o recente horizonte 2034, mais eses anuncios non van acompañados nin de recursos suficientes nin dunha vontade real de transformación estrutural do sector. Mentres se proclama a importancia da planta ornamental, a realidade é que as explotacións continúan a padecer os mesmos atrancos históricos: falta de apoio técnico, dificultade de acceso á terra, ausencia de planificación a longo prazo e un escaso acompañamento institucional nos procesos de comercialización e internacionalización.

A Xunta, en vez de liderar un proxecto sólido de país para este sector, limítase a reaccionar con medidas puntuais, sen dotación orzamentaria seria nin mecanismos de seguimento nin avaliación. O apoio queda en declaracións de intencións e mesas de diálogo que moitas veces serven máis para lavar a cara que para transformar a realidade. Un dos aspectos máis criticables é a falla dunha política pública clara para garantir o relevo xeracional e a incorporación de mulleres novas ao sector. A pesar de que se





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

recoñece que máis do 70% do emprego nesta actividade é feminino, non existe un plan específico con perspectiva de xénero que promova a conciliación, o acceso á formación técnica ou ao crédito. A conciliación real non se resolve só con horarios flexibles, senón con servizos públicos no rural, con coidados compartidos, con políticas activas de igualdade. E aí, a Xunta chega tarde, mal e arrastro.

Ademais, a escasa aposta pola innovación tecnolóxica e a transición ecolóxica amosa unha clara contradición entre o discurso institucional e as prácticas reais. O sector podería ser un exemplo de agroecoloxía, de produción con baixo impacto ambiental e alto valor engadido, mais non se vislumbra un plan serio para apoiar este modelo. A investigación pública está ausente, os centros tecnolóxicos apenas interveñen, e as axudas seguen favorecendo as grandes estruturas antes que os pequenos viveiros ou cooperativas que dinamizan o rural e xeran emprego de proximidade.

Por outra banda, a Xunta tampouco ten desenvolvido políticas comerciais ambiciosas para reforzar a posición da flor e da planta galega nos mercados internacionais. A promoción exterior é escasa e descoordinada, e non se traballa cunha marca de país que identifique claramente a calidade e orixe galega. Mentres outras rexións do Estado español contan con estratexias sólidas e recoñecidas a nivel europeo, en Galiza seguimos sen ferramentas básicas como un selo de identidade sectorial ou unha rede comercial institucional estruturada.

Cómpre tamén poñer en evidencia a falta de sinerxias entre departamentos da Xunta, o que impide unha visión transversal: Medio Rural actúa por un lado, Emprego por outro, e Igualdade está practicamente desaparecida cando se trata de promover o emprendemento feminino no agro. Todo isto responde a un modelo de gobernanza desfasado, que non entende a produción como parte dun proxecto de país soberano, sustentábel e feminista.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo o exposto anteriormente, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 7ª:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a:

- Fomentar a incorporación e permanencia das mulleres no sector con condicións laborais dignas e conciliación real mediante incentivos á contratación feminina en zonas rurais con baixa densidade de poboación.
- Ampliar a superficie dispoñible para produtores e produtoras do sector ornamental con medidas como a cesión temporal de terreos improdutivos da Xunta e outras administracións e liñas de arrendamento.
- Visibilizar, protexer e diferenciar a produción ornamental galega nos mercados estatais e internacionais e o desenvolvemento dun selo público baixo estándares de calidade, orixe e sustentabilidade.
- Modernizar a produción con criterios de sustentabilidade ambiental e eficiencia mediante subvencións para substituír materiais contaminantes por biodegradables.
- Impulsar a investigacións en variedades resistentes ao cambio climático.
- Crear un espazo permanente de diálogo, planificación e seguimento das políticas públicas con participación da administración, sector produtor, organizacións sindicais e universidades para a avaliación anual de resultados e revisión participativa do plan estratéxico.”

Santiago de Compostela, 12 de maio de 2025





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: Sonia Vidal Lamas
Ariadna Fernández González
Secundino Fernández Fernández
Deputadas e deputado do G.P. do BNG
Luis Bará Torres
Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Sonia Vidal Lamas na data 12/05/2025 10:15:19

Ariadna Fernández González na data 12/05/2025 10:19:35

Secundino Fernández Fernández na data 12/05/2025 10:21:36

Luis Bará Torres na data 12/05/2025 10:21:37





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas **Cristina Fernández Davila** e **Ariadna Fernández González**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 4ª**, sobre o anuncio do Presidente da Xunta de Galiza de desgravación ás familias galegas pola compra de libros de texto.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 23 de abril, no Debate do Estado da Nación, o Presidente da Xunta de Galiza, o Sr. Rueda, anunciou unha batería de medidas entre as que se atopaba a desgravación ás familias galegas pola compra de libros de texto ata un máximo de 105 euros por alumno.

Unha medida que consiste nun desconto no IRPF equivalente ao 15% do gasto en libros de texto e material escolar e que entrará en vigor na vindeira declaración que se faga no 2026.

Polo tanto en setembro deste ano, as familias con ata 10.000 € de renda por persoa da unidade familiar poderán optar ás axudas para libros e para material que convoca anualmente a Consellería de Educación, ampliando agora as rendas entre os 10.000 e 30.000 € para desgravar o 15% do importe gastado no material educativo a comezo de curso.

Nas iniciativas sobre o sistema de axudas de libros de texto rexistradas polo BNG nos últimos anos, poñíase de manifesto a situación de crise económica pola que atravesaban as familias galegas para enfrontar cada inicio de curso e a súa incapacidade, cada vez maior, de asumir o custo do material educativo en cada curso escolar.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A situación non ten mellorado en todo este tempo e o sistema de axudas, e agora de desgravación no momento da Declaración da Renda no seguinte ano en que se produciu o gasto en material, non alivia en nada o desembolso que as familias deben facer nun momento puntual e na súa totalidade.

Por outra parte, se temos en conta os trámites burocráticos, tanto para solicitar as axudas, como para a cumprimentación da Declaración de IRPF, para moitas familias é un escollo importante, así como o é principalmente para o centro (dirección e persoal administrativo) que proporcionan un traballo excesivo para a súa tramitación.

Con esta medida que agora publicita o Partido Popular está a poñer remedio á involución e inxustiza que provocou a decisión de suprimir a gratuidade universal dos libros de texto, implementada polo bipartito. Pero sobre todo, o que está a facer é poñer parches que non solventan o problema principal da falta de recursos e o dereito das familias á gratuidade á educación obrigatoria.

O Goberno do PP na Xunta de Galiza, despois de 16 anos de despropósitos educativos de distinta índole, debe deixar de enredar e volver a asumir a universalidade da gratuidade de libros de texto, de igual xeito que non conta a renda para a gratuidade das escolas infantís, por exemplo.

Deben planificar financiar na súa totalidade os libros de texto e material escolar que precisa o alumnado mediante fondos solidarios, un sistema que xa demostrou o seu acerto durante o bipartito. Libros gratis en préstamo para todas e todos, xa que o dereito de todas as persoas á educación está consagrado como dereito fundamental no artigo 27.1 da Constitución Española de 1978, que proclama o dereito á educación e a liberdade da ensinanza, pero é no 27.4. onde di textualmente “a ensinanza básica é obrigatoria e gratuíta”.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 4ª:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a:

1.- Programar e planificar para o vindeiro curso escolar un sistema de gratuidade para todo o alumnado e así dispoñer de libros de texto para todas as etapas educativas obrigatorias por un número mínimo de anos.

2.- Tendo en conta os novos sistemas educativos innovadores, reducir o máximo posible o número de libros de texto, que produciría beneficios físicos entre o alumnado ao non ter que cargar peso excesivamente, pero garantindo a equidade entre o alumnado con respecto ao acceso dixital e tecnolóxico das familias.

3.- Coa nova reforma anunciada pola Consellería, do actual Proxecto Educativo E-Dixgal, ter en conta que é fundamental para o alumnado dispoñer de ferramentas dixitais pero sempre como apoio e consulta do resto dos materiais educativos utilizados, en todo caso, coordinado polo persoal docente dos centros.”

Santiago de Compostela, 12 de maio de 2025

Asdo.: Cristina Fernández Davila

Ariadna Fernández González

Deputada do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Cristina Fernández Davila na data 12/05/2025 10:50:00

Ariadna Fernández González na data 12/05/2025 10:56:32

Ana Pontón Mondelo na data 12/05/2025 10:56:33





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas **Ariadna Fernández González** e **Sonia Vidal Lamas** e do deputado **Secundino Fernández Fernández**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 7ª**, sobre a febre aftosa.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Febre Aftosa é unha enfermidade vírica que afecta a grande cantidade de especies de animais dando lugar, durante o seu padecemento, a lesións vesiculares nas mucosas e o epitelio e que ten un período de incubación de 2 a 14 días na meirande parte dos casos. A mortalidade resultante é baixa, concentrándose especialmente en animais de curta idade, non tanto así a súa morbilidade, moi elevada. Trátase dunha enfermidade de declaración obrigatoria polo RD 779/2023 que está distribuída de xeito endémico en África, Sudamérica, Asia e Oriente medio, onde ven de detectarse unha cepa exótica.

Esta transmisibilidade alta, onde os animais descenden moito nas súas producións, tanto de carne coma de leite, significa que a afección pode traer consigo perdas económicas moi pronunciadas no sector agrogandeiro, derivadas do seu poder de difusión. É por iso que a súa detección deriva en baleirados sanitarios e vixilancia das zonas afectadas para que a expansión non afecte a áreas extensas, co obxectivo de lograr, de dárense gromos, que o sector primario resulte o menos afectado posible polos seus efectos, tales coma os sacrificios e as restricións comerciais.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

No Estado Español o último foco apareceu no 1986 e tras 3 anos declarouse estado libre de Febre Aftosa, mais na actualidade, a situación pola que atravesan distintas áreas da Unión Europea fixeron saltar as alarmas para a OMSA. Dende o comezo de 2025 houbo gromos en Alemaña, Hungría e Eslovaquia, este último país nunha situación sanitaria preocupante na actualidade ao respecto desta enfermidade vírica, con alomenos 6 explotacións afectadas e máis de 6000 animais sacrificados.

A situación é a peor a este respecto dende 2001, coa alerta que iso implica a nivel de seguridade alimentaria, saúde animal e produtividade do sector agrogandeiro, polo cal urxen medidas de diagnose temperá e preventivas que minimicen o seu impacto.

Dada a crucial importancia que o sector primario ten no noso país, o goberno galego debe seguir as indicacións das autoridades ao respecto, co obxectivo de que unha crise derivada da Febre Aftosa non chegue a Galiza e, no hipotético caso de sufrila, teña os mínimos impacto posibles, xa que as nosas explotacións tanto de bovino coma de porcino resultarían moi afectadas economicamente, co que iso implica no noso PIB e na supervivencia do sector gandeiro, xa acaecido doutras eivas.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 7ª:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a:

1. Revisar os plans de continxencia e activar as medidas preventivas necesarias fronte a un posible gromo de Febre Aftosa, favorecendo unha resposta rápida ante a posible entrada da enfermidade vírica no noso país e minimizando o impacto na nosa saúde animal e economía.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

2. Comezar a levar a cabo campañas informativas e de concienciación do risco dun gromo de Febre Aftosa para todos aqueles que traballen no sector agrogandeiro ou con animais, favorecendo que os máis directamente afectados estean preparados fronte a un gromo.

3. Levar a cabo un control exhaustivo por parte da Xunta de Galiza no caso das especies silvestres susceptibles de ser contaxiadas, con tomas de mostras máis extendidas para a análise destes animais e a detección precoz de afectados entre eles que permita responder de xeito rápido, levando a cabo unha vixilancia efectiva.

4. Levar a cabo un plan de xestión do xabarín baseado en criterios científicos e técnicos que permita controlar a poboación deste suído, cun orzamento mantido ao longo do tempo que permita paliar as perdas asociadas á especie e os efectos das enfermidades transmitidas por esta.”

Santiago de Compostela, 12 de maio de 2025

Asdo.: **Ariadna Fernández González**

Sonia Vidal Lamas

Secundino Fernández Fernández

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Luis Bará Torres

Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ariadna Fernández González na data 12/05/2025 11:07:00

Sonia Vidal Lamas na data 12/05/2025 11:11:47

Secundino Fernández Fernández na data 12/05/2025 11:12:46

Luis Bará Torres na data 12/05/2025 11:12:46





Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas, **Paloma Castro Rey, María Elena Espinosa Mangana e Silvia Longueira Castro**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante a mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 5ª**.

Na IV Conferencia Mundial da Muller (Pequín, 1995) consolidouse o principio de transversalidade, deixando claro que o principio de igualdade entre mulleres e homes nunca chegaría a facerse efectivo se a súa aplicación continuaba facéndose de maneira sectorial e illada.

Pero esta aplicación do principio de transversalidade ás políticas públicas e nas actuacións levadas a cabo nos diferentes eidos da sociedade, está lonxe de ter unha aplicación plena, a aplicación da perspectiva de xénero avanza pero con lentitude.

A pesares da prolífica regulación e promoción da presenza das mulleres nos diferentes espazos, así como da introdución paulatina da aplicación da perspectiva de xénero en todos os eidos, queda moito camiño por percorrer para chegar a unha presenza equilibrada e a abordaxe efectiva das políticas públicas en todos os ámbitos coa necesaria perspectiva de xénero.

Para acadar os obxectivos que a paridade se propón, os socialistas cremos que é imprescindible que o Goberno da Xunta adopte medidas estruturais e orzamentarias que estean destinadas a atravesar todos os eidos da sociedade.

Por iso propoñemos:





- Destinar como mínimo o 1 % do orzamento consolidado da Xunta de Galicia ás políticas específicas de igualdade e contra a violencia machista.
- Crear o Instituto Galego de Muller, recuperando así o senlleiro organismo público responsable da defensa da igualdade entre mulleres e homes en Galicia eliminado no ano 2010.
- Poñer en marcha as Unidades de Igualdade entre mulleres e homes en todas as consellarías do goberno galego, garantindo así a aplicación transversal do principio de igualdade entre mulleres e homes.
- Garantir o uso dos datos desagregados por sexo, o cal permitirá ver o uso diferencial dos servizos públicos, así como as necesidades da poboación diferenciadas por sexos para contribuír a un deseño máis eficaz e igualitario das políticas públicas.
- Garantir o uso da linguaxe non sexista tanto nos documentos administrativos como na comunicación institucional, necesaria para a visibilización das mulleres.
- Incorporar a perspectiva de xénero en toda a Administración pública, pulando pola súa introdución en todos os eidos da sociedade.
- Garantir a representación equilibrada de homes e mulleres tanto na titularidade de todos e cada un dos órganos superiores e de dirección das administracións públicas galegas, como nos seus órganos instrumentais dependentes
- Promover e impulsar a presenza de mulleres nunha proporción equilibrada nos órganos de dirección e decisión nos ámbitos sociais, político, económico, educativo, da saúde, cultural, científico e deportivo, entre outros.





Por iso, faise preciso propoñer a adopción do seguinte acordo:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a impulsar medidas que garantan a presenza equilibrada de mulleres e homes e a necesaria aplicación da perspectiva de xénero na abordaxe efectiva das políticas públicas en todos os ámbitos. Nomeadamente as seguintes medidas:

- a) Destinar como mínimo o 1 % do orzamento consolidado da Xunta de Galicia ás políticas específicas de igualdade e contra a violencia machista.
- b) Crear o Instituto Galego de Muller.
- c) Poñer en marcha as Unidades de Igualdade entre mulleres e homes en todas as consellarías do goberno galego.
- d) Garantir o uso dos datos desagregados por sexo, para contribuír a un deseño máis eficaz e igualitario das políticas públicas.
- e) Garantir o uso da linguaxe non sexista tanto nos documentos administrativos como na comunicación institucional.
- f) Incorporar a perspectiva de xénero en toda a Administración pública, pulando pola súa introdución en todos os eidos da sociedade.
- g) Garantir a representación equilibrada de homes e mulleres tanto na titularidade de todos e cada un dos órganos superiores e de dirección das administracións públicas galegas, como nos seus órganos instrumentais dependentes.





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/05/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 25340
Data envío: 12/05/2025 16:19:28.518

h) Promover e impulsar a presenza de mulleres nunha proporción equilibrada nos órganos de dirección e decisión nos ámbitos sociais, político, económico, educativo, da saúde, cultural, científico e deportivo, entre outros.

Santiago de Compostela, 12 de maio de 2025

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 12/05/2025 16:10:25

Elena Espinosa Mangana na data 12/05/2025 16:10:41

Silvia Longueira Castro na data 12/05/2025 16:10:57

José Ramón Gómez Besteiro na data 12/05/2025 16:11:13

CSV: BOPGDSPG-4ILdMILZB7-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

84255

@PSdeG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa dos deputados **Ramón Fernández Alfonso, Xosé Manuel Golpe Acuña e Paulo Ríos Santomé**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 2ª**, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galiza na estrada AC566.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A estrada AC566, ou Estrada de Cedeira, é titularidade da Xunta de Galiza e conecta a Estrada de Castela a altura de Freixeiro, no Concello de Narón, coa vila de Cedeira.

É unha das principais vías de comunicación do concello de Narón, xa que no seu primeiro quilómetro, na zona urbana, sitúanse numerosos servizos como institutos e supermercados, de seguido atravesa o polígono industrial das Lagoas, de gran importancia para o Concello e no que se concentra un gran número de traballadores e traballadoras, e xusto despois a parroquia de Castro, no límite xa co concello de Valdoviño.

Ese primeiro quilómetro de zona urbana atópase nun lamentábel estado de deterioro. Non é a primeira vez que desde a asemblea local do BNG de Narón denuncian a falta de adaptación das súas beirarrúas, con tramos a distinto nivel e sen rampa, que fan totalmente imposible camiñar nunha cadeira de rodas ou cun carriño para as crianzas, obrigando ás persoas viandantes a camiñar pola estrada nunha zona de moito tráfico.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 2ª:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a reformar as beirarrúas da estrada AC566 ao seu paso polo Concello de Narón para facelas plenamente accesíbeis a todas as persoas.”

Santiago de Compostela, 13 de maio de 2025

Asdo.: **Ramón Fernández Alfonso**

Xosé Manuel Golpe Acuña

Paulo Ríos Santomé

Deputados do G.P. do BNG

Luis Bará Torres

Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ramón Fernández Alfonso na data 13/05/2025 10:25:18

José Manuel Golpe Acuña na data 13/05/2025 10:31:23

Paulo Ríos Santomé na data 13/05/2025 10:33:07





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Luis Bará Torres na data 13/05/2025 10:33:10





Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia a través do seu Portavoz e por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados **Miguel Fidalgo Iglesias, Dolores Hermelo Piñeiro, María Deza Martínez, Jesús María Fernández Rosende, Patricia García Gonzalez, Paula Mouzo Más, Magdalena Pérez Millares, Raúl Santamaría González e Manuel Santos Costa** ao abeiro do disposto ao abeiro do disposto nos artigos 98, 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo.**

Exposición de Motivos

Tras anos de agarda, en decembro de 2021, o Goberno de España iniciaba, por fin, as obras de dragado dos sedimentos da ría do Burgo, unha actuación imprescindible para a rexeneración ambiental deste espazo de alto valor pola súa rica produción marisqueira. Esta iniciativa foi posible grazas ao esforzo feito pola administración autonómica que investiu máis de 100 millóns de euros no saneamento da ría do Burgo e foi complementada xunto cos concellos de Culleredo, Oleiros, A Coruña e Cambre, reducindo as verteduras incontroladas, reforzando o saneamento e mellorando, en xeral, a situación da ría.

Cómpre lembrar que foi un Executivo central do Partido Popular quen deu os primeiros pasos para facer realidade esta dragaxe, coa publicación en setembro de 2017 no Boletín Oficial do Estado da declaración de impacto ambiental e coa elaboración do proxecto de obra en abril do ano 2018. Lamentablemente tivemos que esperar máis de dous anos para que este proxecto saíra adiante logo dos atrancos, problemas de tramitación e da falta de vontade que caracterizou ao Goberno que preside Pedro Sánchez.

Como é lóxico, a propia execución da dragaxe determina a indispoñibilidade dos terreos para calquera actividade incompatible coas obras, entre elas, o marisqueo. Isto obriga ao Ministerio de Transición Ecolóxica e Reto Demográfico, como administración promotora, a habilitar as imprescindibles compensacións aos profesionais obrigados ao cese de actividade, ao tratarse dunha obra da súa competencia e exclusiva responsabilidade.

Estas indemnizacións terían que cubrir todo o tempo que os mariscadores e mariscadoras deixaron de traballar pola dragaxe, incluído o período que transcorre desde que se finalizaron as obras ata que os bivalvos sementados, que serán obxecto

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





de futura explotación marisqueira, acaden a talla comercial, tal e como se recolle no proxecto.

Lamentablemente vimos de ver pola prensa as incesantes queixas derivadas dos sucesivos incumprimentos dos que son os verdadeiros responsables das obras: O Goberno de España. Varios medios e o propio sector se fixeron eco destes incumprimentos:

- Nos últimos doce meses, os afectados só recibiron compensacións pola paralización da súa actividade ocorrida entre xaneiro e abril de 2024, as cales se abonaron en decembro cun atraso de oito meses. «Programouse unha reunión con representantes de todas as partes para chegar a un acordo, pero o Ministerio non enviou a ningún.
- É lamentable que, hai dous días, falasen co alcalde de Culleredo e co de Oleiros, e non se considerase oportuno incluírnos como Confraría. Isto demostra unha falta de interese por solucionar un problema relacionado cunha obra do Ministerio», expresa Baldomir.
- Durante o período de dragaxe e ata a finalización da obra, o Estado asumiu a responsabilidade das compensacións para os profesionais afectados. «Os fondos que recibimos xa se destinaron a saldar débedas con quen nos apoie», lamenta o portavoz. A pesar de que os ingresos cesaron, os gastos continúan. «Non podemos deixar de pagar aos autónomos, xa que se necesitamos reclamar perdas patrimoniais no futuro, debemos estar dados de alta como traballadores», salienta.

A Xunta tamén criticou a falta de representación do Goberno central na mesa de negociación e insistiu en que é o Estado quen debe facerse cargo das compensacións, debido a que é o promotor da obra, a cal cualifican de “chapuza”. A Consellería enviou unha carta ao Ministerio de Transición Ecolóxica solicitando apoio para axudar aos mariscadores mentres non poidan retomar a súa actividade, pero, ata o momento, «non recibimos resposta».

Cómpre sinalar tamén que o Goberno de España dispón de fondos suficientes grazas ao remanente de 16 millóns de euros que sobraron do orzamento previsto para a realización desta dragaxe. En concreto, a obra foi contratada en 32 millóns de euros e o orzamento inicialmente previsto para a mesma superaba os 48 millóns de euros.

Polo tanto, non existen razóns legais e tampouco económicas para que o Goberno de España desatenda a súa responsabilidade, unha vez rematadas as obras de dragaxe, e ten a obriga de manter un plan de axudas que compensen aos mariscadores e

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





mariscadoras da ría do Burgo na Coruña, ata que se recupere a normalidade e retomen a súa actividade habitual os mariscadores afectados polo cese provocado pola dragaxe.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno de España para exixir que cumpra coas compensacións económicas correspondentes ao parón da actividade extractiva dos mariscadores da ría do Burgo, ata que os bivalvos acaden a talla comercial, tal e como establece o propio proxecto, unha vez finalizado a dragaxe da ría do Burgo”.

Santiago de Compostela, 13 de maio de 2025.

Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 13/05/2025 10:45:55

Miguel Fidalgo Iglesias na data 13/05/2025 10:46:27

Paula Mouzo Mas na data 13/05/2025 10:46:37

Maria Magdalena Perez Millares na data 13/05/2025 10:46:50

Manuel Santos Costa na data 13/05/2025 10:46:57

Jesús María Fernández Rosende na data 13/05/2025 10:47:06

María Deza Martínez na data 13/05/2025 10:47:19

Dolores Hermelo Piñeiro na data 13/05/2025 10:47:36

Patricia García González na data 13/05/2025 10:47:45

Raúl Santamaría González na data 13/05/2025 10:47:55

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



[@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)



[@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Iria Taibo Corsanego, Ariadna Fernández González e Mercedes Queixas Zas**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5ª**, a escaseza de prazas nas escolas infantís públicas da comarca da Coruña para o curso 2025-26.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado día 6 de maio saíron publicadas as listaxes provisionais nas que se indica que solicitantes fican admitidos/as e en agarda para as escolas infantís para o curso 2025-2026.

Nas escolas infantís públicas existentes na actualidade na comarca da Coruña (A Coruña cidade, Arteixo, Cambre, Carral, Culleredo, Oleiros e Sada) neste primeiro prazo de matrícula fican case 900 crianzas sen praza. Ademais disto, hai concellos que aínda non dispoñen de escola infantil pública do Consorcio de Servizos de Igualdade e Benestar na nosa comarca, como é o caso de Cerceda, no que unicamente existe unha escola municipal de xestión privada que tamén rexistra unha demanda de prazas moi alta, e non cobre as necesidades da poboación do concello. O elevadísimo número de crianzas en agarda demostra, sen lugar a dúbidas, que existe unha importante demanda de prazas públicas que non se está a cubrir.

A Xunta de Galiza comunicou no pasado mes de novembro ao Estado que vai devolver 22 millóns de euros procedentes de fondos europeos, correspondentes ao Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, destinados á creación de prazas en





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

escolas infantís, que permitirían crear até 3.417 novas prazas públicas de educación infantil de 0 a 3 anos.

O goberno galego manifestou en diversas ocasións a súa discrepancia coa distribución destes fondos por non poder utilizalos para outros fins, como obras en escolas xa existentes ou para subvencionar centros privados incorporados ao programa de gratuidade que está vixente en Galiza desde o curso 2022-23.

O sistema da gratuidade da Xunta de Galiza subvenciona con diñeiro público escolas infantís privadas, que non forman parte do Consorcio de Servizos de Igualdade e Benestar. Na actualidade, das máis de 30.000 prazas dispoñíbeis en Galiza, máis dunha terceira parte pertencen á rede privada (13.552), outra terceira á pública autonómica (10.142) e case un 20% aos concellos. De acordo coa FEGAMP, a Xunta de Galiza aboa algo máis de 90 euros mensuais por crianza ás escolas infantís municipais, mentres que as escolas infantís privadas reciben 310 do goberno galego por alumno ou alumna.

A demanda demostrada neste primeiro prazo de matrícula deixa claro, por unha banda, que non está xustificado que o goberno galego rexeite o financiamento europeo que permitiría crear máis de 3.000 novas prazas en toda Galiza e, por outra, que é preciso aumentar, sexa con financiamento europeo ou con fondos propios do goberno galego, o número de prazas públicas en escolas infantís, como medida imprescindible de conciliación.

No que respecta á comarca da Coruña, fica claro que os concellos nos que a poboación aumenta en maior medida son os que rexistran un maior crecemento da demanda. O goberno galego dispón de ferramentas para informarse da evolución da poboación e, dese xeito, adaptar este tipo de servizos fundamentais para a poboación ás mudanzas que se van producindo.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte Proposición non de lei para o debate na Comisión 5ª:

“O parlamento insta o Goberno galego a aumentar o número de prazas públicas nas escolas infantís da comarca da Coruña para adaptalo á realidade das necesidades da poboación”.

Santiago de Compostela, 13 de maio de 2025

Asdo.: **Iria Taibo Corsanego**

Ariadna Fernández González

Mercedes Queixas Zas

Deputadas do G.P. do BNG

Olalla Rodil Fernández

Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iria Taibo Corsanego na data 13/05/2025 10:54:02

Ariadna Fernández González na data 13/05/2025 10:54:19

Mercedes Queixas Zas na data 13/05/2025 10:54:34





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Olalla Rodil Fernández na data 13/05/2025 10:54:47





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada **Iria Taibo Corsanego** e do deputado **Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 2ª**, sobre o Centro Loxístico de Transportes de Culleredo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Centro Loxístico de Transportes de Culleredo, coñecido como CLT de Ledoño, dispón de conexión directa coa A-6 e a AC-14 (Terceira Ronda), ademais da súa proximidade coa AP-9 e co porto da Coruña e o aeroporto de Alvedro, que permite que se transforme nun nodo loxístico para a industria e a distribución na comarca da Coruña.

O proxecto inicial incluía moitos bens e servizos que quedaron sen executar, mais na actualidade estase a executar a conexión ferroviaria co Porto Exterior da Coruña, polo que é o momento máis axeitado para completar a conexión ferroviaria co CLT de Culleredo (tal e como estimou o Pleno do Concello de Culleredo por unanimidade, incluídos os votos da representación do partido que goberna a Xunta). Esta era unha das medidas que prevía o plan inicial, e quedou sen executar. Esta iniciativa permitiría o cumprimento dos obxectivos para os que foi creado o CLT de Culleredo. A vía existía porque formaba parte do antigo trazado A Coruña-Santiago e foi retirada, aínda que existe espazo e a nivelación do terreo xa dispoñíbel para recuperala de contado.

Na actualidade, o Centro Loxístico de Culleredo, coñecido como CLT de Ledoño, despois dun conflito administrativo entre o Concello e a empresa





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

concesionaria, que non executaron os bens e servizos nin o mantemento que lles correspondía, está desde hai anos nun estado lamentable, con grandes defectos no pavimento, con ausencia de servizos como a vixilancia ou os que estaban previstos, como a habilitación do edificio de usos administrativos, ou o edificio de recepción de flotas onde transportistas poidan ter un espazo de aseo, descanso e tramitacións dos fretes.

O CLT foi declarado pola daquela Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda da Xunta de Galiza mediante a RESOLUCIÓN do 22 de setembro de 2000, da Dirección Xeral de Transportes, pola que se publica o acordo da Xunta de Galiza, como proxecto sectorial de incidencia supramunicipal, de utilidade pública. Esa resolución indicaba “de conformidade co disposto na disposición adicional primeira da Lei 10/1995, do 23 de novembro, de ordenación do territorio de Galicia, quedan expresamente cualificadas como de marcado carácter territorial as obras necesarias para a execución do proxecto” e, polo tanto, o Goberno Galego debe implicarse no seu funcionamento pleno, especialmente tendo en conta a cantidade de tempo que transcorreu desde a súa declaración como proxecto sectorial de incidencia supramunicipal.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 2ª:

“ O Parlamento insta a Xunta de Galiza a :

1. Volver construír o trazado da vía que permite a conexión do CLT de Culleredo co Porto Exterior da Coruña;
2. Coordinarse co resto de administracións implicadas (Concello de Culleredo, Goberno do Estado) para pór en funcionamento este centro loxístico;





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

3. Proporcionar os servizos contemplados no proxecto inicial e propios deste tipo de centros loxísticos, entre os que se inclúen, entre outros:

- a. a reparación do pavimento,
- b. a seguridade,
- c. a posta en marcha do servizo de recepción de flotas e servizos administrativos,
- d. ITV,
- e. a ampliación do aparcadoiro de camións.).”

Santiago de Compostela, 13 de maio de 2025

Asdo.: **Iria Taibo Corsanego**

Deputada do G.P. do BNG

Luis Bará Torres

Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iria Taibo Corsanego na data 13/05/2025 12:06:28

Luis Bará Torres na data 13/05/2025 12:15:30





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa do deputado **Daniel Castro García** e da deputada **Mercedes Queixas Zas**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 4ª**, sobre a posición que debe tomar a Xunta de Galiza ante a Universidade privada Emilia Pardo Bazán na Coruña.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 30 de abril presentábase na Coruña o que podería chegar a ser a segunda universidade privada en Galiza, a denominada Universidade Emilia Pardo Bazán promovida polo grupo empresarial CESUGA. Este proxecto lanzado xa hai 4 anos, di pretender iniciar a súa actividade no curso 2026-2027 e crear un campus propio no noso país, neste caso na Coruña.

No que ten a ver aos procesos administrativos, a día de hoxe sabemos que a Conferencia Xeral de Política Universitaria votou en contra deste proxecto, mentres que a Xunta de Galiza segue sen facer pública a súa posición a respecto da vontade ou non de que este novo proxecto empresarial vaia para adiante.

Ante esta situación, xa vivida no pasado, os reitores das universidades públicas xa mostraron o seu desacordo con esta nova iniciativa, sendo o propio reitor da Universidade da Coruña quen solicitou que esta universidade non tivese o visto e prace da Xunta de Galiza, reclamándolle ao mesmo tempo máis financiamento para a universidade pública, aludindo a que non se poden autorizar estas universidades se teñen informes negativos. Mentres tanto o Presidente da Xunta, no canto de mellorar o





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

financiamento da nosa universidade pública, soamente fala de recorrer o novo decreto estatal referente ás universidades.

Deste xeito e novamente, ante esta ameaza da expansión da universidade privada no noso país o goberno galego segue sen expresar a súa opinión e sen dar a coñecer se vai favorecer ou non a introdución deste proxecto que non fará outra cousa que afondar na privatización do noso sistema universitario, en detrimento, coma sempre, da nosa universidade pública.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 4ª:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a non aceptar nin permitir a chegada e posta en marcha da Universidade privada Emilia Pardo Bazán na Coruña.”

Santiago de Compostela, 13 de maio de 2025

Asdo.: **Daniel Castro García**

Mercedes Queixas Zas

Deputado e deputada do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Daniel Castro García na data 13/05/2025 12:26:10

Mercedes Queixas Zas na data 13/05/2025 12:27:05

Ana Pontón Mondelo na data 13/05/2025 12:27:09





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa do deputado **Paulo Ríos Santomé** e da deputada **Cristina Fernández Davila** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 2ª**, sobre as incidencias recorrentes no servizo de transporte escolar compartido.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O transporte colectivo debe xogar un papel fundamental na Galiza do futuro. É necesario poñer o transporte público, tanto por estrada como por ferrocarril, ao servizo da pobo galego e ao servizo da vertebración do noso territorio nacional.

Hoxe entendemos os múltiples beneficios que ten gozar dun servizo de transporte público, reducir así o uso do transporte privado e, polo tanto, rebaixar as emisións de gases contaminantes axudando na loita contra o cambio climático.

Alén desta cuestión, o transporte público e unha mobilidade moderna, áxil e útil para o pobo galego debe ser vista coma un dereito e como un elemento vertebrador e democratizador da nosa sociedade.

Coa posta en marcha do Plan de Transporte de Galiza, entrou en funcionamento o servizo de transporte escolar compartido, que non só pretende dar servizo ao alumnado dos centros de ensino obrigatorio no noso país, senón que se inclúe a posibilidade de acceder a estas liñas para público xeral de xeito regular.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Esta modalidade, que pretende optimizar recursos e poñer máis servizos para o público xeral, non pode entrar en contradición cun bo funcionamento do transporte escolar, que debe ser rigoroso e seguro para as menores que utilizan estas liñas para chegar aos seus centros de ensino.

Na última memoria anual do Plan de Transporte de Galiza, advírtese como este servizo está a baixar na valoración dos usuarios e usuarias que o utilizan, aumentando á súa vez as incidencias e as queixas, con falta de prazas e irregularidades tales como o incumprimentos dos horarios, atrasos etc.

A Xunta de Galiza, como responsábel deste servizo debe facer cumprir os contratos de transporte na súa totalidade, sendo especialmente escrupulosa á hora de controlar as condicións nas que se está a prestar un servizo tan sensíbel como o do transporte escolar, para garantir que non se producen incumprimentos recorrentes como os antes descritos.

Alén desta cuestión faise preciso un plan máis ambicioso que contemple as necesidades do estudantado do ensino non obrigatorio que se presta en centros públicos, sendo estes os estudos de formación profesional, ao que moitos mozos e mozas do noso país teñen dificultades para acceder, mesmo renunciando a facelo, pola imposibilidade de chegar en tempo ás aulas.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 2ª:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

1. Facer cumprir os contratos do transporte escolar compartido, rematando cos incumprimentos.

2. Levar a cabo unha modificación do Plan de Transporte para garantir a cobertura de transporte para o estudantado da Formación Profesional no noso país”.

Santiago de Compostela, 13 de maio de 2025

Asdo.: **Paulo Ríos Santomé**

Cristina Fernández Davila

Deputado e deputada do G.P. do BNG

Luís Bará Torres

Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Paulo Ríos Santomé na data 13/05/2025 12:45:58

Cristina Fernández Davila na data 13/05/2025 12:46:12

Luis Bará Torres na data 13/05/2025 12:46:27





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas **Ariadna Fernández González** e **Sonia Vidal Lamas** e do deputado **Secundino Fernández Fernández**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 7ª**, sobre o cabalo de monte.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A paisaxe galega débelle moita da súa biodiversidade actual aos grandes herbívoros típicos de zonas do noroeste da península ibérica. Esta é cada vez menos ampla polos usos que se lle dan as terras, o constante cambio do sector agrogandeiro e o abandono do territorio debido ao despoboamento que sofre o noso país nas áreas rurais, que en zonas do interior perdeu preto do 30% da poboación dende os anos 50.

O noso país é unha das reservas de cabalo de monte máis importantes de Europa, aínda despois de ter perdido dende os anos 70, un tempo no que as greas eran elemento principal do monte galego e vivían en liberdade, á metade dos exemplares cos que contabamos, superando daquela os 20.000 individuos. O seu descenso poboacional non cesa, co efecto que a desaparición deste sistema tradicional trae consigo, nun momento no que a maioría dos seus usos están perdidos e as greas de cabalos salvaxes deixaron atrás o seu carácter de elemento principal do monte galego, coa súa vida en liberdade e a súa conexión ancestral cos humanos, mesmo representada en petróglifos e pinturas rupestres que, ao longo do noso país, amosan o vínculo entre os europeos e a natureza.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A transformación do noso rural fixo que as bestas deixasen de ser útiles no caso dos traballos coa redución da venda dos exemplares para eses usos, converténdose en moitos casos nunha carga que non ven acompañada de rendibilidade económica e que noutros, incluso implica perdas. A pervivencia deste sistema vai ligada comunmente á propia identidade, aos vínculos emocionais e a tradición que se transmite de xeración en xeración nas áreas onde os cabalos continúan a ser protagonistas dunha forte conexión cultural e social coas comunidades nas que se atopan.

A evolución derivada dos cambios de manexo destes grandes herbívoros implica un problema medioambiental de grande magnitude en Galiza segundo os expertos, que alertan de que a desaparición do cabalo de monte desencadeará en dificultades para a conservación de hábitats naturais recoñecidos pola Unión Europea e que cobren os nosos espazos abertos nas montañas, onde estes animais están perfectamente adaptados ao seu aproveitamento a través da dieta. Son, polo tanto, indispensables no control da vexetación e favorecedores de especies de plantas sensibles, en risco pola diminución en número das bestas en Galiza, que leva anos tratando de resistir a pesares da grande cantidade de atrancos que se lle presentan aos animais e aos seus propietarios e que se traduce nunha ampla regresión da especie.

Polo tanto e, aínda que non se contabilicen os mesmos beneficios que antano, as bestas e os besteiros traen consigo consecuencias indirectas a través dun sistema sustentable e que no territorio se traduce en importantes servizos ecosistémicos. En grande parte do noso territorio existe unha cuberta forestal que pode tratarse de bosques naturais ou de repoboacións de diferentes especies, mentres os espazos abertos se manteñen pola presenza destes grandes herbívoros, xeradores coa súa presenza de queirogais típicos nas paisaxes atlánticas coma a nosa e que contribúen a heteroxeneidade da paisaxe e que serven de morada a animais e plantas en perigo en outras áreas do continente, favorecendo tamén a vida baixo a terra, almacén de carbono, co que iso implica no quecemento global e a emerxencia climática actual.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A presenza do cabalo de monte é, deste xeito, unha opción a ter en conta fronte a outras coma as repoboacións forestais, os pastizais artificiais ou o abandono da superficie. O consumo de especies arbustivas aumentan a calidade dos pastos e reducen custos de xestión mecánica e prevención de incendios, cun papel crucial na conservación dos montes ao controlar a biomasa a través do consumo de toxo, por exemplo, mantendo a vexetación a raia nas zonas de campeo das greas. Non menos importante, e reflectido de xeito claro en celebracións coma as rapas, moi estendidas e arraigadas polo país, é o valor turístico e etnolóxico dos cabalos salvaxes, que podería aumentarse a través do turismo de natureza durante o resto do ano, onde as greas xerarían un valor incalculable que na actualidade non está a ser aproveitado, restando valor as expresións da nosa cultura local e a construción identitaria coma parte imprescindible do patrimonio galego e da memoria popular colectiva.

A importancia deste ben, que os galegos levamos preservando durante anos e que agora se ve en perigo por diferentes motivos, non pode quedar relegada ao descoñecemento por parte dos que non están vinculados á cría e coidado do cabalo de monte. Precísase dar a coñecer todo aquilo que esta especie nos aporta a nivel económico, social e medioambiental para evitar, na medida do posible, os atrancos que arrodean este tipo de gandería en semiliberdade, que poden ser tanto de carácter económico coma administrativo entre os que destacan, por exemplo, a falla de axudas para a conservación destes animais que son a base de ecosistemas singulares, cunha importancia chave no desenvolvemento dos sistemas silvopastoris que nos permiten adaptarnos ao cambio climático e protexernos dos eventos extremos, frecuentes na actualidade. Non menos relevante é a carga burocrática que soportan os propietarios dos cabalos e os problemas derivados da súa coexistencia co lobo, que nesta situación desfavorable de conservación por falla de xestión intensifícan, en ámbolos dous casos, a desaparición de bestas e besteiros, na actualidade minusvalorados.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 7ª:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a:

1. Desenvolver un Plan de Xestión e Protección do Cabalo de Monte que potencie a recuperación, refuncionalización e retraditionalización da especie, onde se avalíen as posibilidades diversas de aproveitamento das materias primas que xera, o seu servizo ecosistémico e de conservación da biodiversidade e o seu valor patrimonial a través da tradición cultural ancestral que xera no entorno rural.

2. Creación por parte da Consellería de Medio Rural dunha liña de axudas propia para a conservación do cabalo de monte galego, onde se calculen as contías percibidas segundo o número de exemplares presentes e a superficie xestionada, incluíndo nesta as áreas de breixeiras e turbeiras que aportan grande valor á biodiversidade, contemplando estes criterios nas axudas da PAC.

3. Modificar de xeito inmediato os requisitos de concesión das indemnizacións por danos derivados de ataques de lobo, de xeito que se aumenten as contías percibidas por animal morto ou danado e o crédito destinado a estas, con criterios cuxo cumprimento sexa máis sinxelo e adaptado á realidade a pé de campo á hora da acreditación das mortes e o resto dos danos ocasionados.

4. Eliminar a carga burocrática para os propietarios destas especies, coa exención do microchipado en cabalos de monte que vivan en liberdade ou semiliberdade a través da modificación do Decreto 142/2012 do 14 de xuño para actualizalo e adaptalo ao RD 787/2023 relativo á identificación dos animais e aportar os datos trasladados sobre as áreas de localización das greas de cabalos en liberdade e semiliberdade do noso territorio.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

5. Estudar un sistema destinado á cobertura de accidentes producidos por cabalos de monte, de xeito que este non sexa un factor para que as greas vaian desaparecendo progresivamente ao ser unha fonte de problemas para os propietarios.

6. Aposta polo asesoramento e formación nesta materia destinada aos besteiros e a aqueles que queiran formarse na materia, nos beneficios ecosistémicos que aporta, no seu valor na conservación da biodiversidade e na agricultura rexenerativa e sistemas silvopastoris, cuxa existencia diminúe a das pragas, as secas ou os incendios, mellorando a xestión do monte.”

Santiago de Compostela, 13 de maio de 2025

Asdo.: **Ariadna Fernández González**

Sonia Vidal Lamas

Secundino Fernández Fernández

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Luis Bará Torres

Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ariadna Fernández González na data 13/05/2025 15:50:52

Sonia Vidal Lamas na data 13/05/2025 15:58:09

Secundino Fernández Fernández na data 13/05/2025 15:59:24





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Luis Bará Torres na data 13/05/2025 15:59:25





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa da deputada **Ariadna Fernández González** e do deputado **Secundino Fernández Fernández**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 7ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O compromiso da Consellería de Medio Rural con Lalín tiña varios obxectivos primordiais a curto prazo que, tras máis dun ano do comezo da nova lexislatura cunha nova responsable da Consellería veñen de ser incumpridos. Un dos máis anunciados, xa no tempo de José González, en marzo do 2023, e posteriormente coa visita en maio do 2024 de María José Gómez, foi a base de helicópteros. O traballo nos pregos de licitación de dita infraestrutura remóntase a fai agora un ano, cando se comunicaba por parte da Xunta de Galiza que a adxudicación se levaría a cabo en datas próximas e que doce meses despois aínda non chegou.

Para levar a cabo esta base de carácter integral no Polígono Lalín 2000, que contará con máis de 17.000 m2 onde as unidades terrestres terán dispoñibles 285m2 e as dependencias de persoal de helicópteros, tripulación e control uns 255 m2 a Consellería fará un investimento de máis de 4 millóns de euros que, alomenos polo de agora, non se especificou nos orzamentos da Xunta de Galiza coma un investimento real, polo que o compromiso queda diluído e adiado sen que a función fiscalizadora sexa quen de reclamar unha partida orzamentaria non executada, ao descoñecerse de cal se sacarán os fondos e en que período se fará.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 7ª:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a:

1. Informar sobre o estado de licitación e adxudicación das obras da base de helicópteros anunciada para Lalín en 2023.
2. Dar a coñecer os prazos relativos á posta en funcionamento da base aérea de Lalín anunciada en 2023.”

Santiago de Compostela, 13 de maio de 2025

Asdo.: Ariadna Fernández González

Secundino Fernández Fernández

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Luis Bará Torres

Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ariadna Fernández González na data 13/05/2025 16:43:42

Secundino Fernández Fernández na data 13/05/2025 16:47:16





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Luis Bará Torres na data 13/05/2025 16:47:17





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa da deputada **Ariadna Fernández González** e do deputado **Secundino Fernández Fernández**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 7ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O edificio de servizos integrados da Xunta situado en Lalín, é nova polo atraso nas súas obras, onde se acumulan varias semanas de paro, que posiblemente impidan a apertura das instalacións no momento en que a Consellería de Medio Rural e o goberno local tiña previsto.

A adxudicación desta obra produciuse en setembro de 2023 por 3718761 millóns de euros, cun tempo de execución fixado nos 21 meses dende ese momento e que non se cumprirán, xa que a súa apertura antes do verán do presente ano prevese practicamente imposible. Parte dese atraso débese, segundo a propia Consellería, a unha modificación orzamentaria da obra da que non se dan razóns, e que disporá duns 2100 m² de superficie e que albergará a oficina agraria comarcal e as do distrito forestal, a parte de servizos da Consellería de Medio Ambiente e Vivenda.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 7ª:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

1. Reactivar o antes posible as obras do Edificio de Servizos Integrals de Lalín.
2. Aportar os datos derivados da modificación orzamentaria destinada a tal fin.”

Santiago de Compostela, 13 de maio de 2025

Asdo.: Ariadna Fernández González

Secundino Fernández Fernández

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Luis Bará Torres

Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ariadna Fernández González na data 13/05/2025 16:50:14

Secundino Fernández Fernández na data 13/05/2025 16:53:46

Luis Bará Torres na data 13/05/2025 16:53:47





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa dos deputados **Brais Ruanova Vilas-Boas e Ramón Fernández Alfonzo** e da deputada **Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 3ª**, sobre a baixa execución orzamentaria da Consellería de Economía e Industria no ano 2024.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O orzamento é a maior ferramenta que ten un goberno para a posta en marcha de políticas públicas activas que contribúan á cohesión social e ao desenvolvemento dos sectores produtivos e, polo tanto, ao avance dun país. Así, a súa correcta planificación e execución son fundamentais para que cada euro dos recursos dispoñíbeis redunden en beneficios para o conxunto do país.

Polo tanto os orzamentos mostran especial interese naquelas áreas relativas á prestación de servizos públicos e ao deseño de políticas activas no desenvolvemento dos sectores produtivos.

Estes últimos levan acaparando un protagonismo inusual en pasados anos de goberno do Partido Popular, mais dun tempo a esta parte non é anómalo ver novas nos medios de comunicación sobre diferentes liñas de axudas, subvencións ou planificacións que pon en marcha a Consellería de Economía e Industria para o suposto desenvolvemento do noso tecido productivo.

E cómpre salientar o de suposto, xa que cando se contrastan os datos de execución orzamentaria para a sección 09 dos orzamentos, ano tras ano vense arrastrando unha porcentaxe de execución moi por debaixo do esperado dun goberno





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

que di facer unha aposta directa sobre a robustez dos nosos sectores económicos, nomeadamente o industrial.

O pasado exercicio 2024 volve mostrar unha vez máis como o goberno do Partido Popular relega a industria a un plano puramente mediático que continúa ancorado na nota de prensa e no anuncio, pois cos datos do 31 de decembro de 2024 a execución orzamentaria da Consellería de Economía e Industria foi do 64,6 %, deixando sen executar 84.042.000€.

Este dato derívase dos datos de obrigas recoñecidas (153.281.000€) e do crédito vixente (237.323.000€), o que pon de manifesto que a pesar de que o Goberno de Rueda “innova” na importancia mediática que da ao sector industrial mantén unha actitude continuísta nos baixos niveis de execución na consellería.

Dentro dos programas que atende a consellería resulta rechamante como do programa *741A-Apoio á modernización, internacionalización e mellora da competitividade, innovación e produtividade empresarial* quedaron sen executar preto de 20 millóns de euros ou que no programa *733A-Eficiencia enerxética e enerxías renovables* só se executara o 51,2 % do orzamento, quedando sen gastar case 70 millóns de euros nun momento no que os sectores produtivos deben de se adaptar á transición enerxética e tecnolóxica.

Polo tanto faise preciso que o Goberno Galego adopte medidas que vaian no camiño dunha mellor planificación orzamentaria e dunha execución dos mesmos adecuada ás necesidades de Galiza, como é o desenvolvemento dos sectores produtivos e a industria na liña de acadar un tecido económico dinámico e forte que xere valor engadido e emprego no noso territorio.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 3ª:

“O Parlamento de Galiza insta o Goberno Galego a:

1. Crear mesas sectoriais permanentes naqueles sectores declarados estratéxicos, con presenza dos clústers ou agrupacións de empresas máis representativas, os tres sindicatos con maior representación na Galiza, os centros tecnolóxicos correspondentes a cada sector, as universidades, a autoridade laboral e a propia administración galega, co obxectivo, entre outros, de facer de xeito participativo un deseño dos orzamentos da Consellería de Economía e Industria adecuado e dimensionado ás necesidades do sector industrial do país que garanta a máxima execución dos fondos de tódalas galegas e galegos.
2. Impulsar a Creación dunha oficina orzamentaria no Parlamento galego como ferramenta de consulta e transparencia ao servizo dos grupos parlamentarios e da sociedade galega.”

Santiago de Compostela, 13 de maio de 2025

Asdo.: **Brais Ruanova Vilas-Boas**

Ramón Fernández Alfonso

Noa Presas Bergantiños

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Rosana Pérez Fernández

Portavoz s. do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Brais Ruanova Vilas-Boas na data 13/05/2025 18:04:44

Ramón Fernández Alfonzo na data 13/05/2025 18:09:49

Noa Presas Bergantiños na data 13/05/2025 18:10:25

Rosana Pérez Fernández na data 13/05/2025 18:10:26





Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa da súa deputada e do seu deputado **María Elena Espinosa Mangana** e **Carlos López Font** a través do voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta mesa a seguinte **proposición non de lei** para debate en **Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O desenvolvemento e mantemento de infraestruturas de calidade son fundamentais para o progreso e benestar da sociedade galega. En Galicia, a mellora das nosas estradas é primordial para o día a día da cidadanía galega, especialmente naquelas zonas rurais e máis afastadas dos grandes núcleos urbanos.

A PO-261 é unha estrada da Rede Secundaria da Xunta de Galicia que une as localidades de Mondariz e Maceira (Covelo), atravesa os concellos de Mondariz e Covelo, ten unha lonxitude de 16,11 quilómetros e iníciase nun cruzamento coa PO-252 en Mondariz e finaliza nun cruzamento coa PO-255 en Maceira (Covelo).

É unha estrada de moito tráfico e, na actualidade, a capa de rodadura da estrada está nun estado de claro deterioro despois de décadas sen facer un asfaltado integral da mesma, que fai que transitar en vehículo sexa perigoso ao ir esquivando co mesmo as zonas en mal estado.





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/05/2025 11:27:24
Nº Rexistro: 25475
Data envío: 14/05/2025 11:27:24.974

Polo tanto, sería preciso realizar unha mellora do firme e trazado da estrada PO-261, coa finalidade de mellorar a seguridade viaria nunha zona do noso rural onde hai moitas veciñas e veciños que usan esta estrada para os seus desprazamentos en vehículo e tamén a pé. Ademais da mellora do asfaltado podería incluírse unha zona de seguridade para os peóns e tamén cuestións como a iluminación ou novos pasos de peóns e outras medidas de seguridade que se precisen.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a mellorar o trazado da estrada PO-261 co fin de mellorar a súa seguridade viaria, incluíndo tamén unha zona de seguridade para peóns, novos pasos de peóns e mellorar a iluminación.

Santiago de Compostela, a 14 de maio de 2025

Asinado dixitalmente por:

Elena Espinosa Mangana na data 14/05/2025 11:17:15

Carlos López Font na data 14/05/2025 11:17:25

José Ramón Gómez Besteiro na data 14/05/2025 11:17:34

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

84291

@PSdeG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas **Rosana Pérez Fernández e Carmela González Iglesias** e dos deputados **Daniel Castro García, Daniel Pérez López e Paulo Ríos Santomé**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 8ª**, relativa á redacción dun novo proxecto paisaxístico integral para a transformación do paseo marítimo de Noia.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado mes de novembro, o conselleiro de Mar presentou un informe ao Consello da Xunta con diversas actuacións para melloras nos portos da comarca do Barbanza e Muros-Noia.

A previsión de Portos de Galiza, recolle as obras de urbanización da zona portuaria de Noia, cunha anualidade para este exercicio orzamentario de 121.000 euros e cunha previsión plurianual de máis de 700.000, cantidades que varían levemente respecto das que se contemplaban na relación de investimentos de Portos de Galiza nos documentos orzamentarios para 2025.

O proxecto, cuxa proposta xa se anunciara no 2023, malia a presentarse polos propios responsábeis da Xunta de Galiza como de humanización e ordenación da fachada marítima, prevé unha importante pavimentación en asfalto, contemplando entre outros elementos unha zona de estacionamento de 4.000 metros cadrados, e obvia a relevancia paisaxística e ambiental da contorna.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Pola contra, a humanización debera consistir precisamente niso, na transformación do paseo marítimo nun lugar atractivo, nun pulmón verde e nun punto de interacción e lecer das persoas.

De feito, o propio Pleno da Corporación de Noia vén de rexeitar, sen ningún voto en contra, o proxecto xa previsto de pavimentación en asfalto do paseo marítimo, ao considerar que non resposta a unha planificación do espazo que teña en conta os aspectos sociais, paisaxísticos, ambientais e urbanísticos do lugar onde se atopa enclavado.

A zona da explanada de Labarta, situada no paseo marítimo, representa unha das conexións máis significativas entre o núcleo urbano de Noia e a contorna litoral. A súa situación é estratéxica e o seu potencial como espazo de encontro e lecer convértena nun espazo fundamental para o deseño dunha vila máis sostíbel, humana e integrada co medio natural, por iso é acaído que, tomando como base o acordo plenario do pasado 24 de abril, Portos de Galiza reconsidere o proxecto actual.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 8ª:

“O Parlamento de Galiza insta o Goberno galego a considerar e atender o acordo do Pleno da Corporación de Noia do pasado 24 de abril e redactar un novo proxecto paisaxístico integral para a transformación do paseo marítimo, planificando o espazo tendo en conta os aspectos sociais, paisaxísticos, ambientais e urbanísticos do lugar onde se atopa enclavado.”

Santiago de Compostela, 14 de maio de 2025





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: Paulo Ríos Santomé

Carmela González Iglesias

Daniel Castro García

Daniel Pérez López

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Rosana Pérez Fernández

Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Rosana Pérez Fernández na data 14/05/2025 11:37:10

Paulo Ríos Santomé na data 14/05/2025 11:38:29

Carmela González Iglesias na data 14/05/2025 11:38:32

Daniel Castro García na data 14/05/2025 11:39:11

Daniel Pérez López na data 14/05/2025 11:39:13





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Rosana Pérez Fernández** e **Olalla Rodil Fernández**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 3ª**, sobre o comezo das obras da residencia de Ribeira para persoas maiores e á execución orzamentaria das partidas consignadas a tal efecto.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No mes de marzo de 2021, o Concello de Ribeira aprobaba unanimemente solicitar á Xunta de Galiza “construír unha residencia pública de maiores no municipio” e “poñer a disposición da Consellaría de Política Social o edificio “Hesta Kurva” podendo ceder o terreo e a edificación para a construción dunha residencia pública de maiores”.

Meses máis tarde, o Goberno galego anunciou a construción dunha residencia de maiores no concello de Ribeira, destinada daquela a ser “a primeira do novo modelo”, segundo as declaracións públicas da propia conselleira de Política Social.

Nunha resposta escrita a este Grupo Parlamentario, en novembro de 2021, o Goberno aseguraba que “cos fondos europeos construiremos a primeira residencia piloto do novo modelo de coidados, en Ribeira, con preto de 100 prazas públicas. Neste senso, o concello de Ribeira ofreceu á Xunta de Galicia o terreo e o edificio onde se atopaba a discoteca Hesta Kurva, co fin de crear neste inmobile unha nova residencia de atención residencial para persoas maiores que será pioneira nesta etapa post-covid”.

Tres anos despois dos primeiros anuncios, a Xunta comprometeuse en febreiro de 2024, en plena campaña electoral, a que en xuño dese mesmo ano comezarían as





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

obras e que en outono de 2025 a nova residencia estaría en funcionamento. “No próximo ano 2025 imos rematar a construción da nova residencia da comarca do Barbanza que estará en Ribeira e dará servizo a todos os veciños da comarca con cen novas prazas públicas”, asegurou a conselleira de Política Social.

No mes de maio, tamén de 2024, transcendeu que a Consellaría presentara a solicitude de licenza urbanística para executar as obras no Concello de Ribeira e a día de hoxe, un ano despois, as obras seguen sen comezar.

Mentres, nos orzamentos da Xunta de Galiza para este exercicio recóllense 7.332.000 euros para a “construción residencia de persoas maiores novo modelo asistencial-Provincia da Coruña”. Mais tamén se contemplaban para o mesmo concepto 2,5 millóns de euros nos orzamentos de 2024, 4,7 nos de 2023 e 3,4 nos de 2022.

Supoñendo que esas partidas se refiren á residencia de Ribeira, sumariamos xa 17,9 millóns de euros en distintos orzamentos que, malia os compromisos da Consellaría, non terían tradución aínda no comezo das obras sequera e que, ademais, superarían con moito os 10 millóns previstos no 2021 e incluso a nova cantidade corrixida despois pola propia Consellaría de 12 millóns de euros.

En definitiva, cen prazas comprometidas por primeira vez en setembro de 2021 que a día de hoxe continúan sen existir e sen poder aliviar, sequera minimamente, a importante carencia de prazas residenciais na comarca, onde só existe dende hai case 40 anos unha única residencia pública, a da Pobra do Caramiñal con 48 prazas, e onde as outras dúas residencias de xestión privada existentes suman menos de 150 prazas.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 3ª:

“O Parlamento de Galiza insta o Goberno galego a comezar sen máis demora a execución das obras da nova residencia de Ribeira para persoas maiores e a executar as partidas orzamentarias consignadas a tal efecto.”

Santiago de Compostela, 14 de maio de 2025

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Deputada do G.P. do BNG

Rosana Pérez Fernández

Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Rosana Pérez Fernández na data 14/05/2025 11:46:45

Olalla Rodil Fernández na data 14/05/2025 11:52:15





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa do deputado **Luis Bará Torres** e da deputada **Montserrat Valcárcel Armesto**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 2ª**, sobre a autorización de medidas de control do lobo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O venres 11 de abril de 2025 a consellaria de medio ambiente publicou no DOG a Resolución do 3 de abril de 2025 pola que se modifica a Resolución do 27 de marzo de 2024 pola que se determinan as épocas hábiles de caza, as medidas de control e os reximes especiais por especies durante a tempada 2024-2025.

O obxecto desta modificación é incluír o lobo entre as especies cinexéticas, autorizando esperas, batidas e montarías do lobo todo o ano. Mais esta disposición contravén o previsto no punto 10.3 do Plan de xestión do lobo, que indica o seguinte: “Evitarase, salvo casos excepcionais debidamente xustificados, a realización de controis durante a época de reprodución desta especie (de marzo a xullo)”.

Parece cando menos un contrasentido que o Plan de xestión do lobo estableza estas fortes restriccións ás medidas de control da especie e que a citada resolución se faga pública e levante a veda xustamente no mes de abril.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 2ª:

“O Parlamento insta a Xunta a a cumprir o previsto no punto 10.3 do Plan de xestión do lobo e a desenvolver todas as medidas incluídas no citado plan.”

Santiago de Compostela, 14 de maio de 2025

Asdo.: **Montserrat Valcárcel Armesto**

Deputada do G.P. do BNG

Luis Bará Torres

Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Luis Bará Torres na data 14/05/2025 12:03:09

Montserrat Valcárcel Armesto na data 14/05/2025 12:07:32





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Noa Presas Bergantiños** e **Iria Carreira Pazos** e do deputado **Iago Taboães Pérez Piñeiro**, e ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 3ª**, relativa á previsión de dotación orzamentaria por parte do goberno galego para a demolición do Hospital Materno Infantil de Ourense, a construción dun novo edificio e á remisión de información clara e transparente verbo da execución orzamentaria real do Plan Director.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A execución dos distintos plans e proxectos sanitarios do goberno da Xunta na área sanitaria de Ourense vén sendo obxecto de controversia polos distintos incumprimentos, demoras e falta de adaptación á realidade.

Exemplo disto é o denominado Plan Director de Ourense, que foi sucesivamente abandonado, paralizado e/ou modificado por diferentes gobernos do Partido Popular sen dar unha resposta integral ás necesidades dun conxunto de instalacións sanitarias con fondos problemas estruturais. Así, este Plan, iniciado no ano 2001 e reprogramado vinte anos despois logo da crise financeira, no ano 2021, non está avaliado nin consta publicamente información detallada respecto da súa execución práctica ou orzamentaria.

Máis aínda, dentro do que ten que ver co Plan Director merece especial mención a situación respecto do deterioro do edificio do Hospital Materno-Infantil do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense, do que hoxe coñecemos ata tres derrubes das instalacións. Cómpre recordar que malia o seu deterioro, advertido por profesionais e





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

por usuarios e usuarias, a Xunta de Galiza negou reiteradamente a necesidade dun novo edificio e apostou en todas e cada unha das revisións que fixo do Plan Director. Porén, no verán de 2024 a conselleira responsable de infraestruturas anunciou que o edificio sería demolido.

Porén, nos orzamentos de 2025, tal e como sinalou este Grupo Parlamentario, non aparecía concretada ningunha partida específica para esta cuestión nin tampouco se recollía na memoria respecto da actuación do SERGAS ou da Consellaría de Sanidade, ao contrario doutros investimentos.

No pasado Consello da Xunta do 12 de maio a Xunta de Galiza informaba, un mes e medio despois do derrube coñecido máis recente do Materno, do e o visto e prace a un investimento autonómico “urxente” de 2,79 millóns de euros para obras de reforzo dos falsos teitos do edificio para as actuacións para habilitar os espazos necesarios para o traslado da área de hospitalización. Así mesmo, informábase da previsión de culminar o traslado de toda a área de hospitalización do Materno Infantil a comezos do verán e falábase dunha completa renovación do Complexo Hospitalario de Ourense, cun investimento de máis de 52 millóns de euros que prevé a construción dun novo edificio de hospitalización mais segue sen concretar a demolición do edificio actual e se cando a Xunta fala dun “novo” edificio Materno continúa defendendo a demolición e construción dun novo edificio ou volve limitarse a unha renovación do edificio actual.

É polo tanto aclarar as intencións da Xunta de Galiza, o grao de execución e desviacións do Plan Director e as previsións económico orzamentarias e temporais para unha solución integral para o Materno Infantil, que debe pasar pola demolición e construción dun novo edificio.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Con base a estas cuestións, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 3ª:

“O Parlamento Galego insta a Xunta a:

1. Remitir á cámara galega un informe detallado sobre a execución orzamentaria desagregada por anos do Plan director de Ourense desde o ano 2001 e singularmente da Fase 1 da Reprogramación funcional e remitir os seus resultados á cámara galega.
2. Consignar unha modificación dos Orzamentos de 2025 para a incorporación dunha partida específica extraordinaria para executar a demolición do Hospital Materno Infantil de Ourense e comprometer a planificación dun novo edificio, para o que contará coa opinión e colaboración do persoal e das asociacións de usuarios e usuarias.”

Santiago de Compostela, 14 de maio de 2025

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Iria Carreira Pazos

Iago Tabañas Pérez Piñeiro

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Rosana Pérez Fernández

Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Noa Presas Bergantiños na data 14/05/2025 12:36:24

Iria Carreira Pazos na data 14/05/2025 12:41:39

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 14/05/2025 12:42:20

Rosana Pérez Fernández na data 14/05/2025 12:42:20





Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa da súa deputada e do seu deputado **María Elena Espinosa Mangana** e **Carlos López Font** a través do voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O desenvolvemento e mantemento de infraestruturas de calidade son fundamentais para o progreso e benestar da sociedade galega. En Galicia, a mellora das nosas estradas, ferrocarrís, portos, aeroportos, redes de telecomunicacións e sistemas enerxéticos non só é crucial para fortalecer a nosa economía, senón tamén para garantir a cohesión social, a igualdade de oportunidades e o desenvolvemento sostible de todo o territorio, especialmente naquelas zonas rurais e máis afastadas dos grandes núcleos urbanos.

A estrada PO-264 (Pontevedra) é un tramo do antigo camiño real que ía de Tui a Santiago e que nalgún tramo coincide coa ruta portuguesa do Camiño de Santiago, ten unha lonxitude de 400 metros no termo municipal de Vilaboa, no que se concentran 10 vivendas unifamiliares e 4 negocios.

Este vial precisa dunha reforma para mellorar a súa seguridade xa que supón un perigo para as persoas residentes neste entorno que se ven na necesidade de camiñar pola estrada.





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/05/2025 13:02:44
Nº Rexistro: 25500
Data envío: 14/05/2025 13:02:44.369

As principais carencias deste vial céntranse na inexistencia de itinerarios peonís e a sección insuficiente da calzada, que provoca atrancos debido ao tráfico pesado que soporta o vial e as deficiencias no estado do firme.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a reformar e mellorar a seguridade viaria da PO-264, corrixindo todas as carencias que está a presentar o vial.

Santiago de Compostela, a 14 de maio de 2025

Asinado dixitalmente por:

Elena Espinosa Mangana na data 14/05/2025 12:56:54

Carlos López Font na data 14/05/2025 12:57:08

José Ramón Gómez Besteiro na data 14/05/2025 12:58:11





Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas **Lara Méndez López, María Elena Espinosa Mangana e Silvia Longueira Castro**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A sanidade segue a protagonizar noticias diarias, e non precisamente positivas; no rural, a situación é aínda máis preocupante. No Concello de Vicedo, os días 23 e 25 de abril, así como o día 2 de maio, o centro de saúde quedou sen médico. E coma sempre a forma de comunicar esta grave carencia foi mediante un papel colgado na porta do centro, no que se informaba da ausencia do facultativo e se indicaba que as urxencias serían atendidas no centro de saúde de Viveiro. Este aviso, ademais, carece de sinatura ou identificación de autoridade responsable.

Cómpre salientar que esta situación non é nova nin puntual, senón que se está a converter, desgraciadamente, nunha tónica habitual. Durante o último ano, as ausencias médicas repetíronse cada vez con máis frecuencia.

Esta condición afecta os case 1.600 habitantes do concello mariñán do Vicedo, especialmente, as persoas de maior idade que en moitos casos non teñen forma de desprazarse ao Concello de Viveiro, tal e como se lles indica no citado papel.

Ante esta realidade, os veciños e veciñas de Vicedo xunto con colectivos culturais, deportivas e veciñais, están a mobilizarse para esixir a cobertura





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/05/2025 13:17:58
Nº Rexistro: 25507
Data envío: 14/05/2025 13:17:58.108

permanente do servizo sanitario. Denuncian unha situación sanitaria insostible, marcada por axendas pechadas durante semanas, xornadas sen facultativo, días nos que so se atenden urxencias, citas anuladas ou redución de horario a tan so catro horas en moitos casos.

Por todo isto, o Grupo Parlamentario Socialista de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a dar cobertura inmediata ás prazas médicas vacantes no Concello do Vicedo, co obxectivo de garantir unha atención sanitaria continua e estable.

Santiago de Compostela, a 14 de maio do 2025

Asinado dixitalmente por:

Lara Méndez López na data 14/05/2025 13:06:48

Elena Espinosa Mangana na data 14/05/2025 13:06:56

Silvia Longueira Castro na data 14/05/2025 13:07:04

José Ramón Gómez Besteiro na data 14/05/2025 13:07:12

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

84307

@PSdeG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa do deputado **Luís Bará Torres** e da deputada **Alexandra Fernández Gómez**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 2ª**, sobre a regularización de edificacións no litoral e incidencia do cambio climático e da subida do nivel do mar nas zonas costeiras.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No ano 2022 a Xunta impulsou o anteproxecto de lei do litoral coa intención de “regularizar” edificacións na faixa costeira”. Segundo informacións divulgadas polo propio goberno galego habería unhas 4.000 edificacións en risco, entre as que se encontrarían 232 empresas, 59 lonxas, 24 gasolineiras, 24 depuradoras, 11 mercados municipais, 10 centros de saúde, 7 campings e 6 cemiterios, ademais de vivendas e construcións anexas.

Unha vez aprobada a lei galega de xestión integrada do litoral e acordada a transferencia das competencias sobre os medios de xestión do dominio público marítimo terrestre, cómpre coñecer cales son as previsións do goberno galego para a “regularización” destas construcións.

Por outra parte, no ano 2021 a Xunta asinou un convenio coas tres universidades galegas para elaborar un informe sobre a incidencia do cambio climático na costa galega. Un dos obxectivos deste estudo era dispoñer de información “valiosa para adiantar as posibles infraestruturas e edificacións que poderían verse afectadas, así como os impactos nos espazos naturais situados nestas zonas”.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo o exposto anteriormente, o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 2ª:

“O parlamento galego insta a Xunta de Galiza a:

1. Presentar no parlamento e facer público no prazo de 6 meses un informe sobre as 4.000 edificacións que estarían en risco e que serían regularizadas, especificando a tipoloxía de edificacións e as medidas que se levarán a cabo para a súa regularización.
2. Encargar ao sistema universitario galego un informe sobre as medidas que se deberían levar a cabo en relación co cambio climático e a subida do nivel do mar na costa galega, incluíndo medidas de mitigación dos impactos nos espazos naturais e na biodiversidade así como alternativas para os equipamentos e infraestruturas que polo seu emprazamento se poderían ver afectadas pola erosión costeira ou pola subida no nivel do mar”.

Santiago de Compostela, 14 de maio de 2025

Asdo.: **Alexandra Fernández Gómez**

Deputada do G.P. do BNG

Luís Bará Torres

Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Alexandra Fernández Gómez na data 14/05/2025 16:12:05

Luis Bará Torres na data 14/05/2025 16:12:19





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada **Sonia Vidal Lamas** e do deputado **Secundino Fernández Fernández**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 7ª**, relativa á grave crise do sector agrario na Limia.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A comarca da Limia, coñecida como o “celeiro de Galiza”, leva anos sendo vítima dun abandono institucional e dunha conxunción de factores que poñen en risco a continuidade da súa actividade agraria, especialmente na produción de pataca e cereal. A realidade no campo fala por si soa, e non admite máis escusas, nin xogos de competencias entre administracións.

O ano pasado xa foi especialmente duro. A climatoloxía extrema, marcada por episodios de chuvias persistentes e inundacións en momentos clave do ciclo agrícola, provocou perdas millonarias. Moitas explotacións non puideron rematar a colleita de patacas, e outras nin sequera chegaron a sementar. A humidade nas fincas e nos almacéns favoreceu a aparición de enfermidades nas patacas, como fungos e podres, e a falta de apoio técnico e económico foi total. Nesta situación moitas leiras quedaron sen recoller, traducíndose en perdas superiores aos 24 millóns de euros.

Agora, en maio de 2025, a situación é dramática. A sementeira de primavera tiña que estar xa feita, pero o campo está anegado, completamente impracticable. As poucas persoas que lograron sementar, ven as súas leiras cubertas de auga; o resto, simplemente non puido entrar nas fincas. As condicións climatolóxicas seguen sendo imprevisibles e





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

extremas, agravadas polo cambio climático. Pero non hai medidas de apoio reais nin adaptacións efectivas por parte das administracións.

A isto hai que sumarlle outra “espada de Damocles” sobre a cabeza do sector: a declaración da Limia como zona vulnerable a nitratos. Esta decisión, sen planificación e sen consenso, supón restricións ás prácticas agrícolas que, sen alternativas reais, condenan a moitas explotacións á inviabilidade.

Ademais, por se todo isto fose pouco, as canles de drenaxe e regadío están sen limpar, converténdose nun factor máis de anegamento das fincas. Pero aquí, coma sempre, ninguén asume responsabilidades: a Xunta bota balóns fóra cara ao Ministerio, e viceversa. Mentres tanto, os agricultores e agricultoras ven como as súas terras se afunden na lama... literalmente.

No seu momento, elaborouse un Plan Estratéxico para a Limia, contando coa participación de todos os sectores implicados. Un exercicio de diálogo, diagnóstico e proposta. O único que foron quen de poñer en marcha foi un novo sistema de regadío. Pero, para que serve un regadío se non se pode sementar, se as fincas están anegadas, se non se limpan canles, se as políticas agrarias afogan en vez de axudar.

Mais, a pregunta que se fan os agricultores e agricultoras é onde está un Plan que debeu quedar gardado nun caixón, esquecido, como tantos outros documentos que só serven para fotos e titulares.

A Limia necesita actuacións, non escusas, diante dunha situación límite na que o campo está esgotado, económica e emocionalmente. Non se pode seguir botando balóns fóra, nin vivir de titulares baleiros.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo o exposto anteriormente, o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galega presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 7ª:

“O parlamento galego insta a Xunta de Galiza a:

- Proceder de maneira urxente coa limpeza das canles de drenaxe e regadío.
- Aplicar de maneira efectiva o plan estratéxico consensuado.
- Implementar medidas para adaptar o sector aos efectos do cambio climático”.

Santiago de Compostela, 14 de maio de 2025

Asdo.: **Sonia Vidal Lamas**
Secundino Fernández Fernández
Deputada e deputado G.P. do BNG
Ana Pontón Mondelo
Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Sonia Vidal Lamas na data 14/05/2025 17:00:29

Secundino Fernández Fernández na data 14/05/2025 17:00:44





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ana Pontón Mondelo na data 14/05/2025 17:00:57



Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa da súa deputada e do seu deputado **Lara Méndez López** e **Carlos López Font**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 2.^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As infraestruturas desempeñan un papel clave no desenvolvemento de Galicia, xa que facilitan a conectividade, estimulan a actividade económica e aseguran o acceso equitativo aos servizos públicos. A súa mellora e expansión axudan a reducir as diferenzas entre territorios, fortalecen o sector produtivo e elevan a calidade de vida da poboación. Así pois, investir en infraestruturas é fundamental para o desenvolvemento sostible e equilibrado de Galicia, asegurando a súa competitividade e benestar futuro.

A Plataforma Intermodal do Porto Seco de Monforte de Lemos é unha infraestrutura estratéxica para o desenvolvemento económico e loxístico de Galicia, especialmente para o interior sur da comunidade. A súa concepción como nodo intermodal ferroviario-viario no marco do Corredor Atlántico europeo pretende converter a Monforte nun centro de distribución clave, reducindo a dependencia dos portos marítimos e potenciando a vertebración territorial.

Non obstante, malia o tempo transcorrido dende a súa planificación e a inversión inicial da Xunta de Galicia, a realidade actual do proxecto dista moito de cumprir cos obxectivos marcados. A plataforma carece a día de hoxe dunha conexión viaria directa coa rede principal, concretamente coa N-120, e non conta cun operador loxístico que xestione e active o seu potencial. Así mesmo, a liña ferroviaria Monforte-Palencia, clave para a funcionalidade intermodal da





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/05/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 25529
Data envío: 15/05/2025 08:50:10.109

infraestrutura, precisa dunha modernización que permita o tránsito eficiente de trens de longo percorrido e 750 metros de lonxitude.

Aínda que recentemente fixéronse anuncios por parte da Xunta de Galicia, estes movementos resultan claramente insuficientes dende o punto de vista estrutural. A carencia dunha planificación sólida a medio prazo, a inexistencia dun calendario definido para completar as conexións viarias e ferroviarias, e a falta dunha estratexia activa para atraer operadores loxísticos, poñen en perigo tanto a posta en marcha como a rendibilidade a longo prazo desta infraestrutura.

En resumo, a execución da Plataforma Intermodal do Porto Seco de Monforte de Lemos avanza a un ritmo lento, con investimentos iniciais realizados, pero con importantes infraestruturas pendentes de completar.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a adoptar as medidas necesarias para acelerar a posta en funcionamento efectiva da Plataforma Intermodal do Porto Seco de Monforte de Lemos, completando de maneira prioritaria as conexións viarias pendentes coa rede principal, especialmente coa N-120.

Santiago de Compostela, a 13 de maio do 2025

Asinado dixitalmente por:

Lara Méndez López na data 13/05/2025 09:39:19

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

84316

@PSdeG





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/05/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 25529
Data envío: 15/05/2025 08:50:10.109

Carlos López Font na data 13/05/2025 09:39:32

José Ramón Gómez Besteiro na data 13/05/2025 09:39:42

CSV: BOPGDSPG-4ILdMLZB7-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

84317

@PSdeG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas **Rosana Pérez Fernández e Carmela González Iglesias** e dos deputados **Daniel Castro García, Daniel Pérez López e Paulo Ríos Santomé**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 8ª**, relativa á perda continuada de produción do sector mexilloeiro galego e ás medidas a adoptar pola Xunta de Galiza para recuperala.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Hai menos dunha semana que se vén de dar a coñecer, mediante o Anuario de Acuicultura de Galiza 2024, a produción de mexillón nas rías galegas nese ano.

Os datos, un total de 178.000,8 toneladas, apenas difiren dos correspondentes ao 2023 (178.000) que fora un 19% inferior á do 2022 e a peor en décadas. Uns datos que xa nese ano foran preocupantes por se reduciren nun 12,5% a respecto de 2021, e baixando de 250.863 a 219.698 Tn. naquel momento.

Chama ademais moito a atención que é precisamente a ría de Arousa, onde se concentran máis do 70% das bateas de Galiza, a que segue descendendo dun xeito relevante no 2024, máis de 10.000 Tn. respecto do ano 2023, pasando de 121.105 a 111.

É obvio que a produción de mexillón segue sen recuperarse en xeral, e na ría de Arousa moi en particular e que, máis alá dos coñecidos argumentos do aumento da temperatura da auga e das sucesivas choivas e o incremento da auga doce, o sector continúa sen ter respostas ás dificultades do mexillón nos últimos anos: Problemas para engordar e medrar, debilidade por mor de desoves continuos, desprendementos masivos e importante mortalidade .





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

E malia á posíbel influencia dos factores meteorolóxicos e climáticos, que a día de hoxe non nos consta que foran certificados por ningún estudo dos centros de investigación da Consellaría de Mar, o sector descoñece a incidencia doutras posíbeis causas que tampouco se investigaron ou, cando menos, non se deron a coñecer, así como as accións a emprender para deter unha mingua continuada, que xa ten provocado ademais a perda significativa de mercado do mexillón galego que ocupa, cada vez con máis intensidade, o mexillón foráneo.

A falta de información é pois evidente, mais a de actuación tamén. Da anunciada normativa de extracción da mexilla dende hai máis de 5 anos, da falta de avaliación das medidas que supostamente se tomaron en febreiro de 2023 e que, segundo a propia Consellaría, tiñan un orzamento de dous millóns de euros ou da valoración das súas actuacións unilaterais de imposición e limitación de zonas de extracción, tampouco hai ningunha noticia.

Este desleixo non se corresponde coa envergadura económica, laboral e social do sector mexilloeiro en Galiza, aínda un dos máis potentes do mundo, e tampouco coa das moitas industrias que dependen en grande medida da súa produción e nin sequera coa pletórica propaganda que difunden a cotío os representantes do Goberno galego.

As alertas da perda de produción do mexillón sucédense dende hai anos, a última o estudo que recentemente vén de publicar o CSIC no que se volve poñer de manifesto a preocupación existente pola situación das rías galegas, nomeadamente a de Arousa, e que conclúe que o mexillón está diante dunha situación ameazante e que é necesario actuar.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 8ª:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

“O Parlamento de Galiza insta o Goberno galego a:

- . Levar a cabo os estudos necesarios para analizar as causas da perda de produtividade do sector mexilloeiro galego nos últimos anos e emprender as liñas de actuación precisas para a súa recuperación.
- . Convocar sen demora a Mesa do Mexillón e analizar as distintas problemáticas do sector co obxecto de buscar dialogadamente as solucións máis acaídas.
- . Dar conta en sede parlamentaria da avaliación das medidas tomadas pola Consellaría de Mar en febreiro de 2023 e dos seus resultados.
- . Dar conta ante o Parlamento galego dos avances, se os houbera, sobre a normativa de extracción da mexilla.
- . Dar conta da valoración das súas actuacións unilaterais de imposición e limitación de zonas de extracción e dos resultados das mesmas.”

Santiago de Compostela, 15 de maio de 2025

Asdo.: **Paulo Ríos Santomé**

Carmela González Iglesias

Daniel Castro García

Daniel Pérez López

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Rosana Pérez Fernández

Portavoz s. do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Rosana Pérez Fernández na data 15/05/2025 09:52:13

Paulo Ríos Santomé na data 15/05/2025 09:57:37

Carmela González Iglesias na data 15/05/2025 09:57:41

Daniel Castro García na data 15/05/2025 09:59:10

Daniel Pérez López na data 15/05/2025 09:59:12





Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas **María Elena Espinosa Mangana** e **Silvia Longueira Castro**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 5 de maio, deuse a coñecer o informe do Consello de Contas de Galicia referente a: "informe auditoría operativa de actuacións, plans, proxectos e programas no ámbito da saúde mental". E como conclusión global e en palabras do citado informe di ".....a partir da pandemia da Covid-19 o problema de saúde mental empeoro una nosa Comunidade Autónoma e persisten as debilidades identificadas na elaboración (do plan referido)".

Entra en moitos datos e conclusións como que o Sergas executou entre os anos 2021 e 2023 algo máis de 24.5 millóns de euros ao amparo do plan de seguridade mental, cando o previsto inicialmente, na memoria económica, eran 29,1 millóns. É dicir que a pesar de ter crédito dotado, non se executou o gasto. E tamén sinala que "se logrou a implantación de varios proxectos estratéxicos, pero non se dotaron dos recursos económicos considerados como necesarios"

Esta falta de recursos supuxo "atrasos significativos na contratación do persoal e que non se executasen proxectos cualificados como prioritarios."

Tamén recolle datos sobre o persoal de saúde mental que se prevía contratar entre 2020 e 2023. En total esperábase incorporar a 241 profesionais neste campo e só se contrataron 224. Empezouse con atraso a contratación, e aínda





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/05/2025 10:03:34
Nº Rexistro: 25542
Data envío: 15/05/2025 10:03:34.196

que se foi aumentando en anos sucesivos, como se sinala nunca se chegou a ter o 100 % das persoas que estaban previstas no plan.

E fronte a esta situación o propio informe confirma o que outras fontes véñennos dicindo que o forte impacto que tivo a pandemia da covid na saúde mental da poboación. E cuxo primeiro reflexo é o incremento das consultas atendidas en Psiquiatría que aumentaron tanto no ano 2021 como no 2022 con respecto ao 2019. Sendo ademais o impacto diferente segundo a área sanitaria da que esteamos a falar.

E tamén o Consello de Contas subliña que o obxectivo que incluía o plan de saúde mental para reducir as listas de espera só se cumpre en tres das sete áreas sanitarias e que hai falta de equidade no acceso a estes servizos.

Pero o Consello de Contas, recolle un estado de situación da atención e a saúde mental en Galicia moi preocupante, que ademais vén sendo denunciada desde hai tempo, por varias organizacións médicas e sociais.

Por todo elo, o Grupo Parlamentario Socialista de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a elaborar un novo plan de saúde mental que recolla as necesidades reais, baseado tamén nas experiencias obtidas, que sexa participativo co persoal especializado en saúde mental e que dea resposta ás necesidades de saúde mental dos galegos e as galegas.

Santiago de Compostela, a 14 de maio do 2025

Asinado dixitalmente por:

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

84323

@PSdeG





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/05/2025 10:03:34
Nº Rexistro: 25542
Data envío: 15/05/2025 10:03:34.196

Elena Espinosa Mangana na data 15/05/2025 09:48:16

Silvia Longueira Castro na data 15/05/2025 09:48:25

José Ramón Gómez Besteiro na data 15/05/2025 09:48:37

CSV: BOPGDSPG-4iLdMlZB7-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

84324

@PSdeG





Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas **Carmen Rodríguez Dacosta** e **Lara Méndez López**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Comisión 7.ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O 23 de febreiro de 2021, o entón conselleiro do Medio Rural anunciou a suspensión temporal das novas plantacións de eucalipto en Galicia. A moratoria foi formulada como unha medida transitoria, sen data concreta de entrada en vigor, e vinculouse á aprobación da Lei de recuperación da terra agraria, daquela en tramitación parlamentaria.

A citada Lei 11/2021, do 14 de maio, establece na súa disposición transitoria novena un-ha moratoria sobre as novas plantacións de eucalipto, vixente ata o 31 de decembro de 2025. Esta medida, susceptible de ser prorrogada en función dos datos do Inventario Forestal Continuo de Galicia, foi adoptada ante a expansión incontrolada do eucalipto, que podería acadar ata 600.000 ha na comunidade, sen que ata o de agora se adoptaran políticas públicas suficientes para frear o seu crecemento.

Durante este período de moratoria, é responsabilidade da Xunta avaliar os seus efectos reais e decidir se a prórroga resulta xustificada, especialmente tendo en conta o contexto actual de regresión das masas de piñeiro, afectadas por pragas (como o nematodo do piñeiro) e enfermidades como a banda marrón do *Pinus radiata*. A situación é especialmente grave: os datos do IV Inventario Forestal Nacional e do 1º Inventario Forestal Continuo de Galicia reflicten unha perda de 127.000 ha de coníferas entre 2015 e 2022.





Esta regresión pon en risco a continuidade da industria galega da transformación da madeira de piñeiro e a súa cadea de valor, con implicacións económicas para toda a Eurorexión Galicia–Norte de Portugal. Por outra banda, o ditame aprobado polo Parlamento de Galicia tras a vaga de lumes de 2017 xa incidía na necesidade de limitar as plantacións de eucalipto en función dos Plans de Ordenación dos Recursos Forestais (PORF) e de eliminar as axudas públicas á forestación con esta especie.

Cómpre avanzar cara a un modelo forestal máis equilibrado, que promova a biodiversidade, garanta o aproveitamento sostible do monte e incentive a recuperación das masas de coníferas.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Socialista presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Realizar unha avaliación exhaustiva dos efectos e da eficacia da moratoria das plantacións de eucalipto vixente desde 2021, incluíndo o seu impacto sobre a dinámica das masas de coníferas.
2. Prorrogar por cinco anos a moratoria das novas plantacións de eucalipto, de acordo coas medidas establecidas no Plan Forestal de Galicia, mentres se desenvolven accións activas de recuperación das masas de piñeiro.
3. Acelerar a elaboración e implantación dos Plans de Ordenación dos Recursos Forestais (PORF) en cada un dos 21 distritos forestais galegos, así como desen-volver o Catálogo de usos do solo agrario e forestal, segundo o previsto na Lei 11/2021, do 14 de maio.
4. Poñer en marcha un plan de choque contra a banda marrón do *Pinus radiata*, incorporando un programa de mellora xenética das coníferas





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/05/2025 11:29:45
Nº Rexistro: 25553
Data envío: 15/05/2025 11:29:45.130

galegas fronte ás principais ameazas sanitarias (como o nematodo do piñeiro e outras enfermidades emerxentes).

5. Impulsar a investigación e experimentación con novas especies de coníferas tolerantes ás condicións sanitarias e climáticas de Galicia, co obxectivo de garantir unha base forestal diversificada e resiliente.
6. Reforzar a protección e recuperación do patrimonio forestal galego, promovendo a biodiversidade e a conservación dos ecosistemas forestais autóctonos.

Santiago de Compostela, a 15 de maio do 2025

Asinado dixitalmente por:

Carmen Rodríguez Dacosta na data 15/05/2025 11:26:24

Lara Méndez López na data 15/05/2025 11:26:33

José Ramón Gómez Besteiro na data 15/05/2025 11:26:40

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

84327

@PSdeG





Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado **María Elena Espinosa Mangana, Patricia Iglesias Rey e Julio Ernesto Abalde Alonso**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Comisión 3.^a, Economía, Facenda e Orzamentos**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 5 de maio, deuse a coñecer o informe do Consello de Contas de Galicia referente a: “informe auditoría operativa de actuacións, plans, proxectos e programas no ámbito da saúde mental.”

Entra en moitos datos e conclusións como que o Sergas executou entre os anos 2021 e 2023 algo máis de 24,5 millóns de euros ao amparo do Plan de seguridade mental, cando o previsto inicialmente, na memoria económica, eran 29,1 millóns. É dicir que a pesar de ter crédito dotado, non se executou o gasto. E tamén sinala que "se logrou a implantación de varios proxectos estratéxicos, pero non se dotaron dos recursos económicos considerados como necesarios."

Esta falta de recursos supuxo "atrasos significativos na contratación do persoal e que non se executasen proxectos cualificados como prioritarios."

Tamén recolle datos sobre o persoal de saúde mental que se prevía contratar entre 2020 e 2023. En total esperábase incorporar a 241 profesionais neste campo e só se contrataron 224. Empezouse con atraso a contratación, e aínda que se foi aumentando en anos sucesivos, como se sinala nunca se chegou a ter o 100 % das persoas que estaban previstas no plan.





E fronte a esta situación o propio informe confirma o que outras fontes véñennos dicindo que o forte impacto que tivo a pandemia da covid na saúde mental da poboación. E cuxo primeiro reflexo é o incremento das consultas atendidas en Psiquiatría que aumentaron tanto no ano 2021 como no 2022 con respecto ao 2019. Sendo ademais o impacto diferente segundo a área sanitaria da que esteamos a falar.

E tamén o Consello de Contas subliña que o obxectivo que incluía o plan de saúde mental para reducir as listas de espera só se cumpre en tres das sete áreas sanitarias e que hai falta de equidade no acceso a estes servizos.

Pero o Consello de Contas propón tamén ao Sergas unha serie de recomendacións.

Por todo iso, o Grupo Parlamentario Socialista de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Dotar dos recursos económicos para que os plans de saúde mental sexan suficientes e estean dispoñibles de maneira oportuna.
2. Dotar economicamente o Sergas para ampliar a contratación de persoal especializado, para garantir acceso a servizos adecuados en todas as áreas sanitarias, e tendo en conta a resolución aprobada no Debate de Estado de Autonomía.

Santiago de Compostela, a 15 de maio do 2025

Asinado dixitalmente por:





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/05/2025 11:46:17
Nº Rexistro: 25573
Data envío: 15/05/2025 11:46:17.242

Elena Espinosa Mangana na data 15/05/2025 11:38:40

Patricia Iglesias Rey na data 15/05/2025 11:38:48

Julio Abalde Alonso na data 15/05/2025 11:38:58

José Ramón Gómez Besteiro na data 15/05/2025 11:39:09

CSV: BOPGDSPG-4iLdMlZB7-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

84330

@PSdeG





Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado **María Elena Espinosa Mangana, Silvia Longueira Castro e Julio Ernesto Abalde Alonso**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Comisión 5.^a, Sanidade, Política Social e Emprego**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 5 de maio, deuse a coñecer o informe do Consello de Contas de Galicia referente a: "informe auditoría operativa de actuacións, plans, proxectos e programas no ámbito da saúde mental."

Entra en moitos datos e conclusións como que o Sergas executou entre os anos 2021 e 2023 algo máis de 24,5 millóns de euros ao amparo do Plan de seguridade mental, cando o previsto inicialmente, na memoria económica, eran 29,1 millóns. É dicir que a pesar de ter crédito dotado, non se executou o gasto. E tamén sinala que "se logrou a implantación de varios proxectos estratéxicos, pero non se dotaron dos recursos económicos considerados como necesarios."

Esta falta de recursos supuxo "atrasos significativos na contratación do persoal e que non se executasen proxectos cualificados como prioritarios."

Tamén recolle datos sobre o persoal de saúde mental que se prevía contratar entre 2020 e 2023. En total esperábase incorporar a 241 profesionais neste campo e só se contrataron 224. Empezouse con atraso a contratación, e aínda que se foi aumentando en anos sucesivos, como se sinala nunca se chegou a ter o 100 % das persoas que estaban previstas no plan.





E fronte a esta situación o propio informe confirma o que outras fontes véñennos dicindo que o forte impacto que tivo a pandemia da covid na saúde mental da poboación. E cuxo primeiro reflexo é o incremento das consultas atendidas en Psiquiatría que aumentaron tanto no ano 2021 como no 2022 con respecto ao 2019. Sendo ademais o impacto diferente segundo a área sanitaria da que esteamos a falar.

E tamén o Consello de Contas subliña que o obxectivo que incluía o plan de saúde mental para reducir as listas de espera só se cumpre en tres das sete áreas sanitarias e que hai falta de equidade no acceso a estes servizos.

Pero o Consello de Contas propón tamén ao Sergas unha serie de recomendacións.

Por todo iso, o Grupo Parlamentario Socialista de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Dotar dos recursos económicos para que os plans de saúde mental sexan suficientes e estean dispoñibles de maneira oportuna.
2. Elaborar unha folla de roteiro con indicadores medibles de todos os programas de saúde mental.
3. Facer seguimento con informes periódicos de avaliación que permitan reaxustar se é necesario para alcanzar os resultados propostos.
4. Ampliar a contratación de persoal especializado, para garantir acceso a servizos adecuados en todas as áreas sanitarias, e tendo en conta a resolución aprobada no Debate do Estado de Autonomía.

Santiago de Compostela, a 15 de maio do 2025





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/05/2025 11:46:28
Nº Rexistro: 25574
Data envío: 15/05/2025 11:46:28.601

Asinado dixitalmente por:

Elena Espinosa Mangana na data 15/05/2025 11:39:24

Silvia Longueira Castro na data 15/05/2025 11:39:37

Julio Abalde Alonso na data 15/05/2025 11:39:46

José Ramón Gómez Besteiro na data 15/05/2025 11:39:55

CSV: BOPGDSPG-4iLdMlZB7-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

84333

@PSdeG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa do deputado **Luis Bará Torres** e da deputada **Montserrat Valcárcel Armesto**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 7ª**, sobre a recuperación dos terreos ocupados pola consellaría do Medio Rural na Xunqueira do río Alba ou da Gándara (Pontevedra)..

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado ano 2022 o grupo parlamentar do BNG promoveu un conxunto de iniciativas nas que instaba á Xunta a trasladar as instalacións situadas no ENIL da Xunqueira do río Alba ou da Gándara (Pontevedra), en dominio público marítimo terrestre e con concesións caducadas.

Estas propostas camiñaban en paralelo co proceso iniciado pola Deputación Provincial , que aprobou e levou a cabo o proxecto de demolición da imprenta provincial e o traslado ao polígono de Barro do parque de maquinaria, o que permitiu gañar no ano 2024 unha zona verde de 17.700 m2.

En resposta a unha pregunta parlamentar do BNG, a consellaría do Medio Rural anunciou en 2022 o traslado das instalación que ocupa na Xunqueira do Alba sobre un predio de 8.700 metros cadrados que funcionaba como centro loxístico, taller e base para o servizo de bombeiros forestais.

O plan de Medio Rural pasaba por trasladar o centro loxístico ao polígono de Botos, en Lalín, a unha nave de nova construción que contaba con un orzamento de 1,3 millóns de euros. No que respecta á base dos bombeiros forestais a previsión era o traslado ao polígono do Campiño, a unha parcela cedida polo Concello.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Naquela altura, o director de Defensa do Monte manifestou que "O obxectivo é ter o proxecto de demolición e rexeneración en 2023 para deixar os terreos libres e rexenerados na medida do posible".

A día de hoxe, transcorridos tres anos desde o primeiro anuncio do traslado, o predio en cuestión segue ocupado por instalacións, maquinaria e vehículos da consellaría e non hai ningunha nova sobre a recuperación deses terreos situados no dominio público e incluídos no espazo natural de interese local da Xunqueira do Alba.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 7ª:

“O Parlamento insta a Xunta a presentar no prazo de tres meses unha proposta de desmantelamento e recuperación do espazo que ocupa a consellaría do Medio Rural na Xunqueira do Alba, no concello de Pontevedra. Esta proposta incluírá un calendario e o compromiso orzamentario para que se poida levar a cabo no prazo máximo de dous anos.”

Santiago de Compostela, 15 de maio de 2025

Asdo.: **Montserrat Valcárcel Armesto**

Deputada do G.P. do BNG

Luis Bará Torres

Portavoz s. do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Luis Bará Torres na data 15/05/2025 11:48:45

Montserrat Valcárcel Armesto na data 15/05/2025 11:52:43



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados **Gonzalo Trenor López, Carmen María Pomar Tojo, Cristina Campero Dorado, María Deza Martínez, Rubén Lorenzo Gómez, Jose Luis Ferro Iglesias, Argimiro Marnotes Fernández, Roberto Rodríguez Martínez, Miguel Ángel Viso Diéguez e Katherinie Varela Fernández**, ao abeiro do disposto nos 98, artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei en Comisión 2ª Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servicios**.

Exposición de motivos:

Galicia logrou un avance significativo coa aprobación da Lei 4/2023, do 6 de xullo, de ordenación e xestión integrada do litoral (Loxilga) xa que permite á nosa comunidade desenvolver de xeito máis autónomo políticas para protexer e xestionar a nosa costa.

A pesar do atrancos iniciais protagonizados polo Goberno de España e pola falta de apoio dos partidos da oposición, hoxe dispoñemos dunha nova norma, coa lexitimidade que confire o Parlamento galego e o aval do Tribunal Constitucional.

Máis recentemente a formalización do traspaso das competencias de ordenación e xestión do litoral dálle á administración autonómica os instrumentos suficientes para que Galicia asuma o protagonismo que lle corresponde na ordenación e na xestión dun dos seus espazos máis significativos e identitarios: o litoral.

Galicia é unha comunidade autónoma marítima por excelencia e a que ten o litoral máis longo de toda España: un total de 2.555 quilómetros, considerando non só os 1.659 quilómetros do seu perímetro costeiro, senón tamén os 432 quilómetros que rodean os seus centos de illas e illotes e os 464 quilómetros das súas marismas e areas.

Esta singularidade xerou unha importante economía azul, da que na actualidade o sector marítimo-pesqueiro galego é un dos máis importantes de Europa. Doutra banda, as actividades relacionadas cos sectores marítimos foron un dos sinais de identidade de Galicia desde a antigüidade e xeraron un rico patrimonio material e inmaterial que debe ser preservado.

Agora corresponde á Comunidade Autónoma de Galicia desenvolver o previsto nesta nova norma e realizar as adaptacións na estrutura da Xunta que permitan unha mellor xestión desta nova competencia.



Nese senso, cómpre lembrar que o Goberno galego xa vén avanzando nesta cuestión. Así, no último trimestre de 2024 constituíuse a Comisión interdepartamental de coordinación da ordenación do litoral e nestes intres estanse a elaborar as Directrices de Ordenación do Litoral (DOL), así como os instrumentos que as desenvolverán.

Tamén se estableceu o procedemento para recibir achegas e suxestións da cidadanía, entidades e administracións, en relación á elaboración e contido das DOL, que teñen como obxectivo a fixación dos criterios para xestionar as actividades humanas que se poden desenvolver, e as que non, na franxa costeira.

Avanzouse, así mesmo, a través do seu sometemento ao procedemento de consulta pública previa, na creación do Foro do litoral, como órgano de asesoramento.

Ademais, o 4 de novembro de 2024 aprobouse en Consello da Xunta, pola Consellería do Mar, a Estratexia de Economía Azul de Galicia 2024-2027 con 40 medidas de apoio ao crecemento sostible dos sectores produtivos vinculados ao mar e ao aproveitamento do potencial dos mares e océanos como motores da economía.

É polo que, O Grupo Parlamentario Popular de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a priorizar as accións que desenvolva no marco da Lei de ordenación e xestión integrada do litoral de Galicia (Loxilga) e que permitirán á nosa comunidade desenvolver de xeito pleno, máis autónomo e efectivo as políticas para protexer e xestionar a nosa costa

Santiago de Compostela, 15 de maio 2025.

Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 15/05/2025 11:49:53



Gonzalo Trenor López na data 15/05/2025 11:50:24

Carmen Pomar Tojo na data 15/05/2025 11:50:36

Rubén Lorenzo Gómez na data 15/05/2025 11:50:46

Roberto Rodríguez Martínez na data 15/05/2025 11:50:54

Cristina Campero Dorado na data 15/05/2025 11:51:09

Katherinie Varela Fernández na data 15/05/2025 11:51:22

Miguel Ángel Viso Diéguez na data 15/05/2025 11:51:30

María Deza Martínez na data 15/05/2025 11:51:38

José Luis Ferro Iglesias na data 15/05/2025 11:51:48

Argimiro Marnotes Fernández na data 15/05/2025 11:51:57





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa dos deputados **Luis Bará Torres**, **Paulo Ríos Santomé** e da deputada **Montserrat Valcárcel Armesto**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 2ª**, sobre o traslado das instalacións que ten a Xunta na Xunqueira do Alba ou da Gándara destinadas a *Centro de Conservación e Vialidade Invernal da Rede de Estradas*.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Xunta está ocupando actualmente dous terreos no ámbito do ENIL da Xunqueira do Alba, en dominio público marítimo terrestre. Un deles, de 8.700 m² está dedicado a servizos de extinción de incendios da Consellaría do Medio Rural, departamento que anunciou xa fai tres anos o traslado e desmantelamento destas instalacións. O outro está ocupado polas instalación da Axencia Galega de Infraestruturas destinadas ao Centro de Conservación e Vialidade Invernal da Rede de Estradas (AGI)

Cómpre ter en conta que os dous terreos que ocupa de maneira irregular a Xunta suman 13.700 m², que unha vez liberados permitirían -xunto con outras parcelas- crear unha gran zona verde de máis de 40.000 m² entre a avenida de Domingo Fontán, a rúa Martin Códax e a canle da desembocadura do río da Gándara.

Ao mesmo tempo, está en proceso o traslado das instalacións do centro de exames da DGT (6.875m²), para o que o concello ofreceu unha parcela no polígono industrial do Campiño. Quedaría pendente a recuperación dos terreos que ocupa o





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

parque móbil do Estado (7.900 m2) xunto con outros terreos actualmente en desuso que suman máis de 10.000 m2.

Aínda que na xuntanza que mantivo o alcalde co presidente da Xunta en outubro de 2023 Rueda amosou a disposición ao traslado das instalacións da Axencia Galega de Infraestruturas, a realidade é que transcorrido máis de dous anos e medio non se coñece ningún avance neste proxecto.

En relación co traslado e recuperación dos terreos que ocupa a AGI, cabe lembrar que no ano 2022 houbo un ofrecemento por parte da Deputación da cesión dun terreo no polígono de Barro, sen que se manifestase interese por parte da Xunta. En relación co custo que tería o desmantelamento e construción das novas instalacións, cómpre ter en conta que se trata dun equipamento de competencia autonómica e de ámbito supramunicipal polo que non resulta razoábel que teña que ser sufragado polo concello de Pontevedra. Se ben esta institución amosou sempre a súa vontade de diálogo e colaboración para recuperar estes terreos para o uso público.

Cómpre finalmente ter en conta que a renaturalización de espazos artificializados debe ser unha prioridade do goberno da Xunta, máxime neste caso ao tratarse dun espazo natural de interese local (ENIL da Xunqueira do Alba) e de terreos situados no ámbito do dominio público marítimo terrestre, ámbito que nos vindeiros meses pasará a estar xestionado pola Xunta. Ademais, a Xunqueira do Alba foi incluída no Inventario de Zonas Húmidas de Galiza e tamén na Estratexia Galega de Infraestrutura Verde e para a Conectividade e a Restauración Ecolóxica, neste caso como “área prioritaria de restauración ecolóxica”.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 2ª:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

“O parlamento insta a Xunta a:

-Facer un estudo sobre posíbeis emprazamentos do Centro de Conservación e Vialidade Invernal da Rede de Estradas, incluíndo o seu traslado ao polígono industrial de Barro.

-Avaliar os custos que tería o traslado, a nova construción e o desmantelamento das instalacións da Xunqueira e a renaturalización dos terreos.

-Presentar un informe con estes estudos e avaliacións no prazo de tres meses.

-Iniciar negociacións co concello de Pontevedra e coa Deputación Provincial para poder levar a cabo a recuperación dos terreos que ocupa a AGI na Xunqueira do Alba ao longo do ano 2026”.

Santiago de Compostela, 15 de maio de 2025

Asdo.: **Paulo Ríos Santomé**

Montserrat Valcárcel Armesto

Deputadao e deputada do G.P. do BNG

Luis Bará Torres

Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Paulo Ríos Santomé na data 15/05/2025 11:45:09





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Montserrat Valcárcel Armesto na data 15/05/2025 11:45:23

Luis Bará Torres na data 15/05/2025 11:45:40



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados **Cecilia Vázquez Suárez, María Felisa Rodríguez Carrera, Rubén Lorenzo Gómez, Patricia García González, Julio García Comesaña, Raúl Santamaría González, José Luis Ferro Iglesias, Carmen Pomar Tojo e Victor Baladrón Lamas** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei en Comisión 4ª Educación e Cultura**.

Exposición de Motivos:

A Xunta de Galicia vén de asinar coas tres universidades públicas un gran pacto pola Enfermaría. Un paso decidido cara a mellora da formación sanitaria, a través de medidas que buscan elevar a calidade do ensino universitario, incrementar o número de profesionais formados nas nosas universidades e fortalecer o sistema sanitario galego.

En concreto, o acordo de colaboración susténtase en dous grandes pilares. Por unha banda, inclúe unha liña de colaboración para reorganizar a estrutura docente do grado de Enfermaría, avanzando cara á estruturación da docencia nunha única facultade por universidade como unidade administrativa. Pola outra, avanza cara a mellora dos cadros de persoal docente, mediante a colaboración da Xunta de Galicia coas universidades na contratación de máis profesorado. En concreto, prevese ao remate da vixencia do acordo –de catro anos– un incremento mínimo do 15% nas prazas de novo ingreso en Enfermaría.

Este protocolo asínase nun contexto no que España aínda se atopa por debaixo da medida europea en rateo de persoal de enfermería por habitante. Galicia leva anos traballando para reverter esta situación e, desde 2008, o número de profesionais de enfermería no sistema sanitario galego medrou un 20%, con especial énfase na atención primaria, onde a Comunidade supera a media estatal. A Xunta está reforzando esta liña de traballo con novas medidas, como este pacto pola Enfermaría, a convocatoria recente de 152 prazas de especialidade de enfermería, a creación de máis de 1.400 prazas sanitarias nos orzamentos de 2025 ou a adaptación da normativa para facilitar a incorporación de profesionais en áreas con necesidades específicas.

Por iso, é imprescindible tamén unha implicación directa do Goberno do Estado para garantir que o incremento, nun mínimo dun 15%, a oferta de prazas de novo ingreso nos estudos de Enfermaría, de forma coordinada coas comunidades autónomas e co Sistema Universitario, garantindo así un número suficiente de profesionais para manter e mellorar a calidade do sistema sanitario público.



Polo exposto, O Grupo Parlamentario Popular de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei en Pleno:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a solicitar ao Goberno central que adopte as medidas necesarias, en coordinación coas comunidades autónomas e co Sistema Universitario, para incrementar nun mínimo do 15% a oferta de prazas de novo ingreso nos estudos universitarios de Enfermaría en Galicia e que este incremento vaia acompañado dun financiamento suficiente”.

Santiago de Compostela, 15 de maio 2025.

Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 15/05/2025 12:02:10

Cecilia Vázquez Suárez na data 15/05/2025 12:02:24

María Felisa Rodríguez Carrera na data 15/05/2025 12:02:35

Rubén Lorenzo Gómez na data 15/05/2025 12:02:42

Patricia García González na data 15/05/2025 12:02:55

Julio García Comesaña na data 15/05/2025 12:03:15

José Luis Ferro Iglesias na data 15/05/2025 12:03:27

Raúl Santamaría González na data 15/05/2025 12:03:48

Carmen Pomar Tojo na data 15/05/2025 12:03:56

Víctor Baladrón Lamas na data 15/05/2025 12:04:07





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa do deputado **Luis Bará Torres** e das deputadas **Mercedes Queixas Zas** e **Rosana Pérez Fernández**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 2ª**, sobre o catálogo de bens culturais costeiros e a rede de establecementos turísticos do litoral.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O goberno galego leva anos anunciando o censo do patrimonio marítimo, vencellado ao Plan da Cultura Marítima, un documento que foi levado ao Consello da Xunta do 7 de setembro de 2023.

O pasado 13 de xaneiro de 2025 a Xunta anunciou que o Censo do patrimonio marítimo será unha ferramenta clave para a elaboración do catálogo de bens culturais e a rede de establecementos turísticos previstos na lei do litoral. Chama a atención que na tramitación tanto do Plan da Cultura Marítima como no Catálogo de bens culturais participen as Consellarías do Medio Ambiente e do Mar e teñan un papel secundario a Consellaría de Cultura e a Dirección Xeral do Patrimonio Cultural.

Esta marxinación explícase por un feito evidente: o interese da Xunta non é traballar seriamente na protección, conservación, restauración e posta en valor dos bens do patrimonio cultural costeiro. A máxima prioridade da Xunta é identificar bens arquitectónicos que poidan ter aproveitamento turístico, facendo prevalecer o aproveitamento privado, exclusivo e elitista destes bens.

O normal neste caso sería que o proceso de elaboración e aprobación do Catálogo sexa coordinado polo departamento con competencias en patrimonio cultural.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

E que ao mesmo tempo se elabore un estudo sobre os instrumentos de protección, sobre os criterios de actuación en materia de conservación e restauración e sobre os usos que poden ter estes bens, que non se deben restrinxir ao aproveitamento turístico. Desde unha perspectiva ampla e integradora, debería estudarse o seu posíbel aproveitamento social, cultural, educativo e económico, incluíndo neste último ámbito non só o uso turístico. Sería un grave erro considerar estes bens única ou prioritariamente como espazos dedicados ao negocio privado e á actividade hostaleira-hoteleira.

En todo caso débese levar a cabo unha análise e lectura de conxunto, nun proceso participativo do que deben facer parte os concellos e as entidades sociais e culturais, nomeadamente aquelas máis directamente relacionadas coa conservación e defensa da cultura marítima.

Segundo as informacións difundidas pola Xunta, o inventario de bens culturais do litoral elaborado no ano 2019 recolle 459 elementos etnográficos e edificacións de carácter público e privado, se ben o Plan de Ordenación do Litoral recollía un número sensiblemente maior.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 2ª:

“O Parlamento insta a Xunta a:

1.Desenvolver un proceso participativo arredor da protección, conservación, rehabilitación e posta en valor do patrimonio cultural marítimo, primando a xestión pública, o acceso público,e unha visión integrada destes bens e do seu contexto sobre os aproveitamentos privados e lucrativos.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

2. Encargar un informe ao Consello da Cultura Galega a respecto dos bens do patrimonio cultural do litoral no que se estuden cando menos os seguintes aspectos:

-Instrumentos de protección dos bens materiais e inmateriais do patrimonio cultural marítimo.

-Criterios de actuación en materia de conservación e restauración dos bens materiais, así como de documentación e posta en valor do patrimonio inmaterial asociado.

-Proposta de novos usos destes bens, considerando o aproveitamento como equipamentos sociais públicos, espazos culturais, centros de interpretación e da memoria colectiva, primando o uso e xestión pública e tendo en conta tamén, en casos determinados e debidamente xustificados, a posibilidade de concesión para a xestión privada.”

Santiago de Compostela, 15 de maio de 2025

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Rosana Pérez Fernández

Deputadas do G.P. do BNG

Luis Bará Torres

Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Luis Bará Torres na data 15/05/2025 12:01:34

Mercedes Queixas Zas na data 15/05/2025 12:07:03

Rosana Pérez Fernández na data 15/05/2025 12:07:04





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas e deputado **Alexandra Fernández Gómez, Cristina Fernández Davila, Brais Ruanova Vilas-Boas e Carmela González Iglesias**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 4ª**, sobre a degradación do CEIP Chans Bembrive.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A comunidade educativa de Vigo vén denunciando de forma reiterada ao longo dos últimos anos a degradación das infraestruturas educativas por falla de investimento, así como as carencias en cuestión básicas que a Xunta non atende.

En numerosas ocasións o grupo parlamentar do Bloque Nacionalista Galego trasladamos á cámara galega iniciativas demandando que se corrixa esta situación. A última destas recompilaba problemas nas infraestruturas de máis de 20 centros da cidade e na que se incluía, precisamente, a necesidade de actuar no CEIP Chans Bembrive. En concreto reclamábamos o cambio da cuberta de fibrocemento e a substitución da carpintería exterior e da caldeira.

Ningunha destas actuación foi resolta e o proceso de degradación continúa, ao punto de que cada vez que hai choivas parte das instalación do CEIP Chans Bembrive se inundan, co agravante de que o material degradado contén amianto, coñecido polo seu grave impacto na saúde. As filtracións de auga continuas ademais afectan ás instalacións eléctricas, degradan o inmovible e arruínan os bens mobles e materiais de aula. Do mesmo xeito as carpinterías exteriores tampouco se substituíron e as actuais, sen rotura térmica, xeran problemas de eficiencia enerxética, confort térmico e condensacións.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A ANPA do centro e este grupo parlamentario levamos tempo reclamando a actuación inmediata por parte da Xunta. Porén dende a Xefatura Territorial de Educación incumpriu os seus compromiso de resolvelo no verán de 2024 e telo listo para o inicio do curso 2024-2025.

Dende hai máis dun ano non hai ningún tipo de resposta por parte da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional. No que vai de curso a ANPA presentou xa 250 escritos e realizou diversas reivindicacións sen que houbera resposta por parte do goberno galego.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 4ª:

“O Parlamento de Galiza insta a Xunta a realizar durante o verán de 2025 as obras de mellora no CEIP Chans Bembrive que inclúan, como mínimo, o cambio de cuberta e eliminación do amianto e a substitución da carpintería exterior. Comprometéndose, deste xeito, a ter resolto os problemas máis graves do inmoible no inicio do curso 2025-2026.”

Santiago de Compostela, 15 de maio de 2025

Asdo.: Alexandra Fernández Gómez

Cristina Fernández Davila

Brais Ruanova Vilas-Boas

Carmela González Iglesias

Deputadas e deputado do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ana Pontón Mondelo
Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Alexandra Fernández Gómez na data 15/05/2025 12:17:33

Cristina Fernández Davila na data 15/05/2025 12:22:48

Brais Ruanova Vilas-Boas na data 15/05/2025 12:22:51

Carmela González Iglesias na data 15/05/2025 12:23:29

Ana Pontón Mondelo na data 15/05/2025 12:23:30





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa do deputado **Iago Suárez Fernández** e da deputada **Mercedes Queixas Zas**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 4ª**, sobre a candidatura da Ribeira Sacra a patrimonio da humanidade e o proxecto do Goberno galego para o territorio.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O territorio que comprende a Ribeira Sacra aspira, como é sabido, a ser recoñecido como Patrimonio da Humanidade pola Unesco. Unha noticia que se ben tivo boa acollida por parte da poboación que habita o territorio, foi recibida tamén con certas reticencias por outra boa parte, principalmente por mor da falta de información que existe arredor da candidatura e os plans do Goberno galego para os momentos posteriores ao recoñecemento.

A Xunta de Galiza non achega nin ao Grupo Parlamentar do BNG nin á poboación nativa e residente na Ribeira Sacra a información necesaria, nin sequera achegou a propia candidatura. Desde hai tempo percíbese unha falta preocupante de participación das comunidades locais neste proceso así como falta de conservación real dos usos históricos da terra, algo fundamental para o futuro. Cómpre lembrar que a Ribeira Sacra non é un parque temático para a recepción de turismo masivo, nos concellos que a comprenden vive e traballa xente. Moita desta xente vive con certa preocupación a falta de transparencia do Goberno galego no relativo a como se está a xestionar todo este proceso. E é que de pouco vale o recoñecemento como Patrimonio da Humanidade se este pode traer consigo eivas para a vida diaria da poboación.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Desde o Grupo Parlamentar do BNG cremos que o territorio da Ribeira Sacra merece un plan de futuro consensuado con todos os sectores implicados e tamén coas organizacións políticas que representan o pobo galego e as persoas que habitan o territorio. Este plan debería implicar unha planificación seria do futuro do sector vitivinícola (actualmente en perigo), unha planificación para resolver os problemas demográficos no territorio, unha planificación laboral ou un plan turístico para o territorio unha vez este sexa declarado patrimonio da humanidade, entre moitas outras cuestións.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte Proposición non de lei para o debate na Comisión 4ª:

“O parlamento insta a Xunta de Galiza a

1. Informar ao Parlamento Galego de maneira paulatina de todos os pasos que estean a dar e das comunicacións coa Unesco no relativo coa candidatura da Ribeira Sacra a Patrimonio da Humanidade.
2. Elaborar un plan de remuda xeracional antes da fin da XII Lexislatura para o sector vitivinícola da Ribeira Sacra.
3. Consensuar coas comunidades locais da Ribeira Sacra un plan de turismo sustentábel antes da fin da XII Lexislatura”.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 15 de maio de 2025

Asdo.: **Iago Suárez Fernández**

Mercedes Queixas Zas

Deputado e deputada do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iago Suárez Fernández na data 15/05/2025 12:16:02

Mercedes Queixas Zas na data 15/05/2025 12:16:21

Ana Pontón Mondelo na data 15/05/2025 12:16:43





Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados **Miguel Fidalgo Iglesias, Julio García Comesaña, Patricia García González, María Deza Martínez, Cristina Campero Dorado, Jose Luís Ferro Iglesias, Rubén Lorenzo Gómez, Argimiro Marnotes Fernández, Carmen Pomar Tojo, Roberto Rodríguez Martínez, Gonzalo Trenor López e katherinie Varela Fernández**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei en Comisión 2ª Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servicios**.

Exposición de Motivos

A praia de Samil, un dos principais atractivos turísticos e ambientais da cidade de Vigo e de Galicia, quedou este ano sen a distinción de “bandeira azul”, símbolo internacional de calidade ambiental, servizos e limpeza das augas de baño. Esta situación supón un retroceso na imaxe e oferta turística da cidade olívica e, polo tanto, require dunha resposta responsable por parte das administracións implicadas.

A pesar de que o Concello de Vigo ten coñecemento directo do estado da praia e conta cos medios para mellorar as condicións que lle permitan optar de novo á bandeira azul no vindeiro ano, optou por responsabilizar á Xunta de Galicia, cuestionando mesmo a fiabilidade das análises realizadas pola Administración autonómica. Cómpre lembrar que a avaliación que determina a concesión da bandeira azul é realizada por unha entidade independente —a Asociación de Educación Ambiental e do Consumidor (ADEAC)—, polo que resulta improcedente atribuírle á Xunta responsabilidades que non lle corresponden.

Cómpre tamén destacar que a Xunta de Galicia realizou un dos maiores investimentos da súa historia en infraestruturas hidráulicas coa construción da Estación Depuradora de Augas Residuais (EDAR) do Lagares, infraestrutura fundamental para garantir a calidade das augas da contorna.

Por todo isto, o Parlamento de Galicia insta ao Concello de Vigo a abandonar a confrontación institucional, asumir as súas competencias e responsabilidades en materia de xestión ambiental, e traballar de maneira coordinada coa Xunta para acadar os estándares de calidade que permitan recuperar a bandeira azul na praia de Samil no ano 2026.





Polo exposto, os deputados e deputadas asinantes formulan a seguinte proposición non de lei:

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a demandar do Concello de Vigo a facer autocrítica e asumir as súas responsabilidades na xestión das praias. Así como, desenvolver cantas accións sexan precisas para acadar os estándares de calidade nas augas que permitan mellorar a calidade das mesmas neste areal, abandonando a confrontación e apostando polo diálogo e a cooperación institucional”

Santiago de Compostela, 15 de maio de 2025

Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 15/05/2025 12:23:23

Cristina Campero Dorado na data 15/05/2025 12:23:41

Julio García Comesaña na data 15/05/2025 12:23:52

Carmen Pomar Tojo na data 15/05/2025 12:24:01

Katherinie Varela Fernández na data 15/05/2025 12:24:17

José Luis Ferro Iglesias na data 15/05/2025 12:24:27

Argimiro Marnotes Fernández na data 15/05/2025 12:24:41

María Deza Martínez na data 15/05/2025 12:24:54

Miguel Fidalgo Iglesias na data 15/05/2025 12:25:30

Gonzalo Trenor López na data 15/05/2025 12:25:40

Roberto Rodríguez Martínez na data 15/05/2025 12:25:57

Rubén Lorenzo Gómez na data 15/05/2025 12:26:12

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





Patricia García González na data 15/05/2025 12:26:54

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gpppgalicia](https://www.facebook.com/gpppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada **Noa Presas Bergantiños** e dos deputado **Ramón Fernández Alfonzo**, e ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 3ª**, relativa á valoración do goberno galego respecto da execución orzamentaria do ano 2024 e ás melloras que debe impulsar para o presente exercicio e para a planificación do ano 2026.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O orzamento é a principal ferramenta que ten o goberno galego para a posta en marcha das políticas públicas encamiñadas a garantir e desenvolver os dereitos da cidadanía e as competencias que ten o noso país. En lóxica coherencia, a súa correcta planificación e execución son fundamentais para que cada euro dos recursos dispoñíbeis, máis aínda nun contexto de suba de prezos e límite do endebedamento así como de perda de recursos extraordinarios europeos, redunden en beneficios para o conxunto do país.

Porén, a planificación e execución orzamentaria do goberno galego arrastra recorrentes eivas que podemos comprobar tanto á luz da información de execución como á luz das distintas observacións que recorrentemente fai o Consello de Contas referidos á Conta Xeral, tal e como vimos de comprobar na de 2023, onde se reiteran o abuso do recurso ao fondo de continxencia, a constancia das modificacións orzamentarias, a incorrecta inclusión no capítulo VI do orzamento de gastos da Administración xeral gastos de carácter inmaterial que non teñen natureza de capital,





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

cuestións referidas á contabilidade do SERGAS, abuso da contratación menor ou das subvencións sen réxime de concorrência competitiva, etc.

Así, recentemente o goberno galego facía públicos e remitía á Cámara os datos de execución orzamentaria respecto do exercicio económico do ano 2024. Analizados os datos, podemos observar como o nivel global de execución dos orzamentos a 31/12/2024 foi dun 94,6%. Este índice, malia supoñer unha lixeira mellora respecto do ano anterior, supón que en termos globais no total de seccións ficaron sen executar máis de 800 millóns de euros.

Malia a reordenación orzamentaria que supón a reorganización do goberno galego neste mandato, observamos comparativamente que entre as seccións con menor nivel relativo de execución están, como en exercicios precedentes, Medio Ambiente, Emprego e Emigración, Economía e Industria, Comercio ou Mar. Así, en termos absolutos quedaron sen executar 217 M€ en Comercio,

Emprego e Emigración; 126 M€ en Vivenda e Planificación de Infraestruturas; 105 M€ en Medio

Rural ou 84 M€ en Comercio, Emprego e Emigración.

Tal e como temos reiterado en ocasións anteriores, os estados de execución mostran de forma clara cales son aqueles ámbitos das políticas públicas son menos atendidas e que habitualmente arrastran datos semellantes, polo que non é suficiente unha explicación baseada na plurianualidade de fondos e programas. Así mesmo, vólvese constatar a baixa execución relativa dos capítulos de transferencias de capital e de Investimentos reais. En concreto, en 2023 deixáronse sen realizar transferencias de capital por case 4390 M€ e Investimentos reais por case 88M€ dos créditos vixentes. É dicir, repítese unha eiva xa sinalada.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Canto á execución por programas, non superan un nivel de execución do 50% programas relacionados co acceso á vivenda, a formación profesional de persoas ocupadas e desempregadas, a mellora e fomento da empregabilidade e o agro, etc. Por outra banda, entre o 50% e o 75% de execución figuran programas relacionados con ámbitos diversos e algúns reiterados, como enerxía, emprego, vivenda ou ámbitos do tecido produtivo.

Para alén destas cuestións, cómpre insistir novamente na reiteración de modificacións orzamentarias abusivas e que mesmamente en ocasións consúmanse sen despois levar acorde unha adecuada execución, para alén doutras valoracións respecto da limitada transparencia ou da evidencia da falta de planificación pola súa repetición ao longo dos exercicios.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 3ª:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a impulsar medidas para avanzar na súa planificación orzamentaria a comezar por:

a) aprobar un calendario de aplicación e impulso das recomendacións en materia orzamentaria emitidas polo Consello de Contas, singularmente, no referido á presentación sen demora dun proxecto normativo de reforma e actualización do marco normativo en materia económica e orzamentaria e ao novo Plan de Contabilidade.

b) comprometerse a render contas ao Parlamento galego, mediante un informe fundamentado, cada vez que unha partida de gasto non acade o 75% de execución orzamentaria





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

c) impulsar unha ampliación da información referente ás modificacións orzamentarias, singularmente cando supoñan un cambio no tipo de gasto, no que se expliquen con máis detalle os fundamentos para tal decisión e se informe adecuadamente do novo destino de gasto concretando a súa finalidade.

d) impulsar maior transparencia do uso do fondo de continxencia

c) remitir información detallada da planificación plurianual daqueles programas de gasto que exceden o ano orzamentario, de cara a poder avaliar adecuadamente se está xustificada a demora na execución”.

Santiago de Compostela, 15 de maio de 2025

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Ramón Fernández Alfonso

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 15/05/2025 12:49:19





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ramón Fernández Alfonzo na data 15/05/2025 12:49:33

Ana Pontón Mondelo na data 15/05/2025 12:49:46





Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa da súa deputada e do seu deputado **Patricia Iglesias Rey** e **Carlos López Font**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O desenvolvemento e o mantemento de infraestruturas de calidade son fundamentais para o progreso e seguridade da sociedade galega. En Galicia, a mellora das nosas estradas é primordial para o día a día da cidadanía galega, especialmente naquelas zonas rurais e máis afastadas dos grandes núcleos urbanos.

Na comarca da Costa Atlántica, e particularmente no concello de Cee, levan máis dunha década agardando pola prolongación do tramo Baio - Berdoias. Inicialmente, o proxecto contemplaba a construción dunha autovía ata Cee, mais co paso do tempo pasouse a considerar como unha vía de alta capacidade (VAC), o que supón un modelo de infraestrutura inferior ao proxectado en orixe.

Nos orzamentos da Xunta de Galicia consígnanse dende hai varios anos partidas económicas para a prolongación do tramo Baio - Berdoias, sendo a última delas de 8.000.000 de euros. Porén, a realidade é que, malia esas consignacións orzamentarias reiteradas, non se ten avanzado en absoluto na execución da obra. A cidadanía da zona, que xa viu como se procedeu á





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/05/2025 13:26:03
Nº Rexistro: 25619
Data envío: 15/05/2025 13:26:03,916

expropiación dos terreos fai máis dunha década, segue sen ver materializada unha infraestrutura que é clave para a mobilidade, a seguridade viaria e o desenvolvemento socioeconómico da Costa da Morte.

Esta situación de inacción prolongada é inaceptable, e a Xunta debe explicar os motivos polos cales non se ten executado unha obra comprometida e con partidas aprobadas, así como proceder de maneira inmediata a súa posta en marcha.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a iniciar de forma inmediata as obras da prolongación da autovía entre Baio e Berdoias, cun compromiso claro de execución e inicio neste 2025.

Santiago de Compostela, a 15 de maio de 2025

Asinado dixitalmente por:

Patricia Iglesias Rey na data 15/05/2025 13:19:02

Carlos López Font na data 15/05/2025 13:19:13

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

84365

@PSdeG





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/05/2025 13:26:03
Nº Rexistro: 25619
Data envío: 15/05/2025 13:26:03,916

José Ramón Gómez Besteiro na data 15/05/2025 13:19:22

CSV: BOPGDSPG-4iLdMlZB7-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

84366

@PSdeG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas Mercedes Queixas Zas e Rosana Pés Fernández e do deputado Daniel Pérez López, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 4ª**, sobre o anunciado catálogo de bens do patrimonio cultural costeiro vinculado á rede de establecementos turísticos do litoral.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O goberno galego leva anos anunciando o censo do patrimonio marítimo, vencellado ao Plan da Cultura Marítima, un documento que foi levado ao Consello da Xunta do 7 de setembro de 2023.

O pasado 13 de xaneiro de 2025 a Xunta anunciou que o Censo do patrimonio marítimo será unha ferramenta clave para a elaboración do catálogo de bens culturais e a rede de establecementos turísticos previstos na lei do litoral. Chama a atención que na tramitación tanto do Plan da Cultura Marítima como no Catálogo de bens culturais participen as Consellarías do Medio Ambiente e do Mar e teñan un papel secundario a Consellaría de Cultura e a Dirección Xeral do Patrimonio Cultural.

Esta marxinação explícase por un feito evidente: o interese da Xunta non é traballar seriamente na protección, conservación, restauración e posta en valor dos bens do patrimonio cultural costeiro. A máxima prioridade da Xunta é identificar bens arquitectónicos que poidan ter aproveitamento turístico, facendo prevalecer o aproveitamento privado, exclusivo e elitista destes bens.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O normal neste caso sería que o proceso de elaboración e aprobación do Catálogo sexa coordinado polo departamento con competencias en patrimonio cultural. E que ao mesmo tempo se elabore un estudo sobre os instrumentos de protección, sobre os criterios de actuación en materia de conservación e restauración e sobre os usos que poden ter estes bens, que non se deben restrinxir ao aproveitamento turístico. Desde unha perspectiva ampla e integradora, deberíase estudar o seu posíbel aproveitamento social, cultural, educativo e económico, incluíndo neste último ámbito non só o uso turístico. Sería un grave erro considerar estes bens única ou prioritariamente como espazos dedicados ao negocio privado e á actividade hostaleira-hoteleira.

En todo caso débese levar a cabo unha análise e lectura de conxunto, nun proceso participativo do que deben facer parte os concellos e as entidades sociais e culturais, nomeadamente aquelas máis directamente relacionadas coa conservación e defensa da cultura marítima, por unha banda, e do patrimonio cultural pola outra.

Segundo as informacións difundidas pola Xunta, o inventario de bens culturais do litoral elaborado no ano 2019 recolle 459 elementos etnográficos e edificacións de carácter público e privado, se ben o Plan de Ordenación do Litoral recollía un número sensibelmente maior.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 4ª:

“O Parlamento insta a Xunta a:

1. Desenvolver un proceso participativo arredor da protección, conservación, rehabilitación e posta en valor do patrimonio cultural marítimo, primando a xestión pública, o acceso público, e unha visión integrada destes bens e do seu contexto sobre os aproveitamentos privados e lucrativos.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

2. Encargar un informe ao Consello da Cultura Galega a respecto dos bens do patrimonio cultural do litoral no que se estuden cando menos os seguintes aspectos:

-Instrumentos de protección dos bens materiais e inmateriais do patrimonio cultural marítimo.

-Criterios de actuación en materia de conservación e restauración dos bens materiais, así como de documentación e posta en valor do patrimonio cultural inmaterial asociado.

-Proposta de novos usos destes bens, considerando o aproveitamento como equipamentos sociais públicos, espazos culturais, centros de interpretación e da memoria colectiva, primando o uso e xestión pública e tendo en conta tamén, en casos determinados e debidamente xustificados, a posibilidade de concesión para a xestión privada.”

Santiago de Compostela, 15 de maio de 2025

Asdo.: **Mercedes Queixas Za**

Daniel Pérez López

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Rosana Pérez Fernández

Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Mercedes Queixas Zas na data 15/05/2025 13:30:29

Daniel Pérez López na data 15/05/2025 13:32:54

Rosana Pérez Fernández na data 15/05/2025 13:32:59





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas **Mercedes Queixas Zas e Ariadna Fernández González**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 5ª**, sobre o insuficiente número de prazas ofertadas nas escolas infantís dependentes da Xunta de Galiza na cidade da Coruña.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Xunta de Galiza comunicou no pasado mes de novembro ao Estado que vai devolver 22 millóns de euros procedentes de fondos europeos, correspondentes ao Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, destinados á creación de prazas en escolas infantís, que permitirían crear até 3.417 novas prazas públicas de educación infantil de 0 a 3 anos.

O goberno galego manifestou en diversas ocasións a súa discrepancia coa distribución destes fondos por non poder utilizalos para outros fins, como obras en escolas xa existentes ou para subvencionar centros privados incorporados ao programa de gratuidade que está vixente en Galiza desde o curso 2022-23.

O sistema da gratuidade da Xunta de Galiza subvenciona con diñeiro público escolas infantís privadas, que non forman parte do Consorcio de Servizos de Igualdade e Benestar. Na actualidade, das máis de 30.000 prazas dispoñíbeis en Galiza, máis dunha terceira parte pertencen á rede privada (13.552), outra terceira á pública autonómica (10.142) e case un 20% aos concellos. De acordo coa FEGAMP, a Xunta de Galiza aboa algo máis de 90 euros mensuais por crianza ás escolas infantís municipais,





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

mentres que as escolas infantís privadas reciben 310 do goberno galego por alumno ou alumna.

As listaxes provisionais resultantes do baremo extraordinario de decembro de persoas admitidas e de agarda nas Escolas Infantís xestionadas polo Consorcio de Servizos de Igualdade e Benestar para o curso 2024/2025, publicadas hai uns días, indican que na cidade da Coruña a oferta de prazas nas tres escolas infantís públicas é totalmente insuficiente e incapaz de atender a actual demanda, pois acaban de quedar en listaxe de agarda un total de 161 crianzas.

Unha problemática que, lonxe de se solucionar, volve agravarse agora coa publicación da adxudicación provisional de prazas das escolas infantís dependentes da Xunta para o curso 2025-26 na cidade da Coruña.

A Coruña confirmase como o concello con maior número de peticións de prazas que ficaron en listaxe de agarda, concretamente 587, sendo as escolas infantís de Eirís e da Sardiñeira as que presentan maior número de crianzas sen praza adxudicada.

Desde o BNG non entendemos a irresponsabilidade do goberno da Xunta, que rexeita o apoio económico do goberno do Estado para reforzar a atención educativa na etapa 0-3, e en correspondencia facilitar a conciliación familiar, ao tempo que impide o acceso a unha praza na escola infantil pública por insuficiente oferta de prazas, totalmente inadecuada esta á demanda actual, coas consecuencias que isto conleva para a conciliación familiar.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 5ª:

“O Parlamento insta a Xunta a aumentar a oferta de prazas públicas de Educación Infantil dependentes da Xunta de Galiza na cidade da Coruña para dar resposta á demanda actual e atender un servizo educativo e de conciliación fundamental..”

Santiago de Compostela, 15 de maio de 2025

Asdo.: **Mercedes Queixas Za**

Ariadna Fernández González

Deputadas do G.P. do BNG

Olalla Rodil Fernández

Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 15/05/2025 16:33:11

Ariadna Fernández González na data 15/05/2025 16:35:32

Olalla Rodil Fernández na data 15/05/2025 16:35:33





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas **Carmela González Iglesias** e **Rosana Pérez Fernández**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 8ª**, sobre os reccheos para a ampliación do porto deportivo de Baiona.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Baiona sofre unha forte presión turística, en especial nos meses do verán, que afecta a vida cotiá da veciñanza baionesa. Xa é unha realidade que o turismo masivo e estacional que sofre colapsa as oportunidades de mercar ou alugar unha vivenda e como consecuencia a veciñanza de Baiona ten que marchar a outros Concellos para poder vivir.

As oportunidades de emprendemento en Baiona son limitadas ou inexistentes fóra do sector turístico e lonxe do mes de xullo e agosto, e como mostra a infinidade de establecementos que pecharon e que están a pechar. Ao que hai que engadir o incremento de tráfico polas estradas de acceso a vila que se colapsan e dificultan a comunicación da veciñanza para a súa vida cotiá, como ir ao traballo, acudir a un centro hospitalario ou a calquera servizo na cidade de Vigo.

Unha actividade que durante anos foi, e é, un medio de vida para moitas baionesas e baioneses estase a converter nun auténtico problema para a vida das persoas dese concello como consecuencia da aposta polo turismo de masas das administracións local e galega. Baiona foi sempre sinónimo de turismo de calidade e sostible e a aposta





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

do PP polo turismo sen control vai ter consecuencias nefastas non só para Baiona senón para todo o Val Miñor.

O recheo para a ampliación do porto deportivo de Baiona, que está a piques de comezar, é un paso máis para ese avance na turistificación masiva que non ten en conta as consecuencias sobre a veciñanza.

Ademais este recheo vai supoñer unha grave afección ao ambiente, tal e como indica o informe de avaliación ambiental estratéxica do Plan especial do Porto de Baiona no punto 4. “Efectos ambientais previsibles” onde di: “considerase que o Plan especial pode ter efectos significativos sobre o ambiente, caracterizándose estes como significativos en relación a súa probabilidade, duración, reversibilidade, acumulación e sinerxía”.

Este recheo, segundo o informe de impacto ambiente sinalado, vai a ter graves afeccións:

- * na paisaxe ao modificar a fachada marítima de Baiona xa moi afectada,
- * no patrimonio natural xa que o recheo vai a ocupar hábitats nos que existen elementos naturais a preservar e provocará contaminación que afectará ás especies mariñas e a calidade das augas,
- * na atmosfera e no cambio climático polo aumento do tráfico tanto marítimo como terrestre.
- * no ciclo hídrico, xa que os fondos ocupados pola ampliación do peirao pesqueiro, ou pola creación dun aparcadoiro na zona náutico recreativa producirán un efecto negativo sobre o ciclo hídrico.

Este recheo está tendo un forte rexeitamento social en Baiona e en todo o Val Miñor polo desastre medioambiental e paisaxístico que vai supor esta ampliación de





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

máis de 4000 metros cadrados na nosa baía, igual que xa o fixo o primeira fase non só coa modificación da circulación da correntes mariñas senón tamén coa contaminación que supoñen mais embarcacións e coas novas restricións de zonas de pesca que isto traerá consigo.

Rexeitamento que tamén mostra moita preocupación pola repercusión que este recheo vai ter sobre a vida da veciñanza de Baiona, xa que esta actuación incide no modelo de turismo masivo que xa sofre a vila.

Por todo isto o Goberno Galego debe paralizar este recheo para preservar a baía de Baiona e, sobre todo, garantirlle á veciñanza de Baiona a posibilidade de vivir no seu concello evitando a masificación turística que lles impide o acceso a unha vivenda, que lastra ao comercio local, que incide na súa calidade de vida sufrindo altos niveis de ruído e de tráfico.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 8ª:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a paralizar de inmediato o recheo para a ampliación do Porto deportivo de Baiona co obxectivo de preservar a súa baía e garantirlle á veciñanza da vila o dereito a poder vivir no seu concello.”

Santiago de Compostela, 15 de maio de 2025

Asdo.: **Carmela González Iglesias**

Deputada do G.P. do BNG

Rosana Pérez Fernández





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Carmela González Iglesias na data 15/05/2025 16:51:54

Rosana Pérez Fernández na data 15/05/2025 16:51:57



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa dos deputados e deputadas, **Jesús Fernández Rosende, Raquel Arias Rodríguez, Noelia Pérez López, Ethel Vázquez Mourelle, Encarna Amigo Díaz, Víctor Baladrón Lamas, Nicole Grueira Fernández, Dolores Hermelo Piñeiro, Argimiro Marnotes Fernández e Magdalena Pérez Millares**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Exposición de motivos

O universo da saúde visual inclúe un gran número de patoloxías que dan lugar a unha redución importante da capacidade ou do campo visual, moitas delas non se poden corrixir con lentes, lentes de contacto, cirurxía ou con tratamentos farmacolóxicos e, en moitos casos, son irreversibles.

Segundo diferentes fontes, máis de 135 millóns de persoas sofren Baixa Visión no mundo, ascendendo esta cifra a preto de dous millóns en España, e rexistrándose unha porcentaxe do 2,8 % de persoas con Baixa Visión en Galicia (fonte INE)

Estas discapacidades visuais dan lugar a grandes dificultades para realizar tarefas cotiás ás persoas que as padecen. Situacións tan habituais como acudir a un centro de saúde, clínica ou hospital, solicitar unha cita ou estar pendente da quenda de chamada a unha consulta que pode verse condicionada pola discapacidade visual.

As posibilidades de desorientación dentro do centro sanitario son especialmente elevadas en persoas con discapacidade visual polo que parece oportuno xerar un ambiente onde se garanta a autonomía da persoa e o apoio necesario para a súa plena inclusión, e favorecendo que a persoa se centre en aproveitar a consulta, a proba ou o tratamento para mellorar a súa saúde.



Todas estas razóns fan recomendable que a Xunta impulse a elaboración dun protocolo ou guía de acompañamento a persoas con discapacidade visual nos centros sanitarios para garantir un trato accesible e unha asistencia sanitaria personalizada.

O obxectivo xeral é potenciar as estratexias de humanización fomentando a accesibilidade de persoas con discapacidade visual nos centros sanitarios galegos, mediante o acompañamento, por parte de profesionais da sanidade pública e o tránsito en consultas, probas diagnósticas, mediante un circuíto de conexión entre usuarios e o sistema sanitario.

Tamén parece axeitado levar a cabo unha formación específica para os profesionais sanitarios sobre as técnicas de acompañamento a persoas con discapacidade visual, que pode facerse da man e, en colaboración coas propias organizacións que agrupan a persoas cegas ou con discapacidade visual, de tal xeito que se garanta a participación de forma activa no deseño das actuacións que levan a cabo.

Os servizos sanitarios públicos configúranse como un modelo con capacidade de promover a efectiva aproximación dos servizos aos usuarios. A humanización destes espazos vai da man da accesibilidade que permite a democratización, de tal modo que pode ser gozado por todas as persoas en igualdade de condicións.

A accesibilidade universal é unha condición previa para a participación e inclusión na sociedade das persoas con discapacidade; a obrigaón de proporcionar accesibilidade é, por tanto, un elemento esencial para facer posible o dereito á igualdade plena e efectiva.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a estudar a elaboración dun protocolo para o acompañamento das persoas con discapacidade visual nos centros sanitarios galegos, en consenso e coa participación dos profesionais da saúde e das organización que traballan para garantir e ampliar as súas condicións de accesibilidade e inclusión”.

Santiago de Compostela, 15 de maio de 2025

Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 15/05/2025 16:50:18

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



@gppgalicia



@GrupoPopularGal



Jesús María Fernández Rosende na data 15/05/2025 16:50:34

Raquel Arias Rodríguez na data 15/05/2025 16:50:45

Noelia Pérez López na data 15/05/2025 16:50:58

Ethel Vázquez Mourelle na data 15/05/2025 16:51:10

María Encarnación Amigo Díaz na data 15/05/2025 16:51:25

Víctor Baladrón Lamas na data 15/05/2025 16:51:33

Nicole Grueira Fernández na data 15/05/2025 16:51:45

Dolores Hermelo Piñeiro na data 15/05/2025 16:51:55

Argimiro Marnotes Fernández na data 15/05/2025 16:52:08

Maria Magdalena Perez Millares na data 15/05/2025 16:52:21





Consonte ao disposto na letra e) do número 1 do artigo 30 do Decreto 118/2016, do 4 de agosto, polo que se crea o Instituto Galego do Consumo e da Competencia e ao disposto no artigo 143 do Regulamento do Parlamento de Galicia, solicítolle a comparecencia ante a Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo, do **presidente da Comisión Galega da Competencia**, para os efectos de informar dos asuntos citados no indicado precepto legal.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

Sr/Sra. Presidente/a da Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo.



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 19/05/2025 10:03:16



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/05/2025 10:03:16
Nº Rexistro: 25806
Data envío: 19/05/2025 10:03:16.984

CSV: BOPGDSPG-4lIdMlZB7-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Solicitud de comparencia

Solicítolle, consonte o disposto no artigo 143 do Regulamento da Cámara, a comparencia a petición propia -ante a Comisión 4ª, Educación e Cultura- da directora xeral de Ordenación e Innovación Educativa sobre **as políticas de inclusión no ámbito educativo.**

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

Sr/Sra. Presidente/a da Comisión 4ª, Educación e Cultura

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.
Santiago de Compostela. 15705
Tfno. 981 54 49 19
Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/05/2025 10:36:19
Nº Rexistro: 25400
Data envío: 13/05/2025 10:36:19.172

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 13/05/2025 10:36:18

CSV: BOPGDSPG-4ILdMILZB7-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



OFICIO

Asunto: Solicitud de comparencia en Comisión

Solicítolle, consonte o disposto no artigo 143 do Regulamento da Cámara, a comparencia a petición propia -ante a Comisión Permanente non Lexislativa de Control da Corporación da RTVG- do Director Xeral da Corporación Radio e Televisión de Galicia para presentar **"as contas anuais da Corporación Radio e Televisión de Galicia correspondentes ao exercicio 2024 en relación co sistema de gobernanza e rendición de contas"** de acordo co establecido no artigo 55.2 da Lei 1/2025, de 14 de marzo, de servizos dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia para a sociedade dixital.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sandra Vázquez Domínguez

Sr. Presidente do Parlamento de Galicia

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS
INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las
14/05/2025 14:25:22

84385



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 14/05/2025 14:25:25



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/05/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 25514
Data envío: 14/05/2025 14:25:25.593

CSV: BOPGDSPG-4lIdMlZB7-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Carmela González Iglesias, Alexandra Fernández Gómez, Ariadna Fernández González e Brais Ruanova Vilas-Boas, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre a falta de prazas para o curso 2025/2026 nas escolas infantís públicas dependentes da Xunta de Galiza na cidade de Vigo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Vigo conta na actualidade con nove escolas infantís públicas de titularidade da Xunta de Galiza que, incluso incluíndo as nove de titularidade municipal, son totalmente insuficientes para cubrir a demanda.

No procedemento de adxudicación de prazas nas escolas infantís dependentes da Xunta de Galiza para o curso 2024/2025 máis de 450 nenas e nenos quedaron sen praza. Nalgunhas como é o caso da Galiña Azul da Rúa Palencia ,no barrio do Calvario, máis de 100 crianzas non foron admitidas.

No proceso que se está desenvolvendo na actualidade para o curso 2025/2026 as listas provisionais continúan practicamente cos mesmos datos, o número de familias que non conseguen praza nas escolas infantís da Xunta de Galicia seguen sendo parello ao número das que si conseguen praza.

Na cidade de Vigo están censadas máis de 5.000 crianzas de entre 0 e 3 anos e as prazas ofertadas nas escolas infantís públicas son totalmente insuficientes. Ás máis de 400 nenas e nenos que non son admitidas nos centros dependentes da Xunta de Galiza hai que engadirlle os preto de 200 que quedan fora nas dependentes do Concello





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

de Vigo e as moitas familias que acoden directamente a centros privados ante a imposibili-dade de acceder a prazas públicas.

Ás 1300 prazas públicas de escolas infantís ofertadas en Vigo cobren escasamen-te o 25% das necesidades das familias viguesas, polo que é preciso adoptar medidas para incrementar a oferta, como un recurso que se torna fundamental para posibilitar a conciliación familiar.

Medidas como a gratuidade das escolas infantís para todas as familias galegas, impulsada polo goberno do PP e que beneficia a iniciativa privada, son insuficientes xa que son moitas as nais e pais de Vigo que a pesar de solicitar praza nas escolas públicas e nas privadas, teñen que recorrer ás avoas e aos avós ou a outros familiares para poder conciliar a súa vida laboral co coidado dos seus fillos e fillas. Ou incluso, principalmente no caso das nais, vense obrigadas a reducir a súa xornada (coa mingua salarial que su-pón) ou deixar o seu traballo para poder atendelos, acrecentando así a desigualdade la-boral entre homes e mulleres.

Este é un servizo educativo esencial ao que teñen dereito todas as nenas e nenos e que o Goberno Galego ten o deber de garantirlles cunha rede pública de escolas infan-tís que en Vigo, como a maior cidade de Galiza, debe estar suficientemente dotada.

Por todo o exposto formúlase a seguinte interpelación:

- Como valora o Goberno Galego que máis de 450 nenas e nenos, a metade das solicitudes, quedaran sen praza na rede pública de escolas infantís da Xunta de Galiza en Vigo no curso 2024/2025?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Pensa o Goberno Galego positivo que no curso 2025/2026 segan manténdose estas cifras de familias que non conseguen praza nas escolas infantís públicas dependentes da Xunta de Galicia?

- Como valora o Goberno Galego que moitos pais e nais teñan que recorrer ás avoas e aos avós ou a outros familiares para poder conciliar a súa vida laboral co coidado dos seus fillos e fillas; ou incluso, principalmente no caso das nais, se vexan obrigadas a reducir a súa xornada (coa merma salarial que supón) ou deixar o seu traballo para poder atendelos, acrecentando así a desigualdade laboral entre homes e mulleres?

- Considera o Goberno Galego que, ao ser este un servizo educativo esencial ao que teñen dereito todas as nenas e nenos, ten o deber de garantirlles cunha rede pública de escolas infantís ?

- Pensa o Goberno Galego que é necesario incrementar o número de prazas na rede pública de escolas infantís en Vigo, co obxectivo de que todas as familias viguesas teñan acceso a un sistema educativo público, gratuíto e de calidade para todas as nenas e nenos do concello?

- Vai incluír o Goberno Galego nos próximos orzamentos unha partida para a construción de novos centros nas zonas de As Travesas, Balaidos, Navia, Casco Vello e Travesía de Vigo para garantir o acceso a unha praza nas escolas infantís públicas a todas as nenas e nenos da cidade de Vigo?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 9 de maio de 2025

Asdo.: **Carmela González Iglesias**

Alexandra Fernández Gómez

Ariadna Fernández González

Brais Ruanova Vilas-Boas

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Carmela González Iglesias na data 09/05/2025 13:52:13

Alexandra Fernández Gómez na data 09/05/2025 13:52:20

Ariadna Fernández González na data 09/05/2025 13:52:34

Brais Ruanova Vilas-Boas na data 09/05/2025 13:52:46





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Cristina Fernández Davila e Ariadna Fernández González, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre o anuncio do Presidente da Xunta de Galiza de desgravación ás familias galegas pola compra de libros de texto.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 23 de abril, no Debate do Estado da Nación, o Presidente da Xunta de Galiza, o Sr. Rueda, anunciou unha batería de medidas entre as que se atopaba a desgravación ás familias galegas pola compra de libros de texto ata un máximo de 105 euros por alumno.

Unha medida que consiste nun desconto no IRPF equivalente ao 15% do gasto en libros de texto e material escolar e que entrará en vigor na vindeira declaración que se faga no 2026.

Polo tanto en setembro deste ano, as familias con ata 10.000 € de renda por persoa da unidade familiar poderán optar ás axudas para libros e para material que convoca anualmente a Consellería de Educación, ampliando agora as rendas entre os 10.000 e 30.000 € para desgravar o 15% do importe gastado no material educativo a comezo de curso.

Nas iniciativas sobre o sistema de axudas de libros de texto rexistradas polo BNG nos últimos anos, poñíase de manifesto a situación de crise económica pola que atravesaban as familias galegas para enfrontar cada inicio de curso e a súa incapacidade, cada vez maior, de asumir o custo do material educativo en cada curso escolar.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A situación non ten mellorado en todo este tempo e o sistema de axudas, e agora de desgravación no momento da Declaración da Renda no seguinte ano en que se produciu o gasto en material, non alivia en nada o desembolso que as familias deben facer nun momento puntual e na súa totalidade.

Por outra parte, se temos en conta os trámites burocráticos, tanto para solicitar as axudas, como para a cumprimentación da Declaración de IRPF, para moitas familias é un escollo importante, así como o é principalmente para o centro (dirección e persoal administrativo) que proporcionan un traballo excesivo para a súa tramitación.

Con esta medida que agora publicita o Partido Popular está a poñer remedio á involución e inxustiza que provocou a decisión de suprimir a gratuidade universal dos libros de texto, implementada polo bipartito. Pero sobre todo, o que está a facer é poñer parches que non solventan o problema principal da falta de recursos e o dereito das familias á gratuidade á educación obrigatoria.

O Goberno do PP na Xunta de Galiza, despois de 16 anos de despropósitos educativos de distinta índole, debe deixar de enredar e volver a asumir a universalidade da gratuidade de libros de texto, de igual xeito que non conta a renda para a gratuidade das escolas infantís, por exemplo.

Deben planificar financiar na súa totalidade os libros de texto e material escolar que precisa o alumnado mediante fondos solidarios, un sistema que xa demostrou o seu acerto durante o bipartito. Libros gratis en préstamo para todas e todos, xa que o dereito de todas as persoas á educación está consagrado como dereito fundamental no artigo 27.1 da Constitución Española de 1978, que proclama o dereito á educación e a liberdade da ensinanza, pero é no 27.4. onde di textualmente “a ensinanza básica é obrigatoria e gratuíta”.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo o exposto formúlase a seguinte interpelación:

Vai a Consellería de Educación implementar a gratuidade dos libros de texto en todas as etapas educativas obrigatorias, así como habilitar mecanismos para que as familias poidan facer fronte aos gastos de inicio de curso como a adquisición de material escolar ou a mellora do Proxecto Edixgal para dar ferramentas ao profesorado de apoio e consulta do resto dos materiais educativos utilizados na aula?

Santiago de Compostela, 12 de maio de 2025

Asdo.: **Cristina Fernández Davila**
Ariadna Fernández González
Deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Cristina Fernández Davila na data 12/05/2025 10:56:06

Ariadna Fernández González na data 12/05/2025 10:56:09





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ariadna Fernández González, Secundino Fernández Fenández e Sonia Vidal Lamas, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre a febre aftosa.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Febre Aftosa é unha enfermidade vírica que afecta a grande cantidade de especies de animais dando lugar, durante o seu padecemento, a lesións vesiculares nas mucosas e o epitelio e que ten un período de incubación de 2 a 14 días na meirande parte dos casos. A mortalidade resultante é baixa, concentrándose especialmente en animais de curta idade, non tanto así a súa morbilidade, moi elevada. Trátase dunha enfermidade de declaración obrigatoria polo RD 779/2023 que está distribuída de xeito endémico en Africa, Sudamérica, Asia e Oriente medio, onde ven de detectarse unha cepa exótica.

Esta transmisibilidade alta, onde os animais descenden moito nas súas producións, tanto de carne coma de leite, significa que a afección pode traer consigo perdas económicas moi pronunciadas no sector agrogandeiro, derivadas do seu poder de difusión. É por iso que a súa detección deriva en baleirados sanitarios e vixilancia das zonas afectadas para que a expansión non afecte a áreas extensas, co obxectivo de lograr, de dárense gromos, que o sector primario resulte o menos afectado posible polos seus efectos, tales coma os sacrificios e as restricións comerciais.

No Estado Español o último foco apareceu no 1986 e tras 3 anos declarouse estado libre de Febre Aftosa, mais na actualidade, a situación pola que atravesan





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

distintas áreas da Unión Europea fixeron saltar as alarmas para a OMSA. Dende o comezo de 2025 houbo gromos en Alemaña, Hungría e Eslovaquia, este último país nunha situación sanitaria preocupante na actualidade ao respecto desta enfermidade vírica, con alomenos 6 explotacións afectadas e máis de 6000 animais sacrificados.

A situación é a peor a este respecto dende 2001, coa alerta que iso implica a nivel de seguridade alimentaria, saúde animal e produtividade do sector agrogandeiro, polo cal urxen medidas de diagnose temperá e preventivas que minimicen o seu impacto.

Dada a crucial importancia que o sector primario ten no noso país, o goberno galego debe seguir as indicacións das autoridades ao respecto, co obxectivo de que unha crise derivada da Febre Aftosa non chegue a Galiza e, no hipotético caso de sufrila, teña os mínimos impacto posibles, xa que as nosas explotacións tanto de bovino coma de porcino resultarían moi afectadas economicamente, co que iso implica no noso PIB e na supervivencia do sector gandeiro, xa acaecido doutras eivas.

Por todo o exposto formúlase a seguinte interpelación:

. Prevé a Xunta de Galiza revisar os seus plans de continxencia para evitar a chegada da Febre Aftosa a Galiza?

. Considera a Xunta de Galiza necesario un control máis exhaustivo no caso das especies silvestres susceptibles de padecer Febre Aftosa en canto á toma de mostras que favoreza a vixilancia e levar a cabo un plan de xestión do xabarán?

. Prevé a Consellería de Medio Rural levar a cabo campañas de concienciación e información para o noso sector agrogandeiro e daqueles que traballan directamente con animais susceptibles coa intención de estar preparados fronte a un gromo de Febre





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Aftosa e minimizar o seu impacto na nosa economía e saúde animal a través do coñecemento do risco?

Santiago de Compostela, 12 de maio de 2025

Asdo.: **Ariadna Fernández González**

Sonia Vidal Lamas

Secundino Fernández Fernández

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ariadna Fernández González na data 12/05/2025 11:10:58

Sonia Vidal Lamas na data 12/05/2025 11:12:12

Secundino Fernández Fernández na data 12/05/2025 11:12:19





Á MESA DO PARLAMENTO

Paloma Castro Rey, María Elena Espinosa Mangana e Silvia Longueira Castro, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante a mesa a seguinte **interpelación**.

Na IV Conferencia Mundial da Muller (Pequín, 1995) consolidouse o principio de transversalidade, deixando claro que o principio de igualdade entre mulleres e homes nunca chegaría a facerse efectivo se a súa aplicación continuaba facéndose de maneira sectorial e illada.

Pero esta aplicación do principio de transversalidade ás políticas públicas e nas actuacións levadas a cabo nos diferentes eidos da sociedade, está lonxe de ter unha aplicación plena, a aplicación da perspectiva de xénero avanza pero con lentitude.

A pesares da prolífica regulación e promoción da presenza das mulleres nos diferentes espazos, así como da introdución paulatina da aplicación da perspectiva de xénero en todos os eidos, queda moito camiño por percorrer para chegar a unha presenza equilibrada e a abordaxe efectiva das políticas públicas en todos os ámbitos coa necesaria perspectiva de xénero.

Para acadar os obxectivos que a paridade se propón, os socialistas cremos que é imprescindible que o Goberno da Xunta adopte medidas estruturais e orzamentarias que estean destinadas a atravesar todos os eidos da sociedade.

Por iso propoñemos:





- Destinar como mínimo o 1 % do orzamento consolidado da Xunta de Galicia ás políticas específicas de igualdade e contra a violencia machista.
- Crear o Instituto Galego de Muller, recuperando así o senlleiro organismo público responsable da defensa da igualdade entre mulleres e homes en Galicia eliminado no ano 2010.
- Poñer en marcha as Unidades de Igualdade entre mulleres e homes en todas as consellarías do goberno galego, garantindo así a aplicación transversal do principio de igualdade entre mulleres e homes.
- Garantir o uso dos datos desagregados por sexo, o cal permitirá ver o uso diferencial dos servizos públicos, así como as necesidades da poboación diferenciadas por sexos para contribuír a un deseño máis eficaz e igualitario das políticas públicas.
- Garantir o uso da linguaxe non sexista tanto nos documentos administrativos como na comunicación institucional, necesaria para a visibilización das mulleres.
- Incorporar a perspectiva de xénero en toda a Administración pública, pulando pola súa introdución en todos os eidos da sociedade.
- Garantir a representación equilibrada de homes e mulleres tanto na titularidade de todos e cada un dos órganos superiores e de dirección das administracións públicas galegas, como nos seus órganos instrumentais dependentes
- Promover e impulsar a presenza de mulleres nunha proporción equilibrada nos órganos de dirección e decisión nos ámbitos sociais, político, económico, educativo, da saúde, cultural, científico e deportivo, entre outros.





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/05/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 25339
Data envío: 12/05/2025 16:19:11.940

Por iso, as deputadas que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

Vai o Goberno galego impulsar medidas que garantan a presenza equilibrada de mulleres e homes e a necesaria aplicación da perspectiva de xénero na abordaxe efectiva das políticas públicas en todos os ámbitos?

Santiago de Compostela, 12 de Maio de 2025

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 12/05/2025 16:08:47

Elena Espinosa Mangana na data 12/05/2025 16:09:05

Silvia Longueira Castro na data 12/05/2025 16:09:25

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

84399

@PSdeG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Paulo Ríos Santomé e Cristina Fernández Davila, deputado e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre as incidencias recorrentes no servizo de transporte escolar compartido.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O transporte colectivo debe xogar un papel fundamental na Galiza do futuro. É necesario poñer o transporte público, tanto por estrada como por ferrocarril, ao servizo da pobo galego e ao servizo da vertebración do noso territorio nacional.

Hoxe entendemos os múltiples beneficios que ten gozar dun servizo de transporte público, reducir así o uso do transporte privado e, polo tanto, rebaixar as emisións de gases contaminantes axudando na loita contra o cambio climático.

Alén desta cuestión, o transporte público e unha mobilidade moderna, áxil e útil para o pobo galego debe ser vista coma un dereito e como un elemento vertebrador e democratizador da nosa sociedade.

Coa posta en marcha do Plan de Transporte de Galiza, entrou en funcionamento o servizo de transporte escolar compartido, que non só pretende dar servizo ao alumnado dos centros de ensino obrigatorio no noso país, senón que se inclúe a posibilidade de acceder a estas liñas para público xeral de xeito regular.

Esta modalidade, que pretende optimizar recursos e poñer máis servizos para o público xeral, non pode entrar en contradición cun bo funcionamento do transporte





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

escolar, que debe ser rigoroso e seguro para as menores que utilizan estas liñas para chegar aos seus centros de ensino.

Na última memoria anual do Plan de Transporte de Galiza, advírtese como este servizo está a baixar na valoración dos usuarios e usuarias que o utilizan, aumentando á súa vez as incidencias e as queixas, con falta de prazas e irregularidades tales como o incumprimentos dos horarios, atrasos etc.

A Xunta de Galiza, como responsábel deste servizo debe facer cumprir os contratos de transporte na súa totalidade, sendo especialmente escrupulosa á hora de controlar as condicións nas que se está a prestar un servizo tan sensíbel como o do transporte escolar, para garantir que non se producen incumprimentos recorrentes como os antes descritos.

Alén desta cuestión faise preciso un plan máis ambicioso que contemple as necesidades do estudantado do ensino non obrigatorio que se presta en centros públicos, sendo estes os estudos de formación profesional, ao que moitos mozos e mozas do noso país teñen dificultades para acceder, mesmo renunciando a facelo, pola imposibilidade de chegar en tempo ás aulas.

Por todo o exposto fórmase a seguinte interpelación:

Que medidas vai adoptar a Xunta de Galiza ante a desvalorización e os incumprimentos que se están a dar no servizo de transporte escolar compartido?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 13 de maio de 2025

Asdo.: **Paulo Ríos Santomé**

Cristina Fernández Davila

Deputado e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Paulo Ríos Santomé na data 13/05/2025 12:58:18

Cristina Fernández Davila na data 13/05/2025 12:58:32





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ariadna Fernández González, Secundino Fernández Fenández e Sonia Vidal Lamas, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre o cabalo de monte.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A paisaxe galega débelle moita da súa biodiversidade actual aos grandes herbívoros típicos de zonas do noroeste da península ibérica. Esta é cada vez menos ampla polos usos que se lle dan as terras, o constante cambio do sector agrogandeiro e o abandono do territorio debido ao despoboamento que sofre o noso país nas áreas rurais, que en zonas do interior perdeu preto do 30% da poboación dende os anos 50.

O noso país é unha das reservas de cabalo de monte máis importantes de Europa, aínda despois de ter perdido dende os anos 70, un tempo no que as greas eran elemento principal do monte galego e vivían en liberdade, á metade dos exemplares cos que contabamos, superando daquela os 20.000 individuos. O seu descenso poboacional non cesa, co efecto que a desaparición deste sistema tradicional trae consigo, nun momento no que a maioría dos seus usos están perdidos e as greas de cabalos salvaxes deixaron atrás o seu carácter de elemento principal do monte galego, coa súa vida en liberdade e a súa conexión ancestral cos humanos, mesmo representada en petróglifos e pinturas rupestres que, ao longo do noso país, amosan o vínculo entre os europeos e a natureza.

A transformación do noso rural fixo que as bestas deixasen de ser útiles no caso dos traballos coa redución da venda dos exemplares para eses usos, converténdose en





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

moitos casos nunha carga que non ven acompañada de rendibilidade económica e que noutros, incluso implica perdas. A pervivencia deste sistema vai ligada comunmente á propia identidade, aos vínculos emocionais e a tradición que se transmite de xeración en xeración nas áreas onde os cabalos continúan a ser protagonistas dunha forte conexión cultural e social coas comunidades nas que se atopan.

A evolución derivada dos cambios de manexo destes grandes herbívoros implica un problema medioambiental de grande magnitude en Galiza segundo os expertos, que alertan de que a desaparición do cabalo de monte desencadeará en dificultades para a conservación de hábitats naturais recoñecidos pola Unión Europea e que cobren os nosos espazos abertos nas montañas, onde estes animais están perfectamente adaptados ao seu aproveitamento a través da dieta. Son, polo tanto, indispensables no control da vexetación e favorecedores de especies de plantas sensibles, en risco pola diminución en número das bestas en Galiza, que leva anos tratando de resistir a pesares da grande cantidade de atrancos que se lle presentan aos animais e aos seus propietarios e que se traduce nunha ampla regresión da especie.

Polo tanto e, aínda que non se contabilicen os mesmos beneficios que antano, as bestas e os besteiros traen consigo consecuencias indirectas a través dun sistema sustentable e que no territorio se traduce en importantes servizos ecosistémicos. En grande parte do noso territorio existe unha cuberta forestal que pode tratarse de bosques naturais ou de repoboacións de diferentes especies, mentres os espazos abertos se manteñen pola presenza destes grandes herbívoros, xeradores coa súa presenza de queirogais típicos nas paisaxes atlánticas coma a nosa e que contribúen a heteroxeneidade da paisaxe e que serven de morada a animais e plantas en perigo en outras áreas do continente, favorecendo tamén a vida baixo a terra, almacén de carbono, co que iso implica no quecemento global e a emerxencia climática actual.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A presenza do cabalo de monte é, deste xeito, unha opción a ter en conta fronte a outras coma as repoboacións forestais, os pastizais artificiais ou o abandono da superficie. O consumo de especies arbustivas aumentan a calidade dos pastos e reducen custos de xestión mecánica e prevención de incendios, cun papel crucial na conservación dos montes ao controlar a biomasa a través do consumo de toxo, por exemplo, mantendo a vexetación a raia nas zonas de campeo das greas. Non menos importante, e reflectido de xeito claro en celebracións coma as rapas, moi estendidas e arraigadas polo país, é o valor turístico e etnolóxico dos cabalos salvaxes, que podería aumentarse a través do turismo de natureza durante o resto do ano, onde as greas xerarían un valor incalculable que na actualidade non está a ser aproveitado, restando valor as expresións da nosa cultura local e a construción identitaria coma parte imprescindible do patrimonio galego e da memoria popular colectiva.

A importancia deste ben, que os galegos levamos preservando durante anos e que agora se ve en perigo por diferentes motivos, non pode quedar relegada ao descoñecemento por parte dos que non están vinculados á cría e coidado do cabalo de monte. Precísase dar a coñecer todo aquilo que esta especie nos aporta a nivel económico, social e medioambiental para evitar, na medida do posible, os atrancos que arrodean este tipo de gandería en semiliberdade, que poden ser tanto de carácter económico coma administrativo entre os que destacan, por exemplo, a falla de axudas para a conservación destes animais que son a base de ecosistemas singulares, cunha importancia chave no desenvolvemento dos sistemas silvopastoris que nos permiten adaptarnos ao cambio climático e protexernos dos eventos extremos, frecuentes na actualidade. Non menos relevante é a carga burocrática que soportan os propietarios dos cabalos e os problemas derivados da súa coexistencia co lobo, que nesta situación desfavorable de conservación por falla de xestión intensifícan, en ámbolos dous casos, a desaparición de bestas e besteiros, na actualidade minusvalorados.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo o exposto formúlase a seguinte interpelación:

. Que medidas ten previstas o goberno da Xunta de Galiza para impulsar a pervivencia do cabalo de monte e dos hábitats que esta especie favorece, tales coma os de breixeiras e turbeiras e o seu efecto positivo sobre a biodiversidade?

. Considera a Xunta de Galiza que a presenza de repoboacións forestais de ciclo curto e outras explotacións do territorio tales coma a mineira e a eólica favorece a presenza de cabalos de monte galegos no noso territorio?

. Prevé a Xunta de Galiza desenvolver un Plan de Xestión e Protección do Cabalo de Monte que potencie a compatibilización da produción de materias primas, o mantemento da biodiversidade e a súa prestación de servizos ecosistémicos e a conservación da tradición besteira coma valor patrimonial?

. Prevé a Xunta de Galiza desenvolver as medidas necesarias para impulsar a recuperación, refuncionalización e retraditionalización do cabalo de monte galego?

. Prevé a Xunta de Galiza modificar os criterios de concesión de axudas derivadas dos ataques do lobo sobre o cabalo de monte para que sexan máis accesibles para os propietarios e se poidan beneficiar destas indemnizacións?

. Considera a Xunta de Galiza precisa a concesión de axudas por servizos ecosistémicos aos propietarios de greas de cabalos en semiliberdade que realizan unha importante labor na conservación de hábitats?

. Prevé a Xunta de Galiza levar a cabo a modificación do Decreto 142/2012 do 14 de xuño coa fin de actualizalo adaptándoo ao RD 787/2023 onde se regula a identificación de especies animais dentro da que se encadran os cabalos de monte en explotacións extensivas en liberdade en canto á obrigabilidade da implantación do microchip?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. Aportou a Xunta de Galiza ao Ministerio de Agricultura datos sobre as localizacións ou áreas onde se desenvolve a vida de greas de cabalos en liberdade ou semiliberdade adaptándose á regulación a través do RD 787/2023?

Santiago de Compostela, 13 de maio de 2025

Asdo.: **Ariadna Fernández González**

Sonia Vidal Lamas

Secundino Fernández Fernández

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ariadna Fernández González na data 13/05/2025 15:58:00

Sonia Vidal Lamas na data 13/05/2025 15:58:46

Secundino Fernández Fernández na data 13/05/2025 15:59:12





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Brais Ruanova Vilas-Boas, Noa Presas Bergantiños e Ramón Fernández Alfonso, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre a baixa execución orzamentaria da Consellería de Economía e Industria no ano 2024.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O orzamento é a maior ferramenta que ten un goberno para a posta en marcha de políticas públicas activas que contribúan á cohesión social e ao desenvolvemento dos sectores produtivos e, polo tanto, ao avance dun país. Así, a súa correcta planificación e execución son fundamentais para que cada euro dos recursos dispoñíbeis redunden en beneficios para o conxunto do país.

Polo tanto os orzamentos mostran especial interese naquelas áreas relativas á prestación de servizos públicos e ao deseño de políticas activas no desenvolvemento dos sectores produtivos.

Estes últimos levan acaparando un protagonismo inusual en pasados anos de goberno do Partido Popular, mais dun tempo a esta parte non é anómalo ver novas nos medios de comunicación sobre diferentes liñas de axudas, subvencións ou planificacións que pon en marcha a Consellería de Economía e Industria para o suposto desenvolvemento do noso tecido productivo.

E cómpre salientar o de suposto, xa que cando se contrastan os datos de execución orzamentaria para a sección 09 dos orzamentos, ano tras ano vense arrastrando unha porcentaxe de execución moi por debaixo do esperado dun goberno





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

que di facer unha aposta directa sobre a robustez dos nosos sectores económicos, nomeadamente o industrial.

O pasado exercicio 2024 volve mostrar unha vez máis como o goberno do Partido Popular relega a industria a un plano puramente mediático que continúa ancorado na nota de prensa e no anuncio, pois cos datos do 31 de decembro de 2024 a execución orzamentaria da Consellería de Economía e Industria foi do 64,6 %, deixando sen executar 84.042.000€.

Este dato derívase dos datos de obrigas recoñecidas (153.281.000€) e do crédito vixente (237.323.000€), o que pon de manifesto que a pesar de que o Goberno de Rueda “innova” na importancia mediática que da ao sector industrial mantén unha actitude continuísta nos baixos niveis de execución na consellería.

Dentro dos programas que atende a consellería resulta rechamante como do programa *741A-Apoio á modernización, internacionalización e mellora da competitividade, innovación e produtividade empresarial* quedaron sen executar preto de 20 millóns de euros ou que no programa *733A-Eficiencia enerxética e enerxías renovables* só se executara o 51,2 % do orzamento, quedando sen gastar case 70 millóns de euros nun momento no que os sectores produtivos deben de se adaptar á transición enerxética e tecnolóxica.

Polo tanto faise preciso que o Goberno Galego adopte medidas que vaian no camiño dunha mellor planificación orzamentaria e dunha execución dos mesmos adecuada ás necesidades de Galiza, como é o desenvolvemento dos sectores produtivos e a industria na liña de acadar un tecido económico dinámico e forte que xere valor engadido e emprego no noso territorio.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo o exposto formúlase a seguinte interpelación:

- Que valoración fai o goberno galego da execución orzamentaria da Consellería de Economía e Industria no exercicio 2024?
- Considera satisfactoria unha execución do 64,6 %?
- Porque deixou a consellería de executar máis de 84 millón de euros no 2024?
- Que actuacións vai impulsar o goberno galego para evitar que a súa deficiente planificación orzamentaria furete capacidade económica para enfrontar as necesidades dos sectores produtivos?
- Pensa o goberno galego desenvolver algunha medida que camiñe cara uns orzamentos máis participativos en diálogo cos axentes implicados nos sectores produtivos?
- Que medidas vai impulsar o goberno galego para afondar na transparencia orzamentaria, singularmente canto ás modificacións impulsadas ao longo do exercicio económico?

Santiago de Compostela, 13 de maio de 2025

Asdo.: **Brais Ruanova Vilas-Boas**

Ramón Fernández Alfonzo

Noa Presas Bergantiños

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Brais Ruanova Vilas-Boas na data 13/05/2025 18:08:59

Ramón Fernández Alfonzo na data 13/05/2025 18:10:08

Noa Presas Bergantiños na data 13/05/2025 18:10:09





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños Iria Carreira Pazos e Iago Tabañes Pérez Piñeiro, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, relativa á previsión de dotación orzamentaria por parte do goberno galego para a demolición do Hospital Materno Infantil de Ourense, a construción dun novo edificio e á remisión de información clara e transparente verbo da execución orzamentaria real do Plan Director.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A execución dos distintos plans e proxectos sanitarios do goberno da Xunta na área sanitaria de Ourense vén sendo obxecto de controversia polos distintos incumprimentos, demoras e falta de adaptación á realidade.

Exemplo disto é o denominado Plan Director de Ourense, que foi sucesivamente abandonado, paralizado e/ou modificado por diferentes gobernos do Partido Popular sen dar unha resposta integral ás necesidades dun conxunto de instalacións sanitarias con fondos problemas estruturais. Así, este Plan, iniciado no ano 2001 e reprogramado vinte anos despois logo da crise financeira, no ano 2021, non está avaliado nin consta publicamente información detallada respecto da súa execución práctica ou orzamentaria.

Máis aínda, dentro do que ten que ver co Plan Director merece especial mención a situación respecto do deterioro do edificio do Hospital Materno-Infantil do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense, do que hoxe coñecemos ata tres derrubes das instalacións. Cómpre recordar que malia o seu deterioro, advertido por profesionais e





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

por usuarios e usuarias, a Xunta de Galiza negou reiteradamente a necesidade dun novo edificio e apostou en todas e cada unha das revisións que fixo do Plan Director. Porén, no verán de 2024 a conselleira responsable de infraestruturas anunciou que o edificio sería demolido.

Porén, nos orzamentos de 2025, tal e como sinalou este Grupo Parlamentario, non aparecía concretada ningunha partida específica para esta cuestión nin tampouco se recollía na memoria respecto da actuación do SERGAS ou da Consellaría de Sanidade, ao contrario doutros investimentos.

No pasado Consello da Xunta do 12 de maio a Xunta de Galiza informaba, un mes e medio despois do derrube coñecido máis recente do Materno, do e o visto e praxe a un investimento autonómico “urxente” de 2,79 millóns de euros para obras de reforzo dos falsos teitos do edificio para as actuacións para habilitar os espazos necesarios para o traslado da área de hospitalización. Así mesmo, informábase da previsión de culminar o traslado de toda a área de hospitalización do Materno Infantil a comezos do verán e falábase dunha completa renovación do Complexo Hospitalario de Ourense, cun investimento de máis de 52 millóns de euros que prevé a construción dun novo edificio de hospitalización mais segue sen concretar a demolición do edificio actual e se cando a Xunta fala dun “novo” edificio Materno continúa defendendo a demolición e construción dun novo edificio ou volve limitarse a unha renovación do edificio actual.

É polo tanto aclarar as intencións da Xunta de Galiza, o grao de execución e desviacións do Plan Director e as previsións económico orzamentarias e temporais para unha solución integral para o Materno Infantil, que debe pasar pola demolición e construción dun novo edificio.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Con base a estas cuestións fórmulase a seguinte interpelación:

Cal é o grao de execución orzamentaria desagregado por anos do Plan Director do CHUO desde a súa reprogramación no ano 2001?

Cal é a previsión de contía e data da Xunta para aprobar unha partida orzamentaria extraordinaria para executar a demolición do Hospital Materno Infantil de Ourense?

Cal é o volume de recursos totais que prevé a Xunta gastar neste edificio?

Tería sido máis económico e socialmente rendible abordar a demolición e construción nun novo no inicio do Plan director ou na súa reprogramación? Porque non o fixo a Xunta?

Asume o goberno galego a necesidade de auditar o fracaso do seu Plan director do CHUO, que afecta ás e aos usuarios da Área sanitaria de Ourense, Verín e Valdeorras?

Santiago de Compostela, 14 de maio de 2025

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Iria Carreira Pazos

Iago Tabañas Pérez Piñeiro

Deputadas e deputado do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 14/05/2025 12:39:33

Iria Carreira Pazos na data 14/05/2025 12:41:58

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 14/05/2025 12:42:11





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luís Bará Torres e Alexandra Fernández Gómez, deputado e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre a regularización de edificacións no litoral e incidencia do cambio climático e da subida do nivel do mar nas zonas costeiras.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No ano 2022 a Xunta impulsou o anteproxecto de lei do litoral coa intención de “regularizar” edificacións na faixa costeira”. Segundo informacións divulgadas polo propio goberno galego habería unhas 4.000 edificacións en risco, entre as que se encontrarían 232 empresas, 59 lonxas, 24 gasoleneiras, 24 depuradoras, 11 mercados municipais, 10 centros de saúde, 7 campings e 6 cemiterios, ademais de vivendas e construcións anexas.

Unha vez aprobada a lei galega de xestión integrada do litoral e acordada a transferencia das competencias sobre os medios de xestión do dominio público marítimo terrestre, cómpre coñecer cales son as previsións do goberno galego para a “regularización” destas construcións.

Por outra parte, no ano 2021 a Xunta asinou un convenio coas tres universidades galegas para elaborar un informe sobre a incidencia do cambio climático na costa galega. Un dos obxectivos deste estudo era dispoñer de información “valiosa para adiantar as posibles infraestruturas e edificacións que poderían verse afectadas, así como os impactos nos espazos naturais situados nestas zonas”.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo o exposto formúlase a seguinte interpelación:

Ten previsto a Xunta facer público un informe sobre as 4.000 edificacións que estarían en risco e que serían regularizadas ao abeiro da lei do litoral, especificando a tipoloxía de edificacións e as medidas que se levarán a cabo para a súa regularización?

Ten previsto o goberno galego encargar ao sistema universitario galego un informe sobre as medidas que se deberían levar a cabo en relación co cambio climático e a subida do nivel do mar na costa galega?

Que alternativas considera a Xunta para os equipamentos e infraestruturas que polo seu emprazamento se poderían ver afectadas pola erosión costeira ou pola subida no nivel do mar?

Conta o goberno galego con algún estudo sobre a incidencia da subida do nivel do mar e do cambio climático na erosión das zonas costeiras?

Santiago de Compostela, 14 de maio de 2025

Asdo.: **Luís Bará Torres**

Alexandra Fernández Gómez

Deputado e deputada do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Luis Bará Torres na data 14/05/2025 16:36:11

Alexandra Fernández Gómez na data 14/05/2025 16:36:19





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Rosana Pérez Fernández, Carmela González Iglesias, Daniel Castro García, Daniel Pérez López e Paulo Ríos Santomé, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, relativa á perda continuada de produción do sector mexilloeiro galego e ás medidas a adoptar pola Xunta de Galiza para recuperala.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Hai menos dunha semana que se vén de dar a coñecer, mediante o Anuario de Acuicultura de Galiza 2024, a produción de mexillón nas rías galegas nese ano.

Os datos, un total de 178.000,8 toneladas, apenas difiren dos correspondentes ao 2023 (178.000) que fora un 19% inferior á do 2022 e a peor en décadas. Uns datos que xa nese ano foran preocupantes por se reduciren nun 12,5% a respecto de 2021, e baixando de 250.863 a 219.698 Tn. naquel momento.

Chama ademais moito a atención que é precisamente a ría de Arousa, onde se concentran máis do 70% das bateas de Galiza, a que segue descendendo dun xeito relevante no 2024, máis de 10.000 Tn. respecto do ano 2023, pasando de 121.105 a 111.

É obvio que a produción de mexillón segue sen recuperarse en xeral, e na ría de Arousa moi en particular e que, máis alá dos coñecidos argumentos do aumento da temperatura da auga e das sucesivas choivas e o incremento da auga doce, o sector continúa sen ter respostas ás dificultades do mexillón nos últimos anos: Problemas para engordar e medrar, debilidade por mor de desoves continuos, desprendementos masivos e importante mortalidade .





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

E malia á posíbel influencia dos factores meteorolóxicos e climáticos, que a día de hoxe non nos consta que foran certificados por ningún estudo dos centros de investigación da Consellaría de Mar, o sector descoñece a incidencia doutras posíbeis causas que tampouco se investigaron ou, cando menos, non se deron a coñecer, así como as accións a emprender para deter unha mingua continuada, que xa ten provocado ademais a perda significativa de mercado do mexillón galego que ocupa, cada vez con máis intensidade, o mexillón foráneo.

A falta de información é pois evidente, mais a de actuación tamén. Da anunciada normativa de extracción da mexilla dende hai máis de 5 anos, da falta de avaliación das medidas que supostamente se tomaron en febreiro de 2023 e que, segundo a propia Consellaría, tiñan un orzamento de dous millóns de euros ou da valoración das súas actuacións unilaterais de imposición e limitación de zonas de extracción, tampouco hai ningunha noticia.

Este desleixo non se corresponde coa envergadura económica, laboral e social do sector mexilloeiro en Galiza, aínda un dos máis potentes do mundo, e tampouco coa das moitas industrias que dependen en grande medida da súa produción e nin sequera coa pletórica propaganda que difunden a cotío os representantes do Goberno galego.

As alertas da perda de produción do mexillón sucédense dende hai anos, a última o estudo que recentemente vén de publicar o CSIC no que se volve poñer de manifesto a preocupación existente pola situación das rías galegas, nomeadamente a de Arousa, e que conclúe que o mexillón está diante dunha situación ameazante e que é necesario actuar.

Por todo o exposto fórmase a seguinte interpelación:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. Que valoración fai o Goberno galego da situación de perda de produción do sector mexilloeiro galego nos últimos anos?

. Que valoración fai da situación de perda de produción do sector mexilloeiro na ría de Arousa?

. Que medidas vai desenvolver para tratar de freala, para recuperala e para potenciala?

. Está a levar a cabo algún estudo e/ou investigación sobre as causas desa perda de produción? De ser así, ten xa resultados dos mesmos?

. É coñecedor do último estudo do CSIC sobre a situación do sector mexilloeiro? De ser así, que valoración fai ao respecto?

. Vai convocar a Mesa do Mexillón para analizar todos e cada un dos problemas do sector e establecer vías dialogadas de solución dos mesmos?

. Que valoración fai das medidas anunciadas en febreiro de 2023 en sede parlamentar? Existen conclusión concretas sobre as mesmas? Cais?

. Cando vai rematar a elaboración da normativa sobre a extracción a mexilla na que a Consellaría de Mar dixo estar traballando xa no 2020? Vai ser unilateral ou froito de negociacións co sector?

. Que valoración fai da aplicación das súas actuacións unilaterais de imposición e limitación de zonas de extracción?

Santiago de Compostela, 15 de maio de 2025

Asdo.: **Rosana Pérez Fernández**

Paulo Ríos Santomé

Carmela González Iglesias





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Daniel Castro García

Daniel Pérez López

Deputados e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Rosana Pérez Fernández na data 15/05/2025 09:56:08

Paulo Ríos Santomé na data 15/05/2025 09:57:10

Carmela González Iglesias na data 15/05/2025 09:58:09

Daniel Castro García na data 15/05/2025 09:58:41

Daniel Pérez López na data 15/05/2025 09:59:33





Á MESA DO PARLAMENTO

María Elena Espinosa Mangana e Silvia Longueira Castro, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

O pasado 5 de maio, deuse a coñecer o informe do Consello de Contas de Galicia referente a: "informe auditoría operativa de actuacións, plans, proxectos e programas no ámbito da saúde mental". E como conclusión global e en palabras do citado informe di ".....a partir da pandemia da Covid-19 o problema de saúde mental empeoro una nosa Comunidade Autónoma e persisten as debilidades identificadas na elaboración (do plan referido)".

Entra en moitos datos e conclusións como que o Sergas executou entre os anos 2021 e 2023 algo máis de 24.5 millóns de euros ao amparo do plan de seguridade mental, cando o previsto inicialmente, na memoria económica, eran 29,1 millóns. É dicir que a pesar de ter crédito dotado, non se executou o gasto. E tamén sinala que "se logrou a implantación de varios proxectos estratéxicos, pero non se dotaron dos recursos económicos considerados como necesarios"

Esta falta de recursos supuxo "atrasos significativos na contratación do persoal e que non se executasen proxectos cualificados como prioritarios."

Tamén recolle datos sobre o persoal de saúde mental que se prevía contratar entre 2020 e 2023. En total esperábase incorporar a 241 profesionais neste campo e só se contrataron 224. Empezouse con atraso a contratación, e aínda que se foi aumentando en anos sucesivos, como se sinala nunca se chegou a ter o 100 % das persoas que estaban previstas no plan.





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/05/2025 10:03:45
Nº Rexistro: 25543
Data envío: 15/05/2025 10:03:45,508

E fronte a esta situación o propio informe confirma o que outras fontes véñennos dicindo que o forte impacto que tivo a pandemia da covid na saúde mental da poboación. E cuxo primeiro reflexo é o incremento das consultas atendidas en Psiquiatría que aumentaron tanto no ano 2021 como no 2022 con respecto ao 2019. Sendo ademais o impacto diferente segundo a área sanitaria da que esteamos a falar.

E tamén o Consello de Contas subliña que o obxectivo que incluía o plan de saúde mental para reducir as listas de espera só se cumpre en tres das sete áreas sanitarias e que hai falta de equidade no acceso a estes servizos.

Pero o Consello de Contas, recolle un estado de situación da atención e a saúde mental en Galicia moi preocupante, que ademais vén sendo denunciada desde hai tempo, por varias organizacións médicas e sociais.

Por todo elo, as deputadas que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

Está disposta a Xunta de Galicia a elaborar un plan de saúde mental urxente baseado nas necesidades identificadas, nas experiencias anteriores e consensuado co persoal sanitario especializado?

Santiago de Compostela, a 14 de maio do 2025

Asinado dixitalmente por:

Elena Espinosa Mangana na data 15/05/2025 09:47:45

Silvia Longueira Castro na data 15/05/2025 09:48:00

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

84424

@PSdeG





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/05/2025 11:29:56
Nº Rexistro: 25554
Data envío: 15/05/2025 11:29:56.177

Á MESA DO PARLAMENTO

Carmen Rodríguez Dacosta e Lara Méndez López, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

O 23 de febreiro de 2021, o entón conselleiro do Medio Rural anunciou a suspensión temporal das novas plantacións de eucalipto en Galicia. A moratoria foi formulada como unha medida transitoria, sen data concreta de entrada en vigor, e vinculouse á aprobación da Lei de recuperación da terra agraria, daquela en tramitación parlamentaria.

A citada Lei 11/2021, do 14 de maio, establece na súa disposición transitoria novena un-ha moratoria sobre as novas plantacións de eucalipto, vixente ata o 31 de decembro de 2025. Esta medida, susceptible de ser prorrogada en función dos datos do Inventario Forestal Continuo de Galicia, foi adoptada ante a expansión incontrolada do eucalipto, que podería acadar ata 600.000 ha na comunidade, sen que ata o de agora se adoptaran políticas públicas suficientes para frear o seu crecemento.

Durante este período de moratoria, é responsabilidade da Xunta avaliar os seus efectos reais e decidir se a prórroga resulta xustificada, especialmente tendo en conta o contexto actual de regresión das masas de piñeiro, afectadas por pragas (como o nematodo do piñeiro) e enfermidades como a banda marrón do *Pinus radiata*. A situación é especialmente grave: os datos do IV Inventario Forestal Nacional e do 1º Inventario Forestal Continuo de Galicia reflicten unha perda de 127.000 ha de coníferas entre 2015 e 2022.

Esta regresión pon en risco a continuidade da industria galega da transformación da madeira de piñeiro e a súa cadea de valor, con implicacións



económicas para toda a Eurorexión Galicia–Norte de Portugal. Por outra banda, o ditame aprobado polo Parlamento de Galicia tras a vaga de lumes de 2017 xa incidía na necesidade de limitar as plantacións de eucalipto en función dos Plans de Ordenación dos Recursos Forestais (PORF) e de eliminar as axudas públicas á forestación con esta especie.

Cómpre avanzar cara a un modelo forestal máis equilibrado, que promova a biodiversidade, garanta o aproveitamento sostible do monte e incentive a recuperación das masas de coníferas.

Por todo o exposto, as deputadas que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1. Ten previsto o Goberno galego prorrogar a moratoria das plantacións de eucalipto máis aló de decembro de 2025?
2. Cando publicará a Xunta de Galicia unha avaliación oficial sobre os efectos reais da moratoria na evolución das masas forestais?
3. Cando se fará público o volume de madeira existente na comunidade, conforme aos resultados actualizados do Inventario Forestal Continuo de Galicia?
4. Está disposto o Goberno galego a constituír un grupo de traballo con participación da cadea forestal e das organizacións agrarias, para analizar a situación e consensuar medidas?
5. Considera a Xunta de Galicia prioritaria a elaboración e posta en marcha dos PORF e do Catálogo de usos do solo agrario e forestal como ferramentas clave para a xestión sostible?
6. Valora a creación dun grupo de investigación estable sobre mellora xenética de coníferas galegas, con capacidade para desenvolver variedades máis resistentes a pragas e enfermidades, e a introdución de novas especies de coníferas adaptadas a Galicia?





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/05/2025 11:29:56
Nº Rexistro: 25554
Data envío: 15/05/2025 11:29:56.177

7. Vai poñer en marcha un plan de choque integral para frear a regresión das masas de coníferas en Galicia, con medidas concretas e dotación orzamentaria suficiente?

Santiago de Compostela, a 15 de maio do 2025

Asinado dixitalmente por:

Carmen Rodríguez Dacosta na data 15/05/2025 11:21:04

Lara Méndez López na data 15/05/2025 11:21:13





Á MESA DO PARLAMENTO

María Elena Espinosa Mangana, Silvia Longueira Castro e Julio Ernesto Abalde Alonso, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

O pasado 5 de maio, deuse a coñecer o informe do Consello de Contas de Galicia referente a: "informe auditoría operativa de actuacións, plans, proxectos e programas no ámbito da saúde mental."

Entra en moitos datos e conclusións como que o Sergas executou entre os anos 2021 e 2023 algo máis de 24,5 millóns de euros ao amparo do Plan de seguridade mental, cando o previsto inicialmente, na memoria económica, eran 29,1 millóns. É dicir que a pesar de ter crédito dotado, non se executou o gasto. E tamén sinala que "se logrou a implantación de varios proxectos estratéxicos, pero non se dotaron dos recursos económicos considerados como necesarios."

Esta falta de recursos supuxo "atrasos significativos na contratación do persoal e que non se executasen proxectos cualificados como prioritarios."

Tamén recolle datos sobre o persoal de saúde mental que se prevía contratar entre 2020 e 2023. En total esperábase incorporar a 241 profesionais neste campo e só se contrataron 224. Empezouse con atraso a contratación, e aínda que se foi aumentando en anos sucesivos, como se sinala nunca se chegou a ter o 100 % das persoas que estaban previstas no plan.

E fronte a esta situación o propio informe confirma o que outras fontes véñennos dicindo que o forte impacto que tivo a pandemia da covid na saúde mental da poboación. E cuxo primeiro reflexo é o incremento das consultas atendidas en Psiquiatría que aumentaron tanto no ano 2021 como no 2022 con





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/05/2025 11:46:40
Nº Rexistro: 25575
Data envío: 15/05/2025 11:46:40,070

respecto ao 2019. Sendo ademais o impacto diferente segundo a área sanitaria da que esteamos a falar.

E tamén o Consello de Contas subliña que o obxectivo que incluía o plan de saúde mental para reducir as listas de espera só se cumpre en tres das sete áreas sanitarias e que hai falta de equidade no acceso a estes servizos.

Pero o Consello de Contas propón tamén ao Sergas unha serie de recomendacións.

Por todo iso, as deputadas e o deputado que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

Está disposta a Xunta de Galicia a poñer en marcha todas e cada unha das recomendacións do Consello de Contas referente recollidas no informe de auditoría do Plan de Saúde Mental de Galicia posCovid-19 2020-2024?

Santiago de Compostela, a 15 de maio do 2025

Asinado dixitalmente por:

Elena Espinosa Mangana na data 15/05/2025 11:31:11

Silvia Longueira Castro na data 15/05/2025 11:31:19

Julio Abalde Alonso na data 15/05/2025 11:31:28

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

84429

@PSdeG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Mercedes Queixas Zas e Rosana Pérez Fernández, deputado e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre o catálogo de bens culturais costeiros e a rede de establecementos turísticos do litoral.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O goberno galego leva anos anunciando o censo do patrimonio marítimo, vencellado ao Plan da Cultura Marítima, un documento que foi levado ao Consello da Xunta do 7 de setembro de 2023.

O pasado 13 de xaneiro de 2025 a Xunta anunciou que o Censo do patrimonio marítimo será unha ferramenta clave para a elaboración do catálogo de bens culturais e a rede de establecementos turísticos previstos na lei do litoral. Chama a atención que na tramitación tanto do Plan da Cultura Marítima como no Catálogo de bens culturais participen as Consellarías do Medio Ambiente e do Mar e teñan un papel secundario a Consellaría de Cultura e a Dirección Xeral do Patrimonio Cultural.

Esta marxinación explícase por un feito evidente: o interese da Xunta non é traballar seriamente na protección, conservación, restauración e posta en valor dos bens do patrimonio cultural costeiro. A máxima prioridade da Xunta é identificar bens arquitectónicos que poidan ter aproveitamento turístico, facendo prevalecer o aproveitamento privado, exclusivo e elitista destes bens.

O normal neste caso sería que o proceso de elaboración e aprobación do Catálogo sexa coordinado polo departamento con competencias en patrimonio cultural.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

E que ao mesmo tempo se elabore un estudo sobre os instrumentos de protección, sobre os criterios de actuación en materia de conservación e restauración e sobre os usos que poden ter estes bens, que non se deben restrinxir ao aproveitamento turístico. Desde unha perspectiva ampla e integradora, debería estudarse o seu posíbel aproveitamento social, cultural, educativo e económico, incluíndo neste último ámbito non só o uso turístico. Sería un grave erro considerar estes bens única ou prioritariamente como espazos dedicados ao negocio privado e á actividade hostaleira-hoteleira.

En todo caso débese levar a cabo unha análise e lectura de conxunto, nun proceso participativo do que deben facer parte os concellos e as entidades sociais e culturais, nomeadamente aquelas máis directamente relacionadas coa conservación e defensa da cultura marítima.

Segundo as informacións difundidas pola Xunta, o inventario de bens culturais do litoral elaborado no ano 2019 recolle 459 elementos etnográficos e edificacións de carácter público e privado, se ben o Plan de Ordenación do Litoral recollía un número sensiblemente maior.

Por todo o exposto fórmase a seguinte interpelación:

Considera o goberno galego que debe prevalecer o aproveitamento e xestión pública dos bens culturais do litoral?

Vai pola contra a Xunta primar unha visión especulativa e de cesión á iniciativa privada dos bens culturais do litoral, co conseguinte uso exclusivo e elitista destes espazos?

Valorou a Xunta o impacto que pode ter a intensificación de actividades hosteleiras e turísticas en zonas sensíbeis do litoral?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Considera de interese a Xunta encargar un informe ao Consello da Cultura Galega a respecto dos criterios de protección, conservación, rehabilitación e aproveitamento dos bens do patrimonio cultural do litoral?

Santiago de Compostela, 15 de maio de 2025

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Mercedes Queixas Zas

Rosana Pérez Fernández

Deputado e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Luis Bará Torres na data 15/05/2025 12:05:45

Mercedes Queixas Zas na data 15/05/2025 12:06:33

Rosana Pérez Fernández na data 15/05/2025 12:07:22





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iago Suárez Fernández e Mercedes Queixas Zas, deputado e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre a candidatura da Ribeira Sacra a patrimonio da humanidade e o proxecto do Goberno galego para o territorio.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O territorio que comprende a Ribeira Sacra aspira, como é sabido, a ser recoñecido como Patrimonio da Humanidade pola Unesco. Unha noticia que se ben tivo boa acollida por parte da poboación que habita o territorio, foi recibida tamén con certas reticencias por outra boa parte, principalmente por mor da falta de información que existe arredor da candidatura e os plans do Goberno galego para os momentos posteriores ao recoñecemento.

A Xunta de Galiza non achega nin ao Grupo Parlamentar do BNG nin á poboación nativa e residente na Ribeira Sacra a información necesaria, nin sequera achegou a propia candidatura. Desde hai tempo percíbese unha falta preocupante de participación das comunidades locais neste proceso así como falta de conservación real dos usos históricos da terra, algo fundamental para o futuro. Cómpre lembrar que a Ribeira Sacra non é un parque temático para a recepción de turismo masivo, nos concellos que a comprenden vive e traballa xente. Moita desta xente vive con certa preocupación a falta de transparencia do Goberno galego no relativo a como se está a xestionar todo este proceso. E é que de pouco vale o recoñecemento como Patrimonio da Humanidade se este pode traer consigo eivas para a vida diaria da poboación.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Desde o Grupo Parlamentar do BNG cremos que o territorio da Ribeira Sacra merece un plan de futuro consensuado con todos os sectores implicados e tamén coas organizacións políticas que representan o pobo galego e as persoas que habitan o territorio. Este plan debería implicar unha planificación seria do futuro do sector vitivinícola (actualmente en perigo), unha planificación para resolver os problemas demográficos no territorio, unha planificación laboral ou un plan turístico para o territorio unha vez este sexa declarado patrimonio da humanidade, entre moitas outras cuestións.

Por todo o exposto fórmase a seguinte interpelación:

- Por que a Xunta de Galiza oculta a candidatura da Ribeira Sacra a Patrimonio da Humanidade ao Parlamento?
- Que plans de futuro ten a Xunta para a Ribeira Sacra após esta ser recoñecida como Patrimonio da Humanidade?
- Como pretende o Goberno galego dar solución a falta de remuda xeracional no sector vitivinícola, verdadeiro garante do que se mantén a paisaxe?
- Ten plan a Xunta no eido turístico para a Ribeira Sacra?

Santiago de Compostela, 15 de maio de 2025

Asdo.: **Iago Suárez Fernández**

Mercedes Queixas Zas

Deputado e deputada do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Iago Suárez Fernández na data 15/05/2025 12:33:55

Mercedes Queixas Zas na data 15/05/2025 12:34:04





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños e Ramón Fernández Alfonzo, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, relativa á valoración do goberno galego respecto da execución orzamentaria do ano 2024 e ás melloras que debe impulsar para o presente exercicio e para a planificación do ano 2026.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O orzamento é a principal ferramenta que ten o goberno galego para a posta en marcha das políticas públicas encamiñadas a garantir e desenvolver os dereitos da cidadanía e as competencias que ten o noso país. En lóxica coherencia, a súa correcta planificación e execución son fundamentais para que cada euro dos recursos dispoñíbeis, máis aínda nun contexto de suba de prezos e límite do endebedamento así como de perda de recursos extraordinarios europeos, redunden en beneficios para o conxunto do país.

Porén, a planificación e execución orzamentaria do goberno galego arrastra recorrentes eivas que podemos comprobar tanto á luz da información de execución como á luz das distintas observacións que recorrentemente fai o Consello de Contas referidos á Conta Xeral, tal e como vimos de comprobar na de 2023, onde se reiteran o abuso do recurso ao fondo de continxencia, a constancia das modificacións orzamentarias, a incorrecta inclusión no capítulo VI do orzamento de gastos da Administración xeral gastos de carácter inmaterial que non teñen natureza de capital, cuestións referidas á contabilidade do SERGAS, abuso da contratación menor ou das subvencións sen réxime de concorrència competitiva, etc.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Así, recentemente o goberno galego facía públicos e remitía á Cámara os datos de execución orzamentaria respecto do exercicio económico do ano 2024. Analizados os datos, podemos observar como o nivel global de execución dos orzamentos a 31/12/2024 foi dun 94,6%. Este índice, malia supoñer unha lixeira mellora respecto do ano anterior, supón que en termos globais no total de seccións ficaron sen executar máis de 800 millóns de euros.

Malia a reordenación orzamentaria que supón a reorganización do goberno galego neste mandato, observamos comparativamente que entre as seccións con menor nivel relativo de execución están, como en exercicios precedentes, Medio Ambiente, Emprego e Emigración, Economía e Industria, Comercio ou Mar. Así, en termos absolutos quedaron sen executar 217 M€ en Comercio,

Emprego e Emigración; 126 M€ en Vivenda e Planificación de Infraestruturas; 105 M€ en Medio

Rural ou 84 M€ en Comercio, Emprego e Emigración.

Tal e como temos reiterado en ocasións anteriores, os estados de execución mostran de forma clara cales son aqueles ámbitos das políticas públicas son menos atendidas e que habitualmente arrastran datos semellantes, polo que non é suficiente unha explicación baseada na plurianualidade de fondos e programas. Así mesmo, vólvese constatar a baixa execución relativa dos capítulos de transferencias de capital e de Investimentos reais. En concreto, en 2023 deixáronse sen realizar transferencias de capital por case 4390 M€ e Investimentos reais por case 88M€ dos créditos vixentes. É dicir, repítese unha eiva xa sinalada.

Canto á execución por programas, non superan un nivel de execución do 50% programas relacionados co acceso á vivenda, a formación profesional de persoas ocupadas e desempregadas, a mellora e fomento da empregabilidade e o agro, etc. Por





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

outra banda, entre o 50% e o 75% de execución figuran programas relacionados con ámbitos diversos e algúns reiterados, como enerxía, emprego, vivenda ou ámbitos do tecido produtivo.

Para alén destas cuestións, cómpre insistir novamente na reiteración de modificacións orzamentarias abusivas e que mesmamente en ocasións consúmanse sen despois levar acorde unha adecuada execución, para alén doutras valoracións respecto da limitada transparencia ou da evidencia da falta de planificación pola súa repetición ao longo dos exercicios.

Por todo o exposto fórmulase a seguinte interpelación:

Cal é a valoración do goberno galego das eivas da execución e planificación orzamentaria no exercicio económico de 2024?

Cales son as razóns de que haxa áreas que arrastran unha maior falta de execución reiterada ao longo dos últimos anos?

Que valoración lle merece a falta de execución referente aos capítulos de transferencias de capital e de Investimentos reais?

Como valora a evolución das modificacións orzamentarias?

E do recurso ao fondo de continxencia e as críticas sinaladas polo Consello de Contas?

Vai impulsar melloras para transparentar en maior medida a xestión orzamentaria?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 15 de maio de 2025

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Ramón Fernández Alfonzo


Deputada e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 15/05/2025 13:01:50

Ramón Fernández Alfonzo na data 15/05/2025 13:02:01





PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

